POBOACIÓN E TERRITORIOS RURAIS

Estudios en homenaxe a Julio Hernández Borge e José M. López Andión

Edición a cargo de

Rubén Camilo Lois González

Francisco R. Durán Villa


Carlos Alberto Patiño Romarís

POBOACIÓN E TERRITORIOS RURAIS

Estudios en homenaxe a Julio Hernández Borge e José M. López Andión

POBOACIÓN E TERRITORIOS RURAIS

Estudios en homenaxe a Julio Hernández Borge e José M. López Andión





Edición a cargo de:
Rubén Camilo Lois González
Francisco Ramón Durán Villa
Carlos Alberto Patiño Romarís

Poboación e territorios rurais. Estudios en homenaxe a Julio Hernández Borge e José M. López Andión– Editado por Rubén Camilo Lois González, Francisco Ramón Durán Villa e Carlos Alberto Patiño Romarís – Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Grupo de Análise Territorial (ANTE) GI-1871, 2021.

ISBN: 978-84-09-37179-2

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Publicado por:
Grupo de Análise Territorial (ANTE) GI-1871
Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia
Universidade de Santiago de Compostela (Campus Sur)
15782 Santiago de Compostela
http://www.usc.es/ante

Maquetación e impresión
Campus na nube

DL: C 2279-2021

ISBN: 978-84-09-37179-2

ÍNDICE

Poboación e territorios rurais. Estudios en homenaxe a Julio Hernández Borge e José M. López Andión 9
Rubén C. Lois González, Francisco R. Durán Villa e Carlos Alberto Patiño Romarís

Recursos naturais, poboación e subsistemas económicos en Galicia 13
Fernando González Laxe

Las Reservas de Biosfera de la región biogeográfica atlántica ibérica: Resiliencia demográfica y socioeconómica. Una aproximación metodológica..... 33
Pedro Reques Velasco

Transformaciones demográficas y de la estructura territorial en la Montaña Palentina 45
Juan Ignacio Plaza Gutiérrez e Erica Morales Prieto

Despoblación, envejecimiento e accesibilidad a servicios específicos para a tercera edad en la provincia de Granada 71
José Antonio Nieto Calmaestra

LEADER y Subsidio de Desempleo Agrario ¿Políticas enfrentadas o complementarias a la hora de afrontar la despoblación en Andalucía? 85
Eugenio Cejudo García, Francisco Navarro Valverde, José Antonio Cañete Pérez e Noelia Ruiz Moya

Propuestas desde el desarrollo rural para la Andalucía en riesgo extremo de despoblamiento. Entre la consideración y el olvido 109
Francisco Antonio Navarro Valverde, Eugenio Cejudo García e Miguel Ángel García Arias

De la ciudad al campo: migraciones y/o movilidad residencial hacia zonas rurales en Aragón 127
Raúl Lardiés Bosque

Despoblación y falta de servicios en los espacios rurales: La exclusión financiera en Aragón 143
María del Pilar Alonso Logroño e Carlos López Escolano

Fluxos migratorios internacionais e patróns de localización espacial da poboación estranxeira nas cidades das Illes Balears: Palma e Eivissa 167
Jesús M. González Pérez e Ismael Yrigoy Cadena

Desigualdades territoriais nos anos de recuperación: gañadores e perdedores entre 2014 e 2019 183
Alejandro López González

Del vacío de la sierra al influjo de Madrid: despoblación y dinámicas demográficas en las comarcas y municipios de la provincia de Toledo.....205
Luis Alfonso Escudero Gómez e Ángel Raúl Ruiz Pulpón

A investigación española en xeodemografía. Algunhas cuestións a propósito da solicitude de proxectos e contratos ao Plan Estatal de I+D 223
Rubén C. Lois González

Galicia: los territorios en riesgo de despoblación.....235
Francisco R. Durán Villa, María José Piñeira Martiñán e Ramón López Rodríguez

Poboamento e turismo residencial nos municipios litorais galegos 269
Carlos Alberto Patiño Romarís

Asistencia familiar, dependencia e independencia durante la vejez en la Galicia rural, 1752-1869 299
Isidro Dubert

As Reservas da Biosfera en Galicia, un instrumento contra o despoboamento?311
Alejandro Otero Varela, Roberto Vila Lage, Juan M. Trillo Santamaría e Valerià Paül

O ecoturismo e as súas potencialidades de desenvolvemento nos espazos rurais galegos en tempos de pandemia: o caso do Xeoparque Montañas do Courel..331
Miguel Pazos Otón, María de los Ángeles Piñeiro Antelo e Lucrezia Lopez

La población del sector pesquero en Galicia. Tendencias e incertidumbres....351
María de los Ángeles Piñeiro Antelo e Jesús Felicidades García

Retos e oportunidades do medio rural nun mundo pospandemia. Unha necesaria revisión curricular para o seu ensino no contexto da sociedade do coñecemento 371
Franciso Xosé Armas Quintá, Xosé Carlos Macía Arce e Yamilé Pérez Guilarte

Abordar o despoboamento na Xeografía escolar desde unha perspectiva actual, crítica e contextualizada en Galicia.....391
Roberto García Morís e Yamilé Pérez Guilarte

Poboación e economía: o feito migratorio galego e o seu ensino nas aulas. Realidade, reflexións e propostas.....407
Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

O envellecemento da poboación en Galicia: entre o decadentismo das políticas demográficas e a as tendencias observadas 417
Antía Pérez Caramés

Poboación e territorios rurais
Estudios en homenaxe a Julio Hernández Borge e José M. López Andión

Rubén Camilo. Lois González
Francisco Ramón Durán Villa
Carlos Alberto Patiño Romarís
(Editores)

Ao longo dos últimos anos e así seguiremos algún tempo máis, na Universidade de Santiago de Compostela (USC) produciuse un relevo xeracional sen precedentes de profesores que foran fundamentais para entender o salto adiante da institución entre os 1960 e a actualidade. A Universidade deixou de ser elitista, democratizouse, contemplou o acceso normalizado das mulleres ás súas aulas e comezou a combinar unha docencia cada vez máis especializada coa investigación punteira en todos os ámbitos. Este salto adiante ten nomes e apelidos, non só de reitores, decanos, insignes catedráticos e investigadores recoñecidos, senón tamén de profesores e investigadores que cun labor sistemático, esforzado e honesto permitiron ser á USC unha das mellores do Estado Español e facerse un sitio entre nos máis reputados rankings do mundo. Na Facultade de Xeografía e Historia e no Departamento de Xeografía, en xeral en toda a análise e a transmisión de coñecementos espaciais e territoriais, moitos foran os nomes de ilustres profesores que se xubilaron nos últimos meses, entre eles os hoxe eméritos R. Villares ou X. Carmona.

Para o Grupo de Investigación ANTE (de Referencia Competitiva) era fundamental lembrar a dous compañeiros que se retiraron recentemente, que foron docentes nosos e cos que aprendemos moitas cousas ao longo de numerosos anos, primeiro como alumnos/as e logo como colegas de Departamento. O primeiro en xubilarse, J. Hernández Borge, unha figura chave no desenvolvemento dos estudios xeográficos da poboación, da demografía, en Galicia. Julio achegouse desde moi cedo ás dinámicas naturais do efectivo humano, ao fenómeno da emigración no país, e nos últimos tempos tamén se preocupou polos trazos e efectos do avellentamento poboacional en Galicia. Escribiu numerosos libros e artigos científicos, e ensinounos a moitos de nós qué datos podía encerrar un Censo de Poboación, un Rexistro Civil ou como se contabilizaban de diferente xeito os migrantes, segundo estivésemos no territorio de saída ou de chegada dos mesmos. Pola súa banda, J.M. López Andión foi menos prolífico nas súas publicacións, o que substituíu con excelentes resultados na transmisión oral dos seus inmensos coñecementos. Unha sabedoría centrada en dous campos, a Xeografía rural e a Teoría e Historia da Xeografía. Desde a Terra Chá axudou a comprender as estruturas do mundo agrario galego, achegou moitas ideas de A. Bouhier e propias a xeógrafos e historiadores, pero ao mesmo tempo era quen de comprender a diferenza ente a modernidade e a postmodenidade nos estudos do espazo e do territorio, de achegarse desde un D. Harvey a un E. Soja, sen esquecer nunca a P. Vidal de la Blache ou a J. Demangeon.

Neste senso, resulta que a comprensión xeográfica do país iniciada maxistralmente por R. Otero Pedrayo, continuada por F.J. Rio Barja, A, Fraguas e máis recentemente a almeriense Mª.P. de Torres Luna, tivo na xeración de profesionais nados nos 1940 e comezos dos 1950 continuadores que a reforzaron e lle prestaron un carácter

autenticamente académico. Isto fíxose evidente nos campos da Xeografía física, despois das teses pioneiras de H. Nonn e J. Mounier, na urbana, primeiro interesada en medir núcleos cabeceira e áreas funcionais, logo máis preocupada polo espazo interior das cidades con monografías de referencia sobre Vigo, A Coruña ou Viveiro, por suposto os estudos rurais, do transporte e sobre os procesos de rexionalización/comarcalización de Galicia. En 1978 conseguiuse a primeira xeración de licenciados pola Sección de Xeografía da USC, que no 1996 daría paso á licenciatura completa de Xeografía e hai pouco menos de dez anos ao Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio. Neste proceso, o que fora unha cátedra da disciplina iniciada con Otero Pedrayo e ocupada con descontinuidade despois da súa xubilación, gozou de estabilidade desde finais dos 1960 e foi continuada pola constitución do departamento democrático no 1985, onde J. Hernández Borge sería o primeiro director elixido polos votos dos seus compañeiros e compañeiras. A Xeografía consolidábase e ampliaba o seu coñecemento na Universidade, pero ademais fora onde xoves licenciados de vocación crítica creaban primeiro XEGA e logo a Sociedade Galega de Xeografía, que constituíu un referente de calidade durante anos. Dun xeito ou doutro o coñecemento xeográfico creou o seu lugar e no mesmo J. Hernández Borge e J.M. López Andión sempre foron persoas recoñecidas, con aportes profesionais moi valorados.

Para o noso entender, coñecer a poboación é sinónimo de coñecer ben Galicia ou calquera outro territorio. Un país que pasou dunhas elevadas densidades rurais, uns campos cheos de mozos e mozas, cunha natalidade moi alta e forte predominio do sector primario no emprego até os anos 1960/70 a unha situación completamente distinta cincuenta anos despois. Hoxe Galicia defínese como un territorio urbanizado, cunha poboación moi concentrada no eixo urbano atlántico que, de Ferrol até Vigo e a raia con Portugal, supera os dous millóns de habitantes dos pouco máis de 2,7 millóns do total nas catro provincias. Un efectivo demográfico máis maduro traballa preferentemente nos servizos e na industria das áreas urbanas, asóciase a unhas taxas de fecundidade chamativamente baixas e a unha tendencia crecente cara o avellentamento demográfico. Nisto, Galicia compórtase dun xeito semellante a toda España e Portugal, onde tamén son evidentes os efectos da litoralización vinculada á urbanización e á polarización do crecemento poboacional. Como sempre nos apuntou J. Hernández Borge nas súas clases e escritos, un cambio de mentalidade colectiva e os progresos médicos animaron a segunda transición demográfica caracterizada por un incremento da esperanza de vida, un declive da natalidade e repunte da mortalidade, e unha concentración humana ao redor das cidades e as súas ampla periferias. Todo isto, non podería explicarse sen a magnitude que acadou a mobilidade da poboación ao longo do século XX, o éxodo rural e todo tipo de procesos migratorios que J. Hernández analizou ao longo da súa vida académica.

Todas as dinámicas de cambio no territorio galego traducíronse nun progresivo abandono da maioría dos espazos rurais que, a pesar de manter a súa capacidade produtiva, perderon tecido social e relacional. Como en España e no interior de Portugal hai unha Galicia baleira(da), con serios problemas de envellecemento demográfico e de atonía. Sobre esta cuestión, e con puntos de vista complementarios traballaron Julio e Andión. Eles axudaron a comprender a Xeografía desta extensa parte do noso país, que se alonga pola maioría das provincias de Lugo e Ourense, á marxe das áreas urbanas definidas polas súas capitais administrativas, as cabeceiras comarcais e algúns sectores da Mariña luguesa e de Valdeorras. Nestes espazos, a proporción de maiores de 65 anos soe

superar o 30/35% do efectivo demográfico total, case non hai nenos e nenas, e as perspectivas a curto e a medio prazo é que as perdas poboacionais continuarán, aínda que algunhas persoas procedentes do exterior se asenten nestes lugares. O estudo do avellentamento e da despoboación rural, as estratexias de atención aos maiores e de envellecemento activo que deben impulsar as políticas públicas, e o reto demográfico xeral de estabilizar o volume de habitantes son cuestións fundamentais para a investigación aplicada en Ciencias Sociais e Humanas que se desenvolva na actualidade en Galicia, tamén en toda España e en Portugal. Unha liña de traballo que os homenaxeados xa albiscaron, trataron e, na medida do perfil académico dos seus traballos, procuraron abordar mediante un conxunto de recomendacións.

Se nos movemos da reflexión máis puramente demográfica á rural, tamén resulta de enorme interese preguntarnos que espazos agrarios e labregos de futuro. Aquí, como se indicou, a transformación do rural primou o éxito económico baseado na intensificación das orientacións agrícolas e gandeiras cara ao mercado. O agro capitalizouse e os seus habitantes acadaron un nivel de rendas significativo, sen precedentes. Porén esta transición económica moi positiva, construída sobre unha maioría de pequenas explotacións agrarias, como analizou J.M. López Andión para a Terra Chá, acompañouse dunha serie de graves problemas que se manifestan na actualidade. Entre os mesmos o uso desigual dos terreos, xa que fronte a unha porcentaxe minoritaria de terras que se intensificaran para obter herba, cultivos forraxeiros ou rendementos agrícolas de mercado, outra parte da superficie rural quedou a campo ou a monte. Nun terceiro escenario, as terras baleiras, propiedade de titulares non labregos, destináronse a repoboacións forestais con especies foráneas (sobre todo eucaliptos). De resultas deste proceso, no uso do solo rural en Galicia contrastan terreos explotados ao máximo das súas capacidades, xunto a outros colonizados polo mato e un terceiro grupo dedicado á obtención rápida de madeira. Nesta situación son frecuentes os impactos ambientais, en especial o mantemento dun crise incendiaria crónica. A estrutura agraria actual carece de racionalidade e acompaña ao outro problema do rural, o sinalado avellentamento xunto coa despoboación. Así como o reto demográfico require estudios que se acompañen de políticas de corrección das crises, no rural as análises deben sustentar iniciativas como o banco de terras ou as que impliquen desligar a propiedade teórica da terra rústica da súa explotación baixo criterios sociais de eficiencia.

Tanto J. Hernández Borge como J.M. López Andión orientaron parte da súa vida profesional a entender estes procesos. A día de hoxe pódese dicir que o seu traballo e legado non foron estériles. O grupo de investigación ANTE xunto con outros vinte máis doutros ámbitos disciplinares próximos están a desenvolver unha iniciativa que debe mudar o panorama de investigación en Ciencias Sociais e Humanas en Galicia. Esta iniciativa recibe o nome de Centro de Investigación Singular en Paisaxes Atlánticas Contemporáneas (CISPAC), e entre os seus obxectivos de traballo están os novos retos do mundo rural, a crise demográfica e a gobernanza innovadora dos problemas. Para superar os desafíos do baleiramento demográfico, do declive do rural e do deficiente emprego de recursos orzamentarios públicos fai falta coñecemento territorial desde a Xeografía, a Historia, a Socioloxía, o Dereito ou a Economía. O CISPAC debe ser quen de agrupar e impulsar ese coñecemento cara o futuro, coordinándose coas universidades e facultades do sistema universitario galego, e recollendo o labor pioneiro da xeración dos profesores e investigadores que ensinaron e traballaron nas Ciencias Sociais desde o

fin do franquismo até os últimos anos. A traxectoria de catedráticos como R. Villares ou X. Carmoma e de profesores dunha Xeografía renovada como J. Hernández Borge e J.M. López Andión son, sen dúbida, auténticos referentes desta nova singradura.

No libro que presentamos recóllense 22 contribucións nas que colaboraron corenta profesores e investigadores das tres universidades galegas e doutras sete do resto de España. Estes números reflicten o cariño e admiración que tanto J. Hernández Borge como J.M. López Andión espertan entre os seus colegas, non só da Xeografía senón tamén da Historia, da Socioloxía e da Economía. Nun primeiro momento pensouse que este libro-homenaxe podía acoutar a súa temática aos ámbitos de despoboación e espazo rural, pero como acontece nestes casos ao final a dispersión dos estudos foi un pouco maior. Así e todo, os principais temas aos que se dedicaron na súa vida académica os dous profesores son recollidos cremos que moi satisfactoriamente. A despoboación e o declive dos espazos rurais, algúns xa cualificados como reservas da biosfera ou simplemente montaña. As migracións e a mobilidade residencial, a poboación e o turismo en espazos litorais, o desenvolvemento rural, a investigación en demografía, o ecoturismo, e reflexións sobre as familias, os principais fenómenos poboacionais e o seu ensino nas aulas de Xeografía e Historia son algunhas das cuestións tratadas neste volume de poboación e territorios rurais. Ao noso entender, poboación e territorios rurais son as dúas expresións que mellor expresan o traballo investigador de J. Hernández Borge e J.M. López Andión ao longo da súa traxectoria profesional. Os editores deste libro agardamos que coa lectura das súas páxinas se coñeza un pouco máis do territorio galego e español, ao tempo que nos lembramos de dous compañeiros próximos dos que aprendemos tanto.

Rubén Camilo Lois González
Francisco Ramón Durán Villa
Carlos Alberto Patiño Romarís
Universidades de Santiago de Compostela e Vigo
Setembro de 2021

Recursos naturais, poboación e subsistemas económicos en galicia

Fernando González Laxe
Universidade da Coruña
f.laxe@udc.es

1. Introdución

Os espazos xeográficos son múltiples e variados. Cando desexamos analizar cada un deles, necesitamos interrogarnos acerca das súas dimensións e das súas características propias. Os espazos xeográficos conteñen e abranguen varios elementos. Neste sentido, debemos tomar en consideración tanto os lugares como os territorios, entendidos estes últimos como un conxunto coherente de lugares. Os lugares constitúen, pois, os elementos de base; isto é, son realidades singulares e identificables; e, á vez, identificadas; ou sexa, distintas unhas dos outras. Son diferenciables e, por tanto, son recoñecidas, podendo estar habitado ou simplemente non contabilizar poboación ningunha. Ademais, están definidos polas súas coordenadas; é dicir, están posicionados xeograficamente; pero poden flutuar en función dos seus propios atributos, co que posúen un carácter dinámico e vivo, que se conforma constantemente e que modifica parte das súas características en función da súa propia evolución e adaptación. Así mesmo, os lugares están cargados de valores, xa que todo espazo é produto dunha memoria histórica e colectiva; o que permite que, en definitiva, estean cargados e dotados de lugares emblemáticos. Finalmente, os lugares poden estenderse máis alá do seu espazo prefixado con anterioridade, podendo aparecer como un punto de escala tanto dun país como dunha área máis grande, proporcionando unha nova dimensión de escala a un espazo concreto. Esta concepción inflúe nas ordenacións e nos re-escalonamentos das actuacións espaciais, xa que constitúen aspectos básicos para poder interpretar os cambios no tocante á selección de localizacións; ás condicións e aos elementos de atractividade; nos indicadores de frecuencias ou de selección de itinerarios; ou no novo rol e o papel das redes e alianzas que se establezan.

Os territorios ou rexións, como conxunto coherente de lugares, poñen de manifesto o feito de que un espazo xeográfico se distingue dos seus veciños por medio dunha serie de características diferenciais. De aí que, normalmente, se acuda á paisaxe, á poboación, ao sistema de organización, entre outros elementos, para distinguir e categorizar un espazo xeográfico doutro, buscando aqueles elementos internos que posúan unha certa ou unha explicable coherencia interna. Por iso, podemos distinguir dentro dunha mesma rexión determinadas áreas naturais, áreas homoxéneas ou áreas polarizadas, que van delimitando as notas singulares e as propias ambigüidades internas de cada rexión, co obxecto de clasificar as propias subdivisións internas en función dos niveis e escalas existentes e descritos. As rexións son, en suma, marcos espaciais cuxos talles e dimensións varían permanentemente e fan máis complexas as comparacións entre áreas territoriais.

Neste traballo intentamos reflectir os contrastes dentro do marco natural de Galicia. Estruturarémolo nunha primeira parte, onde tratamos de centrar e describir, primeiramente, o rol que posúen os recursos naturais na súa relación con crecemento económico para, de seguido, abordar a organización do espazo. Nunha segunda parte,

estúdase a relación da base económica co espazo, facendo mención aos espazos institucionais. Na terceira nota, referímonos a constatar e avaliar os contrastes existentes en Galicia, así como as dinámicas de organización territorial. E, finalmente, conclúese practicando unha interpretación da análise da atractividade económica e os seus distintos compoñentes.

2. ¿Condicionan os recursos naturais o crecemento económico?

Analizar a relación existente entre os recursos naturais e o crecemento económico supón ter en conta a afirmación de Randall (1985) que di "a economía é un sistema complexo que interactúa con outros sistemas complexos"; de ahí, a necesidade de levar a cabo a análise dentro un ámeto interdisciplinar que poda permitir pescudar as transformacións e as circunstancias especiais desenvolvidas o longo da historia, Non hai dubida, pois, que a teoría económica consideraba a abundancia de recursos naturais como un factor decisivo para os propios procesos de crecemento económico. Sen embargo, tamén hai constancia que certos países, con abundantes recursos non experimentaron rápidos e sostibles crecementos económicos (Nigeria, México ou Venezuela, por exemplo). O concepto de escaseza sempre estivo presente na ciencia económica. Georgescu-Roegen (1993) expón que "o que parece escasear tan frecuentemente en calquera tempo é o factor cuxa abundancia depende dun benestar e dunha felicidade maior". Isto é, a base económica supón unha adaptación as condicións prevalecentes nun momento e nun lugar determinado. A preocupación polos límites do entorno físico acentúan, xa que logo, as análises en torno os factores de produción.

O pensamento económico abordou a escaseza e os límites para centrarse, posteriormente, na era da abundancia, onde o crecemento resulta considerado como o gran obxectivo das políticas económicas. Neste senso, a lóxica económica evolucionou o longo da historia coma respecto as necesidades de cada época. Tanto os recursos naturais (RN), traballo (L) e capital (K) foron factores indispensables de cara a produción; e propia racionalidade económica así constituída posúe unha dobre implicación tanto no uso non sostible dos recursos coma nos aspectos implícitos da degradación medio-ambiental dos mesmos.

Os modelos de crecemento que inclúen os recursos naturais e ouros aspectos relacionados co medio-ambiente, como variables determinantes, serían expresados da seguinte forma: Y= f (K, RN, T, A, L). Onde, Y é a produción; K, o capital; RN, os recursos naturais; L, o traballo, T, a tecnoloxía; e A, a superficie da terra. Sendo, por tanto, as variables claves a superficie das terras e os recursos naturais, variables que poden variar no tempo, dando lugar a oscilacións pronunciadas dados os seus diferentes e intensidades utilizacións e usos.

A propia teoría económica considerou no seu tempo que o factor terra era un recurso determinante para as posibilidades de crecemento a longo prazo dunha economía, dado o seu carácter esóxeno, con disponibilidade limitada e con rendementos marxinais decrecentes; sendo, amais, un factor limitante, cuxo uso terminaría por reduciren o nivel de produción. Así, escudriñando no pensamento económico diríamos que hai dúas grandes etapas: a etapa pre-industrial e a industrial. En ámbalas dúas, o papel do individuo resulta básico. Na primeira, a natureza impoñía grandes limitacións e na segunda o dominio do ser humán sobre as fontes de recursos naturais e enerxéticas resulta elevado.

Foron os fisiócratas quenes centraron a súa atención na terras utilizadas na agricultura coma fonte do crecemento económico. Liderados por F. Quesnay (1758), plantexaban que só a agricultura era capaz de xerar excedentes na produción; e, polo tanto, tan só deberían adicarse a manufactura aqueles países onde a fabricación tivera menos gasto en comparación cos demais. Willian Petty, salientaba unha celebre frase na súa concepción, o dicir "que o traballo é o pai e principio activo da riqueza, como as terras son a nai"[1], para concordar que a combinación traballo-terra posúe unha relevancia especial.

Logo dos fisiócratas veñen os clásicos. Están representados por A. Smith, T. Malthus, D. Ricardo, K. Marx e J. Stuart Mill, quenes asignan o individuo o rol central da riqueza e motor do crecemento, sen deixar de lado a relevancia da terra no proceso produtivo e xerador de riqueza. A consolidación das industrias como axentes impulsores do crecemento motivou a especialización do individuos en actividades diferentes da agricultura. Se fala da división do traballo e da importancia deste para producir os bens necesarios que permitir suplir a demanda do mercado. Nesa época a agricultura non era considerada como eixo principal do crecemento dos países; sen embargo, a terra xoga un papel relevante como provedor de recursos naturais e xerador de rendas procedentes da súa explotación. Tanto Smith coma Ricardo contribuíron a consolidación dunha teoría de rendas diferenciais, asumindo as diversidades no tocante a fertilidade do chan e a situación dos produtos fronte os mercados e os costos de produción.

Deste xeito, Malthus manifestou tanto o crecemento aritmético da produción coma o crecemento xeométrico da poboación; o que significaría a existencia dunhas terras de cultivo limitadas e uns rendementos marxinais decrecentes do factor traballo, co que a produción agraria seria insuficinte para cubrir o crecemento da poboación. David Ricardo inclúe as distintas fertilidades da terras, co que son advertidas certas produtividades e limitacións, que darían pé a unha situación de estado estacionario (aquel momento no que as economías chegaban a seu máximo de produción e da poboación no que non era posible seguir sendo mais produtivos na medida que chegaramos o máximo da capacidade produtiva da terra). John S. Mill, pola súa banda, argumenta que os avances tecnolóxicos poderían contrarrestar os rendementos decrecentes da produción.

A teoría neoclásica (da que forman parte W. Jevons, C. Menger, L. Walras, A. Marshall e V. Pareto, por exemplo) inclúe os sistema de prezos. A sociedade pasa de ser dependente dos recursos obtidos da terra a unha sociedade industrial co novas tecnoloxías. Porén, se contextualiza unha nova concepción dos recursos naturais, na medida que se incorporan nun mercado e cunha utilización mais o menos intensiva dos mesmos, dando pé as consideracións dos dereitos de propiedade e a internalización das externalidades, rasgos ben diferenciados dos pensamentos anteriores (clásicos e fisiocráticos) que reflectían que os produtos proporcionados eran considerados gratuítos e de libre acceso. E dicir, a agricultura queda nun segundo plano e as manufacturas collen o eixo central da economía, sendo os produtos agrarios, gandeiros, forestais, pesqueiros e do sochán insumos para a industrias, entrando a formar parte dun proceso de produción, situación que pon de manifesto o novo centro de análise centrado na asignación dos recursos dados tendo en conta as diversas posibilidades de utilización, de

[1] Citado por L. Gómez (1999). Pensamiento económico de W. Petty (1632-1687). Ensayos de Economía, 10(16), 11-38.

tal xeito que podan ser maximizados tanto os beneficios como a utilidade derivada do seu uso.

A tese central, xa que logo, centra a súa análise na elección do consumidor e na teoría do equilibrio do cambio e da produción; ou sexa, analiza as relación económica de pasar dun nivel macro a un nivel micro; no que prima o comportamento dos axentes e onde os elementos ou factores produtivos se conciben como mercadorías cuxas cantidades e valores se determinan pola acción da oferta e demanda en mercados competitivos; sendo a escaseza quen define o seu carácter económico. O papel principal é desenvolvido polo mercado, onde se determinan os niveis de produción e de consumo da sociedade. Deixan de ser, pois, as limitacións físicas impostas pola produtividade da terra as bases de referencia. Agora, é a eficiencia da tecnoloxía quen posúe a capacidade de xerar maiores niveis de produción no menor tempo posible.

A formulación destes modelos económicos vencellados o crecemento permitiron mais tarde desenrolar outros determinantes do mesmo. Tanto as teorías expostas por Harrod (1939) (o modelar os comportamento dos patróns de crecemento) ou por Solow (1956) (para explicar as influencias dos factores de produción- traballo e capital- no crecemento dun pais e os seus efectos de acumulación do capital) foron claves nos avances científicos e explicativos das dinámicas económicas de certos países. Posteriormente, baixo os supostos dos cambios tecnolóxicos endóxenos xorden os traballos de Romer (1986) e de Lucas (1988). O primeiro plantexa un modelo de crecemento baixo supostos similares os de Solow (1956), incluíndo un índice do nivel de tecnoloxía e o factor capital-humán, xa que considera como centro do crecemento económico o stock de capital humán que da pé a efectuaren o cambios técnicos impulsores do crecemento. Lucas, pola súa banda, considera que a tecnoloxía é endóxena e xunto os factores de produción coma o capital, o traballo e o capital humán, poden explicar as diferentes taxas de crecemento e de ingreso dos países. Finalmente, varias consideracións quedan vencelladas cando incluímos o medio-ambiente na análise económica.

O análise das externalidades foi realizado inicialmente por Pigou (1920), seguido de Coase (1960) e Mishan (1967). Plantexan considerar que el stock de recursos utilizados apareza nas interpretacións económicas, dada a súa variedade e as diferenzas nas proporcións no procesos de produción e as reversións, positivas ou negativas, cara a outras persoas e procesos. Coase propón indemnizacións polos perxuicios ocasionados o realizar algunha actividade; e Mishan se centra no que chama "efectos veciñais", xerados pola ampla variedade de actividades económicas (deseconomías). De ahi que Solow (1974) incluese os recursos naturais na función de produción neoclásica, acudindo o sistema de prezos para dar respostas a decisión de utilizar ou non os depósitos minerais, vistos coma activos de capital e disponibles para a produción. De igual xeito que Stiglitz (1974) o utilizar os recursos non renovables, primaba a condición básica na que indicaba: "os ritmos do capital deben ser iguales as tasas de cambio do produto marxinal dos recursos naturais".

Fronte as teses dos modelos neoclásicos de crecemento xorde a teoría da dependencia e do intercambio desigual. Se focaliza nos obstáculos esóxenos polos que o desenvolvemento polo que apostan os países en desenrolo da periferia radica nas exportacións das materias primas e produtos primarios. A base desta teoría estruturalista cepalina, cuxos exponentes mais preclaros foron Prebish (1962,1970) e Singer (1950), se

sustentaba nunha baixa tendencia da relación real de intercambio entre as materias primas e os produtos manufacturados, tomadas coma desvantaxe estrutural e freo o progreso das economías periféricas. O comercio internacional non proporciona as vantaxes comparativas previstas por Ricardo; e chama a atención dos efectos negativos derivados da inestabilidade e volatilidade dos prezos e dos mercados de materias primas exportadas. Para os defensores desta doutrina estruturalista as alternativas a dependencia das materias primas radican en promover a exportación para as industrias pola substitución das importacións. Outros modelos, expostos por A. Lewis (1968), formulaban unha industrialización promovida polas forzas de mercado (transferencia de emprego por diferenzas de produtividade e salarios entre o sector primario e o sector moderno e transformador). Os recursos naturais, baixo estas hipóteses, poderían contribuir nunha primeira fase da industrialización, a aportar mais produtos e xerando unha maior demanda interna, sempre que a rendas obtidas non foran repatriadas polos inversores extranxeiros ou dilapidados polos empresarios locais.

Deste xeito, a inclusión dos recursos naturais no proceso de desenvolvemento das teorías económicas permitiu alertar da súa relevancia de cara as posibilidades de crecemento. Tres análises son preciso subraiar no que atinxe as diferentes perspectivas acerca das relacións entre os recursos naturais e o crecemento económico. En primeiro termo, as mensaxes do Club de Roma, avisando dos efectos do crecemento fronte os danos ambientais (incremento da contaminación, sobre-explotación dos recursos renovables; esgotamento dos recursos non renovables) e a imposibilidade de manter niveis de crecemento sostible no ameto ambiental. O desenvolvemento desta corrente permite clasificar diferentes enfoques, tales coma a posición dos defensores radicais; defensores condicionais; antagonistas débiles; e antagonistas fortes.

Unha segunda aportación ó debate ven apuntada polas diferentes teses expostas tanto dende a teoría schumpeteriana coma das teses estruturalistas. Schumpeter (1967) argumentaba que non son as diferenzas entre as estruturas sectoriais e a calidade das institucións quenes determinan si as economías ricas en recursos naturais rexistran ou non rexistran crecemento económico, a largo prazo, a tese principal desta corrente de pensamento radica en que a innovación tecnolóxica xunto a construción das capacidades, dentro dun armazón institucional adecuado, veñen sendo os determinantes dunha dinámica de crecemento. Argumentaba, pois, que: a) os recursos naturais son endóxenos as economías e poden chegar a desenvolver importante encadeamentos (linkage-effects). Deste xeito, unha co-evolución entre desenvolvemento económico e sectores intensivos en recursos naturais, serven de base a un cambio estrutural; b) son necesarios certos niveis de coordinación (xa que non existe un proceso automático). Deste xeito, esíxese un armazón institucional (sistema de innovación) e de políticas que aseguren innovación e difusión; c) o punto clave non é o que se produza; senón, como se produce; d) a base radica en como posuír a capacidade de crear un marco de coñecemento (aprendizaxe) e como articular a sociedade e a economía para poder implementar relevantes coñecementos. Seguindo a Schumpeter, Villey & Wicken (2013) afirman que a exploración dos recursos naturais depende mais da capacidade da sociedade que dos propios recursos naturais existentes. Deste xeito, esquivamos os perigos da volatilidade e do fráxil control dos activos naturais estratéxicos.

Dende as teses estruturalistas/keynesianas a teoría comercial admitía que a abundancia de recursos naturais era vantaxosa para o crecemento económico e moi

coherente cas teses das vantaxes comparativas. Así, foi interpretado por J. Viner; W.A. Lewis; o W.W. Rostow.

W.A. Lewis (1985), por exemplo, afirmaba que a cuestión básica consistía en verificar si as vantaxes iniciais e a taxa de crecemento permitida pola abundancia dos recursos naturais transformarían as actitudes e o comportamento das institucións, de xeito que mantiveran constantes as taxas de crecemento. Dende os economistas da CEPAL (Prebish, Singer, por exemplo) se apuntaba que existe un deterioro a longo prazo da relación real de intercambio dos pais produtores de materias primas e doutros produtos primarios, Os prezos dos devanditos produtos tenden a decrecer relativamente respecto dos produtos manufacturados. Significa que a pesares da especialización produtiva, os beneficios do comercio internacional seria distribuídos desigualmente entre os países importadores dos produtos primarios (e exportadores de manufacturas) e os países exportadores de produtos primarios (e importadores de produtos manufacturados). Así, os países desenvolvidos terían un dobre bono como consumidores de materias primas e como produtores de manufacturas; en troques os países en desenvolvemento terían un dobre bono negativo: como consumidores de produtos manufacturados e como exportadores de produtos primarios. Hirschman (1958) postulaba que a carencia de encadeamentos é a causa da maldición. Toma o exemplo da agricultura e as súas carencias de *linkages* e enclaves; o sexa, a súa propia capacidade de produción con destino limitado e restrinxido polas forzas da demanda ven sendo os eu factor determinante. Kaldor, pola súa parte, deixa claro que a estrutura sectorial é moi relevante e que a industrias deben asumir centralidade e indispensabilidade no desenvolvemento económico. Basea a súa teoría en que os aspectos da produtividade (tecnoloxía e modernización) inflúen a hora de absorber man de obra; e, xa que logo, prodúcense desprazamentos sectoriais estando os niveis de especialización correlacionados co desenvolvemento económico.

Finalmente, a novas teorías de neo-institucionalismo teñen varios representantes. Un deles, D.W. Browley (1985), dicía que "un neoclásico de pro considera á sociedade coma un universo das relacións de mercadorías; e o resultado das mesmas é un indicador de valor; de ahí, o seu interese polos prezos". De seguido argumentaba que sen opoñerse á disciplina do mercado, este so pode reflectir unha estrutura previa subxacente dos dereitos que determinen quen ten dereitos, deberes, privilexios, poder, responsabilidade e inmunidade. Porén, son necesarias disposicións institucionais que definan os mercados e, xa que logo, podan converterse na base na escaseza e dos prezos. Segundo o autor, os prezos de mercado non fan senón que reflectir o resultado dos intercambios negociados entre aqueles cuxa renda lles permite satisfacer os seus gustos e aqueles outros que teñen o dereito legal a retraer os produtos do mercado ata que os prezos sexan axeitados. Os institucionalistas están mais interesados na forma na que se determinan esa serie de opcións, máis que nunha conducta maximizadora, É dicir, nunha aposta pola dimensión institucional da economía; que ven sendo igual a dicir: "a cuestión económica importante non é si algo é eficaz, senón cales son os costes sociais que se definen coma lexitimo e, polo tanto, se converten en modelo co respecto a que debe xulgarse a eficacia" (Browley,1985). Xa que logo, o crecemento económico atoparía tres ideas centrais: a) necesidade de regras operativas para un normal funcionamento das institucións; b) a ideas do capitalismo dependen dos tribunais e das lexislacións en canto esencia do valor; e c) a cuestión económica básica consiste na loita pos dereitos.

Finalmente, non podemos deixar de apuntar un dos principais efectos do recursos naturais no crecemento económico chamado "a maldición dos recursos" ou a "enfermidade holandesa"[2]. Nome que se dá a situación na que os descubrimento de reservas de gas no Mar do Norte e a súa explotación, provocou unha forte contracción das exportacións industriais coma porcentaxe do PIB, causando pola forte apreciación da súa moeda, desencadeando un proceso de des-industrialización. Un dos análises máis clásicos desta teoría é o efectuado por Corden e Neary (1982). Dividen a economía en tres sectores: dous exportadores (o dos recursos naturais en rápida expansión e outro mais tradicional, manufactureiro) dependentes do mercado internacional e un tecer sector de bens e servizos non transables, destinado ó mercado doméstico. Segundo os autores, cando un pais se contaxia do síndrome holandés, el sector exportador tradicional vese desprazado polos outros dous, debido a apreciación do tipo de cambio, o aumento dos prezos, os costes xerados pola maior demanda interna e pola atracción de factores produtivos (capital e traballo) polo sector exportador en auxe (recursos naturais) e polo sector de bens non transables, afectando negativamente o crecemento da economía nacional, na medida que o sector exportador manufactureiro tende a posuír meirandes produtividades e capacidade dinámica a longo prazo. Sachs e Wagner (1999), pola súa banda, explican tal tese motivados pola idea dun boom de recursos naturais; e comentan que a explicación técnica para reflectir a devandita maldición repousa en que é o sector transable, fonte de crecemento, é o mesmo tempo xerador de economías de escala negativas, distorsioando a composición das exportacións debido a volatilidade dos tipos de cambio. Estas argumentacións están vencelladas, xeralmente, ás economías fráxiles ou débiles (Aguirre,2017); e sirven para xustificar as pautas de desenvolvemento en base o fortalecemento do capital territorial (Kherdjemil, 2008).

3. Os principios explicativos da organización do espazo

O detallar a estrutura organizativa fixámonos naqueles vínculos e accións recíprocas entre dous ou máis espazos. Isto é, no conxunto de compoñentes que, nun momento preciso e no marco dunha posición xeográfica determinada, posúen unha serie de características moi cualificadas de atributos propios que, por medio dos seus vínculos, definen a estrutura do espazo. Normalmente, as análises teñen en conta as seguintes dinámicas:

a) Organización básica. En ausencia de institucionalización de poder, os grupos caracterízanse pola súa relativa uniformidade e a súa débil densidade poboacional. As actividades e prácticas agrícolas, gandeiras, forestais e pesqueiras son esencialmente manuais e definen a estrutura do espazo.
b) A organización das sociedades tradicionais. Son o resultado das evolucións das actividades agrarias e pesqueiras, onde os produtos se transforman e logran ampliar as súas redes de intercambio comercial, dando lugar á xeración de excedentes e favorecendo a presenza dunha fragmentación de espazos e estimulando unha dinámica migratoria cara ás cidades. Tales consideracións xeran novas relacións sociais, novas relacións contractuais, e unha maior integración económica e institucional.

[2] Utilizado por vez primeira polo The Economist, 26, 11,1977.

c) A organización das sociedades industriais. Os intercambios económicos aceleran as dinámicas de rexionalización, aprécianse procesos de especialización e as actividades económicas concéntranse nas cidades, onde se conforma unha nova estruturación das relacións sociais.
d) A organización do sistema mundo maniféstase nos últimos trinta anos. O aumento da produtividade do traballo, a aceleración das transferencias de coñecemento, tecnoloxía e información estimulan a mobilidade das persoas e os desprazamentos de capitais. Asístese á conformación de grandes metrópoles e ao reforzamento das redes de transporte e a intermodalidade.

Baixo este esquema, os espazos xeográficos evolucionan sen cesar dando lugar a novas dinámicas territoriais. Existen, en consecuencia, dous tipos de relacións-interaccións. Unhas, as relacións verticais (en función das súas características persistentes e que están vinculadas ao medio natural e aos feitos culturais.); e outras, as relacións horizontais (predominio da proximidade entre obxectos, lugares ou unidades especiais, máis interdependentes e baseadas en relacións de situación).

Aténdonos ás devanditas notas pódese explicitar a presenza de varias accións relativas a unha sociedade nun espazo determinado. En primeiro termo, *a apropiación*; isto é, poder dispoñer dun espazo. Esta acción non implica necesariamente a propiedade, senón a atribución. A apropiación pode visualizarse baixo dúas fórmulas específicas, os territorios urbanos poden ser controlados por grupos ou serano por regras consuetudinarias. En segundo lugar, *a explotación do espazo*; isto é, a través dos instrumentos, técnicas, medios financeiros, sistemas sociais e culturais que definen a explotación. En terceiro lugar, *vivir nun espazo*; isto é, o desenvolvemento da función de consumo do espazo vén definido polas formas e estruturas do hábitat; e está vinculado ás dinámicas de urbanización, peri-urbanización, rur-urbanizacion. En cuarto termo, *a comunicación e intercambio*; como consecuencia da asociación derivada da especialización, que posúe tanto un potencial de intercambio como unha necesidade de xestión. Está directamente relacionada cos modos de transporte, integración, alianzas, espazos de transacción. Finalmente, en quinta posición, *a xestión;* é dicir, a acción que coordina as anteriores accións; o que permite o funcionamento dos espazos asegurando a integración dos individuos e das súas funcións, resolvendo os conflitos e desenvolvendo os proxectos. Esta xestión require de institucións e de regras, normas prácticas, modalidades de participación para reforzar permanentemente o espazo.

Por tanto, se houbese que reflectir como funcionan os actores dentro do espazo, a mellor configuración virá dada polo esquema que Brunet (1990) define abranguendo a presenza de cinco polos: o estado, a empresa, a colectividade territorial, o individuo, e outros grupos. Para Brunet, o Estado posúe as instalacións específicas, asegura os traballos e as principais infraestruturas; dita as leis e os regulamentos que posúen efectos espaciais; fixa, así mesmo, as regras da fiscalidade, administra o territorio nacional e as fronteiras e, en ocasións, é emprendedor. A empresa, pola súa banda, explota e transforma os recursos, posúe instalacións específicas seleccionando a localización, creando fluxos de intercambio. A colectividade territorial administra un territorio, asegura equipamentos e instalacións específicas, posúe certa marxe de regulamentación e intervención fiscal e económica. O individuo é o usuario e, en ocasións, é o detentador dun certo espazo que habita, onde pode desprazarse, producir e consumir, soñar e desempeñar un rol básico, así como crear os fluxos. Por último, o grupo trata, máis ou

menos directamente, e aténdose á súa ocupación de espazos, de conformarse como comunidades, como emprendedores colectivos ou como usuarios, nas súas funcións de realizar presión de cara a alcanzar obxectivos concretos.

4. Galicia: A economía e os espazos de contrastes

Galicia posúe *unha peculiar combinación* de factores físicos e humanos; polo que podemos formular unha afirmación do seguinte teor, seguindo a Precedo (1996) «*é un espazo singular, con forte personalidade xeográfica*». Así mesmo, é o resultado da combinación de factores xeográficos, socioeconómicos e culturais que van conformando «un complexo sistema espacial, moi interrelacionado e fortemente cohesionado no que se refire aos elementos visibles; e non tanto no que respecta á articulación social e económica do territorio» (Precedo,1998). Estas dúas connotacións permítennos instar á existencia dunha dualidade, resultado tanto de inercias herdadas que manteñen certo sistema de relacións, como dunha organización pouco evolucionada, que subsiste e que, en ocasións, é remisa aos cambios e innovacións.

Se avanzamos un pouco máis nas reflexións chégase a poder dicir que os factores que están a sustentar os procesos das estruturas espaciais e a organización territorial quedan delimitados por dúas notas: a primeira polos feitos relacionados pola posición xeográfica; e a segunda, polos condicionantes ou barreiras de todo tipo que o propio territorio impón ás relacións socioeconómicas. De aí que unha caracterización territorial do espazo galego veña definida pola combinación espacial que oscila entre a ruralidade das terras interiores á atlanticidade da fachada marítima, pois a xustaposición de ambos os dous elementos dota de novas formas e dinámicas a organización social e económica.

Os contrastes xeográficos de Galicia veñen dados a través da combinación de catro notas:

a) En primeiro termo pola localización limitada, pois afecta ao desenvolvemento económico e ás súas formulacións. Non cabe dúbida de que as vantaxes de localización poden chegar a favorecer unha especialización produtiva e un posicionamento comercial. Deste xeito, existen territorios que quedan marxinados e afastados dos centros de gravidade económica, provocando un incremento da súa perificidade. Tamén a situación xeográfica pode chegar a determinar un tipo de especialización produtiva, xa que está condicionada polas súas características xeográficas, igual que a dita situación pode chegar a favorecer os distintos niveis de integración ou de participación en redes e/ou alianzas xeo-económicas e políticas. Por iso se fala, en ocasións, de que certos territorios gozan de vantaxes locacionais en relación con outros e, nalgúns supostos, as mesmas situacións xeográficas condicionan e mesmo inspiran, as suficientes doses de frustración á hora da determinación dos lugares de situación de certas industrias ou servizos.
b) En segundo lugar, citaremos os aspectos derivados do solo e do clima. No referente aos primeiros, o solo galego é bastante deficiente canto á súa calidade de cara á produción agraria. No seu conxunto, o solo galego caracterízase pola súa escasa profundidade, a súa pedregrosidade e a escaseza no que atinxe a nutrientes vexetais. Estes trazos son, como un pode supoñer, irreversibles, polo que requiren de solucións proporcionadas pola acción de abonos. E no que atinxe ao clima, Galicia presenta un alto réxime de chuvias, aínda que a súa

influencia é desigual e irregular segundo as áreas. Nun principio e ata o momento, a auga non constitúe un factor limitativo para a produción agrícola, pero é de supoñer que de continuar a actual dinámica de cambio climático, os regos condicionaranse e terán carácter restritivo dadas as previsibles escasezas dos recursos hídricos.

c) En terceiro trazo que determina os contrastes de Galicia é o que fai referencia á orografía e á hidrografía. É doado constatar que as características dos ríos galegos están a contribuír a determinar a composición da nosa base natural. Dous datos elocuentes. En Galicia contabilízanse ríos curtos e de escaso caudal; polo que son extremadamente irregulares e posúen unha grande inclinación no tocante ao seu perfil. Os ríos, por tanto, desenvolven catro usos: abastecemento urbano-industrial, regadío, produción de electricidade e unha pequena navegación interior. O maior interese por estes denota un aumento de sensibilidade de cara ao futuro.

d) E, por último, as características do solo marcan novos contrastes internos. Dunha parte, Galicia ten sona de ser unha rexión mineira de elevada importancia. E en segundo lugar, destacan as materias primas non enerxéticas, posto que as enerxéticas xa se esgotaron industrialmente (exemplo, a extracción dos lignitos).

E a realidade xeo-económica exíxenos mencionar, igualmente, catro notas de interese:

a) As derivados da renda de posición; baixo este concepto podemos cuñar a existencia de recursos/materias primas que constitúen activos xenéricos derivados da súa situación; son por tanto, factores inmóbiles e de difícil transferencia. Son os chamados «*recursos latentes*», como os definía A.O.Hirschman; e a súa existencia ou o seu valor potencial non depende da súa participación nun proceso de produción concreto. Asemade, é preciso determinar os recursos específicos, aqueles que poden ser desenvolvidos a partir dun proceso organizativo son, en consecuencia, potenciais e defínense cando o seu valor de uso alternativo está conectado a unha localización xeográfica específica e a un ámbito económico e social dado. Por iso, en Galicia a existencia e a cuantificación das dotacións dos devanditos factores permiten visualizar as vantaxes diferenciadas derivadas do seu posicionamento xeográfico.

b) En segundo lugar, Galicia como espazo singular está fortemente humanizada; isto é, contabilízase unha elevada presión demográfica sobre o espazo que levou consigo unha intensa acumulación inicial das poboacións chegadas doutros lugares, A abundancia, dispoñibilidade e accesibilidade aos recursos susceptibles de ser utilizados pola sociedade atraeu moitos poboadores e, consecuencia diso, foi a elevada densidade demográfica. Esta dinámica supuxo entre outros trazos os seguintes: ocupación practicamente continua do territorio (máis de 30.000 asentamentos e, anteriormente, chegouse a afirmar a existencia de máis de 5.000 castros); apenas se deixa espazo para paisaxes naturais, a excepción dos enclaves de montaña; e a un maior aproveitamento e ocupación de terras agrícolas, onde o sistema agrario tradicional de autoconsumo alimenta e sostivo a devandita tendencia.

c) En terceiro lugar, Galicia é altamente diversa, pero posuíndo herdanzas históricas particulares. É dicir, conta cunha ampla riqueza, diversidade e

densidade de aproveitamentos de diferentes utilidades, que se combina con sistemas tradicionais de produción e de consumo. Esta percepción minifundista da explotación é, así mesmo, reflexo dos usos e construcións sociais; dos sistemas de herdanzas específicos; dos frustrados procesos de desamortizacións; e dos disímiles sistemas de explotación das terras. Estes elementos actúan sobre dous procesos xustapostos. O primeiro, sobre a humanización intensa do espazo que vai cedendo terreo ás actuais dinámicas de despoboamento das áreas rurais, da desordenada e difusa urbanización e da caótica urbanización rural; e o segundo, sobre a actual formulación dos asentamentos, que se ve reflectida pola pléiade de entidades singulares e diseminadas, que resisten o tempo e as dinámicas e a evolución socioeconómica.

d) Finalmente, en Galicia fálase de illamento posicional cando nos referimos ás análises de accesibilidade e de mobilidade. Neste sentido, existen dúas formas de explicación, a primeira é de orde macro-espacial, (cando facemos referencia a que as innovacións ou as incorporacións se efectúan con atraso, o que implica diferenciación; ou cando se fala do illamento se fai en referencia a que Galicia se converta en periferia, polo seu afastamento); e a segunda é de orde micro-espacial (cando se explica que Galicia queda á marxe dos procesos de cambios económicos, sociais, culturais e tecnolóxicos debido a que os recursos existentes non chegaron a ser o suficientemente atractivos para compensar os déficits, ou cando as innovacións chegan tardiamente e sempre seguen un proceso de localización selectiva, co que se agudizan os contrastes internos).

Vimos, por tanto, que Galicia sofre un illamento posicional dentro dunha perificidade xeral que, ademais, se ve alimentada pola disposición do relevo e a orientación do territorio. Así as cousas, Galicia está aberta ao mar e pechada ao interior; onde o relevo é accidentado (predominan as montañas medias); a topografía indica masivas serras, e está pechada nos límites naturais do territorio. É dicir, posúe obstáculos á accesibilidade, e os propios límites naturais do territorio exercen de efecto barreira.

5. Compoñentes socioeconómicos da organización territorial en Galicia

Galicia está condicionada por factores derivados do marco natural: é heteroxénea no seu interior e chea de contrastes; e asístese a unha irreversible tendencia á concentración demográfica e económica. Estes contrastes acusados con multitude de matices resúmense en dous compoñentes básicos e dous compoñentes complementarios. Os dous básicos fan referencia aos aspectos bioclimáticos e altitudinais; e os dous compoñentes complementarios e subordinados son a acción do mar sobre o clima e o compoñente xeotectónico.

Galicia forma parte do grupo de comunidades autónomas en que a deterioración demográfica está a ameazar a continuidade dos procesos económicos e a conservación do medio. A polarización poboacional ten consecuencias moi intensas en dous aspectos: o primeiro, no que concirne á emerxencia dos sistemas periurbanos, e o segundo, no que atinxe á consolidación de cidades-eixes arredor de núcleos moi dinámicos.

A nova división do traballo post-fordista provoca o crecemento de novos servizos e empresas en cidades medias ou en pequenas áreas antano consideradas como periféricas. E, á súa vez, advírtese que unhas partes das grandes cidades experimentan unha maior vitalidade grazas ao aumento continuo das actividades terciarias. A medida que a

globalización económica aumenta, os tradicionais centros de produción convértense e desacóplanse xeograficamente, asistindo a unha fase de fragmentación produtiva e a dinámica de deslocalización empresarial. Emerxen novos complexos de produción de valor baseados tanto na información como na demanda de man de obra cualificada. Esta estrutura posúe unha innovadora connotación económica, xa que se advirte que nos últimos anos se asiste a unha converxencia sobre a base da produtividade, en que se constata un aumento do emprego e un descenso do paro; e, finalmente, compróbase un forte dinamismo das correntes exportadoras. O territorio internacionalízase ben pola nova revalorización do solo e da existencia de produciónss estratéxicas. Ao mesmo tempo, verifícase a consolidación dunha nova elite xestora e resitúanse os novos continxentes de poboación. En Galicia, o significado desta dinámica pódese resumir en que, nos últimos anos, se asiste a un intenso proceso de axuste do aparato produtivo e a unha evidente dinámica modernizadora sobre a devandita base económica. Esta nova fase caracterízase por tres procesos xustapostos: a des-ruralización; a des-agrarización e a asalarización.

Galicia mostra unha estrutura demográfica moi singular. Dunha parte, asístese a unha perda poboacional que xera un desequilibrio demográfico territorial que produce un estreitamento da base da pirámide poboacional e, doutra parte, móstrase moi restritiva no que atinxe á chegada de inmigrantes e é máis intensa a dinámica no que atinxe aos retornos de emigrantes. Esta decadencia demográfica é máis acusada no medio rural (coincidente con orografías máis accidentadas e máis afastadas de centros urbanos) e, non obstante, reconcéntrase no medio litoral. Esta dualidade enmarca dúas novas liñas de reflexión: a primeira permite o nacemento de zonas de influencia cara a enclaves concretos (revélanse moi acusados no interior, por exemplo cara aos núcleos de Lugo e Ourense); e a segunda, en que se aprecia un transvasamento de poboación cara ás áreas peri-urbanas, o que referenda as zonas de influencia e as funcións centrais dos municipios da Coruña, Vigo e Santiago. Desta forma é doado comprender os acusados niveis de concentración demográfica na maior parte dos ámbitos urbanos. Esta dinámica pódese resumir afirmando o seguinte: os desequilibrios territoriais maniféstanse a favor das zonas urbanas e litorais, e asístese a unha polarización demográfica concentrada nas 7 grandes cidades e advírtese un efecto de difusión urbana arredor das áreas de influencia e os corredores costeiros dos citados ámbitos.

Por tanto, en Galicia áchanse tres dialécticas: a) desconcentración urbana *versus* descentralización poboacional (a poboación concéntrase na periferia inmediata dos grandes núcleos urbanos); b) mantemento e tímida desaceleración demográfica das sete grandes cidades; e c) forte concentración nas entidades de entre 5.000 e 20.000 habitantes. En consecuencia, a organización territorial da poboación mostra síntomas de atomización e dispersión. Deste modo contabilízanse máis de 30.000 entidades singulares de poboación; existe unha xerarquía que vai desde cabeceiras de comarca; concellos, parroquias, aldeas; só 16 concellos superan os 20.000 habitantes; a poboación das provincias da Coruña e Pontevedra suma máis do 75% do total de Galicia; e, no que atinxe á densidade demográfica, Galicia mostra unha *ratio* de pouco mais de 90 habitantes por quilómetro cadrado. Porén, as *ratios* provinciais son moi dispares, pois Pontevedra acada 210 habitantes/km^2; e A Coruña contabiliza 140 habitantes/km^2; pola súa banda, Ourense apenas logra 44 habitantes/km^2 e Lugo só alcanza 34 habitantes/km^2.

Iso fai que, nunha análise demográfica máis profunda, se poida afirmar que un total de 200 municipios (o 63,8% do total) se sitúe por debaixo dos núcleos inferiores aos

5.000 habitantes e que só alberguen o 15% da poboación. E, pola contra, os municipios de máis de 50.000 habitantes (só 23) representando aproximadamente o 7% do número total de municipios, concentran o 54% da poboación total. Así mesmo, o 82% da poboación de todos os municipios de máis de 10 000 habitantes localízase nas provincias da Coruña e Pontevedra, evidenciando a excesiva polarización territorial das entidades de maior poboación.

Táboa 1. Distribución porcentual da estrutura demográfica municipal en Galicia. Fonte: Instituto Galego de Estatística.

	2014				2020			
Intervalos habitantes	Poboación	Concellos	% poboación	% concellos	Poboación	Concellos	% poboación	% concellos
Ata 2.000	136.451	106	4,98	33,76	145.977	119	5,40	38,01
De 2.001 a 5.000	304.164	94	11,08	29,94	259.704	81	9,61	25,87
De 5.001 a 10.000	385.931	57	14,06	18,16	382.371	57	14,15	18,21
De 10.001 a 20.000	486.470	35	17,70	11,14	463.425	33	17,15	10,54
De 20.001 a 50.000	431.272	15	15,69	4,78	455.216	16	16,84	5,11
De 50.001 a 100.000	347.695	4	12,65	1,27	345.187	4	12,77	1,28
Mais de 100.001	646.712	3	23,54	0,95	649.939	3	24,05	0,96
Total	2.748.695	314	100	100	2.701.819	313	100	100

Táboa 2. Estrutura demográfica municipal de Galicia (2020). Fonte: Instituto Galego de Estatística.

Intervalos habitantes	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	poboación	concellos	poboación	concellos	poboación	concellos	poboación	concellos
Ata 2.000	23.180	16	37.126	29	78.551	69	7.080	5
De 2.001 a 5.000	89.070	26	77.842	26	31.808	12	60.984	18
De 5.001 a 10.000	205.556	31	43.288	6	38.283	6	95.244	14
De 10.001 a 20.000	139.009	10	71.171	5	52.325	4	220.920	14
De 20.001 a 50.000	253.988	8	-	-	-	-	201.228	8
De 50.001 a 100.000	163.408	2	98.519	1	-	-	83.260	1
Mais de 100.001	247.604	1	-	-	105.643	1	296.682	1
TOTAL	1.121.815	93	327.946	67	306.650	92	945.408	61

En suma, os centros urbanos inclináronse cara ás actividades terciarias e están sometidos a pautas de deslocalización industrial. Asistimos a procesos de fragmentación e afastamento das propiedades minifundistas. Finalmente, os procesos de desconcentración urbanos xustapuxéronse, entrelazándose en planos industriais,

superando amplamente os límites administrativos dos municipios e orixinando unha verdadeira *cidade difusa* (De Dematteis,1998). Esta dinámica é altamente consumidora de solo, de enerxía, de recursos naturais. Simboliza unha forma de desenvolvemento non sustentable, soportando elevados custos de infraestruturas e de xestión (Martín-Palmero,2004; Doldán eVillasante, 2015).

En consecuencia, ¿qué apreciamos? Unha relación de homoxeneidade (derivada dos reagrupamentos de espazos -a través de municipios- de características similares no que compete á demografía, economía e formación); unhas relacións de interdependencia (como consecuencia das relacións cruzadas entre municipios á vista das perspectivas profesionais ou dos desprazamentos migratorios); e unhas relacións de coherencia teórica (como resultado do sumatorio de certos valores e pautas).

6. Os subsistemas de organización socioeconómica galega

Podemos delimitar cinco subsistemas de organización socioeconómica:

a) Economías de base familiar, altamente diversificadas e complementarias. Estas economías posúen un alto soporte de autoconsumo e susténtanse sobre múltiples actividades. Os seus integrantes engaden as súas remuneracións a unha unidade común, respondendo as economías familiares ao propio conxunto dos seus membros. Corresponde, normalmente, a un modelo de economía social escasamente produtiva e a súa produtividade é reducida e as rendas por separado son moi débiles, o que esixe unha eficiencia social equilibrada entre os membros da unidade familiar. A súa inserción vén definida por un conxunto de combinacións de distintas actividades, traballos a tempo parcial, a domicilio e estacional. O seu obxectivo é manter o equilibrio social e familiar. Constituíu un sistema amortecedor nas áreas rurais en épocas de recesión.

b) Economías competitivas. Insírense no comercio internacional e onde lideran os seus respectivos sectores e actividades. Destacan sobre as demais as empresas de pesca, téxtiles e confección, madeira, minerais non metálicos e industrias agro-alimentarias. As devanditas actividades están vinculadas aos recursos naturais e posúen condicións de traballo moi especiais. Tamén podemos engadir a este grupo aquelas actividades industriais competitivas que están especialmente vinculadas a empresas nacionais ou multinacionais (especialmente os automóbiles, petroquímicas, construción naval) ou aqueloutras dinamizadoras de espazos económicos e situadas en rurais dispersas (tales como lácteas, de madeira, téxtiles e confección).

c) Economías industriais en crise son aquelas que estiveron ligadas ás iniciativas públicas e que sufriron procesos de reestruturación moi fortes derivados de axustes estruturais de gran magnitude (siderurxia, naval, ou aluminio e química). Da mesma forma, podemos incluír nesta epígrafe aqueloutras actividades privadas cuxa localización estivo ligada á existencia de economías de enclaves concretos (relacionados coas políticas do INI e vinculadas ás accións das Grandes Áreas de Expansión Industrial) e que, por tanto, non puideron adaptarse a mercados abertos e competitivos. Adoitan estar situadas tanto en lugares moi específicos (Ferrol, A Coruña e Vigo) como en *oasis industriais* (San Cibrao, As Pontes).

d) Economías locais. Son aquelas que están en función dos potenciais endóxenos. Posúen carácter familiar e posúen un tamaño e dimensión media. Aínda que dispersas polo territorio mostran unha gran predilección polas estruturas urbanas. Outro trazo destas empresas radica na existencia de relacións de complementariedade das actividades. Referímonos, pois, ás industrias lácteas, conservas, madeira, téxtil e confección, construción, metalurxia, vinícola, rochas, distribución e transporte, material, trasporte e cerámica.
e) Economías rurais. Caracterízanse polo minifundismo, pola fragmentación das unidades de produción, pola dispersión da propiedade e, en suma, por posuír uns índices de pobreza elevados. Estas economías mostran, á súa vez, unha reducida infra-utilización dos recursos e non logran alcanzar niveis de competitividade axeitados, son pois economías con segmentos críticos. Adoitan subsistir por medio das transferencias públicas de subsidios e de rendas indirectas.

Taboa 3. Distribución sectorial da poboación ocupada por sectores.
Fonte: Instituto Galego de Estatística.

	1977	1985	1996	2002	2007	2018
Agricultura e pesca	46,17	45,98	25,82	13,17	8,64	6.3
Industria	17,11	15,40	15,60	20,24	18,21	15,6
Construción	8,75	6,54	10,37	12,37	12,34	6,1
Servizos	27,97	32,08	48,21	54,22	60,81	71,9
Total	100	100	100	100	100	100,

Por tanto, o territorio de Galicia caracterízase por un sistema de asentamento propio e singular, que vén determinado por un subsistema económico, á súa vez, diferente dos demais do contorno. O propio subsistema económico adoece dunha forte integración, que o fai, por tanto, moi desintegrado, ou dito doutra forma, apréciase unha notable desvinculación dun subsistema a outro. E a mencionada desarticulación é a que impide a vertebración do territorio; cuestión que acelera os desequilibrios humanos que son máis fortes e intensos que os propios desequilibrios naturais.

7. A organización económica territorial

A mencionada organización económica xera desequilibrios internos e permite manifestarse a través dun modelo territorial moi descentralizado tanto económica como demográfica mente. É dicir, visualízanse catro trazos de indubidable interese: a) esquema policéntrico para o sistema de cidades; b) dispersión do hábitat, con formas intermedias de urbanización e de rur-urbanización difusa; c) existencia de dinámicas de descentralización no tocante aos fluxos e relacións económicas; e d) asentamentos baseados na explotación dos recursos endóxenos.

A resultas desta clasificación, o modelo territorial galego componse de cinco subsistemas: a) sistema metropolitano: pivotado sobre dúas grandes áreas, como as de Vigo e A Coruña; b) un conxunto de cidades medias: representan a armazón urbana de Galicia e posúen un desenvolvemento peri-urbano moi intenso. Son os casos das cidades de Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol; c) os sistemas rur-urbanos: son moi consistentes e revela unha grande importancia na base económica de Galicia.

Compóñeno tanto as áreas costeiras (montaña lucense, Área Ártabra e as Rías Baixas), como a urbanización difusa existente no interior. Está moi diversificado economicamente e mostra unha gran multipolaridade espacial; d) un denso sistema de vilas: son as denominadas redes urbanas de base, son pequenos centros de servizos que actúan como cabeceiras de comarca, localízanse de maneira moi dispersa polo territorio e son puntos de referencia para certas actividades de servizos; e) sistema rural: forma parte deste unha mesta rede de aldeas, de diversa composición e concibidas con diferentes modelos socioeconómicos.

Esta organización espacial no marco do encadramento territorial responde tanto á existencia dunha singular relación organizativa como a un asentamento territorial específico, que está condicionado pola histórica vida asociativa, comunitaria e asistencial, isto é, consecuencia da moi propia e singular dimensión social e mercantil. Estas notas permiten afirmar que son froito das relacións socioeconómicas estreitas co contorno máis próximo que incita a unha centralización dos fluxos comerciais e das relacións sociais; á vez que tamén permite ir institucionalizando unha xerarquía e unha diferenciación dos centros e asentamentos. É doado deducir, por tanto, que esta concepción se foi diluíndo no tempo, coa lóxica diferenciación entre áreas, actitude que promove e permite consolidar ao longo da historia os contrastes existentes.

A maior mobilidade da poboación acrecenta os devanditos contrastes ao estimular os desprazamentos e conformar novos espazos. Neste sentido, tanto a modernización como as dinámicas urbanizadoras constitúen os motores dos cambios e da modificación dos sentidos das traxectorias e as dinámicas. Ao amparo destas dúas conclusións emerxe a conformación das áreas de influencia que, por un lado, reforzan o papel das cidades (xa sexan grandes, medianas ou pequenas) como centros organizadores dos novos espazos económicos; e ao mesmo tempo, subliñan a capacidade de atracción en relación coa captación e accesibilidade. Esta nova dinámica acelera a presión dos novos espazos económicos.

Unha visualización destas revela a existencia de varios espazos funcionais urbanos, dos que os cinco se sitúan en áreas occidentais e só dous en provincias orientais. Aínda que non sexa doado determinar a totalidade dos municipios pertencentes a cada un, si é preciso destacar a existencia de «*procesos de captura*», que se incrementan a medida que melloran as comunicacións; a accesibilidade; e as dinámicas de solapamentos, isto é a interferencia entre áreas dada a complexidade das interrelacións. Por iso, o corolario do noso encadramento territorial é que en Galicia se palpa a estrutura polinuclear, a carencia dunha vertebración ríxida, xunto a existencia dunha rivalidade que limita as capacidades expansivas.

8. A capacidade de seducción territorial

Galicia foi pasando dunha sociedade tradicional en que os recursos naturais constituíron a base do desenvolvemento e onde a propiedade foi comunal/colectiva ou persoal, a unha sociedade máis moderna, en que as novas relacións institucionais se despersonalizaron. Iso supón un cambio no propio sistema e nos propios conceptos de «territorio/organización»; dando lugar á emerxencia dunha nova distinción público/privado no que atinxe aos recursos; e, no que concirne ás formas institucionais, apréciase unha nova estruturación do espazo aínda non concluída.

As consecuencias da heteroxeneidade subliñan o seguinte: a) as diferenzas de produtividade implican inexorablemente disparidades no ingreso das persoas asociadas ás devanditas actividades; b) a maior heteroxeneidade adoita estar asociada a unha distribución non equitativa dos beneficios derivados e inherentes procedentes do cambio tecnolóxico: c) incide negativamente na dinámica da produtividade total, xa que sen a existencia dun sector que poida absorber unha proporción alta de man de obra, o seu mellor rendemento non se reflectiría nun aumento da produtividade total da economía. A devandita heteroxeneidade ou *territorio de contrastes* tamén posúe o seu correlato no tipo de políticas. Percíbese unha disxuntiva entre fomentar os estratos menos produtivos (mediante políticas de integración e sociais, de reconversión etc.), para atenuar as desigualdades ou fomentar os espazos máis avantaxados (por medio de accións para estimular o crecemento). As primeiras requiren moito esforzo e recursos para lograr elevar a masa crítica e poder exercer as súas sinerxías. As segundas avanzan máis na diferenciación aumentando a propia heteroxeneidade. É evidente, por tanto, que calquera aposta posúe repercusión directa sobre as aglomeracións, reproducindo a dependencia e inhibindo certas opcións de desenvolvemento endóxeno

Na actual fase de globalización dous fenómenos son indiscutibles: o nomadismo das empresas e una meirande competencia entre territorios. O seguir esta lógica non facemos maís que insistir na necesidade de amosar as vantaxes xenéricas e específicas dun territorio para seducir, captar e promover tanto a atracción de persoas coma de ideas, capitais y proxectos. Poñer en marcha unha estratexia cara a fabricar un espazo económico competitivo obríganos a asumir unha nova dialéctica: identificar á vez unha capacidade de activación e, sobre todo, unha de seducción.

O efecto territorio busca atopar inversions; xenerar empregos; e responder aos novos servizos que demanda a sociedade. Si non somos capaces de captar inversión extranxeira debese a que non fomos quén de desenvolver unha capacidade de anticipación, de decisión, de producción e de inserción.

Na medida que un territorio é una vantaxe comparativa e relativa fronte o exterior, Galicia non amosa, nos momentos actuales, nin unha capacidade de anticipación as novas fases da globalización asimétrica, nin os dados económicos revelan alzas ostensibles no que atinxe a inversión foránea o a propia afluencia de persoas. E dicer, non se albisca un panorama de atracción ou de seducción territorial. ¿Por qué?. O meu xuicio, en primer termo, porque non temos desenvolvido un modelo que incida na calidade territorial; e, nun segundo lugar, porque non fumos capaces de xustapoñer unha óptima combinación dos recursos xenéricos e os recursos específicos. Atendendo os primeiros, poderiamos desenvolver e incorporar todolos avances posibles e asimilables, pois so se require unha adaptación dos mesmos, na medida que son transables e obxetos de comercialización; en tanto que, polos recursos específicos, que so están disponibles en zonas concretas e que non son transables, serían quenes nos permitirían dotarmos de vantaxes claras e diferenciadas frente os demais, incorporando un valor añadido proprio e unha valorización individual distinta.

Galicia pode e debe fabricar un espazo de calidade territorial, imprescindible para ser competitivo e diferenciado. Mais, para elo, terá que definir un modelo (sustitutivo do actual), a fin de evitaren tanto a fuxida de capitales como o éxodo do talento personal. ¿En qué medida?, procedendo a resetear o pensamiento e as accións políticas. Ata hoxe, predominaron as actividades tradicionais baseadas nuns costes de traballo moi baixos e

na ampla accesibilidade as materias primas e recursos naturais; e, nese contexto, os proprios axentes institucionais e económicos gababanse. Agora, as referencias internacionais fan mención de productos e servizos heteroxéneos e de carácter multiforme que reflicten e conforman novas xerarquías espaciais. Debemos, pois, reaccionar diferenciadamente e subrayar un distinto savoir-faire no proceso de re-construcción.

Bibliografía

Aguirre, R. (2017). Recursos Naturales y Desarrollo: los dilemas de una relación critica. *IUDC-UCM*. Documento de Trabajo. 39.

Bromley, D.W. (1985). Recursos y desarrollo económico: un enfoque institucionalista. *Agricultura y Sociedad*, 35, 49-75

Brunet, R. (1990). Le déchiffrement du monde. En *Mondes Nouveaux, Geographie Universelle* (pp.10-271). México: T.I. Hachette-Reclus.

Coase, R. (1960). The problem of social cost. *Journal of Law and Economics*.Corden, W.M. y Neary, J.P. (1982). Booming Sector and Des-industrialisation in a Small Open Economy. *The Economic Journal*, 92 (368), 825-848.

Dematteis, G. (1998). Sub-urbanización y peri-urbanización. Ciudades anglosajones y ciudades italianas. En F. Monclús (Ed), *La ciudad dispersa* (pp. 17-33). Barcelona: Centro Cultura Contemporánea de Barcelona.

Doldan, X. y Villasante, S. (2015). El metabolismo económico de Galicia 1996/2010. En O. Carpintero (Dir.), *El Metabolismo económico regional español* (pp. 621-690). Madrid: Ed Fuhem.

Georgescu-Rodan, N. (1993). La teoría energética del valor económico: un sofisma económico singular. *El Trimestre Económico*, 198, 829-860.

Harrod, R. (1939). An Essay in Dynamics Theory. *Economic Journal*. 49, 14-33.

Hirschman, A.O. (1958). *The Strategy of Economic Development*. New Hagen: Yale University Press.

KherdjemiL, B. (2008). *Dynamic force of space structuring and different kinds of territorial configurations*. 44ème Colloque ASRDLF. University Quebec à Rimouski.

Kuznets, S (1966). *Modern Economic Growth: rate, structural and spread*. New Haven & London: Yale University Press.

Lewis, A. (1968). *Reflection on unlimited labour*. Discussion Paper nº 5. University of Princeton. Woodrow Wilson Shoool.

Lewis, W. A. (1985). *The Theory of Economic Growth*. Homewood: Richard D. Irvin.

Lucas, R. (1988). On the mechanism of economic development. *Journal of Monetary Economics*. 22. 3-42.

Martin Palmero, F. (2004). *Desarrollo sostenible y huella ecológica*. A Coruña: Ed. Netbiblo.

Mischan, E. (1967). *The cost of economic growth*. London: Staples P.

Nurkse, R. (1953). *Problems of capital formation in Underdeveloped countries*. Oxford University Press.

Pigou, A.C. (1920). *The economics of welfare*. London: Mac Millan.

Prebisch, R. (1962). El desarrollo económico de América latina y algunos de sus principales problemas. *Boletín Económico de América Latina,* 7 (1).

Prebisch. R. (1970). *Transformación y desarrollo: la gran tarea de América Latina*. México: FCE y CEPAL.

Precedo Ledo, A. (1998). *Geografía humana de Galicia*. Barcelona: Ed Oikos-Tau.
Precedo Ledo, A. (1996). Entre lo rural y lo urbano. En VVAA, *Outra visión de Europa: escrita en Galicia*. Fundación Encuentro. 73-101.
Quesnay, F. (1974). Explicación del Tableau Économique. En F. Quesnay, *El Tableau Économique y otros escritos fisiocráticos* (pp. 25-64). Barcelona: Ed. Fontamara.
Randall, A. (1985). *Economía de los recursos naturales y política ambiental*. Limusa.
Ranis, G. (1988). Analytics of development dualism. En H. Chenery y T.N. Srinivasan (Ed.), *Handbookof Development Economics*. Elsevier.
Romer, P. (1986). Increasing Returns and Long-Run Growth. *The Journal of Political Economy*. 94(5), 1002-1037.
Shumpeter, J.A. (1967). *Teoría del desarrollo económico*. México D.F.: Fondo de Cultura Económica.
Sachs, J. y Wagner, A. (1999). The Big Push, Natural Resources Booms and Growth. *Journal of Development Economics*, 59(1), 43-76.
Singer, H. (1950). The distribution of gains between investing and borrowing countries. *American Economic Review*, 40 (1-2).
Solow, R. (1956) A Contribution to the Theory of Economic Growth. *The Quaterly Journal of Economics*., 70(1), 65-94.
Solow, R. (1974). Intergenerational Equity and Exhaustible Resources. *Review of Economcis Studies,* 41, 29-46.
Stiglitz, J. (1974). Growth with Exhaustible Natural Reources: efficient and optimal Growth Paths. *Review of Economic Studies*. 41, 123-137.
Viley, S. y Wicken, O. (2013). The dynamic of resource-based economic development: evidence from Australia and Norway. *Industrial and Corporate Change*, 22(5), 1341-1371.

Las Reservas de Biosfera de la región biogeográfica atlántica ibérica: Resiliencia demográfica y socioeconómica. Una aproximación metodológica[1]

Pedro Reques Velasco
Universidad de Cantabria
requesp@unican.es

1.Introducción

La revitalización, la sostenibilidad futura y la capacidad de resiliencia[2] de un territorio mayoritariamente rural, cual es del de nuestra área de estudio: las Reservas de Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica (RBRBAI), están en la actualidad altamente condicionadas y comprometidas por el **factor geo-demográfico**. Estos espacios se encuentran, en su mayor parte, en situación de envejecimiento, despoblación y declive económico y social como consecuencia de la aplicación en el país de un modelo de desarrollo regido únicamente por criterios económicos de crecimiento, al margen de las consecuencias sociales y ambientales, la más palpable de las cuales es la despoblación de los núcleos rurales. A este problema hay que darle respuesta *invirtiendo* y desarrollando su ***capital social***, lo cual permitirá dar alternativas a algunos retos y desafíos de la sociedad del siglo XXI derivados del individualismo, la atomización y la fragmentación social.

[1] La presente colaboración tiene como origen el informe científico ***La (des)población: ¿Factor de insostenibilidad económica, social y ambiental en las Reservas de la Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica?*** que fue dirigido, coordinado y co-redactado por el autor de este trabajo, miembro del Consejo Científico Español del Programa MaB. El informe científico citado, realizado merced al acuerdo del Consejo Científico del Comité Español del Programa MaB, a solicitud del propio Comité, fue financiado por el Organismo Autónomo Parques Nacionales, entidad pública adscrita al Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, que se encarga de la coordinación en España del desarrollo del Programa MaB de la UNESCO. La realización del informe se enmarca en el ámbito de las funciones que tiene atribuidas el citado Organismo Autónomo por el *Real Decreto 342/2007, de 9 de marzo, por el que se regula el desarrollo de las funciones del programa MaB, así como el Comité Español del citado programa, en el organismo autónomo Parques Nacionales.* El objetivo principal del citado informe era analizar el proceso de despoblación y los cambios paisajísticos y ambientales que de forma directa o indirecta se habían producido en las 19 Reservas de la Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica (RBAI).

[2]El término *resiliencia* surge inicialmente en el campo de la Física (concretamente la Mecánica) en relación con la resistencia de los materiales, así como con la capacidad de recuperación de los mismos al ser sometidos a diferentes presiones y fuerzas. Este concepto se utiliza en diversas ciencias y materias como la Ecología, la Microbiología, la regeneración celular, el procesamiento de materiales, la Economía y el Marketing corporativo, entre otras, o como en este caso en relación a los condicionantes demográficos y socioeconómicos.

2. Fines y objetivos

Las Reservas de Biosfera desarrollan, junto a las funciones de ***conservación*** y la de ***apoyo logístico*** (a la investigación, al monitoreo, a la educación) un tercer cometido que, en nuestra opinión, es más importante: la de ***desarrollo*** socioeconómico en la marco del paradigma de la ***sostenibilidad***. En relación con esta importante misión el factor geo-socio-demográfico es fundamental. Estrechamente ligado a este componente aparece el concepto de ***capital social***. Pues bien, la *sostenibilidad* y el *capital social* aparece inexorablemente condicionados por (y con) el factor geo-demográfico

De otra parte, objetivos como la gestión y la ordenación del territorio de manera participativa (en la que todos los grupos sectoriales: propietarios de terrenos, instituciones públicas, científicos, agricultores, ganaderos, industriales, grupos conservacionistas…, inmersos en estos espacios puedan debatir los conflictos e intereses comunes, coordinar y trabajar unidos para la búsqueda de una gestión integral del territorio) se hacen imposibles de alcanzar con una base demográfica débil. Por todo ello el concepto de ***población,*** en sentido genérico, cobra especial sentido cuando se relaciona con otros como ***capital social*** o, más clásicamente, con ***recursos humanos***, entendidos en términos cuantitativos y cualitativos porque la convierten –a **la población**-en el **factor clave de desarrollo (sostenible) futuro de estos territorios**.

El fin del presente trabajo es conocer y determinar el grado resiliencia demográfica y socioeconómica que en la actualidad presentan las Reservas de la Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica.

Por *resiliencia* entendemos la capacidad de una población de sortear perturbaciones y persistir en el tiempo. Esta capacidad está asociada a características ecológicas de las especies y sus ambientes, en nuestro caso y, forzando el concepto a fin de ajustarlo al objetivo de este trabajo, el entorno económico y la especie la humana. Ligada a esta *resiliencia* a que cabría definir como *demográfica* cabe citar a *resiliencia territorial*[3], como señala

[3]La *resiliencia territorial* podría ser definida (Sánchez et al., 2026,106) como la capacidad de un territorio para reconfigurarse de forma continua, es decir, para adaptar su estructura (económica, social, natural, etc.) y mantener un desarrollo continuado en el tiempo. La resiliencia puede ser medida, según apunta el autor citado, bien como "la capacidad del territorio para soportar presiones externas manteniendo sus atributos estructurales y funcionales" o bien como "la capacidad de este para responder positivamente ante los cambios externos". En estos casos, se puede decir que el territorio está dotado de una *resiliencia estática*. En una segunda concepción, que es la que nos interesa en este trabajo, y a través de un enfoque más dinámico que resulta esencial para la comprensión del concepto de resiliencia, esta puede ser definida como la capacidad permanente de un territorio para idear y desplegar nuevos recursos y capacidades que le permitan adaptarse favorablemente a la dinámica de transformación impulsada por el entorno cambiante. En este caso, puede afirmarse que el territorio desarrolla una *resiliencia dinámica* caracterizada por la capacidad de adaptación y aprendizaje a largo plazo ante los cambios externos y/o internos. El **territorio**, según apunta Sánchez et el (2016,98), concebido como **construcción social** en la que los actores territoriales ocupan el centro del proceso, a partir de sus sistemas de reglas, normas, valores, sistemas simbólicos, "puede ser entendido, desde un punto de vista operacional, como un sistema complejo evolutivo. Para realizar su análisis, habrán de abordarse **tres subsistemas** que se encuentran

Sánchez et al. (2016) se refiere a la capacidad que poseen algunos territorios (ciudades, regiones, áreas rurales, etc.) para prepararse, resistir o adaptarse a las situaciones de *shock*.

3. Una aproximación (incompleta) al estado del arte

La bibliografía sobre tema de la *sostenibilidad* y *resiliencia* demográfica y socioeconómica y sobre el cambio en los espacios rurales es desbordante, por ello una aproximación teórica y de antecedentes bibliográficos, máxime en un trabajo de extensión reducida, como el presente, necesariamente ha de ser incompleta, fragmentaria y parcial.

Sobre el nuevo papel de los *Espacios Rurales* caben señalarse los trabajos de Smailes, Argent, & Griffin, 2002; Ismael & Ngan, 2011; Sánchez-Zamora et al. ,2014, Yansui Liu & Yiheng Li, 2017 o Sørensen, 2018.

Ligadas a los *cambios territoriales con especial referencia a los espacios rurales* caben apuntarse las siguientes referencias: Marsden,1998; Hoggart y Paniagua,2001 así como algunos trabajos propios recientes: García Coll & Reques Velasco, 2016 y Reques Velasco, 2016.

Destacada importancia presenta el tema de la *sostenibilidad*. Crabtre, 1996; Roca, Silva & Caldinhas, 2002; Nazaré, Oliveira Roca & Silva Vasco, 2004; A'Sustainable'Population? KeyPolicy.2011; Bacon, Getz, Kraus, Montenegro&Holland, 2012; Herrmann, 2012; Mohsen, Hamid&Aliaa, 2014; Kaleel & Ngah, 2013; Kawamura, 2019, son algunos significativos exponentes, cronológicamente presentados.

En el ámbito rural, el concepto de *resiliencia* ya ha sido aplicado desde la perspectiva de los sistemas socio ecológicos y el desarrollo sostenible. En relación con la dimensión demográfica y social caben citarse los trabajos de Adger, 2000 o más recientemente Camarero Rioja &d el Pino Artacho, 2014 y Recaño, 2017, entre otros.

En relación a los indicadores de *sostenibilidad* citamos dos trabajos significativos: el del Gobierno Vasco (2019), y del *Observatorio de la resiliencia en España, 2019*. Son solo algunos ejemplos en España.


Finalmente, en relación al tema de las *Reservas de Biosfera* la bibliografía es cada vez más amplia y dispersa. Señalamos a modo de exponentes dos trabajos: Bilbao González&Díez Casero (2010) y Gómez Sal, 2018 y Reques, 2018).

4. Material y métodos

El objetivo del presente trabajo, según señalamos, es conocer y determinar el grado resiliencia demográfica y socioeconómica de las Reservas de la Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica (Figura 1).

estrechamente relacionados entre sí: i) el **espacio topográfico métrico** y **sus recursos territoriales**; ii) los **actores** que hacen el territorio; y iii) los **acuerdos institucionales** que se establecen entre ellos".

Figura 1.- Reservas de la Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica. Fuente: Elaboración propia



Para ello se parte de un variado y completo conjunto de indicadores geo-socio-demográficos, que se han agrupado en cinco subconjuntos temáticos. Tales son:

a) el geo-demográfico (población y territorio) que permiten aproximarnos a tema como la superficie geográfica, el grado de ocupación del territorio u otros como la dispersión de poblamiento;

b) el ligado a la dinámica de la población, con especial referencia a la evolución de la población, los nacimientos, las defunciones, el crecimiento vegetativo o lo saldos migratorios calculados aparte de la llamada "ecuación compensadora";

c) el ligado a la estructura de la población a fin de conocer y determinar el grado de envejecimiento;

d) el ligado a los indicadores demográficos que presentan sentido y significado económico (dependencia económica, reemplazo de la población potencialmente activa, población activa agraria…) y, finalmente,

e) el de los que abordan los puramente socio-económicos (hogares, población flotante, poder adquisitivo, nivel educativo...).

En la Tabla 1 se presentan las variables y los indicadores derivados de ellas considerados.

Tabla 1. Indicadores utilizados para medir el grado de vulnerabilidad demográfica y socioeconómica de las Reservas de Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica. Fuente: INE: Censo de población de 2011, Padrón de habitantes 2018, Movimiento Natural de Población, varios años. FEMP (2016), Encuesta Local de equipamientos e infraestructuras. Elaboración propia.

Ámbito temático	Variable	Indicador	Signo (*)
Población y territorio	Superficie	Km²	(+)
	Población (nº de habitantes)	Número de habitantes, 2018	(+)
	Densidad de población	Habitantes por Km²2018	(+)
	Dispersión de la población.	Núcleos de población por 100km²	(-)
Demografía (dinámica)	Evolución de la población	Nº índice 2018 para 2001=100	(+)
	Natalidad	Tasa Bruta de Natalidad 2014-2018	(+)
	Mortalidad	Tasa Bruta de Mortalidad 2014-2018	(-)
	Crecimiento Natural	Tasa de Crecimiento Natural2014-2018	(+)
	Saldo migratorio	Tasa de saldo migratorio 2014-2018	(+)
Demografía (estructura)	Equilibrio entre sexos	Índice de Masculinidad de los adultos (hombres de 15-64 años respecto a mujeres de esas mismas edades), 2018	(-)
	Envejecimiento (I)	Edad media, 2018	(-)
	Envejecimiento (II)	Índice envejecimiento (mayores de 65 años por cada 100 jóvenes de 0 a 14 años), 2018	(-)
Demografía (estructura con significado económico)	Población "soporte"	Porcentaje de población entre 30 y 49 respecto al total de población, 2028	(+)
	Dependencia de viejos	Índice de Dependencia de Viejos (mayores de 65 años por cada 100 de 15 a 64 años), 2018	(-)
	Reemplazo generacional de la población potencialmente activa	Población entre 40-65 años por cada 100 de 15 a 39 años, 2018	(-)
	Desempleo	Tasa de desempleados respecto a la población potencialmente activa, 2018	(-)
Socio-economía	Tamaño medio de los hogares	Miembros por hogar, 2011	(+)
	Nivel educativo/ capital humano	Porcentaje de Población con estudios post-obligatorios, 2011	(+)
	Peso de la población flotante	Ratio Población flotante/ Población residente, 2016	(+)
	Dinámica de la vivienda	Porcentaje de Vivienda Construidas entre 2011-2019	(+)
	Dependencia del sector primario	Ratio porcentaje población activa agraria, 2011	(-)
	Poder adquisitivo per cápita	Tota Ingresos / población, 2016	(+)

(*) Signo en relación al grado de resiliencia demográfica y socio-económica.

Tabla 3: Indicadores demográficos estandarizados. Fuente: INE: Censo de población de 2011, Padrón de habitantes 2018, Movimiento Natural de Población, varios años. Ministerio de Política Territorial y Función Públicas (2016), Encuesta Local de Equipamientos e Infraestructuras. Elaboración propia.

Reserva de la Biosfera	*Superficie*	*Población*	*Densidad*	*grado de dispersión de la población*	*Crecimiento demográfico*	*Tasa Bruta de Natalidad*	*Tasa Bruta de Mortalidad*	*Crecimiento vegetativo*	*Tasa deSaldo migratorio*	*Renovación población ppte. activa*	*Edad media*	*Tasa de juventud*	*Equilibrio entre sexos*
Área de Allariz	*-0,60*	*-0,34*	*0,2*	*1,7*	*0,9*	*0,4*	*0,1*	*0,3*	*0,7*	*0,8*	*0,4*	*0,8*	*1,0*
Babia	*-0,39*	*-0,48*	*-0,6*	*-0,7*	*-0,8*	*-1,1*	*0,1*	*-0,6*	*0,5*	*0,3*	*-0,5*	*-0,5*	*-0,3*
El Alto Bernesga	*-0,45*	*-0,43*	*-0,4*	*-0,7*	*-0,9*	*-0,5*	*-0,1*	*-0,3*	*-1,5*	*0,3*	*-0,4*	*-0,1*	*0,2*
Las Ubiñas - La Mesa	*-0,31*	*-0,25*	*-0,1*	*-0,3*	*-0,2*	*2,8*	*0,3*	*1,6*	*-0,3*	*0,1*	*0,5*	*0,7*	*0,3*
Ancares Leoneses	*-0,16*	*-0,40*	*-0,5*	*-0,7*	*-0,3*	*-0,5*	*-0,5*	*-0,6*	*0,2*	*0,1*	*-0,3*	*-0,1*	*0,6*
Los Argüellos	*-0,45*	*-0,48*	*-0,6*	*-0,6*	*0,8*	*-1,3*	*0,8*	*-0,1*	*-0,1*	*-0,8*	*-0,3*	*-0,2*	*-1,5*
Mariñas Coruñesas	*0,60*	*2,92*	*2,3*	*2,6*	*2,8*	*1,0*	*1,9*	*1,8*	*2,2*	*1,1*	*1,9*	*1,4*	*0,1*
Muniellos	*-0,16*	*-0,23*	*-0,2*	*-0,5*	*-0,6*	*0,0*	*0,3*	*0,2*	*-0,5*	*0,7*	*0,7*	*0,8*	*0,8*
Os Ancares Lucenses	*-0,20*	*-0,41*	*-0,5*	*0,3*	*-0,9*	*-0,2*	*-1,1*	*-0,9*	*0,1*	*0,1*	*-1,1*	*-1,0*	*0,1*
Picos de Europa	*-0,07*	*-0,25*	*-0,2*	*-0,8*	*0,6*	*0,3*	*0,1*	*0,2*	*0,3*	*0,5*	*0,8*	*0,9*	*0,5*
Ponga	*-0,61*	*-0,49*	*-0,6*	*-0,6*	*-0,1*	*-0,3*	*-0,1*	*-0,2*	*-0,4*	*-2,9*	*-0,8*	*-0,9*	*-1,3*
Redes	*-0,40*	*-0,46*	*-0,5*	*-0,6*	*0,2*	*-0,3*	*-0,2*	*-0,3*	*-0,2*	*-1,1*	*-0,7*	*-0,9*	*-1,3*
Rio Eo, Osco y T. B.	*1,12*	*0,03*	*-0,3*	*0,8*	*-0,1*	*0,1*	*-0,3*	*-0,2*	*0,6*	*0,4*	*0,0*	*0,4*	*0,7*
Somiedo	*-0,51*	*-0,49*	*-0,6*	*-0,4*	*-0,8*	*-0,5*	*-0,1*	*-0,3*	*-2,1*	*-0,7*	*-1,1*	*-1,3*	*-1,7*
Terras do Miño	*3,71*	*2,64*	*0,2*	*1,7*	*0,8*	*0,8*	*0,7*	*0,9*	*0,8*	*1,0*	*1,0*	*1,0*	*1,7*
Trans. Gerês-Xurés	*-0,08*	*-0,37*	*-0,4*	*-0,1*	*-0,9*	*-0,7*	*-1,9*	*-1,6*	*-1,4*	*0,1*	*-1,5*	*-2,1*	*-0,9*
Urdaibai	*-0,59*	*0,31*	*3,1*	*-0,1*	*1,3*	*1,6*	*1,5*	*1,7*	*0,8*	*1,0*	*1,7*	*1,3*	*1,1*
Valle de Laciana	*-0,58*	*-0,34*	*0,1*	*-0,7*	*-1,1*	*-0,7*	*0,8*	*0,2*	*-0,7*	*0,4*	*0,9*	*0,9*	*0,9*
Valles de Omaña	*0,15*	*-0,46*	*-0,6*	*-0,6*	*-0,7*	*-1,0*	*-2,2*	*-2,0*	*1,0*	*-1,5*	*-1,2*	*-1,1*	*-1,0*

Para el análisis de la capacidad de *resiliencia* demográfica y socio-económica y de cada territorio de las Reservas de la Biosfera se cambió el signo a aquellos indicadores que se relacionaban negativamente con estos objetivos, tales fueron los casos de los *núcleos de población por 100 km²* que remite a la dispersión/ultra dispersión de la población en el territorio, la *tasa bruta de mortalidad 2014-2018*, el *índice masculinidad adultos*, la *edad media*, el *índice envejecimiento* o número de personas de 65 y más años por cada 100 de menos de 15

años, el *índice de dependencia de viejos* o número de persona de 65 y más años por cada 100 potencialmente activas, el *índice de estructura* a fin de aproximarnos a la capacidad de reemplazo generacional (personas de más de 40 años por cada 100 de menos de esa edad), la *tasa de desempleados respecto a la población potencialmente activa* y el *porcentaje de población activa en el sector primario,* entendiendo que valores altos en ellas reflejan obstáculos en el camino de la resiliencia demográfica y socioeconómica y viceversa: cuanto más bajas más alto grados de resiliencia demográfica y socioeconómica.


5. Resultados.

Calculados los índices sintéticos de resiliencia demográfica y de resiliencia socio-económica, se obtienen los siguientes datos y posiciones relativas de cada una de las reservas en el contexto de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica (Tabla 6), que son plasmados gráficamente (Figura 2).

Tabla. 6. Índice sintético de resiliencia demográfica y socioeconómica de las Reservas de Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica. Fuente: INE: Censo de población de 2011, Padrón de habitantes 2018, Movimiento Natural de Población, varios años. Federación Española de Municipios y Provincias (2016), Encuesta Local de equipamientos e infraestructuras. Elaboración propia.

Reserva de la Biosfera	Índice estandarizado de resiliencia:		
	Demográfica	*Socioeconómica*	Población
Alto Bernesga	-0,40	0,01	4.337
Área de Allariz	0,66	0,21	9.457
Babia	-0,37	-0,37	1.457
Las Ubiñas - La Mesa	0,50	0,07	14.168
Los Ancares Leoneses	-0,23	-0,23	5.869
Los Argüellos	-0,34	0,32	1.186
Mariñas Coruñesas e T.M.	1,74	1,05	192.532
Muniellos	0,15	-0,02	15.287
Os Ancares Lucenses	-0,45	-0,62	5.419
Picos de Europa	0,29	0,38	14.107
Ponga	-0,73	-0,66	623
Redes	-0,54	-0,19	2408
Rio Eo, Osco y Terras de Burón	0,20	-0,08	30.106
Somiedo	-0,87	-0,16	1.142
Terras do Miño	0,97	0,50	176.825
Transfronteriza de Gerês-Xurés	-1,04	-0,90	7.754
Urdaibai	1,36	0,94	45.869
Valle de Laciana	0,09	0,18	9.150
Valles de Omaña y Luna	-0,98	-0,43	2.750

Figura 2. Gráfico bi-variado los índices sintéticos de resiliencia demográfica y resiliencia económica de las Reservas de Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica. Fuente: Elaboración propia.



El cálculo se ha hecho ponderando los distintos indicadores de igual forma, esto es, dándoles el mismo peso para la determinación del **índice sintético final**, obteniéndose la tabla de síntesis anteriormente citada (tabla 6) que permite jerarquizar las Reservas de Biosfera de la RBAI de mayor a menor grado o nivel de resiliencia, a partir de los valores medios del conjunto de Reservas de Biosfera.

6. Conclusión

González, J. M., Miralles, J. e Vidaña, L. (2009). De l´emigració a la inmigració: els moviments migratoris contemporànis a les Illes Balears. En J. Miralles, J.M. González, L. Vidaña e G. Ferragut (Eds.) *Tercer boom i migracions contemporànies a les Illes Balears de 1996 a 2008* (pp. 15-52). Palma: Ediciones de la Fundació Cátedra Iberoamericana, Universitat de les Illes Balears.

González, J. M. e Somoza, J. (2004). Territoire et inmigration en Espagne. Une étude de cas en Palma de Mallorca et León. *Cybergeo, Reveu Européene de Géographie*, 274. doi: 10.4000/cybergeo.2440

Li, W., Dymski, G., Zhou, Y., Chee, M. e Aldana, C. (2002). Chinese-american Banking and Community Development in Los Angeles County. *Annals of the Association of American Geographers*, 92(4), 777-796. doi: 10.1111/1467-8306.00316

Pacione, M. (1996). Ethnic segregation in the European city. The case of Vienna. *Geography: Journal of the Geographical Association*, 81(2), 120-132.

Rullan, O. (1999). Crecimiento y política territorial en las Islas Baleares. *Estudios Geográficos*, 236, 403-442. doi: https://doi.org/10.3989/egeogr.1999.i236.570

Salvà-Tomàs, P. (2002). Foreign Immigration and Tourism Development in Spain's Balearic Islands. En M. Hall e A. Williams (Eds.) *Tourism and Migration: New Relationships between Production and Consumption* (pp. 119-134). Alphen aan den Rijn (Holanda): Kluwer

Sassen, S. (1986). New York City: Economic Restructuring and Inmigration. *Development and Change*, 17, 85-119. doi: https://doi.org/10.1111/j.1467-7660.1986.tb00232.x

Desigualdades territoriais nos anos de recuperación: gañadores e perdedores entre 2014 e 2019

Alejandro López González
Universidad de León
alejandro.lopez@unileon.es

1. Introducción

O periodo de tempo comprendido entre 2014 e 2019 está mediatizado pola crise económica e social iniciada en 2008, a gravidade dese shock deu paso a unha recuperación moi lenta e insuficiente (Guisan, 2017), non retomando o estado previo a mesma ata o ano 2017 (González Laxe, Armesto e Sánchez 2018). Desafortunadamente, esta etapa de relativa bonanza detivose en 2020, ás restriccións impostas pola propagación da Covid-19 significou o arranque dunha nova crise dunha profundidade aínda descoñecida (González Laxe e outros, 2020). A recuperación económica experimentada por Galicia neste periodo non é pode abordar sen ter presente o seu contexto territorial, social e demográfico; dimensións traducidas en marcadas desigualdades en canto ampliamos a nosa escala ata o nivel local. Territorialmente os desequilibrios son patentes debido á concentración da poboación no Eixo Atlántico e, secundariamente, nas capitais provinciais e cabeceiras comarcais situadas fora de aquel (Lois e Aldrey, 2010; López González e Piñeira, 2014; Oliva e Aldrey, 2018; Barreiro, López e Lois, 2019), proliferando no interior galegos territorios castigados polo despoboamento (Pazo e Moragón, 2018; Saco, 2010) e o avellentamento (Aldrey e del Río, 2014).

Este traballo basease na análise clúster, recurso xa empregado anteriormente coa mesma finalidade, aínda que empregando variantes metodolóxicas e indicadores diferentes. Rúa, Redondo e del Campo plantexan unha secuencia elaborada en base a unha batería de indicadores demográficos, fiscais, laboráis e relativo á capacidade de consumo; aplicando técnicas de análise factorial y discriminante, propiciado para resolver problemas relativos ó emprego dun número elevado de variables, distinguen sete conglomerados en base a un método de partición non xerárquico que agrupa a concellos similares entre si (homoxeneidade de grupo) pero moi diferentes dos concellos integrados en grupos diferentes (heteroxeneidade intergrupo). Pena e Sánchez (2008) parten da identificación dos componentes principales para, desde unha base de datos municipal formada por 120 indicadores, foi simplicada ate un total de 41 variables empregando o análise de componentes principais, e reconducidas o estudo de oito factores explicativos do dinamismo económico: centralidade e desenvolvemento, dinamismo demográfico, dinamismo do mercado de traballo, transformacións na estructura productiva, densidade industrial e económica, dimensión demográfica, capacidade de atracción de poboación e actividade turística. El procedimiento de formación de clústeres aplicando o criterio de distancia de Minkowski entre casos, distinguindo catro clústeres: urbanos terciarizados, urbanos medios, rururbanos intermedios, e rurales de vaciamento. Unha última aportación e a presentada por Vázquez, Sineiro e Lorenzana (2008). Estes autores identifican 16 variables agrupadas en sete temas (evolución demográfica recente, ocupación, renda, usos do solo, construcción de vivendas e estructura das explotacións agrarias), aplicando un procedimento de análise clúster de tipo xerárquico segundo o método de Ward; o resultado final e a agrupación dos concellos galegos en catro grupos:

rural diversificado, rural agrario con productividade alta, rural agrario con productividade media e rural agrario con productividade baixa. Como se pode inferir das denominacións dos grupos, esta proposta no inclúe a totalidade dos concellos galegos, excluindo as sete cidades e municipios colindantes, os de carácter litoral e algunhas cabeceiras do interior.

Como os autores antes mencionados o obxectivo desta aportación será propoñer unha clasificación dos concellos galegos, aínda que non se presenta unha agrupación de síntese, senón que se procura debuxar catro tipoloxías diferentes: territorial, renda, dinamismo demográfico e dinamismo laboral, e logo tentar topar coincidencias entre os distintos clústeres construidos en cada un dos catro.

A estructura deste traballo está formado por cinco apartados: o primeiro identifica as variables utilizadas como base da clusterización, a segunda explica ó método escollido para a análise clúster, o terceiro presenta as catro alternativas de agrupación propostas, o cuarto discute as posibles interaccións entre éstas en base a combinación entre os cluster marco (agrupacións territoriais e renda) e os cluster dinámicos (agrupacións relativos á dinámica demográfica e laboral). O quinto queda reservado ó resumo das principais conclusións deste traballo.

2. Datos

Para este traballo utilizaronse dados de distintas fontes (Táboa 1), contendo información sociodemográfica e territorial. As orixes destas variables se topan no Instituto Galego de Estatística (IGE), Instituto Nacional de Estadística (INE), Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE) e Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS). A estructura da base de dados corresponde a unha sección cruzada composta pola totalidade dos concellos galegos, recollendo a meirande parte datos diferenciais, expresados en ratios, cocientes entre valores do ano final e inicial, evitando deste xeito valores negativos (unha dinámica de crecemento implica valores superiores a 1, e a de decremento comprendidos entre 0 e 1). Tamén utilizouse indicadores referidos a un único ano, así ocurre coa renda (usouse o último dado dispoñible, 2017), a taxa ede concentración da poboación no núcleo principal e a densidade de poboación, nos dous últimos casos a correspondente a 2019.

Táboa 1. Variables empregadas na análise clúster. Fonte: Elaboración propia.

Variable	Definición	Fonte
renda	Renda dispoñible bruta per cápita, 2017	*Conta de distribución da renda dos fogares*, IGE
rdem	Ratio entre a poboación de 2014 e 2020	Elaboración propia e *Explotación estadística del padrón continuo*, INE
rtvell	Ratio entre a taxa de avellantamento de 2014 e 2020	Elaboración propia e *Explotación estadística del padrón continuo*, INE
rtex	Ratio entre a taxa de estranxería de 2014 e 2020	Elaboración propia e *Explotación estadística del padrón continuo*, INE
rtdesemp	Ratio entre as taxas de desmprego de 2014 e 2019	Elaboración propia e *Paro registrado y contratos por* municipios, SEPE
rtcind	Ratio entre as taxas de contratación indefinida de 2014 e 2019	Elaboración propia e *Paro registrado y contratos por* municipios, SEPE
recont	Ratio entre a eficiencia da contratación de 2014 e 2019	Elaboración propia e *Paro registrado y contratos por* municipios, SEPE
rtafil	Ratio entre as taxas de afiliación de 2014 e 2019	Elaboración propia e *Datos de trabajadores en alta por municipios,* INSS
rpaut	Ratio entre as porcentaxes de autónomos de 2014 e 2019	Elaboración propia e *Datos de trabajadores en alta por municipios,* INSS
rpee	Ratio entre as porcentaxes agregadas de traballadores no agro, mar e o fogar	Elaboración propia e *Datos de trabajadores en alta por municipios,* INSS
dens	Densidade de poboación, 2020	Elaboración propia
tcont	Taxa de concentración de la población en núcleo principal, 2020	Elaboración propia a partir del Nomenclator, INE

A utilización de indicadores derivados de variables primarias aconsella a explicación dos mesmos. Exclúense desta lista *rtvell* e *rtex* porque son cocientes entre taxas estimadas a partir de valores ben coñecidas: as proporcións respectivas de maiores de 64 anos e estranxeiros sobre a poboación total. Obviamente, valores superiores a un implica no primeiro caso incremento da importancia relativa dos vellos e dos nacionais doutros países, o inverso acontece con cifras entre cero e un.

A variable *rtdesemp* é un conciente entre taxas (ecuación 1), na que no numerador e no denominador se representan, respectivamente, as taxas de desemprego para 2019 e 2014. Ó non posuir información sobre a poboación activa a escala municipal, empregouse para estimar as taxas de desemprego os parados registrados (*u*), calculada a súa vez como promedios anuais de observacións mensuais, e a poboación con idades comprendidas entre 16 e 64 anos ($p^{16\text{-}64}$). O infraindice *i* refírese a que as observacións corresponden a candaseu dos 313 concellos galegos. Neste caso a presencia de valores comprendidos entre cero e un, o que significa descenso do desemprego, e un elemento positivo fronte as connotacións negativas nos valores superiores a un.

$$rtdesemp_i = \frac{\left(u_i/p_i^{16-64}\right)_{2019}}{\left(u_i/p_i^{16-64}\right)_{2014}} \qquad \text{(ecuación 1)}$$

Unha segunda variable, *rtcind*, evalúa a estabilidade no emprego creado (ecuación 2). Do mismo xeito que en todas os indicadores tipo ratio empregamos no numerador unha taxa para 2019 e no denominador outra para 2014. En términos formais *ci* e a suma dos contratos de carácter indefinido e das conversións de contratos temporais en indefinidos, e *c* son os contratos totais suscritos. A interpretación dos resultados de este indicador e a

convencional, entre 0 e 1 implica un descenso na contratación indefinida entre os anos extremos deste período, mentres que superiores a 1 significan un incremento na mesma.

$$rtcind_i = \frac{(ci_i/c_i)_{2019}}{(ci_i/c_i)_{2014}} \qquad \text{(ecuación 2)}$$

A terceira variable que require alguna explicación adicional é *recont*, ou ratio na eficiencia na contratación (ecuación 3). Desde o punto de vista desta aportación, a eficiencia se mide como número de contratos por desempregado, este indicador é tamén unha medida da probabilidade de que un desempregado atope, en promedio, un emprego ó longo dun ano, independientemente de que se trate dun contrato indefinido ou de carácter termporal. Por tanto, a taxa resultante mide gañancias, ou perdas, en eficiencia na creación de emprego no ano final respecto o ano inicial.

$$recont_i = \frac{(c_i/u_i)_{2019}}{(c_i/u_i)_{2014}} \qquad \text{(ecuación 3)}$$

A variación dos niveis de ocupación económicos veñen estimados pola ratio na taxa de afiliación á seguridade social (ecuación 4). Formalmente é un conciente no que o numerador e denominador veñen dados polas respectivas porcentaxes que representan os traballadores dados de alta na seguridad social e a poboación, *a,* en idade de traballar; un valor igual o superior a 1 implica una expansión da man de obra ocupada, o contrario acontece se o resultado está no intervalo 0 a 1.

$$rtafil_i = \frac{\left(a_i/p_i^{16-64}\right)_{2019}}{\left(a_i/p_i^{16-64}\right)_{2014}} \qquad \text{(ecuación 4)}$$

Un quinto indicador, *rpaut*, recolle a variación da taxa dos traballadores autónomos (ecuación 5). Este é un colectivo formado, principalmente, por microempresarios con negocios estrictamente familiares (pequenos comerciantes, propietarios de locales hosteleiros, taxistas, transportistas e un longo etcétera) pero tamén un colectivo non despreciable coñecido como falsos autónomos, individuos que cotizan como autónomos cando son realmente traballadores por conta allea, fraude frecuente favorecido por un contexto laboral no que a lexislación laboral debilitou o papel dos sindicatos (Sanz de Miguel, 2019) . Considero que a creciente presencia deste colectivo, nun contexto de dificultades económicas, non implica necesariamente unha mellora económica xeral senón, con bastante probabilidade, todo ó contrario o revelar fenómenos de fraxilidad económica; a inversa, o decremento desta ratio pode apuntar a unha mellora nas condicións laboráis xerais (ó traballar con cuotas só reflexamos o efecto da traslación dun réxime a outro da seguridade social). A notación é simple, *rea* e o número de persoas afiliadas á seguridade social no rexime especial de autónomos, *a* é o total de altas no sistema de prestación sociais.

$$rpaut_i = \frac{(rea_i/a_i)_{2019}}{(rea_i/a_i)_{2014}} \qquad \text{(ecuación 5)}$$

Por último, tamén require algún comentario a variable *rpee*. Entre os réximenes especiais da seguridade social destacan o dos traballadores do sector agrario, os do mar e os do fogar; os dous primeiros posúen una presencia destacada, os afiliados ó réxime agrario nos concellos de talla pequeña e intermedia do interior; os incluidos no réxime dos traballadores do mar, ó longo da orla costeira, a excepción das cidades e das súas orlas metropolitanas. Finalmente, os traballadores do fogar, sen ser un tramo importante cuantitativamente, únese os dous grupos anteriores formando un conglomerado onde as retribucións son fráxiles, tanto por volumen unitario como pola súa regularidade ó longo do tempo. Por tanto, deducese que aqueles concellos onde ganan presencia (valores superiores a un) pode considerarse como indicador dun empeoramento do seu mercado laboral, e o contrario acontece con valores entre 0 e 1. Na ecuación 6 expresamos este indicador alxebraicamente, denotando como *reg* ós traballadores baixo réxime especial agrario, *rem* ós individuos afiliados ó réxime especial do mar e *ref* os que están baixo o réxime especial do fogar.

$$rpee_{\text{i}} = \frac{[(reg_i + rem_i + ref_i)/a_i]_{2019}}{[(reg_i + rem_i + ref_i)/a_i]_{2014}} \qquad \text{(ecuación 6)}$$

Os restantes indicadores relativos a ratios explícanse por si mesmos, o ser cocientes entre variables absolutas. Na Táboa 2 incluimos os estatísticos descriptivos para as variables empregadas neste traballo, os promedios e desviacións típicas son relativas os resultados para os 313 concellos, polo que non se poden interpretar como valores relativos ó conxunto de Galicia senón ó *pool* formado por as diferentes unidades municipais.

Táboa 2. Estatísticos descriptivos. Fonte: Elaboración propia.

	Observaciones	Media	Desviación típica	Mínimo	Máximo
renda	313	12.188,20	1.770,71	7.251,66	22.037,43
rdem	313	0,93	0,06	0,75	1,09
rvell	313	1,10	0,17	0,73	1,75
rtex	313	1,37	0,86	0,38	11,22
rtdesemp	313	0,68	0,09	0,47	1,12
rtcind	312	1,28	0,90	0	10,01
recont	313	0,48	0,23	0,13	2,69
rtafil	313	1,16	0,13	0,47	1,75
rpaut	313	0,89	0,13	0,60	2,40
rpee	312	1,06	0,69	0,45	11,58
dens	313	143,69	433,74	2,62	6.545,18
tcon	313	29,80	22,66	3,68	100,00

Deixando de lado a renda e a densidade, que son valores invariantes no tempo (so se utiliza a información correspondente a un ano), comprobase a diverxencia entre a traxectoria demográfica e a do mercado de traballo. A poboación, en promedio, retrocede, tanto en térmos globais como, sobre todo, no tocante a poboación con edades potencialmente activas. Estos resultados están en liña con outros estudios sobre a poboación galega (Aldrey e del Río, 2014).

Pola contra, os indicadores do mercado de traballo ofrecen síntomas inequívocos de recuperación tralo shock de 2009-2010: a taxa de desmprego retrocede, a taxa de

contratación indefinida e maior que fai seis anos, tamén creceu a taxa de afiliación; a caída da proporción doa traballadores autónomos non é necesariamente desfavorable, pois frecuentemente encubre precariedade laboral. De todos xeitos, a severidade da crise matiza moitas destas cifras, xa que se partiu de valores moi altos en termos de desempego e baixos no relativo a taxa de afiliación.

3. M*etodoloxia*

O procedimento para a clasificación dos concellos galegos é un método de elaboración de clústeres xeráquirco, construindose secuencialmente os grupos a partir da distancia entre medición estatísticas. En función desa distancia e, por agregación, construiuse varías propostas que engloban a concellos similares entre sí. Este método aplícase en catro planos: a renda, a dinámica demográfica, a características do mercado laboral, e a magnitudes que reflexan o grao de ocupación e concentración dos individuos no territorio. Deles o primeiro e o último son de carácter estático, con indicadores que operan como fotos fixas a partir dos derradeiros datos dispoñibles; a segunda e a terceira agrupación son de carácter dinámico, pois utilízase a comparación entre datos dos momentos inicial e final do periodo considerado.

O primeiro agrupamento, relativo ós ingresos per cápita de cada concello, supón a identificación duha escala no que se distinguen entre os municipios máis pobres e os máis ricos, polo que pode ser considerado un criterio social. No segundo conglomerado participa na súa conformación a variación da talla demográfica e os cambios na proporción de vellos e estranxeiros. O terceiro fai referencia ós cambios no mercado de traballo, polo que a distancia entre concellos establécese entre as medias de seis variables (cambios na taxa de desemprego, na porcentaxe de contratos indefinidos, variación na eficiencia na contratación, na taxa de afiliación, na porcentaxe de autónomos e de afiliados ós réximenes agrario, do mar e do fogar). Finalmente, un cuarto clúster fórmase utilizando indicadores territoriais (densidade de poboación e taxa de concentración da poboación na entidade de poboación principal).

No proceso de aglomeración propiamente dito non se utilizaron variables cos seus valores orixinais, senón que se procedeu a normalizalas de tal xeito que o valor mínimo sexa cero e o máximo un. Con este obxectivo aplicouse a seguinte fórmula:

$$x_{norm} = \frac{x - x_{min}}{x_{max} - x_{min}} \qquad \text{(ecuación 7)}$$


Onde x e unha observación cualesquiera, x_{min} e o valor mínimo da distribución correspondente a esa variable e x_{max} o máximo desa distribución; deste xeito os resultados posibles quedan comprendidos nun intervalo de valores continuos delimitados por cero e un.

O procedemento de clusterización xerárquica e un proceso de agregación recursiva: iniciase o proceso con N grupos, cada un cun único elemento; no paso seguinte formase N-1 grupos formado por dous elementos, logo N-2 grupos con tres casos, e así sucesivamente ata que o proceso remata integrando todas as observacións en un único grupo N-(N-1). Nesta etapa o que realmente se fai é construir unha xerarquía entre os elementos a clasificar; o paso seguinte é formar grupos comparando os pares de observacións mediante unha medida de disimilitude que determina o grao de

próximidade entre cada par de observacións ou, o que é máis frecuente, grupos de observacións (neste traballo emprégase a distancia euclídea elevada ó cuadrado). Existen varios procedementos para levar a cabo o proceso antes descrito (vid. Olson, 1995), neste caso empregamos a dismilitude promedio entre grupos para os clústeres territorial, renda e demográfico; pola contra, dado os resultados insatisfactorios deste indicador, para o clúster en base o mercado laboral empleouse o denominado complete linkage, que utiliza como medida de disimilitude as observacións máis lonxanas entre dous grupos.

Un paso importante é decidir en cantos grupos se resolverá o proceso de clusterización. Este é unha decisión non exenta de subxectividade desde o momento en que se decidiu non ir máis aló dun escenario formado por dez grupos. Para minorar, na medida do posible, o componente subxectivo replicouse os dendrogramas correspondentes (Figura 1), gráfico no que se amosa a distancia entre casos (neste caso os concellos, aínda que polas limitacións importas pola lexibilidade do gráfico, restrinxiuse a 50 casos na vez dos 313 municipios galego). Además dos dendrogramas, ferramenta estrictamente visual, estimouse os estadísticos Calinsky-Harabasz e Duda-Hart (Táboa 3).

Figura 1. Dendrogramas para as agrupacions deseñadas para os concellos galegos.
Fuente: Elaboración propia.



Táboa 3. Estadísticos Calinsky-Harabasz (CH) y Duda-Hart (DH). Fuente: Elaboración propia.

Grupos	Territorial		Renda		Demográfico		Laboral	
	CH	DH	CH	DH	CH	DH	CH	DH
2	23,52	837,81	34,36	141,99	13,40	50,03	44,51	27,17
3	462,31	5,00	95,96	301,94	32,77	3,82	35,38	3,58
4	321,04	168,44	229,31	29,44	23,33	523,75	32,95	6,50
5	446,50	9,71	177,19	472,91	177,36	90,25	31,90	82,42
6	364,56	87,29	434,10	88,14	196,56	42,42	**47,90**	**7,15**
7	371,74	363,45	433,22	466,19	**190,72**	**3,78**	42,48	27,59
8	**681,29**	**12,87**	750,34	239,12	165,62	6,92	43,27	26,03
9	618,07	87,39	**975,84**	**22,05**	147,94	217,29	43,89	20,59
10	676,61	43,89	894,61	46,86	212,90	7,42	43,33	21,96


Polo xeral téndese a escoller as particións nas que sexan máis patentes as diferencias entre grupos, este criterio en térmos de gráficos visualízase na proxección vertical das ramas que unen as agrupacións parciais formadas de xeito recurrente. Atendendo os estatísticos a decisión tómase a partir dos valores empíricos para números posibles de particións, no caso de Calinsky-Harabasz prefírese os valores maiores, para Duda-Hart os máis cativos; en consecuencia, tense en conta un equilibrio no que prima a coincidencia entre valores altos para o primeiro e baixos para os segundos. Na decisión final non só influiu o visionado do dendrograma nen os resultados dos estadísticos, senón tamén o desexo de evitar que un exceso de grupos revertise na existencia de unidades grupais formadas por un único concello por mor do seu carácter atípico. O resultado final foi, para o clúster territorial, unha partición en oito grupos; na demográfica, sete; na laboral seis; e no clúster en base a renda dispoñible, nove grupos.

4. Resultados

4.1. Clasificacións estáticas ou marco

O paso inicial foi clasificar os municipios desde un punto de vista estatico. Nestes punto o que se fai é, simplesmente, construir grupos tendo presente, dunha banda, a intensidade na ocupación do territorio -medida pola densidade de poboación- e o grao de concentración dos efectivos demográficos; de da outra, o nivel de vida promedio de cada concello -medido pola renda disponible per cápita.

Figura 2. Agrupacións segundo o criterio territorial.
Fonte: Elaboración propia sobre base cartográfica do Instituto Geográfico Nacional.




Táboa 4. Estatísticas básicas, clúster territorial. Fonte: Elaboración propia.

Grupo	Concellos	Densidade	Taxa de concentración
1	166	57,01	13,23
2	55	126,79	29,12
3	56	150,81	49,09
4	17	203,28	66,73
5	15	326,75	86,42
6	2	1.235,15	96,81
7	1	2.720,45	68,11
8	1	6.545,18	86,73

No tocante a agrupación territorial, baseouse en dúas variables: a densidade de poboación e a taxa de concentración. Os grupos ordearonse, por razóns estrictamente expositivas, segundo a densidade de poboación seguindo unha orde crecente. O grupo un caracterizase por un nivel baixo de concentración demográfica, abranguindo máis da metade dos concellos gallegos (un total de 166) que aparecen esparcidos por toda a xeografía rexional. Un segundo escalón o forma os grupos dous e tres, 111 municipios reparidos por igual entre territorios con niveles baixos e moderados no tocante o grao de concentración, en promedio teñen densidades na banda dos cen a douscentos habitantes

por kilómetro cuadrado. Máis escasos son os grupos catro e cinco, tamén repartidos entre territorios con distintos niveis de concentración, aínda que con valores superiores ós grupos antes mencionados (no grupo cinco é onde aparece boa parte das ciudades galegas: Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra). Os tres grupos restantes inclúen atípicos, con densidades promedio superiores ó millar de habitantes: o grupo seis só ten como representantes a Burela e Ourense, o sete só a Vigo e o oito únicamente a A Coruña.

Figura 3. Agrupacións segundo renda disponible.
Fonte: Elaboración propia sobre base cartográfica do Instituto Geográfico Nacional.



Táboa 5. Estatísticas básicas, clúster renda. Fuente: Elaboración propia.


Grupo	Concellos	Renda
1	6	8.139,05
2	47	9.987,80
3	66	11.180,20
4	105	12.283,66
5	42	13.305,90
6	30	14.292,15
7	14	15.959,66
8	2	17.942,52
9	1	22.037,43

Desde o punto da renda o grupo máis numeroso é o catro, onde están os concellos cunha renda semellante ó promedio galego, son 105 concellos cunha renda dispoñible por habitante promedio de 12.284 euros, aproximadamente 180 euros por riba dos valores rexionais. Son máis numerosos os territorios pobres que os ricos, no primeiro caso temos os cluster un a tres, sumando 119 concellos, entre os que destacan os seis máis pobres, con una renda promedio só dous tercios do valor do cluster catro; son concellos situados no interior, nomeadamente na provincia de Ourense: Beariz, Dozón, Oímbra, Negueira de Muñiz, Parada de Sil e Pontedeva. Os concellos máis ricos suman 103, destacando polo seu nivel de riqueza os cluster sete a nove: na clase media alta deste ranking, o cluster sete, encontramos maiormente ciudades (Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), concellos litorais ou da periferia das áreas urbanas (Ames, Baiona, Bergondo, Cervo, Culleredo, Miño, Nigran, Sada, Teo) e algún exemplo de territorio ata ben pouco vencellado a industria enerxética (As Pontes de García Rodríguez). Os concellos ricos o forman os principais centros político-administrativos (A Coruña, Santiago de Compostela), e o caso moi particular de Oleiros conforma por sí só un caso aparte, pois con 22.000 euros per cápita permanece extraordinariamente lonxe dos demáis territorios.

4.2. Clasificacións dinámicas

A diferencia das dúas clasificacións precedentes, na que se empregaban datos dun único momento temporal (o derradeiro do que se dispñía de dados), as dúas seguintes baseanse en indicadores que manifestan o cambio experimentado por unha serie de indicadores entre o inicio e o final do periodo considerado.

Figura 4. Agrupacións segundo o criterio demográfico.
Fonte: Elaboración propia sobre base cartográfica do Instituto Geográfico Nacional.



Táboa 6. Estatísticas básicas, cluster demográfico. Fonte: Elaboración propia.

Grupo	Concellos	Crecemento demográfico	Variación da taxa de avellentamento	Variación dos estranxeiros
1	6	-21,10	1,62	1,22
2	10	-12,52	1,27	3,80
3	130	-11,46	1,22	1,24
4	1	-6,44	1,02	11,22
5	151	-2,97	0,99	1,26
6	1	-1,33	1,03	5,92
7	14	6,27	0,82	1,17

A primeira clasificación é a demográfica que, lembremos, está composta polo crecemento da poboación, o cambio na taxa de avellentamento e na mudanza da proporción de estranxeiros (Figura 4, Táboa 6). Optouse por unha clasificación en sete grupos, o indicador patrón para ordenar os grupos é o seu promedio de crecemento demográfico, non existindo unha separación neta entre observacións segundo esta

variable, polo que empregamos esta ordenación desde un punto de vista estrictamente expositivo.

Como é habitual existen grupos excéntricos, caracterizados por incluir moi poucos elementos pero que presentan particularidades que os aillan, frente a uns poucos grupos que inclúen a maioria dos casos. Entre os últimos están os clúster 3 e o clúster 5, entre os dous engloban nove de cada dez concellos: o primerio dos grupos mencionados suma 130 municipios, todas eles con taxas de crecemento demográfica moi negativas (-11,47 % de promedio, e no mellor dos casos perde poboación nun 5,47 % e no peor un 18,10 %). A meirande parte dos concellos do grupo tres están situados nas provincias orientáis e, nas litorais, inclue a municipios situados na franxa oriental e o noroeste da provincia de A Coruña, no caso de Pontevedra na franxa do interior comprendida entre a fronteira portuguesa á altura de Crecente e Forcarei e os concellos septentrionais da comarca do Deza. Neste grupo o promedio na evolución da taxa de avenllentamento mostra un evidente crecemento que podemos cifrar nun 22 %, e a proporción de estranxeiros tamén crece, crecendo en promedio un 24 % ó longo do periodo o que, en térmos absolutos, non é tan espectacular dado o devalo poboacional destes territorios.

O outro gran grupo, o clúster cinco, máis numeroso aínda, rexistra en promedio unha taxa de crecemento demográfica levemente negativa. Neste grupo predominan os concellos con perdas demográficas, non obstante ata un total de trinta experimentan variacións positvas. Suman 151 concellos que se extenden polo oeste da provincia de Pontevedra, o sur da de A Coruña e unha franxa central que se extende desde o río Tambre ata cabo Ortegal; na del Lugo inclue prácticamente toda A Mariña, os centro da provincia e as principaís cabeceiras comarcais; e na de Ourense, a capital provincial e as súas inmediacións, Valdeorras e, igual que no caso lucense, as cabeceiras comarcais. Neste amplo grupo a taxa de avellentamento, en promedio, permanece estable e a proporción de estranxeiros crece en valores semellantes ó cluster, ainda que en térmos absolutos a variación deste colectivo é superior, debido a que o retroceso demográfico é sustancialmente menor. É significativo que neste clúster estén as sete cidades galegas e as súas periferias inmediatas.

O resto dos grupos definidos amosan comportamentos excéntricos:

O grupo un engloba os grandes perdedores neste periodo, son seis concellos ourensáns (A Bola, Calvos de Randín, Larouco, Pontedeva, San Xoan de Río, A Teixeira) de talla demográfica moi pequena para os parámetros galegos, e situados en áreas xeográficas certamente marxinais. O seu crecemento demográfico promedio amosa unha degradación acelerada (-21,10 %), cunha progresión na taxa de avellentamento extraordinariamente rápida (a variación desta taxa é, na media, dun 62 %) e unha variación na proporción de estranxeiros normal (creceu un 22 %), o que en termos absolutos pode ser incluso insignificante.

O grupo dous reune tamén a territorios cun desempeño demográfico tamén preocupante, o crecemento demográfico promedio é algo inferior ó do grupo tres (-12,52 %), e a variación da taxa de avellentamento non difire demasiado dos parámetros deste grupo patrón. A diferencia estriba en que experimentarion un forte crecemento na proporción de estranxeiros que, nun periodo breve de tempo, case se triplicou: son dez concellos na súa meirande parte situados na montaña lucense (Muras, Navia de Suarna, Pedrafita de Cebreiro, Ribeira de Piquín, Samos), aínda que aparecen illadamente en áreas con rasgos análogos no resto de Galicia (Santiso, O Irixo, Dozón e Rodeiro).


Os grupos catro e seis son, no fundamental, bastante semellantes e só amosan diferencias de grao no crecemento do porcentaxe representado polos inmigrantes estranxeiros, extremadamente forte no mencionado no primerio lugar, forte no segundo. Efectivamente, so abranguen a un único concello cada un (Dumbría no grupo catro, Guitiriz no seis).

Finalmente, o grupo sete, composto por catorce concellos (Ames, Arteixo, Barbadás, Brión, Carral, Coirós, Culleredo, Gondomar, Miño, Oleiros, O Porriño, Sada, Salvaterra de Miño, San Cibrao das Viñas) son os que presentan as mellores cifras ó longo de todos estos anos. Todos eles municipios situados na veciñanza de A Coruña, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo; e das cifras que presentan pode pensarse en que son os que concentran as novas áreas de expansión residencial destas áreas metropolitanas: o crecemento demográfico en todas elas é positivo, polo xeral superior ó 5 %; rexistran fenómenos de rexuvecemento, en todos eles a taxa de avellentamente e hoxe sustancialmente menor que fai seis anos, e a relativamente baixa variación na proporción de estranxeiros (so crece, en promedio, nun 17 %), débese, principalmente, a que as áreas residenciales alí creadas satisfai a demanda de familias de clase media ou media-alta, entre os que non se topa o perfil de inmigrante que chega a nosa Comunidade Autónoma.

A segunda clasrificación remite ó mercado laboral. É a máis complexa, pois configurouse a partir de seis variables descriptivas apoiadas sobre dos grandes piares: a variación nas características do stock dese mercado (número de afiliados á seguridade social, cambio no peso relativo dos autónomos e na porcentaxe agregada dos reximenes especiais agrario, mar e fogar) e das principais forzas que modulan a demanda e a oferta de man de obra (variación na porcentaxe de contratos indefinidos sobre a contratación total, cambio na relación entre contratos de desempregados, e mundanza no colectivo de demandantes de emprego.

Os resultados desta agrupación se presentan na Figura 5 e na Táboa 7, onde se definen seis grupos e unha categoría adicional composta por dous casos que non teñen encaixe en ninguha das agrupacións definidas mediante este procedemento (Calvos de Randín e Ribeira de Piquín).

Figura 5. Grupos configurados a partir do mercado laboral.
Fonte: Elaboración propia sobre base cartográfica do Instituto Geográfico Nacional.



Táboa 7. Estatísticas básicas, clúster laboral. Fonte: Elaboración propia.

Grupo	Concellos	rtdesemp	rtcind	recont	rtafil	paut	rpee
1	2	1,02	0,00	2,18	0,88	0,88	1,20
2	58	0,79	1,02	0,52	1,11	0,92	0,97
3	1	0,74	10,01	1,30	0,82	0,95	1,28
4	245	0,65	1,30	0,45	1,18	0,87	1,03
5	4	0,64	1,48	0,96	0,71	1,69	1,79
6	1	0,62	4,91	0,30	1,23	0,79	11,58
Atípicos	2	0,73	1,04	0,44	1,24	0,83	1,09

A clasificación proposta ordenouse en función da variación do desemprego, arrancando nos territorios que viron unha caída menor desta variable e rematando nos que as cifras de parados retrocederon en maior medida.

A clasificación establece ó grupo catro como o patrón fundamental para o comportamiento no periodo de recuperación económica, case catro quintos dos

concellos galegos, incluidas catro das sete cidades (Lugo, Pontevedra, Santiago e Vigo) responden de xeito aproximado a bonanza económica: o paro retrocede sustancialmente, en promedio cae un 35 %, se ben arrincamos con cifras de desemprego excesivamente altas, un crecemento da taxa de contratación indefinida nun 30 %, una caída na eficiencia da contratación nun 55 %, un incremento da taxa de afiliación nun 18 %, un retroceso de porcentaxe de autónomos un 13 % e a estabilidade na representatividades dos grupos de afiliación agrario, do mar e do fogar. Un segundo grao tomando como referencia o número de municipios atinxidos o representa o grupo dous, neste colectivo topamos 58 municipios, entre os que destacan as tres cidades restantes (A Coruña, Ferrol e Ourense) e unha variopinta presencia de concellos de rasgos pouco concordantes (contrasta a presencia de termos situados nas periferias das cidades antes mencionadas cunha forte presencia de territorios rurais, entre os que destacan os situados na provincia de Ourense e as áres litorais coruñesa más excéntricas -Costa da Morte, Ortegal-). Neste grupo a reducción do desemprego, en promedio, foi menor que no grupo anterior (retrocede nun 21 %), a contratación indefinida permanece en parámetros estables, a caída na eficiencia na contratación é menor (-48 %), ó igual que o crecemento da taxa de afiliación (11 %), a caída na porcentaxe de autónomos é máis contenida (-8 %) e a representatividade dos réximenes especiais tamén apunta a un estancamento, pero con sesgo negativo.

Os restantes grupos identificados apuntan a situacións alonxadas do patrón establecido polo grupo catro. En ningún caso engloban a casos relevantes, co que a excentricidade non é representativa máis que de casos particulares, moitas veces condicionadas pola súa reducida talla.

O grupo seis só o constitúe o concello de Montederramo. Ten cifras semellantes as do grupo catro, coa diferencia que no último ano da serie a contratación indefinida case quintuplicou os valores de partida, o que tampouco di gran cousa dado o pequeno número de contratacións que fan as empresas deste concello, eficiencia na contratación caeu sustancialmente (70 %), a taxa de afiliación creceu un chisco por encima dos dados ofrecidos polo grupo 3, a porcentaxe que representan os autónomos retrocedeu aínda máis (-21 %) e o dato anómalo o presenta a proporción de ocupados en réximenes especiais da seguridade social (multiplicouse por dez).

O grupo cinco o forma catro territorios (Castrelo do Val, Laza, A Mezquita e Xermade). Nel a variación do desemprego e semellante ós grupos un e tres, pois retrocede nun 36 %; pero as cifras para as restantes variables son bastante diferentes en términos de magnitude: a contratación indefinida crece nun 48 %, a eficiencia na contratación apenas cae un 4 %, a taxa de afiliación foi en 2019 un 21 % menor que en 2014, o número de autónomos medra extraordinariamente (o porcentaxe de autónomos medra un 69 %, e a taxa que representan os réximenes especiais medra un 79 %.

As otros grupos excéntricos están máis en liña co grupo dous. O grupo tres, formado só por Quintela de Leirado, ve retroceder o desemprego nun 26 %, multiplicarse por dez a taxa de contratación indefinida, crecer a eficiencia na contratación nun 30, perder a taxa de afiliación nun 18 % e a proporción de autónomos nun escaso 5 %; pola contra, os traballadores de colectivos específicos creceu ata o 28 %. O grupo un, os tamén pouco poboados Chandrexa de Queixa e Negueira de Muñiz, viron medrar lixeiramente a taxa de paro, quedan coa mesma taxa de contratación indefinidad, acrecentar a eficiencia na contratación, mentres que a taxa de afilicción e a porcentaxe de autónomos retroceden

nun mesmo 12 %, crecendo nun 20 % a porcentaxe de traballadores nos rexímes especiais.

5. Os gañadores e os perdedores

Os parragrafos precedentes describiron as catro agrupacións que se fixeron tomando tanto criterios estáticos como dinámicos, aínda que sexa comparando a situación de inicio e final que delimitan a etapa de recuperación post-crise de 2009-2010. Neste subapartado combínanse as devanditas clasificación segundo dous criterios: por unha banda combinase as agrupacións territoriais coas dúas tipoloxías de carácter dinámico, pola outra repítese esta estratexia, se ben o patrón estático ven da man da renda dispoñible per cápita. Nas táboas seguintes cobra sentido a decisión de ordenar os grupos en función da variable que xulgamos máis representativa dunha mellor situación socioeconómica, así partese do suposto cunha maior concentración nun núcleo pode ser indicador dun grao superior de dotación de servicios (non sempre é así), una maior renda de superior benestar, un crecemento demográfico forte implica un dinamismo social crecente e un retroceso vigoroso do desemprego pode apuntar a procesos de crecemento económico.

As Táboas 8 e 9 permiten cruzar os criterios territorial coas dinámicas demográfica e laboral, as filas corresponden ós criterios estáticos e as columnas ós dinámicos, conservamos esta disposición para a tódalas táboas deste subapartado.

Táboa 8. Correspondencia entre clúster territorial e demográfico. Fonte: Elaboración propia.

terr/dem	1	2	3	4	5	6	7
1	9	4	89	1	58	0	5
2	1	1	24	0	25	1	3
3	0	0	13	0	38	0	5
4	0	1	2	0	13	0	1
5	0	0	2	0	13	0	0
6	0	0	0	0	2	0	0
7	0	0	0	0	1	0	0
8	0	0	0	0	1	0	0

Táboa 9. Correspondencia entre clúster territorial e laboral. Fonte: Elaboración propia.

terr/lab	0	1	2	3	4	5	6
1	2	2	27	1	132	1	1
2	0	0	12	0	40	3	0
3	0	0	9	0	47	0	0
4	0	0	5	0	12	0	0
5	0	0	3	0	12	0	0
6	0	0	1	0	1	0	0
7	0	0	0	0	0	0	0
8	0	0	1	0	0	0	0

As intuicións plantexadas máis arriba vense matizada por unha estructura territorial como a galega, na que, a pesar do acelerado despoboamento no interior, segue presentando unha patente tendencia á dispersión en numerosos asentamientos de poboación. Tendo presente a perduración dos esquemas tradicionais no hábitat galego, en especial no que atinxe os grupos más relevantes segundo os criterios demográficos

(tres e cinco) e territoriais (un a tres), comprobase que a maior concentración da poboación maior taxa de crecemento da mesma. Efectivamente, no grupo onde a concentración da poboación é mínima o grupo demográfico tres é netamente superior ó cinco (89 contra 58), esta relación tórnase equilibrada no grao seguinte (para o clúster territorial 1, o grupo demográfico tres suma 24 e o cinco 25), caendo definitivamente a balanza a prol do cinco no nivel territorial tres (13 perante 38). Esta secuencia acentúase nos niveis territoriais superiores, donde o grupo cinco xa é quen de sumar case todos ou todos os concellos.

A relación vista en termos demográficos non ten unha interpretación tan nidia como no caso anterior. A razón é que os clúster laboráis están dominados en boa medida por un único grupo, quedando extraordinariamente menguados os restantes, agás ó grupo dous que, de todos xeitos, queda lonxe do clúster principal. En consecuencia, débese procurar unha alternativa á analise das combinaciones entre pares de niveis, escollendo no seu lugar a prelación por grupos territoriais do grupo laboral catro e comparando os resultados coa estructura grupal territorial no seu conxunto. Pois ben, o resultados obtidos falannos de que a mellora no parámetro laboral básico, o desemprego, está xeneralizada a prácticamente todo o territorio, independientemente de o grao de concentración da poboación no núcleo cabeceira: se o 53 % dos concellos pertenecen ó nivel territorial un, o de mínima concentración, estes concellos representan o 54 % dos municipios do clúster catro; se o nivel dous dentro da agrupación territorial representa o 17,6 % dos territorios galegos, estes suman o 16,4 % dos que componen o cluster laboral mencionado…, e así sucesivamente.

Táboa 10. Correspondencia entre clúster renda e demográfico. Fonte: Elaboración propia.

renda/dem	1	2	3	4	5	6	7
1	1	1	3	0	1	0	0
2	1	1	38	0	7	0	0
3	1	1	45	1	17	0	1
4	7	3	35	0	56	1	3
5	0	0	5	0	35	0	2
6	0	0	4	0	23	0	3
7	0	0	0	0	10	0	4
8	0	0	0	0	2	0	0
9	0	0	0	0	0	0	1

Táboa 11. Correspondencia entre clúster renda e laboral. Fonte: Elaboración propia.

renda/lab	0	1	2	3	4	5	6
1	0	1	3	0	2	0	0
2	0	1	11	1	33	1	0
3	1	0	13	0	51	1	0
4	1	0	15	0	87	1	1
5	0	0	3	0	39	0	0
6	0	0	9	0	20	1	0
7	0	0	3	0	11	0	0
8	0	0	1	0	1	0	0
9	0	0	0	0	1	0	0


Unha hipótese plausible é que a maior renda lle correspon unha situación demográfica e socioeconómica máis favorable (Táboas 10 e 11). Aínda que renda non ten una traslación automática ó plano poboacional nin ó laboral, pois as transferencias e os subsidios modulan a devandita relación; si que existen vencellos evidentes. Utilizase de novo a técnica de comparar patrons: no caso do marco demográfico comparamos a evolución da relación entre os clúster tres e cinco segundo se avanza nivel de renda; no caso laboral, comparase a importancia relativa dos distintos niveis de renda, tanto per se como na intersección entre renda e o clúster laboral catro.

No canto da demografía si se ve unha relación clara entre nivel de renda e un contexto demográfico menos desfavorable. Se se considera como clústeres pobres os tres primeiros desde o punto de vista da renda (grupos un a tres), obsérvase como o grupo demográfico tres suma 86 concellos, e o grupo demográfico cinco so 25; os grupos de rendas medias (catro a seis) inclúen 44 territorios no primeiro dos mencionados, namentres que no segundo tópanse 104. Finalmente, entre os concellos con rendas elevadas (sete a nove), o grupo demográfico tres xa non ten representantes, mentres que o cinco suma doce.

A comparación entre renda e o cluster laboral máis representativo, que é o catro, permite pensar en que a recuperación económica foi xeneralizada e independente dos niveis de renda. Se os concellos pobres representan o 38 % dos municipios galegos, estos representan o 35 % do clúster sinalado; se pasamos as rendas medias, estes a nivel de conxunto suman o 56,6 % dos concellos e o 59,6 % do grupo laboral catro; finalmente, os ricos son o 5,4 % dos municipios, pero tamén son o 5,3 % dos que componen o mencionado clúster laboral. Dito doutro xeito, a recuperación económica foi xeneral ó territorio rexional; outro cantar é a calidade do emprego creado e a distribución salarial ó longo do territorio, posiblemente máis contrastada que as cifras aquí empregadas.

O paso final é obter unha aproximación o efecto global nos cambios experimentados polos concellos galegos a partir das combinacións entre posicións obtindas nas taboas precedentes. Deste xeito, nas matrices que representan as táboas elaboradas para este apartado suponse que un municipio estará en posición mellor canto máis abaixo e a dereita esté dentro de cada táboa que, en definitiva, só da unha imaxe parcial. A imaxe global virá da comparación entre as localización que acadan en tódaslas táboas, de xeito tal que o efecto global positivo obtérase cando en todas as combinacións posibles un concello sempre estea nese cuadrante inferior dereiro e, o contrario, o efecto global será negativo cando apareza recurrentemente no cuadrante superior esquerdo.

Figura 6. Efecto global da combinación entre grupos.
Fonte: Elaboración propia sobre base cartográfica do Instituto Geográfico Nacional.



O balance de efectos globais representase na Figura 6. Os tonos grises máis oscuros corresponden os concellos que atinxen efectos globais positivos, os "gañadores" na recuperación da segunda metade da década dos 2020: son 43 municipios, principalmente situados na provincia de A Coruña (o arco ártabro -área metropolitana de A Coruña, litoral da ría de Betanzos, área do río Eume-, área de Santiago e a súa prolongación cara o suroeste, Valdoviño), e en menor medida en Pontevedra (Vigo e as súa área metropolitana nos sectores do Val Miñor e Porriño-Salvaterra de Miño, Pontevedra e o litoral norte da súa Ría) e Lugo (A Mariña, concretamente no eixo Viveiro-Foz, Meira-Pontenova, Lugo e Portomarin), rexistrando localizacións puntuais en Ourense (Barbadás e San Cibrao na periferia capitalina, O Barco de Valdeorras e Montederramo).

A nómina dos "perdedores", aqueles concellos con efectos globais negativos, son máis numerosos, cun total de 73. Estes localizanse principalmente no interior, nomeadamente na provincia de Ourense (suma un total de 45, prácticamente a metade dos territorios ourensáns), sendo chamativa a sua aglomeración na franxa occidental, que

se prolonga polo interior pontevedres; tamén son numerosos na raia fronteiriza con Portugal, rodeando as cabeceiras de Xinzo de Limia e Verín. Na provincia de Lugo aparecen principalmente na montaña oriental (comarcas de Quiroga e Ancares) e en áreas marxinais (enclaves relativamente illados na transición cara a Mariña, borde suroccidental da Terra de Lemos), na provincia de Pontevedra, predomina entre os concellos situados na dorsal meridiana (val do río Lérez, Dozon e Rodeiro, entorno de A Cañiza e metade oriental do Condado), e aparecendo de xeito puntual na Coruña (Camariñas e Muxia no litoral, e os concellos máis cativos nos arredores de Arzúa e Melide).

6. Conclusions

Entre 2014 e 2019 Galicia experimentou unha evidente mellora económica ó longo dos anos 2014 a 2019, as magnitudes relativas ó mercado laboral así o testemuñan. Non acontece o mesmo coa poboación, introducindo dubidas sobre a sostibilidade duha recuperación, por outra parte posta en entredito polos acontecementos de 2020. Ó longo deste traballo fíxose un esforzo de síntese agrupando os concellos galegos en clústeres segundo distintos criterios, dous deles establecían un marco estático (clústeres territoriais e segundo a distribución da renta), outros dous procuraban discriminalos en función das dinámicas, sexa demográfica ou laboral.

Coa meta de conseguir estos obxectivos seleccionaronse distintas variables, construíndose indicadores que logo foron normalizados para atenuar o impacto dos valores extremos. Con toda esta información recurriuse a técnicas de formación de clústeres de carácter xerárquico escollendo distintas solucións segundo os resultados dos tests habituais: seis grupos para o criterio laboral, sete para o territorial, oito para o demográfico e nove para a renda.

No traballo profesional universitario adoitamos movernos entre dous referentes que axudan a articular o noso discurso. Por unha parte, somos docentes e debemos transmitir as últimas novidades, as ideas máis avanzadas no campo da Xeografía e a xeodemografía ao noso alumnado. Por outra, necesítase investigar para renovar o coñecemento propio e do grupo, para obter fondos suplementarios no noso traballo, para formar xoves investigadores e para transferir á sociedade parte do que investiu en caras dotacións de ensino superior. Tendo en conta a debilidade do tecido de centros de I+D ou agrupacións estratéxicas para o ámbito das Ciencias Sociais en boa parte das Comunidades Autónomas, o papel da investigación universitaria española posúe unha importancia capital, superior á da maioría dos países da nosa contorna. Nun tema tan sensible, necesitado de políticas de xestión innovadoras e efectivas, como é a cuestión demográfica, esta relevancia acrecentase aínda máis.

Por todo isto, calquera estratexia razoable dun profesor(a) investigador(a) individual ou pertencente a un grupo debe consistir en presentarse a convocatorias públicas de investigación, nos seus diversos niveis (Latour, 1993; Sánchez Aguilera, 2013). A primeira delas defiíaa a propia universidade e, máis frecuentemente, a Comunidade Autónoma. Utilízase o pasado porque a crise eliminou moitas convocatorias neste ámbito ou, noutros casos, só nos últimos años se recuperaron proxectos autonómicos en procesos anuais de selección. Se esta escala se mantén, numerosos investigadores ou grupos cunha traxectoria regular, constante e ben orientada soen obter unha cantidade moderada de fondos para funcionar, formar doutores e publicar os seus resultados en medios de impacto cada vez máis contrastados. Non obstante, a crise arrastrou a moitas convocatorias rexionais e sobre todo, convenceu a numeros@s colegas de que o nivel máis próximo xa non é seguro para dispor dun volume de ingresos constante para manterse activ@s en I+D. Por iso, óllase crecentemente cara outras escalas. Por suposto a europea, onde se dispón dun suculento financiamento en calquera proxecto (Olcina e Lois, 2013). O problema aquí reside en que as posibilidades de éxito son moi escasas (dun 7% a un 10% das candidaturas, e ao redor do 5% no noso campo disciplinar), co que só aqueles grupos máis potentes e consolidados se empuxan a participar.

[1] A primeira versión de este texto incluíuse no libro de J.D. Sempere et alt. (2020), *Población y territorio. España tras la crisis de 2008*, publicado por Ed. Comares en Granada, como resultado dun Coloquio de Geografía de la Población de la AGE, realizado en Alicante en 2018. Como o texto, só se editou en CD, aínda que figura como tal nunhas páxinas 779 a 792, e resulta moi pouco accesible, agora o seu contido decidiu actualizarse em difundirse a través deste libro homenaxe.

Como resultado desta situación de crise, ou post-crise, numerosas olladas dirixíronse de novo á escala da administración estatal. A mesma sufriu recortes orzamentarios fortísimos, pero mantivo no básico a periodicidade das convocatorias (outra cosa distinta é o retraso na transferencia definitiva de fondos, nas anualidades aplicadas, etc.). Até hai poucos anos, a investigación radicábase no Ministerio de Economía y Competitividad (MINECO), onde se ten constituído unha Agencia Estatal de Investigación (AEI). Este feito presenta un aspecto positivo, localizábase nun Ministerio forte e influínte, e outro negativo, a súa situación no mesmo era secundaria en relación coas cuestións relacionadas coa condución económica do país. Desde xuño de 2018 la AEI intégrase no novo Ministerio de Ciencia (desde 2019 sen Universidades, o cal é paradoxal nun país onde a maioría do I+D se sitúa ao redor da institucións de ensino superior). Ademais non se conseguiu unha proximidade necesaria coa outra gran axencia avaliadora, a ANECA, co que escisión organizativa entre universidade e investigación segue a ser un problema actual bastante serio.

Aparte destas cuestións, os notables recortes sufridos polo sistema de I+D durante a crise apenas foron recuperados nos últimos anos, cun crecemento do diñeiro consignado desde 2017. No organigrama deseñado, nin as Humanidades nin as Ciencias Sociais gozan dunha boa posición, pois normalmente non acadan o 10% do total correspondente ao Plan Nacional, o que segue mostrando unha discriminación respecto ás ciencias da natureza e á macroárea bio-sanitaria, tradicionalmente moi beneficiadas na distribución de recursos. A reivindicación dun 15% do orzamento para Humanidades e Ciencias Sociais debe ser constante, xa que sería xusta e expresa o enorme progreso protagonizado por estes ámbitos de coñecemento nos últimos anos para mellorar tanto a calidade dos seus resultados como a súa competitividade.

Todo o escenario que se revisou tradúcese en rexistros bastante dramáticos para la Xeografía (e en xeral as Ciencias Sociais da mesma subárea ministerial, a Socioloxía, as Ciencias Políticas e as da Comunicación). Un proxecto moi ben valorado (por enriba de 4 o 4,2 sobre 5), chega a acadar nos últimos tempos un financiamento trianual de 40.000 a 60.000 euros, aos que se podería sumar (non é seguro) un contrato FPI. Unha proposta con valoración positiva máis axustada (con puntuacións de 3,7 a 4), ten mesmo que conformarse coa ridícula cifra de 15.000 a 20.000 euros para eses tres exercicios. Uns montantes moito máis baixos con respecto aos 300.000 a 800.000 euros que os proxectos de investigación aprobados, sen dúbida mellor estruturados e interuniversitarios debido á orientación de las convocatorias, reciben na Francia ou Italia. Todo isto nun contexto de proporcións descendentes de proxectos concedidos sobre el total de solicitados: en torno a un 35%.

Polo que se refire aos contratos postdoctorais, na actualidade unha das poucas vías que os xoves e brillantes investigadores, e os seus grupos de secundamento, poden seguir para manterse primeiro e logo asentarse na universidade, o panorama non é diferente. Poucas Comunidades Autónomas mantiveron convocatorias de contratos deste tipo ao longo da crise (Cataluña, Galicia, Andalucía, País Vasco). En consecuencia, outra vez a escala estatal percíbese como a máis segura, xa que logrou dotar de continuidade ás súas convocatorias Ramón y Cajal e Juan de la Cierva (en menor medida, á específica de xoves investigadores-JIN). Neste caso, o negativo da situación é maior: a mellor xeración de xoves doutores de España enfróntase a un proceso competitivo onde se oferta unha praza por cada 8, 10 ou 12 solicitantes, segundo os anos. Ademais, se a concesión dun

contrato Ramón y Cajal implica en moitas universidades un compromiso de estabilidade (respaldado por un criterio incluído nos Orzamentos Xerais do Estado), nas Juan de la Cierva un corto periodo de contratación debe ser avaliado outra vez para obter no futuro perspectivas de continuidade. Como cabía agardar, estas convocatorias reflicten a discriminación que sofren as Ciencias Sociais e as Humanidades fronte aos restantes ámbitos do coñecemento e manteñen a penuria de fondos dispoñibles característica desde comezos da crise. A este respecto, a existencia de programas postdoctorais regulares nunhas Comunidades Autónomas fronte a outras, acrecentou notablemente os contrastes territoriais do sistema de investigación español.

2.- Como construír unha boa proposta investigadora en Xeodemografía.

Os últimos anos supuxeron unha transformación vertixinosa na forma de concibir a investigación científica e publicar os seus resultados. As extensas e interesantes monografías de investigación, eruditas e expresadas en libros ou amplos textos, deron paso a unha maioría de contribucións curtas que tratan de sintetizar por qué se elixiu o tema de estudo, cál é a hipótese e o obxectivo do traballo, un estado da arte da cuestión abordada, a metodoloxía, á que seguen os resultados, a súa discusión e uns parágrafos conclusivos finais (Gutiérrez Puebla, 2013; Lasanta y García Ruíz, 2013). Este modelo convencional, ás veces escolástico, converteuse en hexemónico na literatura xeográfica actual, a partir do enorme reforzo das revistas indexadas (de alto impacto), e úsase tamén para medir o substancial da calidade das solicitudes de proxectos de investigación presentados ás convocatorias de I+D. Utilízase porque asílo establecen os propios criterios da convocatoria e a súa aplicación pola AEI. Xunto a esta parte central na consideración do que debe ser un bó proxecto, outros dous apartados posúen unha importancia minoritaria, pero que pode ser determinante na avaliación positiva da solicitude presentada: a composición da equipa que levará a cabo o proxecto, e a estimación do impacto que terán os resultados acadados.

Con respecto á calidade da proposta científica, os parámetros son moi claros. Así, expresar no resumo todo o que se quere facer de xeito moi sintético é enormemente importante. Traballar este primeiro parágrafo en profundidade posúe unha grande significación, que en ocasións descoidase. Debe insistirse en que se trata do texto que antes len os avaliadores e xestores para facerse unha idea inicial do proxecto. Todas as memorias de solicitude comezan por unha introdución, como calquera traballo ou proposta académica, e de novo estas páxinas posúen bastante transcendencia. En primeiro lugar, porque deben explicar claramente o contido da investigación, onde se quere chegar e que novidades se pretenden xerar. Ao mesmo tempo, débese formular un obxectivo xeral que en dúas ou tres liñas resuma toda o aporte ao coñecemento que se ofrece. Un aporte que logo pode ser concretado moito mellor cunha lista precisa de obxectivos específicos. A formulación do proxecto debe adecuarse á linguaxe científica e desenvolver hipóteses nunca está de máis. Por suposto, a solicitude e a memoria do mesmo teñen que considerar que a investigación proposta non xorde da nada. Existen antecedentes sólidos do tema a estudar e deben ser reflectidos nunhas páxinas convincentes sobre o estado da arte (ou da cuestión). Aquí é necesario realizar un exercicio erudito de dominio do tema, primeiro a nivel xeral e logo concretalo na bibliografía española ou rexional pertinente. É habitual que o proxecto supoña unha continuidade de outros anteriores; débese afirmar esta evidencia, pero insistindo ata onde

se chegou e, sobre todo, que aspectos novos se pretenden abordar a partir de agora. Nas últimas convocatorias moitos proxectos non acadaron unha valoración positiva ao estimarse que caeran na inercia de repetir logros xa atinxidos en etapas previas. Estes elementos de excelencia no dominio do pasado e insistencia nas novidades a aportar no seguinte trienio son aspectos chave para elaborar unha memoria de éxito.

Dentro desta primeira, e fundamental, parte da Memoria queda a proposta de investigación. Na mesma resulta moi relevante organizar os temas que se pretenden estudar, relacionalos con tarefas específicas dentro do proxecto, asignalas a membros concretos da equipa en cada caso e establecer un cronograma rigoroso de desenvolvemento do traballo. A calidade da interrelación entre estes catro elementos, a elaboración de cadros e figuras comprensibles sobre os mesmos, facilita unha boa apreciación da solicitude presentada. Unha desconexión ou incongruencia de calquera tipo entre eles é valorada negativamente en calquera avaliación. Polo tanto, a planificación proposta ten que ser clara e directa, comprensible e crible, a partir dunha boa e novidosa idea. Isto normalmente implica tomarse certo tempo para construír este apartado da memoria, pois ás veces é máis importante a coherencia na estrutura proposta que o grao de avance no coñecemento que se propoña.

Sen lugar a dúbidas, os temas a tratar dependen do obxectivo xeral e, sobre todo, dos obxectivos específicos. Os mesmos deben fixar as liñas de investigación a desenvolver no proxecto, sempre tendo en conta que durante a súa primeira etapa haberá que recorrer a unha xuntanza de información e que, ao final, teñen que fixarse tarefas de diseminación dos resultados, tanto académicas como sociais. Con esta orde xa se definirían as tarefas especificas a realizar, que podemos denominar paquetes de traballo (PT, en inglés os moi repetidos WP). Cada unha constará dunha duración e unha secuenciación determinada, que deberán contar coa asignación de un o varios membros da equipa. A partir de aquí é posible estabelecer un cronograma preciso e ordenado, moi clarificador dos resultados que se desexan obter. En numerosas ocasións, a memoria técnica formula un plan investigador de máximos, que logo cos recortes orzamentarios que frecuentemente se producen, terá que ser doadamente adaptable a un contexto de financiamento máis restritivo.

Polo que se refire ao equipo que abordará o proxecto non existe unha pauta estrita de valoración, pero si recomendacións sobre qué é mellor facer. En primeiro lugar, e como norma xeral que nalgún caso non se cumpre, débese evitar un grupo investigador limitado a poucas persoas. Este feito sóese valorar negativamente, do mesmo xeito que a acumulación de profesores investigadores desconectados do tema (de *recheo*, poderíamos dicir) tampouco é ben recibida. O proxecto obrigatoriamente debe contar cun Investigador Principal (IP) e as últimas convocatorias contemplan a posibilidade de propor un IP2, figura moi recomendable para a promoción curricular de profesores doutores más xoves. Con respecto ao número axeitado de membros dun grupo non existe un criterio ideal; estímase que para cada proxecto os integrantes da equipa investigadora e de traballo pode variar. Non obstante, é positivo contabilizar un total de más de catro, e dispor dunha equipa de traballo de xoves profesores e investigadores e de profesionais estranxeiros de recoñecido prestixio tamén axuda nunha boa valoración. Por último, na cuestión de optar por proxectos coordinados ou non, débese afirmar que dependendo do ámbito e temática a desenvolver no proxecto pódese escoller unha ou outra posibilidade. Este feito non inflúe no resultado avaliador final, se ben nas solicitudes de

proxectos coordenados sempre se corre o risco de que as propostas dalgunhas equipas pasen e outras non. Nestes casos, tense que recorrer a unha reformulación sempre complexa da proposta inicial.

Finalmente, dous apartados máis condicionan a avaliación das memorias, o primeiro definindo unha parte da puntuación final (a proposta de difusión dos resultados) e o segundo (a estimación orzamentaria), servindo para demostrar que se sabe calcular ben que partidas de gasto poderán imputarse a un plan de traballo estruturado e coherente. Respecto á difusión de resultados sempre se debe diferenciar claramente entre a orientada ao mundo académico e a centrada na transferencia á sociedade. As dúas son imprescindibles e este apartado da memoria ten que redactarse considerando este carácter: unha importante difusión científica sen preocupación polo impacto sobre os actores interesados no tema é avaliado como unha falta, e viceversa. A difusión estritamente académica debe responder a un plan, onde a asistencia a congresos, as publicacións internacionais e nacionais de impacto, e a organización de seminarios, entre outras posibilidades, ten que acomodarse ao deseño fixado para o traballo, ás tarefas expostas e ao cronograma estabelecido. Polo que concirne á transferencia social de resultados valórase contar con EPOs na solicitude de proxecto e, moi especialmente, trazar unha planificación precisa de como os resultados do mesmo se irán informando a responsables públicos, asociacións e aos líderes de opinión dun territorio determinado.

Pola súa parte, o orzamento debe responder aos contidos do traballo investigador que se fai explícito no proxecto. Calquera apartado non reflectido na memoria ou gasto inxustificado penalízase con recomendacións de recortes de diñeiro. Os montantes consignados a persoal tamén deben ser os imprescindibles, pois estímase que a propia equipa investigadora e de traballo debe cubrir unha ampla maioría das solicitudes do proxecto. Por último, os gastos nas saídas de campo e en material inventariable teñen que aparecer sempre xustificados en relación coa memoria científico-técnica.

3.- Os grupos de investigación: permanencia e flexibilidade.

Xunto co cambio xa comentado nas estratexias dominantes de publicación de novidades científicas, outra transformación significativa que tivo lugar na forma de concibir a investigación xeográfica nos últimos tempos consiste na conformación de grupos para levar a cabo proxectos. O profesor investigador solitario perdeu protagonismo fronte á necesidade de agruparse para solicitar proxectos de investigación e recibir o recoñecemento tanto da propia universidade como dos departamentos de I+D de determinadas Comunidades Autónomas. Os grupos de investigación posúen un tamaño variable, desde un profesor(a) cos seus discípul@s ata estruturas complexas de varias decenas de investigador@s como os denominados centros de interese ou agrupamentos estratéxicos (o Centro d´Estudis Demográfics –CED- da Universitat Autonoma de Barcelona acomodaríase a un deles). Os grupos, do mesmo xeito que tradicionalmente os laboratorios no ámbito das ciencias experimentais (Latour, 1993), constitúen un segundo espazo de adscrición dos investigadores vinculados á universidade xunto aos departamentos, cada vez máis orientados á organización docente.

Como se sinala no título deste epígrafe, os grupos de investigación deben manter unha estrutura relativamente estable. Sen dúbida, para traballar en series de datos ou en enquisas de carácter demográfico é necesaria a súa existencia e a súa continuidade. A mesma permite a acumulación de información, a consolidación de determinadas

metodoloxías de traballo e a formación permanente de persoal investigador novo (contratados pre- e post-doutorais). No campo dos estudios de poboación o citado CED e o departamento de demografía del Instituto de Economía, Xeografía e Demografía del CSIC en Madrid constitúen os exemplos máis sobresaíntes desta forma de agruparse en España. Ambos deben servir de modelo para grupos máis ou menos modestos en Xeografía humana, rexional ou en estudos de poboación de diferentes universidades españolas. A partir da consolidación destes grupos, e os datos de resultados de investigación así o corroboran, mellóranse as porcentaxes de éxito na consecución de proxectos competitivos, en concursos dirixidos á obtención de contratos para xoves e nos volumes de facturación de traballos profesionais acollidos ao estipulado polo artigo 83 da LOU. De feito, os programas dalgunhas Comunidades Autónomas (País Vasco, Catalunya, Galicia, Andalucía) tendentes a financiar estes grupos de excelencia ou en proceso de consolidación traducíronse nun incremento dos resultados investigadores.

Ao mesmo tempo que se insiste na estruturación en grupos, tamén cabe referirse á flexibilidade de estes. Fronte ás tipoloxías departamentais clásicas de agrupación dun bo número de profesores funcionarios ou contratados estables, que mudan lentamente ao longo dos anos, a adscrición a grupos investigadores é por definición variable; estas unidades caracterízanse pola súa flexibilidade. Por unha banda, moitos investigadores en formación entran e saen dos mesmos, debido ao inicio/finalización dos seus contratos. Por outra, os investigadores individuais sempre poden elixir entre a vinculación a un único proxecto ou a varios en diferentes configuracións, e lugares. Os grupos xorden por necesidades específicas de mellorar a competitividade e os resultados da investigación, pero non obrigan a unha permanencia indefinida como outras agrupacións constitutivas da universidade actual.

En liñas xerais, a constitución de grupos de investigación potentes centrados nun tema ou un conxunto coherente de temas ben acoutados, presenta unha serie de vantaxes tanxibles de cara ás convocatorias de I+D a diversas escalas. Unha simple consulta dos resultados do CED e do instituto do CSIC reforza esta afirmación. En primeiro lugar, melloran substancialmente as posibilidades de conseguir contratos postdoctorais competitivos. Nalgúns concursos, como os de Juan de la Cierva ou certas convocatorias autonómicas, a porcentaxe de puntuación correspondente ao grupo (ata un 50% do total) pode ser determinante na elección do candidato ou candidata. Noutros, como o Ramón y Cajal, aínda que o centro/grupo de ascripción non conta en teoría, dispor do respaldo dunha boa equipa, contar co seu asesoramento e de todo o coñecemento adquirido en anos, é de una importancia capital. Un repaso á distribución territorial, por universidades e centros destes contratos postdoutorais claves para iniciar unha carreira académica, permítenos comprobar como estas afirmacións son totalmente certas. En segundo termo, constituír un grupo consolidado facilita moito as cousas para propor un proxecto innovador, suxestivo e competitivo en calquera convocatoria. De feito, os principais grupos de investigación do país consolidáronse cunha dinámica de traballo e uns obxectivos propios, e cando se abre a posibilidade de obter fondos para asegurar o financiamento formúlase unha memoria ben traballada e os resultados soen acompañar. Por último, os grupos deben coordinarse con outros similares da mesma universidade e doutras institucións. A conformación de coalicións amplas de investigación, que baixo as fórmulas de redes de excelencia, agrupacións estratéxicas ou centros de interese, entre outras denominacións, engloben a varias decenas de investigadores e investigadoras,

preséntase como unha nova e sólida oportunidade de éxito para todo tipo de convocatorias efectuadas en diferentes escalas territoriais. Aínda se debe reforzar máis este argumento, o se conformou un grupo prestixioso e consolidado, ou practicamente non existen opcións para participar nas desexadas convocatorias de proxectos europeos.

4.- A formación de novos investigadores: unha vía establecida polos contratos

Como complemento ás reflexións previas sobre os grupos de investigación, agora é necesario que nos deteñamos no proceso de obtención de contratos para os/as doutorandos/as e doutores/as que comezan a súa carreira académica. Este ámbito tamén é unha competencia maioritaria da AEI no plano estatal, concentrada agora nos mesmos responsables despois de desaparecer a división interna tradicional entre ANEP e Subdirección General de Planificación. Os tipos de contratos e convocatorias que se realizan desde a administración central repítense por parte de moitas Comunidades Autónomas (estamos ante un exemplo típico de competencia administrativa concorrente) (Aja, 1999), e as modalidades seguidas son practicamente idénticas en todos os casos, polo que a nosa reflexión será xeral.

En primeiro termo, e no nivel máis baixo, tópanse os contratos pre-doutorais, cunha duración normal entre 3 e 4 anos, e destinados a realizar unha Tese, ao tempo que se colabora nas tarefas do departamento e do grupo de investigación. Neste ámbito, normalmente hai tres posibilidades para os candidatos e candidatas: contratos FPU, FPI ou pre-doutorais autonómicos con múltiples denominacións. Os FPU son os máis xenerosos e mellor remunerados. Ademais, como son os herdeiros das antigas bolsas pre-doutorais e convócanse a nivel estatal, soen ser os máis valorados e os seus gañadores son aqueles e aquelas candidatos/as que posúen o mellor expediente no grao e elaboraron unha memoria de investigación de calidade. Os FPU son xestionados pola ANECA, pero os FPI dependen da concesión de proxectos do Plan Nacional I+D. Os proxectos cunha cualificación superior a 4 e que se topan entre o terzo que mellor valoración obtiveron, poden acadar estes contratos. Para os mesmos é o IP quen selecciona ao doutorando ou doutoranda que mellor se adapta ás súas referencias, en bastantes ocasións un membro do grupo investigador ou da universidade de orixe. Os contratos FPI soen dotarse tarde, cando a realización do proxecto está moi avanzada; non obstante, a súa duración de 4 anos, permite que rematada a tese doutoral relacionada coa investigación, sexa posible reconverter o contrato noutro post-doutoral un ano. Por último, as Comunidades Autónomas manteñen convocatorias moi similares ao FPU, con contratos a aqueles mellores expedientes entre os e as solicitantes.

Con respecto aos contratos postductorais, a situación varía un pouco. Por unha banda, soense distinguir entre contratos *senior* e contratos *junior*, tanto desde a AEI como polas Comunidades Autónomas que manteñen estas convocatorias. O contrato *senior* por excelencia é o Ramón y Cajal, que se inclúe nos niveis de esixencia i3, é dicir, contratados postdoutorais con dous anos de estadía en centros de investigación do estranxeiro, seis anos desde a defensa da súa Tese e un currículum vitae sobresaliente (medido sobre todo en publicacións de impacto, elevado número de citas, participación en proxectos de I+D preferiblemente europeos, etc.). Nestes casos, son o CV do candidato ou candidata, a calidade da memoria presentada e os resultados dunha dura avaliación por pares, os que determinan a puntuación final. En Xeografía, como noutras Ciencias Sociais, a porcentaxe de concesións destes contratos é moi baixa (menos do 20% das solicitudes)

e sóese concentrar en centros, grupos de investigación e universidades moi competitivas. Nalgunhas Comunidades Autónomas mantéñense concursos cun nivel de solicitude similar, algo máis accesibles (a Beatriz de Pinòs en Cataluña, a modalidade b en Galicia, etc.), pero que aínda non se asociaron a compromisos de estabilidade laboral que os Ramón y Cajal si posúen, a partir dunha modificación do Real Decreto de Orzamentos do Estado. De feito, o 15% dos postos estables novos que oferten as universidades e centros de investigación españois corresponderán á transformación destes contratos, algo que se negocia actualmente estender aos contratos das autonomías.

Por debaixo deste nivel de excelencia post-doutoral (que pode ser rebasado pola moi específica convocatoria Beatriz de Galindo), tópanse os contratos Juan de la Cierva, Jóvenes Investigadores e os seus equivalentes autonómicos. Os denominados Juan de la Cierva réxense polos mesmos criterios e tribunales avaliadores que os Ramón y Cajal, pero neles conta moito o grupo de investigación ao que se adscribe el ou a solicitante e o perfil do ou a investigador/a responsable. Trátase de dous tipos de contratos distintos, formación e incorporación, cada un de dous anos, consecutivos, pero que ao finalizar o primeiro obrigan a unha reavaliación para o segundo. O seu desempeño positivo debe conducir á obtención dun nivel i3, xa sinalado, algo que tamén se pretende nas convocatorias autonómicas, que xeralmente definiron mellor unha continuidade entre os 2/3 primeiros años de goce do contrato e os 2 últimos.

Finalmente, para aqueles doutores e doutoras moi cualificados que se quedaron sen contrato ou por calquera motivo decidiron marchar ao estranxeiro, cabe a posibilidade doutra convocatoria, totalmente libre e que se mantivo durante algúns anos baixo a denominación Jóvenes Investigadores, se ben agora está incorporada na convocatoria ordinaria de investigación, cos apartados de Retos e excelencia. Pola mesma, un doutor con menos de cinco anos desde a defensa da súa Tese elabora un proxecto orixinal, tutelado por un/ha profesor/a estable dunha universidade ou centro de investigación. Aquí non se valora nin o expediente nin a traxectoria do ou da candidato/a, senón a calidade e orixinalidade da proposta. Secundariamente pondérase o titor e grupo de acollida, pero o importante é que a idea e o seu su autor/a reciben unha cantidade de diñeiro que permite a súa contratación por tres anos, con obrigatoriedade da súa adscrición ao departamento/centro de referencia, onde se integrará non seu cadro de persoal. Esta modalidade orixinal permitiu volver coller a investigadores e investigadoras situados fora do sistema español, se ben a súa competencia directa con candidaturas estables a proxectos está dificultando de facto a súa concesión.

5.- O ámbito territorial das propostas: unha análise a diferentes escalas

A última reflexión que nos propomos acometer neste texto refírese ao espazo de investigación no que se debe mover un proxecto que aspire a ser financiado pola AEI no marco do Plan Nacional de I+D. Como ao referirnos ao tamaño da equipa solicitante, aquí tamén se debe subliñar que non existe un territorio único onde fixar a investigación, pero si cabe desaconsellar certas prácticas. A primeira, por ser máis habitual, tratar de confinar a proposta a un marco autonómico ou local concreto. Un estudo sobre tal o cal parque natural, realidade metropolitana, proceso de conservación patrimonial ou o envellecemento no rural dunha rexión, poden ser descualificados por avaliadores e avaliadoras que simplemente argumenten que existen outras convocatorias máis focalizadas que un Plan Nacional para levar a cabo estas investigacións. De novo tamén,

seguindo as formas habituais de estruturación dun artigo para unha revista de impacto, estímase conveniente realizar un plantexamento xeral sobre a investigación: a conservación e riscos actuais dos parques naturais, novas dinámicas metropolitanas, o patrimonio como recurso territorial ou os problemas asistenciais derivados de exemplos agudos de envellecemento demográfico, entre outros, e logo xustificar moi ben os estudos de caso que se queren realizar e o seu nivel de representatividade, para obter conclusións científicas transferibles a ámbitos máis xerais.

Outros territorios escasamente considerados nas propostas son aqueles que desbordan o espazo español. É posible exemplificar ou realizar certos estudos de caso, que permitan comparacións ou extraer algunha aprendizaxe, no estranxeiro. Pero a este respecto débese pensar que os avaliadores e as avaliadoras inmediatamente valoran que estes espazos máis amplos deberían ser obxecto de propostas encamiñadas a proxectos europeos antes que estritamente estatais. Sen dúbida, cabe considerar que a escala do Plan Nacional é intermedia, entre o rexional/autonómico e o europeo. Polo tanto, en principio débese escapar destes ámbitos de referencia cando se formula unha proposta á AEI.

Nun plano máis afirmativo, cabe agora apuntar que o obxectivo do Plan Estatal é o progreso do I+D español como unha aposta gobernamental, xestionada neste caso pola administración xeral do Estado. Polo tanto, a escala mental na que nos debemos mover é a correspondente ao conxunto de España, independentemente de que nos pareza máis ou menos significativa. Isto débese a que entre os obxectivos centrais do Plan Estatal se topan: primeiro, contribuír ao progreso do coñecemento no conxunto do territorio, polo que propostas de novidade e vangardistas no ámbito da investigación son moi valoradas; segundo, que o coñecemento xerado se difunda convenientemente e xere impacto, co que os medios, as revistas, nos que se publicarán os resultados, posúen así mesmo moita importancia e, terceiro, que poda contribuír a un mellor goberno e á resolución de problemas graves, de aí a significación da transferencia social e aos actores. Débese pensar como referente na escala estatal, aínda cando o proxecto só elixa estudos de caso ben xustificados en dúas rexións ou provincias próximas, procure exemplos paradigmáticos dunha situación e estableza diálogo preferente cos responsables públicos próximos á universidade ou centro de investigación onde se traballa.

Na nosa argumentación, procúrase disuadir de prácticas pouco favorables. Moitas veces estamos afeitos a investigar no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, o que é perfectamente normal e aconsellable. Pero tamén en ocasións, como efecto negativo e no superado da crise, o goberno rexional non abre convocatorias públicas de investigación ou cando o fai son menos interesantes. Isto é unha realidade, pero non pode conducirnos a que tratemos de exportar un proxecto ou un problema de investigación dunha escala moi concreta a un Plan Estatal que no seu preámbulo define uns obxectivos científicos ambiciosos, de Estado-nación. Tampouco se pode caer no erro oposto, de que diante da imposibilidade de conseguir financiamento europea se tome a convocatoria da AEI como unha primeira tentativa de proxecto dirixido ao programa H2020 da Unión Europea. Pódese avanzar nesta dirección traballado o caso español e procurando que, mediante a coordinación con outros grupos similares de nacións próximas, sirva para articular unha proposta que logo se dirixa ao nivel de resolución supranacional. Moitos grandes grupos de investigación, e a xeodemografía é un bo exemplo desa práctica, fixérono. Analizar o seu funcionamento e éxitos pódenos axudar

moito para a colleita de crecentes resultados positivos no noso labor investigador en tempos de dificultades e competencia aguda.

6.- Conclusión

Ao longo destas páxinas, tratouse de narrar unha experiencia como avaliador e coordinador das avaliacións da AEI e do Plan Nacional de I+D que se estende máis de dez anos de forma xeral e varios de forma intensa. Procúrase comentar o que aprendemos e prever dalgúns erros frecuentes nos que se pode caer no momento de elaborar as memorias técnicas de investigación. En calquera caso, tamén se debe ter en conta que moitos proxectos aceptables ou medianamente bos quedan ao borde da súa concesión porque os fondos destinados a I+D en Ciencias Sociais en España son moi limitados. Para estes casos, recoméndase abertamente estudar qué defectos ou insuficiencias detectaron os avaliadores/as e corrixilos na medida do posible, o que posibilitará un bo resultado un ou dous anos despois.

Como se tratou de explicar no texto, débese ser consciente de que moitas veces o problema non está tanto na calidade da proposta investigadora como na enorme escaseza de fondos para I+D que afrontan as Ciencias Sociais en España. O nivel autonómico de promoción da investigación académica quedou maltreito coa crise, e aínda no se recuperou nos últimos exercicios. Esta realidade acrecentou as disparidades interterritoriais e conduciu a moitas propostas interesantes cara o nivel estatal, que viu sufrindo notables restricións e unha acción gobernamental que antepuxo un bo número de sectores antes que a investigación, a pesar dos compromisos asinados no marco da UE (en especial, as Estratexias 2020 e 2030). Como corolario de todo, na AEI, fronte á escaseza de fondos as áreas de coñecemento máis poderosas (ciencias experimentais e el ámbito bio-sanitario) reaccionaron defendendo a súa posición de privilexio, que soe condenar ás Ciencias Sociais e ás Humanidades a unha dispoñibilidade orzamentaria reducida.

A situación é mala e require dunha reformulación fonda das políticas de I+D en España e dun consenso partidario amplo para que isto poda levarse a cabo. Como un pacto polo I+D semella lonxe na actual conxuntura parlamentaria, e como algunhas Comunidades Autónomas (de xeito moi especial o País Vasco) si desenvolveron ou están tentando construír unha auténtica política de investigación e innovación, para o resto dos investigadores en Ciencias Sociais, en concreto en Xeografía e en Xeodemografía, só queda o recurso prioritario a presentarse a un Plan Nacional que, sen dúbida, irá pouco a pouco incrementando os seus recursos nos próximos anos. Polo tanto, as recomendacións aquí efectuadas tratan de corrixir algúns erros que se producen ao redactarse as memorias técnicas e mellorar os resultados. A marxe para obter un bo financiamento non vai ser moito máis amplo, pero sempre cabe unha posibilidade de mellora nas propostas e, a partir delas, de estruturación de unidades investigadoras solventes, competitivas e sostibles no seu financiamento durante un número respectable de anos.

Bibiografía

Aja Fernández, E. (1999). *El Estado Autonómico. Federalismo y hechos diferenciales*. Madrid: Alianza Editorial.

Gutiérrez Puebla, J. (2013). Los medios de difusión de la investigación. En T. Lasanta y J. Martín Vide (Coords.), *La Investigación Geográfica en España (1990-2012)* (pp. 205-221). Madrid: AGE y CSIC.

Lasanta, T. e García Ruíz, J.M. (2013). La producción de la geografía española a través de las bases de datos Scopus e ISI. En T. Lasanta y J. Martín Vide (Coords.), *La Investigación Geográfica en España (1990-2012)* (pp. 221-235). Madrid: AGE y CSIC.

Latour, B. (1993): *Petites leçons de sociologie des sciences*. París: La Découverte.

Olcina Cantos, J. e Lois González, R.C. (2013). Grupos y redes de investigación en la Geografía española. De la investigación individual a la investigación multidisciplinar. En T. Lasanta e J. Martín Vide (Coords.), *La Investigación Geográfica en España (1990-2012)* (pp. 119-142). Madrid: AGE y CSIC.

Sánchez Aguilera, Mª.D. (2013). La investigación y los investigadores en Geografía en cifras. Una aproximación. En T. Lasanta y J. Martín Vide (Coords.), *La Investigación Geográfica en España (1990-2012)* (pp. 43-59). Madrid: AGE y CSIC.

Galicia: los territorios en riesgo de despoblación

Francisco R. Durán Villa
Universidade de Santiago de Compostela
francisco.duran@usc.es

Maria José Piñeira Mantiñán
Universidade de Santiago de Compostela
mariajose.pineira@usc.es

Ramón López Rodríguez
Universidade de Santiago de Compostela
ramonlopez.rodriguez@usc.es

1. Introducción

A pesar de que Galicia es una región urbana, en la que el 70% de su población y el 75% de su riqueza se concentran en el Eje Atlántico desde Ferrol hasta la frontera con Portugal, el medio rural sigue estando muy presente (Lois González y Pino Vicente, 2015), por la ocupación singular del territorio, caracterizada por el volumen y dispersión de los asentamientos de población, y, por los procesos de despoblación que está sufriendo, que exigen nuevas políticas e iniciativas de cara a dinamizarlo y hacerlo sostenible en el siglo XXI. En esta aportación al homenaje que organiza el Grupo ANTE (Grupo de Investigación en Análisis Territorial) a los profesores Julio Hernández Borge y José Manuel López Andión, los autores, desde el agradecimiento personal y el afecto, hemos optado por aunar sus dos líneas principales de investigación social —la geografía de la población y la geografía rural respectivamente—, desde sus tempranos y novedosos trabajos (Hernandez Borge, 1974) y (López Andión, 1979), analizando los procesos de despoblación en el mundo rural gallego, un mundo de viejos que todavía le queda mucho que avanzar para convertirse en un mundo preparado para los mayores.

Son numerosas las investigaciones que ponen de manifiesto el proceso de envejecimiento y de la decadencia del rural tradicional, donde la actividad económica agropecuaria va desapareciendo de forma progresiva ─de ahí el impulso reciente para su reactivación (BOE, 2021)─ (Beiras, 1967) (Hernández Borge, 2006) (Hernández Borge y López Andión, 2000), pero también existen otros estudios que lo analizan desde una perspectiva de cambio y como el fin de un proceso de un proceso de transformación iniciado hace muchas décadas desde planteamientos desarrollistas, y ahondan en el conocimiento y en la difusión de un rural que evoluciona consciente de su futuro y apuesta por la innovación y la reactivación económica acorde con el potencial endógeno y desde criterios de sostenibilidad (Lois González R., 2000) (Paül Carril, 2015). Está claro que las lógicas urbanizadoras de los últimos cincuenta años han determinado profundos cambios en los espacios rurales, pero hay que pensar que el rural gallego es cada vez más heterogéneo, y que, a pesar de que existen unas periferias afectadas por una profunda crisis demográfica y económica, otros espacios son resilientes y llevan años intentado adaptarse poniendo en práctica fórmulas de economía social, apostando por una agricultura y una ganadería ecológica y sostenible, por un turismo rural sostenible, desde el emprendimiento y con una perspectiva de equidad de género.

Los criterios para delimitar los ámbitos rural y urbano son numerosos y variados, desde los estrictamente demográficos, basados por lo general en el establecimiento de umbrales de población combinados, por lo general, con la densidad de habitantes por km², pasando por la utilización del municipio o la entidad de población, hasta aquellos que incluyen otras dimensiones más cualitativas para ofrecer una visión más amplia y heterogénea del territorio, como pueden ser las oportunidades de empleo o la provisión y accesibilidad a servicios y equipamientos. Una variedad que está en relación con las distintas percepciones que existen sobre los elementos que caracterizan y definen el rural y la "ruralidad" (ecogeográficos, económicos, culturales, etnográficos, etc.), con la dificultad de recopilar datos relevantes a escalas municipal e inframunicipal (MARM, 2009), y con las trasformaciones socioeconómicas que han tenido lugar en los últimos años (mejoras en el transporte, empresas innovadoras, tecnologías de la información y la comunicación, etc.) y el cambio en los modos de vida, que han difuminado los límites entre lo urbano y rural, tejiendo nuevos vínculos entre ambos espacios por una creciente demanda recíproca.

La complejidad para definir el término rural, tanto desde una óptica de confrontación como desde la diversidad y complementariedad entre ambos espacios (Saraceno, 2013), es extensible la delimitación, tanto con criterios cuantitativos como cualitativos. En relación con los demográficos, los más tradicionales, la OCDE y Eurostat, introducen como criterio la densidad (<150hab/km2 y <100hab/km2, respectivamente), para superar el del tamaño *strictu sensu*. Ambos aparecen recogidos en la Ley 45/2007 de desarrollo sostenible del medio rural que establece como umbrales referenciales los 5.000 habitantes y una densidad inferior a los 100 hab/km² (art. 3) rebajando a la mitad el criterio tradicional del INE que catalogaba como rurales aquellos municipios con menos de 10.000 habitantes. No obstante, de acuerdo con el Instituto también se emplea el límite de los 2.000 para los rurales en estudios de desarrollo local, siguiendo el criterio tradicional francés y las recomendaciones de las Naciones Unidas (ONU, 1998), y se considera como áreas intermedias las que se sitúan entre ambas cotas. Algunos autores proponen incluir dentro de la categoría de rurales a aquellos municipios que superan el umbral establecido para rural, *pero no tienen en su interior ninguna entidad de población que alcance dicho tamaño. De este modo evitaremos la consideración de urbano o intermedio a aquellos municipios que son una agregación de núcleos de pequeño tamaño. Esta nueva medida nos permite afinar algo más el concepto rural y su concreción recibe el nombre de "municipio rural ampliado"* (Sancho Comíns & Reinoso Moreno, 2012). En el caso gallego el límite de los 2.000 para el municipio puede ser utilizado al haber sido aceptadas las villas en su conjunto como parte del sistema urbano (Rodríguez González, 1999), pero con matizaciones de acuerdo con su localización en el espacio, pues con el reconocimiento de las villas urbanas de montaña, la cota ha descendido hasta los 1.000 habitantes (Lois González R. C., Hábitat rural, 2019). No obstante, *la utilización del municipio en lugar de la entidad de población produce distorsiones importantes en las provincias gallegas y en el Principado de Asturias y, en menor medida, en el resto de provincias de la cornisa cantábrica y Murcia, donde existe una gran dispersión de la población municipal en distintas entidades* (Sancho Comíns y Reinoso Moreno, 2012)

Según el Padrón de habitantes de 2020 (Tabla 1) en España los municipios de 2.000 o menos habitantes acogen un total de 2.675.792 individuos que representan el 5,5% de la población total, un porcentaje que dista mucho del 11% que alcanzaba en 1970. Las Comunidades Autónomas con una mayor representación son las de Castilla León

─donde un 32% de los municipios tiene menos de 101 habitantes y el 94,4% menos de 2.000 habitantes─, La Rioja (80,6%) y Castilla-La Mancha (37,7%). En Galicia son un total de 118 municipios (37,7% del total), en los que residen actualmente 5.872 habitantes (5,31%). Destacan por su número las provincias de Ourense y Lugo con 68 y 29 municipios respectivamente, en los que viven el 24,94% y 11,27% de sus efectivos, mientras que A Coruña (16) y Pontevedra (5) son las que menos tienen) y, en consonancia, sólo acogen 2,08% y al 0,74% de sus poblaciones respectivamente.

Tabla 1. Número de municipios según el tamaño de población por Comunidades Autónomas en 2021. Fuente: IGE. Estadística del Padrón Continuo. Elaboración propia

	Total municipios	**< 101**	**101-500**	**501-1.000**	**1.001-2.000**	**2.001-5.000**	**5.001-10.000**	**Total < 2.000**	**% < 2.000**	**Total < 10.000**	**% < 10.000**
Total Nacional	8.131	1.380	2.615	1.007	869	949	552	5.871	72,2	7.372	90,7
Andalucía	785	2	107	110	112	196	105	331	42,2	632	80,5
Asturias	78	0	8	10	21	10	10	39	50,0	59	75,6
Islas Balears	67	0	2	4	6	15	16	12	17,9	43	64,2
Canarias	88	0	0	1	9	17	19	10	11,4	46	52,3
Cantabria	102	2	16	19	17	26	12	54	52,9	92	90,2
Castilla y León	2.248	720	1.080	209	112	67	37	2.121	94,4	2.225	99,0
Castilla-La Mancha	919	262	271	108	100	100	41	741	80,6	882	96,0
Cataluña	947	34	298	154	107	142	89	593	62,6	824	87,0
Comunidad Valenciana	542	23	121	77	78	86	56	299	55,2	441	81,4
Extremadura	388	8	116	94	82	53	22	300	77,3	375	96,6
Galicia	313	0	6	31	81	84	56	118	37,7	258	82,4
La Rioja	174	64	69	11	9	12	4	153	87,9	169	97,1
Madrid	179	8	19	17	21	33	30	65	36,3	128	71,5
Murcia	45	0	1	1	3	3	6	5	11,1	14	31,1
Navarra	272	47	105	37	22	40	9	211	77,6	260	95,6
País vasco	251	0	62	38	45	33	29	145	57,8	207	82,5

Si ampliamos la horquilla a los 10.000 habitantes las Comunidades que destacan siguen siendo las mismas, pero su participación relativa asciende a valores que superan el 96% en Castilla-La Mancha, La Rioja y Castilla-León, que alcanza el 99%. Galicia se sitúa en torno a un 82,4%, si bien llama la atención que en esta ocasión los municipios afectados superan el 90% en las provincias de Lugo y Ourense, mientras que descienden en A Coruña (78,5%) y Pontevedra (60,7%).

Todos estos municipios rurales sufren un problema demográfico. Desde hace unas décadas ven perder población año tras año y algunos presentan, como veremos, unas cifras muy exiguas. Incluso las villas comarcales y las parroquias cabecera municipales también se han incorporado a este proceso, lo que nos está indicando la existencia de importantes cambios funcionales en estos núcleos que tienen repercusiones inmediatas

sobre la ciudadanía, sobre todo en lo que, a prestación de servicios especializados se refiere, servicios que se alejan cada vez más de los administrados en espacios con infraestructuras de comunicación deficientes y con problemas de dependencia y accesibilidad por las edades avanzadas de los que se han quedado. Galicia, afectada por una emigración secular, no fue ajena a las consecuencias demográficas y territoriales derivadas de las políticas de aglomeración del desarrollismo, cuyas últimas consecuencias se están materializando en estos momentos con el sobreenvejecimiento, el "vaciado" y abandono del medio rural. Para conocerlo de cerca, recorreremos el cambio demográfico español para adentrarnos en la vejez y el envejecimiento gallego, para concluir con la elaboración de un mapa de riesgo de despoblamiento de acuerdo con un conjunto variables.

2. El cambio demográfico en España

Muchos han sido los cambios que ha experimentado la población en España y en particular en Galicia desde mediados de los años 1970, coincidiendo en el tiempo con el tránsito de la dictadura al sistema democrático actual. Si significativa fue la transición política, no menos relevantes han sido las modificaciones demográficas, caracterizadas fundamentalmente por un incremento constante del volumen de efectivos (de 35.750.033 a 47.394.223 habitantes entre 1975 y 2021, respectivamente) a expensas de los aportes compensatorios del saldo migratorio positivo[1] a un crecimiento vegetativo en descenso y por la aceleración del ritmo de cambio de su estructura, es decir, de su composición por edad, sexo y actividad laboral principalmente. Un proceso que se materializan en un progresivo envejecimiento, una feminización creciente –en particular de la vejez– y una terciarización del empleo y de la economía en un contexto de globalización, que están siendo responsables directos de importantes transformaciones socioeconómicas y culturales, cuyos efectos también se dejan sentir en el cambio de mentalidades, valores y cultura cívica de los españoles.

CE), urbanismo (art. 27. 3 do EAG[3]), ordenación do litoral[4] e competencias de execución no referente á pesca en augas interiores, acuicultura (art. 27.15 do EAG), certos tipos de vertidos (art. 29.4 do EAG) e noutros ámbitos de carácter lateral na temática que nos ocupa[5]. Polo seu lado, os Concellos posúen competencias no territorio litoral, por medio das facultades que lles atribúen a lexislación de solo e a de réxime local[6]. Agora ben, debemos resaltar desta armazón competencial pola súa evidente relevancia, a competencia esencialmente autonómica sobre ordenación do territorio. Non obstante, as CC.AA. contemplarán as competencias concorrentes doutras Administracións, sen que a Central poida verse privada do exercicio das súas propias competencias específicas. Nos supostos de entrecruzamentos de competencias, débese acudir, en primeiro lugar, a fórmulas de coordinación ou concertación, buscándose aquelas solucións en que se consiga optimizar o exercicio de ambas competencias. Para o caso de que as canles mencionadas resulten insuficientes para a resolución dalgún conflito, o Tribunal Constitucional sinala que "a decisión corresponderá ao titular da competencia prevalente". Partimos, polo tanto, dun modelo de organización administrativa do litoral escasamente operativo, contrario ao principio de subsidiariedade, onde as iniciativas de ordenación seguen a liña descendente e non a ascendente como debería seguir a xestión turística do litoral (proximidade de xestión ao cidadán, fomento da participación dos distintos axentes sociais...) (Patiño Romarís, 2016). En definitiva, atopámonos ante unha concorrencia competencial que "aboca inevitablemente ao conflito ou cando menos á tensión" (González Mariñas, 2001: 252) e, con iso, formula un arduo problema de articulación para os xestores dos destinos turísticos.

O ordenamento xurídico do litoral en Galicia caracterízase basicamente pola súa complexidade, son moitas as disposicións normativas que inciden directamente sobre o litoral e que se deseñaron illadamente. Esta descoordinación das Administracións competentes sobre actividades relevantes no litoral galego provocou moitos problemas (Patiño Romarís, 2016). Sectores tan diversos como a protección de espazos naturais, a agricultura, a pesca e acuicultura, a defensa, a enerxía, a industria, os portos, o transporte, o urbanismo, o turismo, etc. desenvolvéronse baixo ópticas non sempre compatibles co

[3]Estatuto de Autonomía de Galicia; Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE nº 101, do 28/4/1981).

[4]Os art. 137 e 140 da Constitución Española de 1978 e a lexislación sobre réxime local (art.12 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; arts. 2 a 9 do Texto Refundido de Réxime Local, aprobado por Real-Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; art.1.1 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento de Poboación e Demarcación territorial das Entidades Locais) recoñecen aos municipios plena autonomía para a xestión dos intereses que lle son propios así como o dereito a intervir, dentro do seu ámbito territorial, en cantos asuntos afecten directamente, tamén, ao círculo dos seus intereses propios.

[5]"Os portos (...) non cualificados de interese xeral polo Estado e os portos de refuxio e portos (...) deportivos" (Artigo 27.9 do EAG). Estamos ante unha competencia exclusiva especialmente relevante para a ordenación do litoral e o desenvolvemento turístico galego.

[6]Ademais, dalgunhas competencias residuais (como a explotación de servizos e mantemento das praias). As cales son atribuídas aos municipios en virtude do artigo 115 da Lei de Costas de 1988.

obxectivo da protección ambiental e o desenvolvemento sostible. Unha situación que adquire maior complexidade no estado español toda vez que as competencias sobre os sectores aludidos repártense entre a Administración Central e as CC.AA., sen esquecer as funcións atribuídas ás Entidades Locais. Tendo en conta a finalidade deste traballo, centraremos a nosa análise da normativa estatal e autonómica de ordenación do litoral na de carácter estritamente urbanístico dada a súa especial relevancia na configuración da paisaxe, do hábitat e do poboamento actual do litoral galego.

A lexislación de Solo e a Lei de Ordenación do Territorio constitúen coa normativa costeira (Lei de Costas de 1988[7]) a armazón lexislativa que establecen as regras de actuación para as actividades turísticas á hora de implantarse no espazo litoral galego. De feito, a implantación de desenvolvementos de carácter turístico no litoral galego, veuse producindo baixo responsabilidade municipal (Patiño Romarís, 2019). Ante a falta dunha ordenación integrada do espazo litoral, o proceso de crecemento e conformación do modelo turístico dos principais destinos galegos como Sanxenxo, O Grove, ... durante o pasado século XX foi afrontado desde a planificación de carácter urbano municipal; actuacións dispares que configuraron unha variada gama de paisaxes degradados de nula homoxeneidade. Posteriormente, tanto a LASGA (Lei de adaptación da Lei do solo a Galicia)[8] como a Lei do Solo de 1997[9] pretenderon "(…) de forma timorata e moi moderada, reconducir as prácticas non controladas de edificación do territorio que caracterizaran a Comunidade Autónoma nos 1960 e 1970" (Lois e Aldrey, 2010: 602). Nun litoral galego onde as dispoñibilidades de auga son abundantes e unha ampla maioría da poboación é propietaria dalgún terreo, a proliferación como a dispersión das edificacións son unha realidade ante a falta dun control eficaz. Se a isto engadimos o crecemento económico da segunda metade do século XX e o auxe do turismo residencial cada vez en maiores tramos do litoral galego, temos enunciada a causa do problema (Patiño Romarís, 2019). Un problema ao que hai que engadir a tendencia á autoconstrución no territorio galego, o que provocou o florecemento dun heteroxéneo conxunto de edificacións, con desigual gusto, que deron lugar ao que popularmente se denomina *feísmo* (VV.AA., 2006). Un fenómeno que reflicte o descontrol urbanístico do territorio que as permisivas LASGA de 1985 e a Lei de 1997 puideron moderar, pero en ningún caso erradicar (Lois e Aldrey, 2010). Un plan urbanístico deficiente que se intentou reconducir coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia[10] e en especial coas modificacións introducidas en

[7]"Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº181, de 29 de julio de 1988. Modificada pola "Ley 2/2013, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas". BOE nº129, de 30 de mayo de 2013.

[8]"Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da Lei do solo a Galicia". BOE nº257, do 26/10/1985.

8"Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia". BOE nº103, do 30/4/1997.

[9]"Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia". BOE nº103, do 30/4/1997.

[10]"Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia". BOE nº18, do 21/1/2003.

2004[11] e en 2007[12]. Unhas normas urbanísticas que endureceron as regras de xogo para volver de novo á permisividade máis absoluta coa Lei 2/2010[13]. Este novo xiro normativo cara á permisividade foi escasamente útil no contexto da crise económica deses intres, caracterizado pola paralización construtiva xeneralizada e a existencia dun enorme stock de vivendas.

Polo tanto, o plan urbanístico actuou e configúrase na actualidade como o instrumento con máis transcendencia na ordenación do litoral galego, o que define usos e intensidades na estruturación do espazo litoral. Plan, ordenación urbanística do solo que regula usos/actividades e a edificación, que en todo caso, respectará as prohibicións establecidas na zona marítimo-terrestre[14]. Competencias normativas dos municipios que derivan da CE e do EAG e que foron recoñecidas dentro da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia[15]. Agora ben, atopámonos con deixamento por parte da administración local municipal galega á hora de exercer as devanditas competencias e elaborar as súas normas de plan urbanas. Boa proba de todo iso é a escasa adaptación dos municipios á Lei do Solo de Galicia que, máis alá do desleixo de determinados municipios ou da dificultade de dotarse dun documento de plan co visto e prace da Administración autonómica, reflicten claramente o pouco arraigamento popular que a Ordenación do Territorio e o acatamento das normas urbanísticas teñen entre a maior parte da poboación (Lois e Aldrey, 2010). Todo iso tradúcese frecuentemente nunha relaxación nas normas municipais, na súa pouca eficacia ou mesmo inexistencia. De feito, foron moitos os municipios que iniciaron un proceso de tramitación dun PXOM (Plan Xeral Ordenación Municipal) nos últimos anos e que tiveron moitos problemas para lograr que dende o goberno autonómico se informase favorablemente para que entrase en vigor. Por outro lado, cremos tamén, que nestas diverxencias entre administracións para aprobar novos plans municipais incide que existan

[11]"Lei 15/2004, de 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia". BOE nº29, do 3/2/2005.

[12]"Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia". BOE nº137, do 8/6/2007.

[13]"Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia". BOE nº174, do 19/7/2010.

[14]"Todos os terreos dun termo municipal son competencia municipal en materia de urbanismo. De feito, incluso as superficies cualificadas como dominio público marítimo-terrestre teñen que estar integradas nalgún dos tipos básicos de solo, previstos na correspondente ordenación urbana. Coa excepción, das praias (art. 31. b da Lei de Costas de 1988) que estarán reservadas ao uso común xeral e unicamente poderanse asentar nelas actividades e instalacións que pola súa natureza non poidan ter outra localización (art. 32.1 da Lei de Costas de 1988), estando de calquera xeito prohibidas as utilizacións para usos residenciais ou habitacionais, execución de vías de transporte interurbanas e áreas de servizo, actividades que impliquen destrución de depósitos de áridos, o tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión, a vertedura de residuos sólidos e augas residuais sen depuración e a publicidade (art. 32.2 en relación co art. 25 da Lei de Costas de 1988).

[15]Artigo 80.2 da "Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia". BOE nº237, do3/10/1997).

gobernos de cor política diferente; intereses económicos máis ou menos espurios; e por suposto aspectos derivados do modelo de crecemento, agora freado, e do financiamento municipal, que descansa habitualmente sobre o urbanismo (Lois e Aldrey, 2010). De todos os xeitos, esta situación mencionada parece cambiar aos poucos de signo; de feito, axilizouse a aprobación de PXOM por parte da Comunidade Autónoma. Así, segundo os datos manexados nun estudo realizado por Lois e Aldrey (2010) durante o período 2008-2010 entraron en vigor 29 PXOM en Galicia (máis do 9% dos municipios). Este cambio produciuse no punto máis álxido da crise inmobiliaria, cunha caída vertixinosa no número de vivendas novas visadas. Un estalido da burbulla inmobiliaria que fixo entrar en razón a moitos xestores locais e reorientar os documentos en fase de redacción cara a perspectivas máis reais de como debe ser o modelo territorial municipal do futuro. Agora ben, a pesar do cambio de dinámica apuntado, o certo é que nos municipios galegos litorais aparecen figuras ou instrumentos de ordenación urbanística herdeiros de lexislacións que retrotraen mesmo á Lei do Solo de 1975[16]. Actualmente son poucos os municipios galegos do litoral que acomodaron o seu plan á normativa urbanística actualmente vixente (Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia)[17]. Finalmente, sinalar o que o Plan Básico Autonómico (PBA) de Galicia de 2018[18] ven a complementar o novo marco lexislativo urbanístico galego[19]. No desenvolvemento do PBA redactaranse os plans básicos municipais para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan cun instrumento de plan urbanístico xeral, dando así cumprida resposta á necesidade de dotar dunha ordenación básica á totalidade dos concellos de Galicia. No que atinxe ao alcance das súas determinacións, o PBA será de aplicación nos concellos que carezan de plan xeral e terá carácter complementario do plan municipal naqueles concellos que dispoñan do mesmo, para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do plan municipal vixente.

Concluíndo, o desenvolvemento turístico dentro do espazo galego estivo condicionado esencialmente por determinacións políticas de carácter sectorial e, especialmente, de carácter urbanístico. Resultando uns plans onde a énfase se pon na maior dotación posible de solo urbanizable co obxecto de favorecer o crecemento residencial, sen ter en conta todas as súas implicacións territoriais posteriores. Unha excesiva dotación de solo urbanizable propiciada pola escaseza de medios económicos[20] nos municipios turísticos litorais galegos, para facer fronte ás problemáticas vinculadas ao peso da poboación flotante turística e á súa incidencia

[16]"Ley 19/1975, de 2 de mayo, de reforma de la Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana". BOE» nº107, de 5/5/1975.

[17] "Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia". BOE nº81, do 4/4/2016.

[18]"Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia". DOG nº162, do 27/8/2018.

[19]O PBA substitúe ás Normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais aprobadas no ano 1991.

[20]Teñamos presente que a Lei 39/1988 reguladora das facendas locais, non recoñece á poboación flotante á hora de asignar as transferencias de capital ás entidades municipais desde os tributos do Estado. A participación nos ingresos do Estado determínase basicamente en función da poboación censada. Por tanto, os tributos directos de carácter municipal (especialmente o IBI, IAE e Circulación de Vehículos) non garanten a autofinanciación, quedando como último recurso o endebedamento que en ocasións excedeu os límites aconsellables.

na ordenación territorial (Patiño Romarís, 2003). Un plan urbanístico que propiciou o desenvolvemento dun modelo turístico de carácter residencial en amplos sectores do litoral galego. Un desmesurado crecemento urbanístico configurado basicamente de forma lineal na estreita franxa costeira. A situación era tan preocupante en todo o litoral galego que a Xunta de Galicia aprobou no ano 2007 a supresión de novos desenvolvementos urbanísticos nos terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros "(...) desde o límite interior da ribeira do mar (..)"[21].

Resumindo, a problemática debuxada do plan urbanístico suscitada polo desenvolvemento turístico residencial caracterízase por (Patiño, 2001b: 442):

- ✓ Inexistencia de control nas decisións relativas á localización das áreas turístico residenciais, que levaron a grandes impactos medio ambientais, coa consecuente destrución de importantes recursos turísticos potenciais e a creación de auténticos conglomerados de vivendas secundarias froito da conxunción de actuacións illadas, cunha nula integración co medio no que se insiren. É dicir, unha falta total de control no crecemento das áreas turísticas, con densidades en certos tramos superiores á capacidade de acollida física do territorio e unha desafortunada integración paisaxística das actuacións. Especialmente, nos sectores de primeira liña de costa, onde os efectos máis visibles están relacionados con procesos que podemos cualificar como de "privatización" do uso do domino público marítimo-terrestre. Así, cabe sinalar como procesos máis frecuentes: a privatización do uso das praias con espazos lindeiros densamente edificados polos titulares das vivendas; a privatización por inexistencia de accesos, resultado do caso omiso que os instrumentos de ordenación urbanística mostraron con respecto á prescrición legal acerca da servidume de paso[22], situación que permite na práctica a existencia de enclaves de litoral ao servizo exclusivo dos propietarios das edificacións lindeiras; degradación do dominio público marítimo terrestre como resultado da conformación de auténticas "pantallas arquitectónicas" de edificios, que entre os seus efectos negativos de carácter medioambiental cabe destacar pola súa significación a privación dun bo número de horas durante o día de sol[23] en determinadas praias;... En conclusión, podemos afirmar que os desmáns urbanísticos na zona contigua ao dominio público son especialmente evidentes en determinados sectores do litoral galego (Ría de Pontevedra, Ría de Vigo, Golfo Ártabro, ...) e orixinaron un claro proceso depreciación da calidade do produto turístico ofertado dentro dun mercado cada vez máis competitivo e sensible ás cuestións de orde medioambiental (Patiño, 2005).
- ✓ A irracional distribución e localización de usos e sistemas. Así, a edificación non foi acompañada dun proceso simultáneo de dotación de infraestruturas e equipamento colectivo (problemas de contaminación acústica, conxestión de tráfico, falta de aparcadoiros, deficiencias na sinalización, ...).

[21]Artigo 3.1. da "Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia". DOG nº94, de 16 de maio de 2007.

[22]Suscitada como obrigatoria desde a Lei de Costas de 1969 (art. 4.7).

[23]O sol é un elemento constitutivo do dominio público marítimo terrestre (Moreno, 1990). E, ademais, o sol é un produto turístico como compoñente esencial do turismo de "sol e praia".

- ✓ Pasividade da administración municipal ante a parcelación e edificación incontrolada que tivo e ten lugar preferentemente en primeira liña de costa. Todo isto consciente que a construción de chalés, bloques de apartamentos,... de forma máis ou menos controlada incrementa os ingresos municipais e crea postos de traballo, polo menos momentaneamente.
- ✓ Ausencia dunha ordenación territorial capaz de conxugar os usos agrarios cos residenciais. Producíndose, en ocasións, unha clara inadecuación dos usos do solo respecto da vocación e tolerancia dos ecosistemas.
- ✓ A destrución de áreas de singular valor paisaxístico e ambiental. Acompañada con frecuencia de desafortunados modelos de implantación e de tipoloxía edificativa urbana.A concentració
- ✓ n de edificacións produciu danos irreparables na configuración urbana tradicional de determinadas vilas do litoral galego; onde o abuso da tipoloxía de construción pechada entre medianeiras deu lugar á masificación da edificación en pouco espazo.

3. Oferta turística residencial e dinámica territorial nos municipios turísticos litorais galegos

A expansión do uso residencial do solo, das residencias secundarias, ten unha clara proxección espacial nas modificacións rexistradas desde inicios do século XXI na organización do territorio litoral galego (Patiño Romarís, 2019). Un litoral galego (Figura 1) que estivo afastado tradicionalmente do desenvolvemento urbanístico residencial ligado ao produto turístico de "sol e praia", salvo sectores moi concretos (marxe norte da Ría de Pontevedra[24], os municipios de Baiona[25] e Nigrán na órbita urbana de Vigo, Oleiros e Sada na zona de influencia da cidade de A Coruña[26], ...) o que lle concedeu certa singularidade dentro do conxunto que conforma o litoral español. De feito, debido basicamente ao seu encravamento territorial, o litoral galego saíu case intacto da febre inmobiliaria dos anos 80

[24]Neste sentido, recomendamos a lectura do libro: Patiño Romarís, C. A. (2001a). No mesmo, abordamos o estudo do desenvolvemento turístico residencial na marxe norte de Ría de Pontevedra a inicios da década dos noventa do século XX. Un desenvolvemento que responde a dous modelos diferentes neste mesmo espazo. Por unha lado, Sanxenxo, especialmente, e Poio cun modelo de proliferación de residencias espontáneo, non planificado, que en calquera caso derivou na apropiación virtual de certos tramos da costa. Por outro, O Grove onde o desenvolvemento residencial estivo determinado pola posta en marcha de urbanizacións residenciais na décadas de 1960 e 1970. Un modelo vinculado en boa medida ao desenvolvemento pionero da oferta na Illa da Toxa. Para un maior coñecemento deste proceso, véxase: Patiño Romarís, C. A. (2002a).

[25]Santos Iglesias (2002).

[26]Penas Murias (1987) reflexiona sobre o desenvolvemento incipiente residencial nos anos 80 do século XX nos municipios de Oleiros e Sada propiciado polo seu atractivo paisajístico e indudablemente a proximidade da cidade da Coruña. Especialmente interesante é o seu terceiro capítulo onde se aborda un estudo novedoso en Galicia, naqueles momentos, sobre a expansión residencial secundaria desde o punto de vista do seu morgfología e estilos de ocupación do territorio.


e 90 que esnaquizou outras zonas do litoral. Galicia era unha zona recóndita e de moi difícil acceso cuns tempos de viaxe elevados e cunhas estradas que se situaban á cabeza en índices de sinistralidade. Esta situación de seudo-illamento mantívose ata a finalización no ano 2002 das autovías do Noroeste e das Rías Baixas. Isto xunto co comezo na mellora da rede viaria interior aliviaron en gran parte os problemas de illamento e mala comunicación. Unhas circunstancias que propiciaron maiores desevolvementos inmobiliarios no espacio litoral. Un litoral onde o prezo era sensiblemente inferior ao doutros puntos litorais españois. Foi a partir de entón cando nas Rías Baixas, na Costa da Morte, ou na Mariña de Lugo, comezaron a florecer urbanizacións de carácter turístico residencial. Este proceso de crecemento das residencias secundarias plasmouse nun deterioro da paisaxe tradicional e nunha excesiva concentración do espacio construido en determinados lugares de boa imaxe turística e adecuada accesibilidade. Unha realidade que queda plenamente reflaxada na evolución do número de residencias secundarias[27] durante o período intercensal 2001-2011. En Galicia este crecemento foi do 33,89%. O litoral galego, no seu conxunto, pasou de albergar 214.790 residencias secundarias no ano 2001 a concentrar 266.312 no 2011. Unha evolución que representa un incremento do 23,99%. Agora ben, dentro do conxunto do litoral tanto a nivel espazos turísticos como municipal observamos comportamentos constrastados (Táboa 1):

- ✓ A Mariña Lucense (78,84%) e a Ría de Arousa (65,29%) son os espazos do litoral galego con maior incremento das residencias secundarias.
- ✓ Os municipios de Malpica (202,88%), Muxía (181,55%), Fisterra (157,25%), Foz (147,78%) e Ribeira (142,07%) son os que experimentan un maior desenvolvemento residencial.
- ✓ Unicamente 13 dos 79 municipios analizados coñecen un retroceso censal no volume da súa oferta residencial de carácter secundario. Dentro dos mesmos, a explicación responde a diferentes causas. Dumbría é o territorio con maior descenso (-193,33%), aínda que cabe argumentar o pouco peso da súa carga residencial secundaria (30 vivendas no ano 2011). Moi significativo é o caso de O Grove (-4,18%), un municipio cun tradicional desenvolvemento turístico residencial de "sol e praia". Os motivos do seu retroceso obedecen basicamente ao cambio de uso das vivendas a principais. Un cambio de dedicación claramente favorecido pola mellora da súa accesibilidade ligada á inaguración da Vía Rápida do Salnés, posteriormente desdobrada en Autovía no ano 2008. A este cambio de uso, tamén responden os casos de Carballo (-6,92%), Pontevedra (-6,01%) e A

[27]Antes de continuar afondando na nosa análise, cremos oportuno sinalar que nos encontramos ante unha tipoloxía de aloxamento turístico de difícil aproximación dado que carecemos de información actualizada sobre o parque de vivendas de potencial uso turístico e se carece dos elementos de valor para deducir cuales son gozadas como tales. Para os efectos deste estudo, seguindo as pautas de DELOITTE/ Área de Estudios e Investigación de (2005), realizamos unha aproximación ao parque de vivendas que polas súas condicións e localización se poden utilizar turisticamente. Con tal obxecto, ao longo do presente traballo de investigación, consideraremos como residencias secundarias non só a aquelas que foron declaradas como *segundas residencias* se non tamén a todas aquelas *baleira*s no momento de realizarse o Censo de Poboación e Vivendas por parte do INE. DELOITTE/Área de Estudios e Investigación de EXCELTUR (2005: 20).

Coruña (-0,71%), municipios con destacados núcleos urbanos. Vigo, aínda que con valores positivos (0,02%), presenta un estancamento da súa oferta residencial que obedece aos mesmos motivos.

Figura 1. Municipios do litoral galego: Espazos turísticos. Fonte: Patiño Romarís (2016).



Táboa 1. Evolución do número de vivendas secundarias[1] en Galicia, a nivel provincial, nos espazos turísticos e nos principais destinos turísticos residenciais muncipais do litoral galego (> 2.000 residencias secundarias. Ano 2011). Perído 2001-2011. Unidade: Número de vivendas. Fonte: Elaboración propia a partir do INE: "Censo de población y vivendas" dos anos 2001 e 2011.

	2001	**2011**	**Δ %**
Ribadeo	1.708	2.403	40,69
Barreiros	1.587	3.533	122,62
Foz	2.566	6.358	147,78
Viveiro	2.906	4.661	60,39
A Mariña Lucense	**11.736**	**20989**	**78,84**
Ortigueira	1.381	2.635	90,80
Cedeira	1.834	2.686	46,46
Valdoviño	1.923	2.693	40,04

Ortegal	**6210**	**9992**	**60,9**
Narón	4.423	4.569	3,30
Ferrol	10.647	11.691	9,81
Ares	1.207	2.926	42,42
Miño	1.633	3.369	106,31
Betanzos	2.203	2.617	18,79
Sada	3.674	4.055	10,37
Oleiros	5.303	5.607	5,73
Cambre	2.838	3.645	28,44
Culleredo	3.282	4.104	25,05
A Coruña	30.040	29.827	-0,71
Arteixo	4.365	5.727	31,20
Golfo Ártabro	**78.568**	**88.166**	**12,22**
Carballo	5.530	5.172	-6,92
Malpica	867	2.626	202,88
Cee	1.348	2.393	77,52
Fisterra	786	2.022	157,25
Costa da Morte	**16.113**	**22.600**	**40,26**
Muros	1.986	2.275	14,55
Noia	2.427	2.818	16,11
Porto do Son	1.851	3.078	66,29
Ría de Muros-Noia	**7.491**	**9.544**	**27,41**
Ribeira	2.798	6.773	142,07
Boiro	2.035	3.654	79,56
Vilagarcía de Arousa	4.494	5.810	29,28
Ría de Arousa	**15.009**	**24.808**	**65,29**
Sanxenxo	8.992	11.059	22,99
O Grove	3.964	3.805	-4,18
Poio	2.264	3.373	48,98
Pontevedra	9.130	8.612	-6,01
Marín	2.604	3.302	26,80
Bueu	1.917	2.714	41,58
Ría de Pontevedra	**28.871**	**32.865**	**13,83**
Cangas	3.830	4.590	19,84
Moaña	1.272	2.499	96,46
Redondela	2.822	3.123	10,67
Vigo	29.119	29.124	0,02
Nigrán	4.317	4.988	15,54
Baiona	3.112	4.445	42,83
Ría de Vigo	**45.384**	**50.742**	**11,81**
A Guarda	1.877	2.395	27,60
Baixo Miño	**5.408**	**6606**	**22,15**
LITORAL GALEGO	**214.790**	**266.312**	**23,99**
A Coruña	161.262	206.262	27,90
Lugo	61.471	88.158	43,41
Ourense	70.402	111.985	59,07
Pontevedra	114.852	139.843	21,76
Galicia	407.987	546.248	33,89

[1]*Consideramos como vivendas secundarias ás incluidas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principais" (secundarias+baleiras)".*

Atendendo aos valores sobre residencias secundarias recollidos no Censo de Poboación e Vivendas 2011 (INE) elaboramos unha serie de indicadores de presión co obxecto de

dimensionar territorialmente a oferta turística residencial no ámbito litoral galego. Empezaremos apuntando que no ano 2011 había censadas no conxunto do litoral galego 266.312 residencias de carácter secundario, o que implica unha oferta total de 1.065.248 prazas[28] (48,43% do total en Galicia). Unha cifra de residencias secundarias que supón que o 30,68% da vivendas no litoral teña carácter secundario, unha densidade de 54,28 residencias secundarias/km² e unha Taxa de Función Residencial (T.F.R.[29]) do 44,28 (Táboa 2). Uns indicadores de presión que reflicten resultados inferiores á media de Galicia, salvo a densidade. A explicación reside nos elevados promedios das provincias de marcado carácter interior de Lugo e Ourense. Dous territorios afectados por un grave problema de despoboamento. Circunstancia, pola cal, o valor máis elevado do indicador de densidade no litoral cobra maior significación por ser este espazo onde se concentra maioritariamente o poboamento galego (54,86% da poboación de feito no ano 2012 e o 54,05% das vivendas). Os espazos turísticos do litoral galego con maior oferta de prazas en residencias secundarias son (Tabla 3): Golfo Ártabro (352.664 prazas), Ría de Vigo (202.968 prazas) e Ría de Pontevedra (131.460 prazas). Nos dous primeiros espazos, estes altos valores responden a que neles se localizan os municipios urbanos de A Coruña (119.308 prazas), Ferrol (46.764 prazas) e Vigo (116.496 prazas). A oferta residencial da Ría de Pontevedra responde a unha maior especialización turística centrada no produto "sol e praia" como demostran os indicadores de "% de vivendas secundarias sobre o total" (35,54) e da T.F.R. (55,14). De feito, nesta Ría, atópase o municipio de Sanxenxo de marcada vocación turística residencial (44.236 prazas). Unha vocación que queda patente tanto no 0,62 do seu indicador "prazas en residencias por poboación de feito" como no valor da súa T.F.R. (189,50) (Táboa 3). Un promedio superado só polos muncipios de Barreiros (1,13) e Foz (0,64). Territorios localizados na Mariña Lucense que sufriron un auténtico "boom inmobiliario" turístico residencial a inicios do século XXI, como testemuña o incremento de vivendas secuncarias rexistrado no Censo de Poboación e Vivendas de 2011 (122,62% e 147,78%, respectivamente) (Táboa 1).

[28]A cada unha das potenciais residencias secundarias computámoslle unha capacidade de aloxamento de catro prazas por vivenda co obxecto de poder aproximarnos aos potenciais niveis de presión humana que inducen sobre o medio do espazo litoral. Trátase dun valor de asignación empregado e asumido noutros traballos efectuados (Patiño Romarís, 2001a; Patiño Romarís, 2002).

[29]T.F.R.= Rs X 100 / Rp
onde:
TFR é a Tasa de Función Residencial;
Rs é o número de vivendas secundarias;
Rp é o número de vivendas principais

Táboa 2. Oferta turística residencial e indicadores de presión en Galicia, por provincia e no coxunto do litoral. Ano 2011. Fonte: Elaboración propia a partir do INE: Padrón municipal de habitantes (2012) e Censo de Poboación e Vivendas (2011). Datos superficie (km²): IGN (Instituto Geográfico Nacional).

	Número de vivendas secundarias[1]	**% vivendas secundarias sobre o total**	**Densidade (vivendas secundarias por Km²)**	**T.F.R.**	**Oferta de prazas en residencias secundarias[2]**	**% total Galicia**
A Coruña	206.262	31,89	25,94	46,84	825.048	37,76
Lugo	88.158	39,33	8,94	64,87	352.632	16,14
Ourense	111.985	45,51	15,40	83,58	447.940	20,50
Pontevedra	139.843	28,60	31,11	40,07	559.372	25,60
Galicia	546.248	34,01	18,47	51,57	2.184.992	100
LITORAL GALEGO	266.312	30,68	54,28	44,28	1.065.248	48,75

[1]Consideramos como vivendas secundarias ás incluidas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principias (secundarias+baleiras)".[2]Oferta prazas en residencias secundarias= nº vivendas secundarias X 4.


Táboa 3. Oferta turística residencial e indicadores de presión en Galicia: Espazos turísticos e muncipios do litoral galego (> 2.000 residencias secundarias). Ano 2011. Fonte: Elaboración propia a partir do INE: Padrón municipal de habitantes (2012) e Censo de Poboación e Vivendas (2011). Datos superficie (km²): IGN (Instituto Geográfico Nacional).

	Número de vivendas secundarias[1]	% vivendas secundarias sobre o total	Densidade (vivendas por Km²)	Residencias secundarias/ Poboación de feito	T.F.R.	Oferta prazas residencias secundarias[2]	% sobre total do litoral	% total Galicia
Ribadeo	2.403	36,96	22,07	0,24	58,74	9.612	0,90	0,44
Barreiros	3.533	74,60	48,80	1,13	293,68	14.132	1,33	0,65
Foz	6.358	62,65	63,39	0,64	167,85	25.432	2,39	1,16
Viveiro	4.661	42,55	42,64	0,29	74,13	18.644	1,75	0,85
A Mariña Lucense	**20.989**	**47,38**	**28,97**	**0,35**	**90,13**	**83.956**	**7,88**	**3,84**
Ortigueira	2.635	49,17	12,55	0,40	96,95	10.540	0,99	0,48
Cedeira	2.686	50,34	31,45	0,37	101,44	10.744	1,01	0,49
Valdoviño	2.693	50,97	30,53	0,39	103,98	10.772	1,01	0,49
Ortegal	**9.992**	**48,76**	**19,48**	**0,38**	**95,23**	**39.968**	**3,75**	**1,83**
Narón	4.569	22,72	68,30	0,12	29,49	18.276	1,72	0,84
Ferrol	11.691	27,78	141,37	0,16	38,49	46.764	4,39	2,14
Ares	2.926	56,51	159,89	0,50	129,93	11.704	1,10	0,54
Miño	3.369	59,45	102,09	0,59	146,61	13.476	1,27	0,62
Betanzos	2.617	33,21	108,14	0,19	49,77	10.468	0,98	0,48
Sada	4.055	41,36	147,45	0,27	70,55	16.220	1,52	0,74
Oleiros	5.607	30,05	128,31	0,16	42,99	22.428	2,11	1,03
Cambre	3.645	28,41	89,56	0,15	39,68	14.580	1,37	0,67
Culleredo	4.104	26,39	66,52	0,14	35,86	16.416	1,54	0,75
A Coruña	29.827	22,02	789,07	0,12	28,25	119.308	11,20	5,46
Arteixo	5.727	32,43	61,12	0,19	48,01	22.908	2,15	1,05
Golfo Ártabro	**88.166**	**27,30**	**103,49**	**0,16**	**37,57**	**352.664**	**33,11**	**16,14**
Carballo	5.172	31,19	27,55	0,16	45,34	20.688	1,94	0,95
Malpica	2.626	54,63	42,91	0,44	120,40	10.504	0,99	0,48
Cee	2.393	46,09	41,62	0,30	85,49	9.572	0,90	0,44

Fisterra	2.022	53,68	68,78	0,41	115,94	8.088	0,76	0,37%
Costa da Morte	**22.600**	**40,29**	**20,07**	**0,24**	**67,52**	**90.400**	**8,49**	**4,14**
Muros	2.275	40,18	31,21	0,24	67,17	9.100	0,85	0,42
Noia	2.818	33,93	75,75	0,19	51,38	11.272	1,06	0,52
Porto do Son	3.078	47,94	32,54	0,32	92,91	12.312	1,16	0,56
Ría de Muros-Noia	**9.544**	**39,41**	**31,35**	**0,23**	**65,10**	**38.176**	3,58	**1,75**
Ribeira	6.773	41,68	98,44	0,24	71,48	27.092	2,54	1,24
Boiro	3.654	35,62	42,19	0,19	55,33	14.616	1,37	0,67%
Vilagarcía de Arousa	5.810	29,42	131,45	0,15	41,68	23.240	2,18	1,06%
Ría de Arousa	**24.808**	**32,94**	**60,21**	**0,17**	**49,13**	**99.232**	**9,32**	**4,54**
Sanxenxo	11.059	65,44	245,21	0,62	189,50	44.236	4,15	2,02
O Grove	3.805	48,84	173,74	0,34	95,55	15.220	1,43	0,70
Poio	3.373	35,96	99,50	0,20	56,15	13.492	1,27	0,62
Pontevedra	8.612	21,77	72,80	0,10	27,83	34.448	3,23	1,58
Marín	3.302	27,23	89,97	0,13	37,42	13.208	1,24	0,60
Bueu	2.714	40,39	88,12	0,22	67,75	10.856	1,02	0,50
Ría de Pontevedra	**32.865**	**35,54**	**114,63**	**0,20**	**55,14**	**131.460**	**12,34**	**6,02**
Cangas	4.590	31,77	120,47	0,18	46,58	18.360	1,72	0,84
Moaña	2.499	25,84	71,20	0,13	34,84	9.996	0,94	0,46
Redondela	3.123	22,23	59,94	0,10	28,60	12.492	1,17	0,57
Vigo	29.124	20,28	266,95	0,10	25,45	116.496	10,94	5,33
Nigrán	4.988	45,30	143,33	0,28	82,87	19.952	1,87	0,91
Baiona	4.445	51,89	128,84	0,37	107,89	17.780	1,67	0,81
Ría de Vigo	**50.742**	**24,40**	**138,79**	**0,12**	**32,29**	**202.968**	**19,05**	**9,29**
A Guarda	2.395	37,97	116,83	0,23	61,24	9.580	0,90	0,44
Baixo Miño	**6.606**	**27,20**	**20,46**	**0,13**	**37,37**	**26.424**	**2,48**	**1,21**
LITORAL GALEGO	**266.312**	**30,68**	**54,28**	**0,17**	**44,28**	**1.065.248**	**100**	**48,75**

[1]Consideramos como vivendas secundarias ás incluidas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principias (secundarias+baleiras)".[2]Oferta prazas en residencias secundarias= nº vivendas secundarias X 4. [2]Oferta prazas en residencias secundarias= nº vivendas secundarias X 4.

Figura 2. Distribución da oferta total de residencias secundarias[1] nos municipios do litoral galego. Indicadores de presión: Residencias secundarias por Km² e T.F.R. (Taxa Función Residencial). Ano 2012. Fonte: Patiño Romarís (2016), a partir do Censo de Poboación e Vivendas (2011). Datos superficie (km²): IGN (Instituto Geográfico Nacional).



[1]Consideramos como vivendas secundarias ás incluídas no Censo de Poboación e Vivendas como "non principias (secundarias+baleiras)".

En conclusión, os fluxos de demanda turística, de poboación flotante especialmente nos períodos estivais transformou a estrutura territorial primitiva dos principais destinos turísticos litorais galegos, configurándose unha organización espacial determinada polas seguintes realidades da dinámica territorial turística:

- ✓ Maior peso da oferta residencial dentro da oferta de aloxamento. Unha oferta que xoga un papel moito máis determinante que a oferta hostaleira (hoteis, apartamentos e cámpings) na ordenación do territorio e na configuración da paisaxe e poboamento do espazo litoral.
- ✓ Destacada estacionalidade da oferta turística. Unha estacionalidade que desde o punto da ordenación territorial determina unha subutilización de infraestruturas e equipamentos, desaxuste entre dotacións, con evidentes

disfuncións entre a tempada alta e baixa. A modo de exemplo, as infraestruturas de transporte por estrada foron dimensionadas como tantas outras (abastecemento de augas, rede de sumidoiros, depuración de augas sucias, ...) para satisfacer demandas puntas que se centralizan nos meses de verán, polo que quedan infrautilizadas o resto do ano.

- ✓ plan urbanístico vixente nos municipios turísticos litorais caracterízase pola gran dimensión superficial que ocupan os usos de solo residenciais non permanentes. O solo cualificado polo plan como urbano e urbanizable supera xeralmente as demandas da súa poboación de dereito e as súas expectativas naturais de crecemento (Vera Rebollo, 1995).
- ✓ O sobredimensionamento da oferta comercial. O elevado número de licenzas comerciais no municipio de Sanxenxo non se corresponde coa súa poboación de feito, senón máis ben co seu importante peso dentro do sector turístico litoral galego. É dicir, a actividade turística distorsiona a rede de asentamentos tradicional ao alterar as relacións horizontais que definían a interconexión das áreas de influencia da súa rede urbana como consecuencia de importantes procesos de neoterciarización nos núcleos turísticos. Rexistrándose un incremento da súa dotación funcional de bens e servizos, superior á que lle correspondería polo seu actual tamaño demográfico, e consecuentemente da súa centralidade. Por tanto, a centralidade destes núcleos turísticos está sobrevalorada gran parte do ano, debido á estacionalidade da oferta motivada polo carácter temporal dos fluxos de demanda turística (Patiño Romarís, 2001a).

4. Oferta turística residencial e poboamento no litoral galego: O modelo da marxe norte da Ría de Pontevedra

O hábitat actual dos municipios turísticos do litoral difire pola súa propia concepción e configuración do hábitat agrario tradicional. Un contraste territorial resultado da transformación das tradicionais técnicas e das relacións sociais do medio rural, dun cambio na funcionalidade económica do espazo que deixa de estar estruturado en función da capacidade produtiva agrícola das súas terras para subordinarse a outras variables como a accesibilidade, a localización, a cualificación do solo dimanante do plan territorial ou os caracteres paisaxísticos da contorna.

O modelo actual de poboamento nos principais municipios turísticos do litoral da marxe norte da Ría de Pontevedra xira ao redor do que pode parecer a primeira ollada unha contradición, unha combinación de concentración en pequenos núcleos puntuais normalmente coincidentes coas encrucilladas de camiños, vías de comunicación, praias,.. e unha diseminación xeneralizada de vivendas unifamiliares xeralmente de carácter secundario por todo o territorio. É dicir, á dispersión de entidades tradicional sobreponse unha diseminación secundaria de idade recente, frecuentemente anárquica. Tamén debemos ter presente a existencia de movementos centrípetos de concentración no poboamento con dirección aos núcleos urbanos da cidade de Pontevedra e das vilas do Grove, Portonovo e Sanxenxo.

Este proceso urbanizador configurou amplos espazos cun carácter que oscila entre o rural e o urbano, cualificados como rururbanos. Onde a promoción das vivendas é dobre, por unha banda hai un fenómeno de autoconstrución e por outro, deséñanse urbanizacións. Vivendas ocupadas en gran medida por persoas desprazadas cara aos núcleos urbanos pola

oferta de traballo ou por emigrantes (retornados ou non) que invisten os seus aforros, e que logo alugan ás veces no verán con finalidade turística. Estas vivendas coexisten con outros aproveitamentos do solo: fábricas conserveiras, serradoiros, almacéns, ..., mesturadas cun uso agrícola vestixio do hábitat tradicional. Elementos que conforman un novo espazo, de marcado carácter lecer-turístico, onde o solo deixa de ser un ben produtivo para converterse nun ben especulativo, nunha mercadoría, que se pode vender a quen mellores condicións económicas ofreza.

A rede de estradas actúa como vía articuladora e estructuradora da anarquía construtiva dos espazos que presentan maior dinamismo demográfico dentro da marxe norte da Ría de Pontevedra. Estes sectores máis dinámicos correspóndense coas áreas costeiras atractivas turisticamente e coas proximidades dos núcleos urbanos das vilas do Grove, Portonovo e Sanxenxo, e en especial da cidade de Pontevedra. De feito ao longo da PO-308 no trazado comprendido entre Poio e Sanxenxo, configúrase practicamente un continuun edificativo polo crecemento dos asentamentos tradicionais que se desenvolveron cara a ela e evolucionan linealmente ao longo da mesma, por medio fundamentalmente de construcións de carácter secundario, constituíndo un aglutinado de entidades nas que é difícil de precisar o límite das mesmas.

O desenvolvemento turístico litoral plasmado fisicamente na aparición de residencias secundarias supuxo xeralmente o desdobramento dos asentamentos en función do principio ordenador do crecemento edificativo imposto pola proximidade da costa e as vías de comunicación (en procura de accesibilidade). Existen múltiples casos, predominando os que se localizan ao longo da estrada PO-308 e na proximidade dunha praia: Carabuxeira en Padriñán (Sanxenxo), Montalvo en Arra (Sanxenxo), Covelo en Samieira (Poio), ... (Figura 3). Mesmo ao longo da PO-308, no tramo comprendido entre Pontevedra e Portonovo é moi usual que a entrada en contacto entre entidades que sufriron esta mesma evolución supoña a configuración dun continuun de poboamento. En ocasións constitúese o que cualificamos como agrupacións secundarias de idade recente por aglutinación de entidades antigamente independentes, nas que as novas edificacións e entre elas as de carácter secundario, localízanse ao longo dos diferentes viais que as unen conformando unha entidade máis ampla onde os límites dos antigos asentamentos se difuminan totalmente. Existen distintos casos, que ás veces no Nomenclátor aparecen recoñecidos como unha única entidade e outras veces non, e si os diferentes núcleos que a conforman. A título de exemplo, os conxuntos coñecidos como Arén lugar (Costa, Laxes, Pazo, Praza, Rueiro, Souto) e Raxó núcleo (Iglesia, Praia, Rego, Terradapedra) nas parroquias de Samieira e Raxó (Poio), respectivamente, figuran como unha única entidade desde o Nomenclátor de 1991. En cambio, outros casos como as agrupacións existentes en Samieira en Poio (Publicada, Pedreisón, O Pumar, Cova da Laxe, Teinogueira, Seimorzáns, Tarrio, A Igrexa), Vilalonga en Sanxenxo (O Cruceiro, O Empalme, A Salgueira, Vilar), ... figuran no Nomenclátor de 2020 (IGE) como entidades singulares. Aínda que como no caso de Vilalonga, a agrupación que se verifica ao longo da estrada PO-550 no seu cruzamento coa estrada PO-504, é identificada dentro o mapa mental do espazo percibido polos propios habitantes do municipio como unha única entidade (Figura 4).

Figura 3.- Exemplo de desdobramento dun asentamento en función do principio ordenador do crecemento edificativo turístico residencial imposto pola proximidade da costa e vía de comunicación (en procura de accesibilidade): Montalvo (Arra, Sanxenxo) . Material fotográfico, por orde descendente: (1) Voo Americano 1956-1957 e (2) PNOA (Plan Nacional de Ortofotografía Aérea) 2017. Fonte: http://mapas.xunta.gal/visualizador-de-mapas



Figura 4.- Exemplo de agrupación secundaria de idade recente por aglutinación de entidades antigamente independentes: Vilalonga en Sanxenxo . Material fotográfico, por orde descendente: (1) Voo Americano 1956-1957 e (2) PNOA (Plan Nacional de Ortofotografía Aérea) 2017. Fonte: http://mapas.xunta.gal/visualizador-de-mapas



Aqueles sectores do litoral cunhas condicións máis atractivas para o desenvolvemento das actividades turísticas coñeceron a conformación de agrupacións espontáneas de residencias secundarias, sen ningún tipo de planificación, constituíndo en ocasións claros

procesos urbanizadores clandestinos con graves problemas infraestruturais en orixe (carecían de servizos colectivos de auga e saneamento, os viais non tiñan nin firme nin beirarrúas,...) que se foron resolvendo normalmente a título individual coas súas consecuentes repercusións ambientais. Núcleos neoxénicos, que podemos definir como agrupacións secundarias de idade recente nas proximidades dunha praia e co apoio próximo dunha vía de comunicación. É o caso das novas entidades de poboación ao longo da PO-308 que figuran nos últimos nomenclátores do século XXI co topónimo dunha praia próxima: Areas (Dorrón), Areas e Nanín (Bordóns), Paxariñas e Canelas (Adina), Montalvo (Arra), A Lanzada e Montalbo (Noalla) todas elas no municipio de Sanxenxo (Figura 5). Trátase de claras poboacións de persianas pechadas (Jung, 1972), desenvoltas sobre solos pobres para as actividades agrarias e que permanecen deshabitadas gran parte do ano. Por iso é polo que nos nomenclátores figuran cunha escasa poboación de feito con relación ao seu número de vivendas, maioritariamente secundarias, como se deduce do indicador de presión "% de vivendas secundarias sobre o total".


Figura 5.- Exemplo de agrupación de residencias secundarias de idade recente na proximidade dunha praia e co apoio próximo dunha vía de comunicación: Paxariñas (Adina, Sanxenxo)[30]*. Material fotográfico, por orde descendente: (1) Voo Americano 1956-1957 e (2) PNOA (Plan Nacional de Ortofotografía Aérea) 2017. Fonte: http://mapas.xunta.gal/visualizador-de-mapas*



[30]En grandes trazos, no período temporal (1956-2017), podemos apreciar a configuración dun hábitat de marcado carácter turístico (2) que difire pola súa propia concepción e configuración do hábitat agrario tradicional (1). Proceso condicionado pola intensa división da propiedade do solo (1), unha estruturación da propiedade do solo que posibilitou a progresiva proliferación atomizada de vivenda secundaria de tipo unifamiliar (2). Estamos ante un núcleo neoxénico (Paxariñas), unha agrupación vivendas secundarias de idade recente, na proximidade dunha praia e co apoio próximo dunha vía de comunicación, actual PO-308 (2).

En todo caso, a espontaneidade é a nota dominante destas aglomeracións, a falta de plan previo. Esta construción indiscriminada de vivendas viuse favorecida por un clima de permisividade derivado da inoperancia e insuficiencia da normativa urbanística existente, que ten o seu reflexo en innumerables infraccións urbanísticas de todo tipo (obras sen licenza municipal, obras non axustadas á licenza, ...); producíndose como consecuencia unha ocupación do territorio incontrolada. Unha situación que se reflectiu no progreso do uso residencial desde a inmediatez da liña de costa cara ao interior, especialmente no municipio de Sanxenxo. A diferenza de emprazamento tamén se concretou nunha distinta tipoloxía de edificacións, mentres nas áreas do litoral de maior demanda e carestía de solo (as vilas do Grove, Portonovo, e Sanxenxo, e espazos próximos a determinadas praias como Canelas, Paxariñas, ...) domina a edificación en altura, nos sectores próximos do interior seguen edificándose vivendas unifamiliares, xa sexan illadas ou encostadas (Figura 6).

Figura 6. Exemplo de densificación en altura do espazo construído por presión de uso residencial turístico: Praia de Silgar na vila de Sanxenxo. Material fotográfico, por orde descendente: (1) Voo Americano 1956-1957 e (2) PNOA (Plan Nacional de Ortofotografía Aérea) 2017. Fonte: http://mapas.xunta.gal/visualizador-de-mapas



Moreno Almarcegui, A. (1992). El norte de Aragón en 1787. En F. Chacón Jiménez (Dir.), *La población española en 1787. II Centenario del Censo de Floridablanca* (pp. 239-267). Madrid: I.N.E.

Neven, M. (2003). *Individus et familles: les dynamiques d'une société rurale. Le Pays de Herve dans la seconde moitié du XIXe siècle*. Genève : Bibliothèque de la Faculté de Philosophie et Lettres de l'Université de Liège-Librairie DROZ.

Ottaway, S. R. (1998). Providing for the elderly in Eighteenth century England. *Continuity and Change*, 13(3), 391-418.

Pedrouzo, O. (1981). *El arciprestazgo de Narla en el Antiguo Régimen. Un estudio de historia rural* (Memoria de Licenciatura inédita). Universidade de Santiago de Compostela.

Pérez García, J. M. (1979). *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera.* Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.

Perrenoud, A. (1998). The coexistence of generations and the availability of kin in a rural community at the begining of the XIXth Century. *The History of the Family. An international Quarterly*, 3(1), 1-15.

Phytian-Adams, Ch. (1987). *Rethinking English Local History*. Leicester: Leicester U. P.

Plakans, A. (1975). Peasant farmsteads and households in the Baltic Litoral, 1797. *Comparative Studies I Society and History,* 17(1), 2-35.

Reher, D. (1996). *La familia en España. Pasado y presente*. Madrid. Alianza Editorial.

Reay, B. (1996). Kindship and neighborhood in the XIXth-century rural England: the Myth of the autonomous nuclear family. *Journal of Family History,* 21(1), 87-104.

Rey Castelao, O. (1981). *Aproximación a la historia rural en la comarca de la Ulla, siglos XVII-XVIII*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.

Rodríguez Ferreiro, H. M. (1983). Estructura y comportamiento de la familia rural gallega: los campesinos del Morrazo en el siglo XVIII. En VV.AA., *La documentación notarial y la Historia. Actas del II Coloquio de Metodología Histórica Aplicada* (pp. 439-458)*,* Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1.

Rodríguez Ferreiro, H. M. (2003). *A jurisdicción do Morrazo, sécalos XVII-XVIII*. Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra, 3 vols.

Rosental, P. A. (1999). *Les sentiers invisibles. Espaces, familles et migrations dans la France du XIXe siècle*. EHESS: Paris.

Saavedra, P. (1985). *Economía, política y sociedad en Galicia. La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*. Madrid: Xunta de Galicia.

Saavedra, P. (1996). *Das casas de morada ó monte comunal*. Santiago: Xunta de Galicia.

Smith, R. M. (1984). The structured dependence of the elderly as a recent development: some sceptical historical thoughts. *Ageing and society,* 4(4), 409-428.

Sobrado Correa, H. (2001). *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*. Betanzos: Fundación Barrié de la Maza.

Thomson, D. (1990). La protección social y los historiadores. En Ll. Bonfield *et al.* (Comps.), *El mundo que hemos ganado. Estudios sobre población y estructura social* (pp. 437-467). Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.

Wall, R. (1991). Les relations entre générations en Europe autrefois. *Annales de Démographie Historique,* 133-154.

As Reservas da Biosfera en Galicia, un instrumento contra o despoboamento?

Alejandro Otero Varela
Universidade de Santiago de Compostela
alejandrootero.varela@usc.es

Roberto Vila Lage
Universidade de Santiago de Compostela
roberto.vila.lage@usc.es

Juan M. Trillo Santamaría
Universidade de Santiago de Compostela
juanmanuel.trillo@usc.es

Valerià Paül
Universidade de Santiago de Compostela
v.paul.carril@usc.gal

1. *Introdución*


As reservas da biosfera (RB) constitúen unha figura internacional promovida pola UNESCO a través do Programa *Man and the Biosphere*[1] (MaB). De acordo co marco aplicable, entre as súas principais funcións atópanse a conservación da biodiversidade, o desenvolvemento sustentable e o apoio á investigación. Ao abeiro do segundo obxectivo, en boa parte das RB que se declararon en España en xeral, e en Galicia en particular, manifestouse a vontade de convertelas nunha ferramenta útil coa que combater dinámicas demográficas negativas (Serrano Gil, 2008; Santos González e Redondo Vega, 2016; Reques Velasco e Marañón Martínez, 2016). Unha mostra disto atopámolo no documento das *Directrices Xerais da Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico* (Comisionado del Gobierno frente al Reto Demográfico, 2019: 76), no que se pode ler o seguinte: "As Reservas da Biosfera contan cun compromiso territorial voluntario e manteñen unha xestión participativa dos axentes sociais e económicos, mostrándose como lugares de excelencia para loitar contra o despoboamento" (a tradución é propia).

De feito, noutras figuras de espazos naturais protexidos a natureza está no foco e iso comporta ter menos en conta, ou mesmo ignorar e expulsar, a poboación da zona e/ou da súa contorna (Depraz, 2008). En troques, as RB implican por definición a poboación que as habita, de xeito que a xente devén algo consubstancial á natureza mesma das RB. Porén, boa parte dos territorios das RB de Galicia presentan unhas altas cifras de despoboamento e avellentamento, no marco da "España baleira" ou "baleirada" feita famosa no último lustro (Del Molino, 2016; Otero Varela, Trillo Santamaría e Vila Lage, 2020). Neste senso, o obxectivo deste capítulo consiste en analizar os territorios das RB galegas para elucidar se existe algún impacto da declaración das respectivas RB nas características demográficos das zonas abranguidas. En concreto, estúdanse as seguintes RB: As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo; Río Eo, Oscos e Terras de Burón; Terras

[1]En España, desde a *Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade*, a expresión en inglés tradúcese como "Persoa e Biosfera".

do Miño; Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá (de agora en diante, Os Ancares Lucenses); Área de Allariz; e Gerês/Xurés (Figura 1).

Figura 1. Localización das seis RB galegas. Fonte: Elaboración propia.



2. A evolución global das reservas da biosfera


Na actualidade, un total de 714 RB forman unha rede mundial que se estende por 129 países. Para situarse na orixe desta figura hai que trasladarse ao ano 1976, coa declaración das primeiras 57 RB (Bridgewater, 2016). Esta iniciativa xurdiu ao abeiro do programa MaB da UNESCO, que tiña como fin a harmonización da conservación da natureza a nivel mundial. Inicialmente, o enfoque era exclusivamente conservacionista, de xeito que se baseaba só na protección da biodiversidade e dos ecosistemas. Así, as primeiras RB só comprendían áreas inhabitadas que se caracterizaban por acubillar territorios significativos e representativos desde o punto de vista ecolóxico.

Esta visión exclusivamente conservacionista foi mudando e, co paso dos anos, a compoñente humana gañou relevancia ata devir un elemento central no que fundamentar as RB (Cantos Mengs, De Torres Suárez e Beltrán Díaz, 2010). O punto de inflexión na forma de comprender estas figuras tivo lugar no ano 1995 na *Conferencia de Sevilla*, onde se estableceron os obxectivos e as características que deben cumprir as RB. En efecto, nese momento realizouse unha mención explícita ao concepto de desenvolvemento sustentable. O principal documento derivado desa xuntanza foi a *Estratexia de Sevilla*, onde se recollen os obxectivos e funcións das RB:

As reservas da biosfera deben cumprir con tres funcións complementarias: unha función de conservación para protexer os recursos xenéticos, as especies, os ecosistemas e as paisaxes; unha función de desenvolvemento, co fin de promover un desenvolvemento económico e humano sustentable; e unha función de apoio loxístico, para apoiar e alentar actividades de investigación, de educación, de formación e de observación permanente relacionadas coas actividades de interese local, nacional e mundial encamiñadas á conservación e ao desenvolvemento sustentable. (UNESCO, 1996: 4; a tradución é propia).

Para o correcto cumprimento destas funcións establecéronse diferentes medidas, entre as que destaca un dos trazos que hoxe é considerado como algo inherente ás RB: a zonificación. Deste modo, desde 1995, as RB deben contar de maneira obrigatoria con tres tipos de zonas: núcleo, amortecemento ou tampón e transición (Figura 2). A zona núcleo ofrece a protección máis estrita, aínda que se permiten actividades gandeiras e turísticas de baixo impacto. A zona de amortecemento está contemplada para atenuar as accións humanas sobre as zonas núcleo, isto é, só se permiten actividades que non teñan impacto negativo sobre á area ou areas centrais. E, por último, a zona de transición resulta máis permisiva ao tolerar maior protagonismo doutras actividades económicas.

Figura 2. Zonificación das RB. Fonte: UNESCO.



Simultaneamente, co fin de que as RB cumprisen cos requisitos establecidos, confeccionouse un sistema de avaliación periódica que, como mínimo, cada dez anos, ten que superar cada unha delas. O cambio de paradigma incorporado na *Estratexia de Sevilla*

derivou en que moitas das RB se visen na obriga de aumentaren o seu tamaño, para incorporaren así zonas complementarias á zona núcleo (Price, 2017). Se non se daba daquela ese proceso de adaptación, as RB podían chegar a perder ese recoñecemento.

A consolidación das RB foi implicando a creación de órganos de xestión que velen polo seu correcto funcionamento. No caso de España, estes adoitan ser as propias administracións: comunidades autónomas, deputacións provinciais, *cabildos insulares/consells insulars* ou mancomunidades de concellos. Porén, tamén é habitual que unha asociación, integrando representantes dos sectores público e privado, se encargue da súa xestión. As 52 RB españolas agrúpanse na Rede Española de Reservas da Biosfera, cuxo fin é apoiar a cooperación e o desenvolvemento de accións comúns. Esta rede está actualmente coordinada polo *Organismo Autónomo Parques Nacionales* dependente do *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*.

Unha característica peculiar das RB consiste na súa coincidencia espacial con outros espazos naturais protexidos.[2] O solapamento con parques naturais ou coa Rede Natura 2000, por exemplo, pode implicar un apoio económico e técnico aos órganos de xestión das RB, pero tamén comportar un atranco no correcto desenvolvemento das súas funcións (Winkler, 2019).

O cambio de paradigma no ámbito das RB derivado da *Estratexia de Sevilla* xerou certa controversia no que fai á súa consideración como área protexida. Isto incardínase dentro dun debate que, avivado pola súa exclusión por parte da *International Union for Conservation of Nature* (IUCN) da listaxe de áreas protexidas, se traslada ata a actualidade. Deste xeito, autores como Reed e Massie (2013) afirman que as RB non teñen a consideración de área protexida; pola contra, Gillespie (2008) considera que son o mellor exemplo dentro da categoría de paisaxe protexida, unha das estipuladas pola UICN. Esta circunstancia é unha das moitas indeterminacións que xorden ao redor das RB a nivel global. Outros dos moitos atrancos aos que estas se enfrontan son a confusión xeral con outras áreas protexidas, a mala interpretación do termo "reserva" ou a ausencia dunha normativa común, posto que o seu recoñecemento legal depende do país onde se empracen (Ebakidze et al., 2013; Schliep e Stoll-Kleemann, 2010).

Sexa como for, desde as últimas décadas, as RB están ligadas ao concepto de "desenvolvemento sustentable". Este termo xurdiu no ano 1987 co recoñecido adaxio de compracer "as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfaceren as súas propias necesidades" (WCED, 1987: 43; a tradución é propia). A noción, como é sabido, popularizouse a partir da Cimeira da Terra, celebrada no Río de Janeiro en 1992 (Potter et al., 2008). Trátase dun ideal que combina a esfera económica coa social e a medioambiental nun perfecto equilibrio, o cal, co paso do tempo, converteuse nun slogan baleiro e ambiguo moi rendíbel para os representantes políticos, a promoción turística e a linguaxe administrativa burocrático-tecnocrática (Ojeda Rivera, 2003; Toledo Manzur, 2015).

[2] En España a *Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade* establece que a zona núcleo debe corresponderse cun espazo natural protexido declarado con anterioridade.

3. As RB de Galicia

Galicia non foi allea á proliferación de RB acontecida en España nas últimas dúas décadas[3]. No período entre 2002 e 2013 foron declaradas un total de seis RB no territorio galego (Táboa 1). Cómpre destacar que entre as seis se atopan dúas que se estenden alén dos límites administrativos de Galicia. Trátase da RB interautonómica Río Eo, Oscos e Terras de Burón, na que un terzo da súa extensión pertence a Asturias, dunha banda, e da RB transfronteiriza Gerês/Xurés, que conta con tres cuartas partes da súa superficie na Região Norte (Portugal), da outra.

As RB galegas son heteroxéneas e contan con diferenzas moi notables en numerosos aspectos. Deste xeito, entre as seis RB declaradas atopámonos algunhas que abranguen espazos densamente poboados. O caso máis rechamante neste senso son os concellos da área metropolitana da Coruña (RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo), menos curiosamente a cidade da Coruña de maneira estrita. Tampouco se pode esquecer que a cidade de Lugo e a súa periferia están na RB Terras do Miño. En paralelo, outras RB sitúanse en territorios periféricos de baixas densidades, caso das RB Gerês/Xurés e Os Ancares Lucenses.

Táboa 1. Principais datos das RB de Galicia. Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Rede Española de Reservas da Biosfera e das páxinas web www.ine.es e www.ine.pt.

RB	*Ano de declaración*	*Extensión (ha)*	*Zona núcleo*	*Zona de amorte-cemento*	*Zona de transición*	*Hab. (2020)*	*Organismo de xestión*
Terras do Miño	2002	369.669	10 %	22 %	68 %	167.452	Deputación de Lugo
Área de Allariz	2005	21.482	1 %	5 %	94 %	9.380	Asociación para o Desenv. do Medio Rural da RB Área de Allariz
Ancares Lucenses	2006	53.664	26 %	60 %	14 %	2.357	Deputación de Lugo
Río Eo, Oscos e Terras de Burón	2007	159.379	10 %	19 %	71 %	27.919	Xunta de Galicia e Principado de Asturias
Gerês/ Xurés	2009	330.874	16 %	32 %	52 %	62.811	Xunta de Galicia e Instituto de Conservação da Natureza e Florestas
Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	2013	116.724	6 %	19 %	75 %	196.888	Asociación de Desenv. Rural Mariñas-Betanzos

[3] Desde o ano 2000 foron declaradas 37 RB en España. Nestes momentos é o país do mundo que conta cun maior número de Reservas da Biosfera (52) (https://en.unesco.org/biosphere/eu-na).

A súa extensión é outro exemplo desas disparidades existentes: a superficie da RB Terras do Miño (3.700 km^2) é máis de 17 veces a da RB Área de Allariz (215 km^2). Se nos referimos á zonificación, tamén nos atopamos unha gran diversidade no que respecta á superficie que abrangue cada unha das RB. Deste xeito, a RB Os Ancares Lucenses conta co 26% da súa superficie como zona núcleo, mentres que esa cifra se sitúa no 1% na Área de Allariz ou no 6% na RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. No caso das zonas de amortecemento e transición, esas diferenzas son mesmo maiores.

Asemade, a xestión das RB galegas tamén é moi diversa. Dúas son xestionadas pola Deputación de Lugo, dúas por asociacións de desenvolvemento rural e outras dúas contan cunha xestión partillada entre a Xunta de Galicia e administracións de Portugal e do Principado de Asturias. Outro sinal da variabilidade das RB galegas, e da imprecisión e incoherencia asociada a esta figura da UNESCO, é o feito de que exista unha RB interautonómica entre Galicia e Asturias (RB Río Eo, Oscos e Terras de Burón), mentres que no caso da Serra dos Ancares se estableceron dúas RB separadas por un límite autonómico (RB Os Ancares Lucenses e RB Os Ancares Leoneses) (Vila Lage, Paül e Trillo Santamaría, 2020).

4. Consideracións metodolóxicas


As seis RB estudadas sitúanse total ou parcialmente no territorio galego. Os límites usados para representalas obtivéronse da web do *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*. Os datos empregados na análise demográfica foron obtidos do Instituto Nacional de Estatística (www.ine.es), do Instituto Galego de Estatística (IGE) e da *Sociedad Asturiana de Estudios Económicos e Industriales* (www.sadei.es) para os concellos pertencentes ao Estado español; e do Instituto Nacional de Estatística (www.ine.pt) para os concellos portugueses. O ámbito territorial de base sobre o que se interpretaron as estatísticas foi o municipal. Os datos máis antigos corresponden ao padrón municipal de habitantes do ano 2000, uns anos antes de declararse a primeira RB, mentres que os máis recentes son do 2020. No caso portugués, os máis actuais son de 2019.

Para a obtención dos datos demográficos do total de cada unha das RB estudadas cómpre sinalar dúas situacións. Por unha banda, os límites das RB Área de Allariz, Río Eo, Oscos e Terras de Burón, Gerês/Xurés e Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo seguen a planta municipal, polo que non presentan problema. Por outra, as RB Terras do Miño e Os Ancares Lucenses non seguen as raias municipais, nin sequera as parroquiais, polo que aquí se fan necesarias algunhas puntualizacións á hora da obtención das respectivas estatísticas. No caso dos Ancares Lucenses non se ten en conta o concello de Becerreá, xa que a parte integrada dentro da RB é moi cativa. A mesma situación acontece cos concellos de Alfoz, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, Ourol e Riotorto na RB Terras do Miño. Porén, si se inclúen nas estatísticas outros dous concellos abranguidos de xeito parcial, Abadín e Meira, posto que nestes dous casos máis da metade da superficie municipal está dentro da RB e/ou a capital municipal (considerada como o núcleo que reúne maior cantidade de poboación) tamén o está.

5. Resultados

As RB estudas comprenden unha poboación, a 1 de xaneiro de 2020, de 466.999 persoas. O 86 % delas reside en Galicia, mentres que o 14 % restante corresponde ás persoas que viven na parte asturiana da RB Río Eo, Oscos e Terras de Burón (9.388 hab.) e nos concellos portugueses que pertencen á RB Gerês/Xurés (55.557 hab.). No que se refire á evolución do total da poboación, a suma das RB analizadas presenta unha tendencia similar á do conxunto do país. Durante a primeira década do século XXI, en cifras absolutas, a dinámica global foi positiva. Posteriormente, desde o inicio da crise económica de 2008 ata o ano 2019, o descenso dos efectivos demográficos é continuo. Porén, non todas as RB manteñen o mesmo comportamento demográfico. Esta situación permite distinguir tres tendencias diferentes (Figura 3).

Figura 3. Evolución da poboación nas RB de Galicia (2000-2019/20).
Fonte: Elaboración propia a partir de datos das páxinas web www.ine.es, www.ige.eu e www.ine.pt.



En primeiro lugar, a RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo é a única que presenta unha dinámica demográfica positiva. De feito, desde comezos do presente século ata a actualidade, incrementa a súa poboación en máis de 40.000 habitantes, o que a sitúa arestora cunha poboación absoluta de preto de 200.000 habitantes. Esta circunstancia explícase polo territorio que abrangue: os concellos da periferia máis inmediata da cidade da Coruña, como é o caso de Arteixo, Cambre, Culleredo ou Oleiros, que gañan poboación todos eles nos últimos anos. Trátase dun proceso de crecemento residencial periurbano xa descrito, por exemplo, na análise completa da urbanización do


país a cargo de Lois e Piñeira (2011). En todo caso, esta situación contrasta cos concellos máis do interior na propia RB, que rexistran unha tendencia demográfica negativa, de xeito que participan máis do patrón rural xeral galego (Figura 4).

Nun segundo grupo, están as RB Terras do Miño e Área de Allariz. A pesar das grandes diferenzas existentes no que fai ao volume de poboación (a RB Terras do Miño conta con 160.000 habitantes e a RB Área de Allariz, con menos de 10.000), este mantense estable en ambas as dúas RB nas últimas décadas. Isto é unha consecuencia da capacidade de retención e atracción de habitantes dos principais núcleos urbanos de cada unha delas, Lugo e Allariz, respectivamente. No caso da vila de Allariz, hase de sinalar a súa conexión coa dinámica urbana da cidade de Ourense. Deste xeito, só tres concellos, do total de 25 que pertencen a estas RB, presentan unha dinámica demográfica positiva durante a última década (figura 3). Trátase de Allariz, Lugo e Outeiro de Rei, este último moi próximo á cidade luguesa, mais estes tres motivan que a dinámica xeral non sexa regresiva como no seguinte conxunto.

Finalmente, o terceiro grupo é o formado polas RB situadas nos límites con Asturias, León e Portugal: as RB Río Eo, Oscos e Terras de Burón, Os Ancares Lucenses e Gerês/Xurés. As tres presentan unha evolución demográfica negativa e dáse a circunstancia de que se sitúan nos ámbitos que sofren as maiores caídas de poboación, no que se deu en chamar "rural profundo" galego (Paül, 2018). No caso das dúas RB transfronteirizas a distribución da poboación é moi distinta. Así, na xestionada conxuntamente entre o Principado de Asturias e a Xunta de Galicia, duns 30.000 habitantes, a poboación que reside na parte galega representa ao redor de dous terzos do total. No caso da RB Gerês/Xurés, que conta con máis de 60.000 habitantes, a porcentaxe de poboación que ten a súa residencia en Galicia é de apenas o 12 % do total. Cómpre sinalar que, malia que ambas as dúas perden globalmente ao redor do 20 % da súa poboación, a situación semella ser máis favorable do lado portugués e asturiano que do galego.

Todos os concellos destas tres RB, agás Negueira de Muñiz (que conta con tan só 215 habitantes), presentan unha tendencia demográfica negativa. Algúns deles como Lobios, Navia de Suarna ou Rairiz de Veiga están entre os de maior perda demográfica do conxunto de Galicia (> 25 %). Non obstante, a situación máis crítica das tres RB dáse nos Ancares Lucenses. Este territorio de montaña perdeu preto da metade da súa poboación nos últimos vinte anos (un 44 %). De feito, para o ano 2035 estímase que a poboación da comarca dos Ancares, á que pertence esta RB, vai continuar coa mesma dinámica e semella que perderá case un cuarto da súa poboación actual (IGE, 2020).

Figura 4. Evolución do número de efectivos demográficos (2010-2019/20).
Fonte: Elaboración propia a partir de datos das páxinas web www.ine.es, www.ige.eu e www.ine.pt.




Ao igual que acontece coa evolución da poboación, as seis RB abranguen realidades heteroxéneas no que se refire á relación de habitantes por quilómetro cadrado (Figura 5). De tal forma, nas RB galegas atópanse concellos urbanos con densidades de poboación elevadas, mentres que, de xeito paralelo, en moitos casos dentro da mesma RB, se sitúan outros que presentan cifras e tendencias opostas.

Na RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo é posible atopar algúns dos concellos máis densamente poboados de Galicia como Oleiros (836,8 hab./km^2), Cambre (603,7 hab./km^2), Sada (588,8 hab./km^2) ou Betanzos (539,2 hab./km^2). Porén, dentro desta RB localízanse outros concellos, máis afastados da Coruña, que presentan unhas densidades de poboación moito menores. Trátase de concellos rurais do interior polos que discorre o curso alto do río Mandeo como é o caso de Sobrado (14,3 hab./km^2) ou

Aranga (15,3 hab./km²), con densidades moi por debaixo do limiar das feble densidade, convencionalmente fixado en 30 hab./km² (Paül, 2018). Na RB Terras do Miño, o gradiente territorial da densidade de poboación desenvólvese desde a cidade de Lugo ata a periferia da propia RB. Así pois, a pesar da súa notable extensión no contexto da planta municipal galega, Lugo conta cunha alta densidade de poboación (298,7 hab./km²) que contrasta con outros concellos da Terra Chá ou da Serra do Xistral como Xermade (10,7 hab./km²).


Figura 5. Densidade de poboación das RB de Galicia (2019/20).
Fonte: Elaboración propia a partir de datos das páxinas web www.ine.es, www.ige.eu e www.ine.pt.



Este patrón de variación espacial das densidades de poboación obsérvase tamén na RB Río Eo, Oscos e Terras de Burón e na RB Área de Allariz. No primeiro dos casos o contraste prodúcese entre os concellos costeiros e os interiores que compoñen esta RB interautonómica. Así, o proceso de urbanización que se desenvolveu no ámbito litoral contrasta co declive demográfico do traspaís (Lois e Piñeira, 2011; Paül, 2018). Por conseguinte, a densidade de poboación de Ribadeo (90,3 hab./km²) ou Vegadeo/A Veiga (47,4 hab./km²) é moi superior á de Negueira de Muñiz ou Vilanova de Oscos, onde non se acadan os 5 hab./km². No caso da RB máis cativa, a da Área de Allariz, salienta a vila homónima que reúne a maioría da poboación: o concello allarizao presenta unha densidade de poboación de 72,6 hab./km².

Na RB Gerês/Xurés constátanse maiores densidades do lado portugués que do galego, pois cada concello ao sur da raia mantén unha cabeceira que actúa de polo demográfico e, en xeral, o rural portugués non ten un comportamento tan regresivo como o galego (Paül e Trillo Santamaría, 2019). Destaca aquí o concello de Ponte da Barca con 61,4 hab./km². Pola contra, na parte galega, a densidade de poboación dos concellos limiaos é extremadamente feble ao non dar acadado os 10 hab./km² en Lobios ou Calvos de Randín. Nunha situación paralela atópase o territorio incluído na RB Os Ancares Lucenses, onde se achan dous dos dez concellos de menor densidade de poboación de toda Galicia: Cervantes (4,7 hab./km²) e Navia de Suarna (4,4 hab./km²). Esas cifras levarían a identificar eses espazos como pertencentes ao "rural máis profundo", por debaixo dos 5 hab./km², de acordo con Molinero (2019) para o conxunto do rural español, na liña das consideracións ao respecto, xa mencionadas, de Paül (2018).

Figura 6. Distribución da poboación das RB por grandes grupos de idade (2019/20).
Fonte: Elaboración propia a partir de datos das páxinas web www.ine.es, www.ige.eu e www.ine.pt.



Ligado aos fenómenos de despoboamento e baixas densidades rurais, atopamos o avellentamento (Paül, 2018; Molinero, 2019). Trátase dun asunto que na última década acaparou moitas páxinas na prensa do país, ao abeiro das institucións públicas, nun discurso intencionado que foi desenmascarado por Dubert (2019). En Galicia o avellentamento xa se pode albiscar desde mediados do século XX, aínda que aflorou con forza a partir dos anos 1980 (Hernández Borge, 2006). Malia estarmos diante dun desafío de primeira orde para o futuro de Galicia, tampouco se pode esquecer que, en gran medida, resulta derivado da alta lonxevidade da poboación e, polo tanto, debe entenderse como un logro social (Dubert, 2019).

O avellentamento galego resulta demograficamente da combinación de tres factores: unha baixa taxa de natalidade, cuxos valores sufriron unha forte caída no último cuarto do século XX; o aumento do número de efectivos poboacionais das franxas de maior idade, ao medrar a esperanza de vida; e os movementos migratorios experimentados en Galicia, tanto de saída —co cal a poboación non se dá rexuvenecido— como de entrada —poucas chegadas en relación con outros países occidentais e, amais, en moitas ocasións de retorno, co cal medra a idade media—. Resulta pertinente lembrar que cando nos referimos á vellez estamos a falar dun convencionalismo, xa que desde unha perspectiva científica resulta imposible establecer con precisión cando unha persoa pasa a ter a condición de "vella" (Hernández Borge, 2013). O máis recorrente é empregar como límite inferior da vellez a idade de xubilación.


En todas as RB estudadas, a poboación de maiores de 65 anos é sempre maior que a que representan os menores de 16 anos. Deste xeito, globalmente a poboación vella sitúase sempre por riba do 20 %, mentres que a mocidade non acada nunca o 15 % (Figura 6). De maneira semellante ao que acontece coas variables anteriores, a RB que presenta uns datos nos que se fai máis patente o avellentamento é Os Ancares Lucenses, con case a metade da poboación, un 46 %, por riba dos 65 anos e con menos dun 4 % de menores de 16 anos. Tamén son altas as cifras de poboación vella, con máis do 30 %, nas RB Gerês/Xurés, Río Eo, Oscos e Terras de Burón e, en terceiro lugar, Área de Allariz. En cambio, nas RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e Terras do Miño a relación entre a poboación vella e a nova é máis equilibrada; no primeiro caso, porque inclúe o periurbano coruñés, que se beneficiou nas últimas décadas da chegada de poboación nova procedente da cidade central (Lois e Piñeira, 2011); e, no segundo, porque abrangue unha potente realidade urbana, a cidade de Lugo, con máis poboación nova cá súa contorna, e na que a idade media é 2,1 anos inferior a do conxunto de Galicia.

A variabilidade entre os concellos que forman parte das RB volve ser manifesta. O IGE recolle que a idade media para o conxunto de Galicia no ano 2020 é de 47,48 anos. Por debaixo desta cifra é posible atopar concellos que pertencen a unha RB como Arteixo (42,68 anos), Oleiros (44,18) ou Lugo (45,37). No lado oposto, na RB Gerês/Xurés figura o concello galego coa maior idade media: Lobeira (62,97). No entanto, outros como Navia de Suarna (60,24) ou Bande (60,19) tamén presentan cifras moi por riba da media.

Na Figura 7 represéntase a pirámide de poboación da RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, a que conta coa maior porcentaxe de poboación nova. Esta contrástase coa dos Ancares Lucenses, na que a presenza de poboación nova é testemuñal. En ambos os dous casos atopámonos cunha pirámide regresiva, situación típica da estrutura de poboación dos países do Norte Global. Porén, no caso da RB dos Ancares reflíctese un

sobreavellentamento, mentres que a forma da pirámide da RB mariñá se achega moito máis á habitual dos países occidentais.


Figura 7. Estrutura de poboación das RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e Os Ancares Lucenses (2020). Fonte: Elaboración propia a partir de datos da páxina web www.ige.eu.



Outro indicador que amosa a situación demográfica é o índice de avellentamento (Figura 8). Este relaciona a poboación de idades avanzadas coa moza, de xeito que, por debaixo de 100, se considera que a poboación non está avellentada; por riba dese limiar, a medida que sobe o valor, estao máis (Jiménez Blasco, 2008). A análise deste indicador reitera o mesmo patrón territorial obtido cos datos anteriores. Os valores máis baixos sitúanse nas principais cidades e vilas en relación coa súa contorna rural e, a miúdo, nos concellos costeiros fronte aos do interior; só nalgúns dos concellos da área metropolitana da Coruña (Arteixo, Oleiros, Cambre e Culleredo) a poboación non se amosa estatisticamente avellentada. En cambio, Lobeira presenta o maior índice de avellentamento estudado, por riba de 1.000, xa que conta con 424 maiores e tan só 20 novos. De acordo con Jiménez Blasco (2008), o avellentamento é severo por riba do limiar de 150. Nesta situación atópanse a totalidade dos concellos galegos das RB

Gerês/Xurés e Os Ancares Lucenses, e mesmo unha boa parte dos das RB Área de Allariz e Río Eo, Oscos e Terras de Burón.


Figura 8. Índice de avellentamento (2019/20).
Fonte: Elaboración propia a partir de datos das páxinas web www.ine.es, www.ige.eu e www.ine.pt.



Outro factor que non se pode obviar ao analizar as características demográficas das RB galegas son os movementos migratorios. Nas Figuras 9 e 10 represéntase o saldo migratorio das seis RB estudadas. As RB galegas gañaron poboación na última década por esta vía, mais, ao igual que acontece con todos os indicadores analizados, obsérvase unha alta variabilidade territorial. Dunha banda, as RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, Terras do Miño e Área de Allariz achegan un saldo migratorio positivo, é dicir,


son receptoras de poboación. Pola outra, as RB Río Eo, Oscos e Terras de Burón, Os Ancares Lucenses e Gerês/Xurés son emisoras de poboación, de xeito que contan cun saldo migratorio negativo. Con todo, nos últimos anos, semella que este proceso foi revertido no caso das dúas RB transfronteirizas, mais non na RB Os Ancares Lucenses, onde mesmo se acelerou. Polo tanto, pódese comprobar que o avellentamento e a baixa natalidade vense acompañadas dunha perda de efectivos demográficos pola vía da emigración.

Figura 9. Saldo migratorio da RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, Terras do Miño e Área de Allariz (2011-2019). Fonte: Elaboración propia a partir de datos da páxina web www.ige.eu.



	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	1076	474	84	634	810	1305	2122	2427	2496
Terras do Miño	411	282	-48	-126	355	223	542	740	1205
Área de Allariz	53	25	58	18	-80	37	69	99	49

Figura 10. Saldo migratorio da RB Os Ancares Lucenses, RB Gerês/Xurés e RB Río Eo, Oscos e Terras de Burón (2011-2019). Fonte: Elaboración propia a partir de datos das páxinas web www.ige.eu, www.ine.pt e www.sadei.es.



	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Río Eo, Oscos e Terras de Burón	-38	-107	-30	-146	-30	-56	25	-60	135
Ancares Lucenses	-15	0	1	-8	-9	-6	-2	-12	-21
Gêres-Xurés	-284	-659	-635	-457	-347	-550	12	344	770

6. Conclusións

As RB son entendidas a nivel mundial como un instrumento útil para combater varios dos problemas que máis preocupan á humanidade, como a perda da biodiversidade, o cambio climático ou a procura de novas formas de producir e vivir máis sustentables. No momento da súa creación, nos anos 1970, procuraban a protección e conservación dos espazos naturais, mais paseniño aceptouse a presenza do ser humano e as súas actividades nestes territorios (Cantos Mengs et al., 2010; Bridgewater, 2016). Deste xeito, as RB pasaron a ser comprendidas como unhas ferramentas que, a través de fórmulas de desenvolvemento sustentable e endóxeno, arelan a revitalización das economías e as sociedades locais nun contexto de respecto ao medio natural (Potter et al., 2008; Bilbao e Díez Casero, 2010). Mesmo en España, tal e como explicamos ao comezo do presente texto, na actualidade o cartafol das RB forma parte do organigrama gobernamental dun Ministerio que posúe o epíteto *para o Reto Demográfico* e que, explicitamente, fixo o vencello entre RB e demografía (Comisionado del Gobierno frente al Reto Demográfico, 2019).

Ao analizarmos o acontecido nos últimos anos nas RB galegas, resulta moi difícil identificar algún efecto delas no sentido de contribuíren de maneira efectiva á activación demográfica dos territorios en situación regresiva, seguramente porque non son quen de reverter a atonía socioeconómica estrutural de boa parte do rural galego (Paül, 2018). Deste xeito, se se toma como referencia o ano de creación de cada unha das seis RB galegas, pódese comprobar que en cinco delas a dinámica demográfica é recesiva logo da súa aprobación. Ademais, en tres delas —RB Os Ancares Lucenses, Gerês/Xurés e Río Eo, Oscos e Terras de Burón—, a tendencia é especialmente regresiva. O caso máis

rechamante é o dos Ancares Lucenses, posto que desde o 2006, ano de creación da RB, perdeu máis dun terzo da poboación. Na única RB que se rexistra unha dinámica demográfica positiva, a das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, a tendencia non está relacionada con esta figura, senón coa súa inserción na área metropolitana coruñesa. Así pois, neste caso, así como no da RB Terras do Miño e RB Área de Allariz, a situación demográfica, positiva ou menos negativa que no resto, está determinada pola presenza próxima —no caso lugués, no seu seo— dunha cidade que exerce de contrapeso ao despoboamento do rural. De feito, a principal actividade da RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ten que ver coa xeración dun turismo de proximidade para a metrópole coruñesa e co fortalecemento dos vencellos agroalimentarios, gastronomía incluída, entre a cidade e a súa contorna (Armesto, Lois e Gómez Martín, 2008).

Algunhas das comarcas dentro das RB, como A Baixa Limia, Os Ancares ou a Terra do Burón, están entre os territorios coa dinámica demográfica máis negativa de toda Galicia (Paül, 2018) e, resulta evidente que nelas a poboación non cae menos ca onde non hai RB. Trátase, en fin, de territorios vulnerables ciscados nunha espiral de dinámicas demográficas regresivas, altos índices de avellentamento, dificultade para a substitución xeracional, estruturas familiares pequenas e baixas densidades de poboación (Molinero, 2019).

En último termo, nestes momentos non é posible identificar ningún efecto derivado da declaración deste tipo de figuras na dinámica demográfica dos concellos que as conforman. Na hipótese de que as RB teñan algunha incidencia nas características demográficas deses territorios, esta tardará décadas en manifestarse e, posiblemente, será modesta. Polo tanto, no caso galego, a súa utilidade como ferramenta para combater o despoboamento non foi demostrada. A pesar diso, convén destacar que, cando menos, é unha ferramenta que foxe da compoñente ideolóxica que acompaña outras iniciativas promovidas desde os entes públicos que contan cun claro carácter natalista (Dubert, 2019). Cómpre desexar, en todo caso, que estas figuras contribúan a evitar o desmantelamento do estado do benestar no rural galego e que permitan manter uns niveis de servizos e equipamentos dignos. De non ser así, é posible que, nalgunhas delas, o concepto de RB volva ao punto de partida dos 1970, cando ocupaba áreas inhabitadas cun propósito exclusivamente conservacionista.

Bibliografía

Armesto, X. A., Lois, R. C. e Gómez Martín, B. (2018). Post-Productivist Agricultural Experiences in Protected Areas: The Cases of the Biosphere Reserves of Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (Galicia) and Montseny (Catalonia). En V. Paül, R. C. Lois, J. M. Trillo Santamaría e F. Haslam McKenzie (Eds.). *Infinite Rural Systems in a Finite Planet. Bridging Gaps Towards Sustainability* (pp. 465-472). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Bilbao, R. e Díez Casero, J. (2010). Las Reservas de la Biosfera de Castilla y León: una oportunidad frente a la despoblación. En M. Onaindia Olalde (Ed.). *Servicios Ambientales en las Reservas de la Biosfera Españolas* (pp. 147-167). Madrid: Organismo Autónomo Parques Nacionales/UNESCO.

Bridgewater, P. (2016). The Man and Biosphere Programme of UNESCO: Rambunctious Child of the Sixties, but Was the Promise Fulfilled? *Current Opinion in Environmental Sustainability, 19*, 1-6. doi: 10.1016/j.cosust.2015.08.009.

Cantos Mengs, F. J.; De Torres Suárez, A. e Beltrán Díaz, N. (Coords.). (2010). *Guía de Reservas de la Biosfera Españolas. Armonía hombre-naturaleza.* Madrid: Organismo Autónomo Parques Nacionales.

Comisionado del Gobierno frente al Reto Demográfico (2019). *Directrices generales de la Estrategia frente al Reto Demográfico*. Madrid: Ministerio de Política Territorial y Función Pública.

Depraz, S. (2008). *Géographie des espaces naturels protégés: Genèse, principes et enjeux territoriaux.* Paris: Armand Colin.

Dubert, I. (Ed.) (2019). *A morte de Galicia*. Vigo: Xerais.

Elbakidze, M., Angelstam, P., Sandström, C., Stryamets, N., Crow, S., Axelsson, R., … Yamelynets, T. (2013). Biosphere Reserves for Conservation and Development in Ukraine? Legal Recognition and Establishment of the Roztochya Initiative. *Environmental Conservation, 40*(2), 157-166. doi: 10.1017/S0376892912000434.

Gillespie, A. (2007). *Protected Areas and International Environmental Law*. Leiden: Nijhoff.

Hernández Borge (2006). Vejez y territorio en Galicia. *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades, 18*, 143-166.

Hernández Borge, J. (2013). *Galicia, unha poboación avellentada*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Instituto Galego de Estatística [IGE] (2020). *Proxeccións de poboación a curto prazo. 2020-2035. Grupos quinquenais de idade. Galicia, provincias, áreas e comarcas*. Recuperado de https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9908&R=1[all];3[91];4[46]&C=2[0]&F=&S=&SCF= (consulta o 11/5/2021).

Jiménez Blasco, B. C. (2008). Desigualdades territoriales en relación con el envejecimiento de la población española. *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, *52*, 91-110.

Lois, R. C. e Piñeira, M. J. (2011). A rede urbana e a rápida urbanización do territorio. En M. J. Piñeira e X. M. Santos (Coords.). *Xeografía de Galicia* (pp. 157-227). Vigo: Xerais.

Molino, S. del (2016 [ed. 2017]). *La España vacía. Viaje por un país que nunca fue*. Madrid: Turner.

Molinero, F. (2019). El espacio rural de España: evolución, delimitación y clasificación. *Cuadernos Geográficos, 58*(3), 19-56.

Ojeda Rivera, J. F. (2003). Desarrollo y patrimonio paisajístico. *Revista PH. Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, *42*, 51-56. doi: 10.33349/2003.42.1478.

Otero Varela, A., Trillo Santamaría, J. M. e Vila Lage, R. (2020). ¿Región leonesa o la reivindicación de la "España vacía"? Una discusión urgente acerca del Lexit. En *Espacios rurales y retos demográficos: una mirada desde los territorios de la despoblación. XX Coloquio de Geografía Rural. III Coloquio internacional de Geografía Rural* (pp. 337-352). Valladolid: Asociación Española de Geografía / Universidad de Valladolid.

Paül, V. (2018). Approaching Rural Galicia: Geographical Readings of the Galician Countryside. En V. Paül, J. M. Trillo Santamaría, L. M. Agrelo e J. I. Vila Vázquez (Eds.). *A Companion to Fieldwork in Rural Galicia* (pp. 19-38). Santiago de Compostela: Grupo de Análise Territorial (ANTE) GI-1871.

Paül, V. e Trillo Santamaría, J. M. (2019). Hacia una geografía histórica del Gerês/Xurés: la conformación de una región transfronteriza. *Revista de historiografía*, *30*, 119-155. doi: 10.20318/revhisto.2019.4746.

Potter, R. B., Binns, T., Elliott, J. A. e Smith, D. (2008). *Geographies of Development. An Introduction to Development Studies.* Harlow: Pearson.

Price, M. F. (2017). The re-territorialisation of Biosphere Reserves: The case of Wester Ross, Northwest Scotland. *Environmental Science & Policy, 72*, 30-40. doi: 10.1016/j.envsci.2017.02.002.

Reed, M., e Massie, M. M. (2013). Embracing Ecological Learning and Social Learning. *Conservation and Society*, *11* (4), 391-405. doi: 10.4103/0972-4923.125755.

Reques Velasco, P. e Marañón Martínez, M. (2016). Desarrollo sostenible y reemplazo generacional. Las Reservas de la Biosfera de la Región Biogeográfica Atlántica Ibérica. En J. Domínguez Mujica e R. Díaz Hernández (Coords.). *Población y territorio en la encrucijada de las Ciencias Sociales. Actas XV Congreso de la Población Española* (pp. 153-165). Fuerteventura: Universidad de Las Palmas de Gran Canaria.

Santos González, J. e Redondo Vega, J. M. (2016). Gestión, protección y despoblación en las Reservas de la Biosfera de la Cordillera Cantábrica. *Pirineos. Revista de Ecología de Montaña*, *171*, doi: 10.3989/Pirineos.2016.171009.

Schliep, R. e Stoll-Kleemann, S. (2010). Assessing Governance of Biosphere Reserves in Central Europe. *Land use Policy, 27* (3), 917-927.
doi: 10.1016/j.landusepol.2009.12.005.

Serrano Gil, Ó. (2008). Efecto de la declaración de un espacio natural protegido en territorios de ruralidad profunda. *Scripta Nova. Revista Electrónica de Geografía y Ciencias Sociales*, *12* (270, 85).

Toledo Manzur, V. M. (2015). ¿De qué hablamos cuando hablamos de sustentabilidad? Una propuesta ecológico-política. *Interdisciplina, 3* (7).
doi: 10.22201/ceiich.24485705e.2015.7.52383.

United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization (UNESCO). (1996). *Biosphere Reserves: The Seville Strategy and the Statutory Framework of the World Network.* Paris: United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization.

Vila Lage, R., Paül, V. e Trillo Santamaría, J. M. (2020). Autonomous Communities Borders and Protected Areas: An Analysis of Three Biosphere Reserves at the Interface Between Galicia, Asturias and León. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, *86*. doi: 10.21138/bage.2966.

Winkler, K. J. (2019). The Implementation of the Conceptual Shift in Conservation: Pathways of Three German UNESCO Biosphere Reserves. *Ecosystems and People, 15*(1), 173-180. doi:10.1080/26395916.2019.1617351

World Commission on Environment and Development [WCED] (1987). *Our Common Future.* Oxford: Oxford University Press.

O Ecoturismo e as súas potencialidades de desenvolvemento nos espazos rurais galegos en tempos de pandemia: o caso do Xeoparque Montañas do Courel

Miguel Pazos Otón
Universidade de Santiago de Compostela
miguel.pazos.oton@usc.es

María de los Ángeles Piñeiro Antelo
Universidade de Santiago de Compostela
manxeles.pineiro@usc.es

Lucrezia Lopez
Universidade de Santiago de Compostela
lucrezia.lopez@usc.es

1. Introdución

Na actualidade, unha grande parte do territorio galego rexistra uns indicadores moi negativos desde o punto de vista económico e demográfico (OGDD, 2018; Xunta de Galicia, 2013). A ausencia de actividades económicas que sexan quen de fixar poboación e evitar o despoboamento conducen a escenarios demográficos moi avellentados, o que sitúa a moitos concellos galegos nun escenario moi complicado (Hernández Borge, 2007, 2011). Prodúcese un círculo vicioso no que a falta de actividades económicas impide a fixación de poboación, e á vez a falta de poboación xoven e dinámica impide a xeración de dinamismo económico. Desde hai décadas, o turismo en espazos rurais é visto como unha contribución para reverter estas tendencias tan negativas (Blanco e Cánoves, 2018).

No segundo Think Tank de Turismo Rural celebrado en Santillana del Mar (Cantabria) en 2019, organizado pola Red Española de Desarrollo Rural, insistiuse no papel chave que debe ter o turismo rural para reverter a despoboación (REDR, 2019). Igualmente, a *Estratexia Española para o Reto Demográfico* (GE, 2019) considera o turismo rural e en espazos rurais un pilar fundamental para xenerar dinámicas económicas que permitan fixar á poboación nun rural cada vez máis avellentado e despoboado. Neste senso, avogan por apoiar a realización de plans estratéxicos que se adecúen á identidade territorial destes espazos rurais, para poder deste xeito favorecer a sensibilización do turista rural cos valores fundamentais do territorio. Pola súa banda, a LEY 5/2021 de impulso demográfico de Galicia, fomenta o turismo sostible e inclusivo, en espacial o turismo rural (Artigo 86). Para iso é importante coñecer a demanda e a oferta de turismo rural e impulsar a creación de redes entre os actores do turismo rural que existen no territorio (Lane e Kastenholz, 2018). O apoio ao asociacionismo, así como o incentivo do ecosistema do emprendemento e innovación no turismo rural é básico, así como a simplificación dos trámites burocráticos o pulo á formación dos profesionais turísticos (Díaz et al., 2018). Deste xeito, a promoción do turismo en espazos rurais poderá ser unha estratexia eficaz (aínda que non a única) contra a despoboación de grandes áreas do rural.

En Galicia, a aposta dos diferentes gobernos galegos polo turismo rural non acadou os efectos desexados, por múltiples motivos. É evidente que o turismo por sí só non vai ser quen de dinamizar o rural galego, pero por outra banda, cómpre explorar sobre o

modelo turístico que se seguiu nestes anos. No presente texto avógase polo ecoturismo como un paradigma abranxente, que permite conseguir resultados moi positivos en espazos e comunidades concretas.

O ecoturismo é unha modalidade turística extremadamente respectuosa coas comunidades locais, e require asimesmo unha alta implicación destas en formación e adaptación aos estándares de calidade que requiren os clientes (Blangy, 1995). O perfil do ecoturista é unha persoa cun nivel de ingresos medio-alto, con formación superior e moitas inquedanzas ambientais, sociais e culturais (Boo, 1990; Ceballos-Lascurain, 1990; Lee e Snepenger, 1992). A captación destes segmentos é fundamental para garantir un turismo de calidade, pouco masificado e vencellado ao territorio, pero para iso é preciso apostar pola formación e a calidade, entre outros. Acadar certificacións turísticas e entrar en redes de promoción e clubes de produto oficiais nacionais e internacionais serán aspectos fundamentais.

No presente texto tomarase como estudo de caso o Xeoparque Montañas do Courel, para exemplificar as novas potencialidades que xurden en espazos de baixa densidade e dominancia natural en Galicia. No ano 2019, a Xunta de Galicia, a través de AGADER e a Axencia Galega de Turismo, encargou ao Centro de Estudos e Investigacións Turísticas da Universidade de Santiago de Compostela (CETUR) a realización dun Plan Estratéxico do territorio do Xeoparque Montañas do Courel. Tras a definición do marco teórico, unha intensa fase de traballo de campo, e a celebración de entrevistas e mesas de debate cos principais actores territoriais, propuxéronse unha serie de medidas para potenciar o efecto dinamizador do Xeoparque no territorio. No presente texto reflexionamos unha selección de ditas propostas no marco do actual contexto pandémico.

2. Ecoturismo e xeoturismo: oportunidades de desenvolvemento en espazos rurais de baixa densidade.

A definición de Ecoturismo que acada máis difusión é a de Héctor Ceballos-Lascuráin, quen define en 1988 o ecoturismo como unha modalidade de viaxe a áreas naturais relativamente non modificadas ou non contaminadas co propósito específico de estudar, admirar e gozar da paisaxe, das plantas e dos animais, así como dos aspectos culturais existentes (tanto actuais como pretéritos) que se atopan nesas áreas. Esta aproximación apunta a dous aspectos esenciais que se seguen a considerar determinantes no ecoturismo: (i) o turismo se desenvólvese en espazos naturais, e (ii) as motivacións son apreciativas ou educativas, sempre en relación á natureza, aínda que tamén poden ser importantes os aspectos culturais na área visitada.

Segundo Wearing e Nail (2000), no ecoturismo a viaxe ten que se producir en zonas naturais relativamente inexploradas ou protexidas. O ecoturismo está orientado cara á conservación, o que implica a procura dun impacto mínimo na contorna. Ademais, ten unha función educativa, xa que o ecoturista expresa un gran desexo de adquirir máis coñecementos sobre a natureza durante as súas viaxes (McNeely, 1988). Non menos relevante é a promoción dunha ética ambiental positiva que anima a un comportamento axeitado dos seus participantes. Non degrada os recursos, senón que se concentra nos valores intrínsecos dos recursos (Wight, 1996). Por todo iso, o ecoturimo está orientado cara ao medio ambiente en si, e non cara aos seres humanos, xa que as súas actividades deben beneficiar a natureza, a súa flora e a súa fauna, proporcionando un punto de encontro de primeira man co medio ambiente (Blanco y de Esteban, 2016). Ese

compromiso involucra á comunidade local no turismo. De feito, o seu nivel de satisfacción mídese en termos de apreciación, sensibilización e educación e comporta unha importante preparación e un coñecemento en profundidade tanto por parte dos guías como dos turistas.

Segundo Honey (1999), o ecoturismo consiste en viaxar a espazos naturais, polo xeral protexidos. Minimiza os impactos a todos os niveis, desde a infraestrutura aloxativa ou o transporte e as comunicacións, até a limitación case absoluta de danos ao ecosistema. Á vez que constrúe a consciencia ambiental, o ecoturismo implica educación ambiental, tanto para os turistas como para as comunidades receptoras. Fomenta beneficios directos para a conservación. O ecoturismo achega recursos para a protección, a investigación e a educación mediante moitos mecanismos, por exemplo o cobro de entradas a parques. Achega beneficios directos para as comunidades locais e contribúe a súa capacitación. As comunidades reciben financiación directamente porque é un xeito factíbel de que estas se impliquen na conservación da natureza. Respecta a cultura local, o que inclúe as costumes locais (conduta en público, maneiras de vestir, etc.). O ecoturismo é unha tipoloxía de turismo moi coñecida e perfectamente identificada, delimitada (Paül e et al., 2011), tamén é promocionada por Turespaña e por todos os organismos turísticos nacionais e internacionais.

O xeoturismo (o tipo de turismo que se leva a cabo nun xeoparque) é unha modalidade e unha tipoloxía concreta de ecoturismo. Os xeoparques mundiais da UNESCO son unha figura que recoñece zonas de alto valor polo seu patrimonio xeolóxico, que buscan conservar ese patrimonio coa implicación das comunidades locais, para promover un enfoque sustentable no desenvolvemento local (UNESCO, 2017). O xeoturismo é un membro da gran familia do ecoturismo, entendida como a modalidade turística que máis respecto amosa polo coidado e conservación da natureza, onde o afán de coñecela e a motivación educativa e formativa son as principais motivacións.

O Xeoturismo non se pode comprender sen a xeoconservación. A Xeoloxía configura paisaxes dun grande interese e atractivo turístico, e explica a realización todos os anos de milleiros de viaxes no mundo. Os elementos xeolóxicos forman parte do patrimonio natural e deben ser recoñecidos e sistematizados a través dos xeositios. Garantir a preservación e a conservación do xeopatrimonio vai da man da necesidade de interpretalo e de facer que a sociedade poida visitalo e gozar del. Os Xeoparques, como figuras de protección internacionais promovidas pola UNESCO teñen como finalidade cumprir esta misión: conservar e poñer en valor o patrimonio xeolóxico

Segundo o Ministerio para a Transición Ecolóxica do Goberno de España (2021), un xeoparque é "un territorio que presenta un patrimonio xeolóxico notable que é o eixo fundamental dunha estratexia de desenvolvemento territorial sostible baseada na educación e o turismo. Polo tanto, a súa declaración persegue tanto a conservación do patrimonio como o impulso socioeconómico da zona". Esta última definición concorda coa que aparece no documento Carta da Rede Europea de Xeoparques (2005, sn), onde os xeoparques son definidos como "un territorio que inclúe un patrimonio xeolóxico particular e unha estratexia de desenvolvemento territorial sostible apoiada nun programa europeo de promoción do desenvolvemento. Debe ter límites ben definidos e suficiente área superficial para un verdadeiro desenvolvemento económico".

Os xeoparques traballan en 10 direccións fundamentais (Geoparque Orígens, 2021):

1. Recursos naturais: informan á poboación sobre a necesidade do uso sostible dos recursos naturais e promoven o respeto polo medio ambiente e a integridade da paisaxe.
2. Riscos xeolóxicos: dan a coñecer os riscos xeolóxicos de cada territorio e axudan a preparar estratexias de mitigación.
3. Cambio climático: a partir dos rexistros xeolóxicos e dos cambios climáticos pasados, os xeoparques sensibilizan e axudan a mitigar os efectos do aceleranemto do cambio climático.
4. Educación: promoven actividades educativas para difundir o patrimonio xeolóxico e os seus vínculos co resto de patrimonios.
5. Ciencia: impulsan a investigación científica activa nas Ciencias da Terra e noutras disciplinas. O Xeoparque achega a ciencia á sociedade.
6. Cultura: exploran e celebran os vínculos entre á nosa comunidade e a Terra.
7. Mulleres: traballan polo empoderamento e a participación plena e efectiva das mulleres e nenas na sociedade.
8. Desenvolvemento sostible: traballan para asegurar o desenvolvemento sosltible do territorio en beneficio da poboación local, a partir do establecemento de mecanismos de gobernanza.
9. Coñecemento local: impulsan a preservación da cultura local
10. Xeoconservación: buscan establecer medidas de conservación e protección dos lugares de interese xeolóxico.

3. O espazo de estudo: un área de montaña avellentada en Galicia

O espazo de estudo é un xeoparque do Sudoeste Europeo e Noroeste da Península Ibérica, ubicado nas Serras Orientais galegas, a montaña por antonomasia de Galicia, e no val do Sil, lindando con Castela e León. Situado na entrada natural de Galicia desde a Meseta, por onde discorre o Camiño de Inverno, que seguían os peregrinos a Compostela para evitar as neves do Cebreiro. Localizado a unha distancia significativa (sobre 2 horas) dos principais centros urbanos de Galicia pero accesible desde o Bierzo e Castela, tanto a través da N-120 como da A-6. O territorio do Xeoparque está vertebrado polo eixe viario Alto do Poio-Seoane-Folgoso-Quiroga-Ribas da Sil, que o percorre en dirección norte-sur. De oeste a leste está vertebrado pola N-120. O territorio do Xeoparque Montañas do Courel caracterízase pola existencia de importantes contrastes de todo tipo. O espazo comprendido polos municipios de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil vai dende a ribeira sur do val do río Sil cara os cumios da Serra do Courel. Topograficamente, hai un desnivel nas cotas duns 1.300 metros, entre o cumio do Piapaxaro (1.601 metros) e o fondo do val do Sil.

Figura 1. Localización do Xeoparque Montañas do Courel.
Fonte: Xunta de Galicia (Plan Estratéxico do territorio do Xeoparque Montañas do Courel).



O territorio do Xeoparque Montañas do Courel comparte a meirande parte dos rasgos demográficos do interior de Galicia, se ben neste caso están acentuados polo carácter de montaña de boa parte do seu territorio. A distancia en kilómetros e en tempo aos principais centros demográficos e económicos de Galicia fai que a comarca entrase nun esmorecemento progresivo desde o século XVIII en canto á ocupación do territorio e o poboamento (Villares, 2004).

A partir da posguerra civil, a emigración ás rexións máis industrializadas do resto de España (Cataluña, Euskadi, Madrid, etc), e de Europa foi xeneralizada nos espazos máis rurais e baleirou numerosos núcleos de poboación (Hernández Borge, 1976, 2007b). A tendencia demográfica nas últimas décadas sitúan a Galicia cunha perda de peso importante con respecto ao conxunto do Estado español (Aldrey e Del Río, 2014). O forte proceso de emigración de cara ao continente americano, ao centro de Europa e cara as zonas industrializadas do Estado supuxo un desequilibrio territorial da poboación que nas zonas máis rurais significou unha perda de poboación e un avellentamento progresivo que semella ter cruzado unha liña de non retorno (Barreiro, 2013; Aldrey, 2006). Isto tradúcese nunha pirámide de poboación que amosa unha tendencia regresiva, situación moi difícil de solucionar, onde os efectivos de menos de corenta anos son moi inferiores aos de niveis superiores, dificultando en grande medida o reemplazo xeracional.

Seguindo a evolución dos derradeiros Censos de Poboación dispoñíbeis no INE para a Comarca de Quiroga, observamos un abandono progresivo da actividade agrícola que pasa de representar un 30,7% no 1991 a un 11,9% no 2011. Isto debeuse, en gran parte, á progresiva perda de poboación que sufriu a zona, mais tamén ás esixencias do mercado


europeo logo de que o Estado español pasara a formar parte da Unión Europea e se adecuase ás bases da Política Agraria Europea (PAC). Como resultado, foron moi poucas as explotacións gandeiras que souberon ou puideron adaptarse aos novos paradigmas da UE, e por conseguinte cesaron na súa actividade. Aínda así esta zona reproxectouse recuperando o cultivo da vide e da oliveira e coa comercialización de viño, baixo a D.O. Ribera Sacra e do aceite, á espera da tramitación dunha D.O específica (Federación Española de Industriales Fabricantes de Aceite de Oliva, 2019). Asemade progresan as granxas de tipo intensivo avícola e porcino e a apicultura parece coller folgos na última década.

O progresivo esmorecemento da agricultura e gandeiría de subsistencia, xunto coa falta de oportunidades nos sectores secundario e terciario explican a marcha da poboación máis xoven, co conseguinte avellentemento da poboación. As cifras de nacementos e defuncións dos últimos vinte anos sinalan ao crecemento vexetativo negativo como principal responsable desta sangría demográfica que leva máis de 20 anos en cifras negativas. Hoxe en día, entre os tres municipios de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas totalizan uns 5.000 habitantes, cunha densidade de poboación conxunta moi baixa (Táboa 1). O territorio do Xeoparque caracterízase por baixas densidades de poboación e a presenza dunha grande dispersión dos asentamentos. A distribución por grupos de idades amosa un forte desequilibrio, cunha infrarrepresentación das persoas menores de 45 anos (xóvenes e adultos xóvenes). Isto repercute na falta de man de obra e lastra moitos proxectos de emprendemento empresarial que poderían ser claves para dinamizar o turismo e, en xeral, a economía. Continuar coas políticas de incentivo á natalidade e atraer novas familias ao territorio son políticas demográficas que a medio prazo teñen consecuencias moi positivas no plano económico.

Táboa 1. Evolución da poboación por concellos da Comarca de Quiroga 1998-2018. Fonte: Instituto Galego de Estatística. Elaboración propia.

Número de habitantes				Evolución 1998-2018 (%)			
Folgoso do Courel	Ribas de Sil	Quiroga	Total comarca	Folgoso do Courel	Ribas de Sil	Quiroga	Total comarca
1.669	1.529	4.458	7.656	100	100	100	100
1.628	1.496	4.458	7.582	-2,5%	-2,2	0	-0,9%
1.593	1.463	4.342	7.398	-4,6%	-4,3%	-2,6%	-3,4%
1.549	1.441	4.255	7.245	-7,2%	-5,8%	-4,6%	-5,4%
1.510	1.406	4.209	7.125	-9,5%	-8,4%	-5,6%	-6,9%
1.448	1.410	4.124	6.982	-13,2%	-7,8%	-7,5%	-8,8%
1.397	1.335	4.129	6.861	-16,3%	-12,7%	-7,4%	-10,4%
1.346	1.310	4.144	6.800	-19,4%	-14,3%	-7%	-11,2%
1.310	1.245	4.035	6.590	-21,5%	-18,6%	-9,5%	-13,9%
1.284	1.218	3.939	6.441	-23,1%	-20,3%	-11,6%	-15,9%
1.274	1.169	3.894	6.337	-23,7%	-23,5%	-12,7%	-17,2%
1.233	1.144	3.829	6.206	-26,1%	-25,2%	-14,1%	-18,9%
1.196	1.135	3.766	6.097	-28,3%	-25,8%	-15,5%	-20,4%
1.211	1.098	3.711	6.020	-27,4%	-28,2%	-16,8%	-21,4%
1.160	1.058	3.595	5.813	-30,5%	-30,8%	-19,4%	-24,1%
1.136	1.033	3.552	5.721	-31,9%	-32,4%	-20,3%	-25,3%
1.106	1.011	3.501	5.618	-33,7%	-33,9%	-21,5%	-26,6%
1.089	1.001	3.424	5.514	-34,8%	-34,5%	-23,2%	-27,9%
1.060	992	3.354	5.406	-36,5%	-35,1%	-24,8%	-29,4%
1.025	980	3.328	5.333	-38,6%	-35,9%	-25,4%	-30,3%
1.018	970	3.257	5.245	-39%	-36,6%	-26,9%	-31,5%

Figura 2. Evolución da Poboación da Comarca de Quiroga. Fonte: Instituto Galego de Estatística. Elaboración propia.



4. Propostas para o Xeoparque Montañas do Courel

O actual contexto derivado da crise da pandemia da Covid-19 pode ser un escenario favorable, por canto as cidades preséntanse como espazos saturados e cunhas piores condicións hixiénicas (World Health Organization, 2020). Nesta situación, os espazos de dominante natural aparacen como territorios reserva onde desenvolver unha vida máis saudable. É de prever un incremento do fenómeno da chegada neorrurais, ben sexan neorrurais "puros" ou emigrantes ou descendentes de emigrantes que retornan á súa terra, onde teñen terreos e casas de seu.

A potencialidade do xeoturismo de xerar dinámicas de crecemento económicas vencelladas ao desenvolvemento da actividade turística, atraendo a novos turistas responsables ao territorio, favorecerá a creación de novas empresas de servizos aos turistas (aloxamento, restauración, empresas de servizos turísticos, etc) e un efecto de arrastre para o conxunto da economía local. Esta dinamización podería constituir un primiero paso para frear a sangría demográfica e o avellentamento da poboación, punto de partida para un necesario cambio de tendencia nos indicadores económicos e demográficos desta zona interior de Galicia. O territorio é un ben escaso e non renovable, e na sociedade actual está exposto a grandes ameazas, como o cambio climático, a destrución de ecosistemas, a perda de biodiversidade ou a contaminación (AGE, 2006). É imprescindible ter claro que é preciso establecer límites e liñas vermellas que non se poden cruzar. Xestionar a capacidade de carga do territorio, xestionar os usos do territorio, restrinxindo e prohibindo se é preciso algúns deles e dar resposta aos conflitos é un requisito imprescindible se queremos que o crecemento sexa en verdade sostible (European Geoparks Network, EGN). O xeoturismo garantiza esta necesaria sustentabilidade no sector.

Tendo en conta todo iso, recollemos a continuación unha selección de propostas de dinamización territorial que foron elaboradas no proceso de redacción do Plan Estratéxico do Territorio do Xeoparque Montañas do Courel, facendo distinción entre propostas xerais e outras máis vencelladas a dinamización poboacional. É importante indicar que todos os xeoparques están sometidos a un proceso de avaliación por parte de persoal do Comité Internacional de Xeoparques da UNESCO. Neste senso, as propostas realizadas para o Xeoparque Montañas do Courel tratan de dar resposta aos puntos nos que hai máis marxe de mellora que foron detectados no seu día no momento da concesión do título de UNESCO Global Geopark.

4.1. Propostas xerais

En primeiro lugar, ocuparémonos de propostas de carácter xeral, focadas en aspectos amplos e transversais, que afectan a todo o territorio do Xeoparque. Considerouse necesario facer unha selección das propostas máis importantes presentadas no Plan Estratéxico do Territorio do Xeoparque Montañas do Courel. Accesibilide e visibilidade tanto física como virtual son aspectos fundamentais que cómpre reforzar. Igualmente, o pulo á actividade económica apoiada no grande potencial turístico do territorio ten un valor estratéxico. A responsabilidade social e a imbricación do Xeoparque no territorio son tamén directrices básicas nas que se enmarcan as seguintes propostas.

a) Mellorar a sinalización

A mellora da sinalización do Xeoparque é unha das recomendacións feitas polos avaliadores da UNESCO. Destacan á necesidade de incorporar sinais de grande formato que anuncien a proximidade e o acceso ao Xeoparque nas principais vías de comunicacións dependentes da Red de Interés General del Estado (RIGE). A principal estrada que dá acceso ao territorio do Xeoparque é a N-120, Vigo-Villacastín (Segovia), e vertebra o val do Sil, dando acceso a Quiroga e Ribas de Sil. Dita estrada comunica ambas poboacións coas terras de Lemos e Valdeorras, polo que constitúe o seu principal eixo de comunicacións. Polo norte, a estrada de Folgoso de Courel e Seoane cara o Alto do Poio prosegue ata Pedrafita do Cebreiro, onde enlaza coa Autovía do Noroeste (A-6). Tanto no caso da N-120 como no da A-6 é preciso axilizar os acordos para a colocacións de sinais homologadas tipo Sistema de sinalización turística homologada nas estradas estatais (SISHTO), que permitan aos automobilistas identificar correctamente o Xeoparque Montañas do Courel. A existencia dunha sinalización visible e axeitada permite orientar aos automobilistas e suxerir a posibilidade dunha visita non planificada.

b) Converter a páxina web no portal virtual do Xeoparque

A páxina web do Xeoparque (https://www.courelmountains.es/) debe evoluír ata converterse nun verdadeiro portal web, que permita coñecer os múltiples aspectos que caracterizan a diversidade do Xeoparque. Os contidos non deben limitarse exclusivamente á xeoloxía, senon que deben artellarse tamén en torno a unha serie de eixos temáticos fundamantais, como os produtos agroalimentarios de calidade e patrimonio material e inmaterial. Ao igual que xa fan moitos xeoparques de todo o mundo, é cada vez máis necesario que o visitante poida atopar na propia páxina web un catálogo de todos os servizos turísticos que existen no territorio do Xeoparque. Ademais, cómpre habilitar a posibilidade de facer unha reserva de aloxamento, de restaurante ou de contratar un servizo de guía ou de sightseeing a través da web. Igualmente, sería desexable poder reservar visitas a adegas, muíños de aceite, cooperativas artesanais, e por suposto de mercar os seus produtos online. É recomendable integrar as redes sociais na propia páxina web e incluir unha sección de novidades, así como de fotografías, vídeos e descarga de material diverso.

c) Crear novos produtos turísticos

O turista contemporáneo xa non se conforma só con durmir, comer e visitar certo elementos patrimoniais. Antes ben, a experiencia turística é cada vez máis complexa, xa que existe unha demanda crecente por vivir experiencias únicas e singulares (Freire, López e Pazos, 2002). Por outra banda, o tipo de turista que visita o Xeoparque caracterízase pola curiosidade e pola vontade de aprender e coñecer non só sobre o territorio, senon tamén sobre as súas xentes e os seus modos de vida. Neste contexto, é preciso prestar atención a novos produtos turísticos adaptados aos grupos target, que poden ter grande potencialidade de crecemento. Alén do xeoturismo, que cómpre desenvolver máis, algúns deles xa son ben coñecidos, como o enoturismo, o turismo deportivo ou o turismo de natureza. Polo contrario, outros son auténticos produtos emerxentes, como o oleoturismo, que pode ter unha grande potencialidade no noso territorio, o geocatching, ou o turismo vivencial e experiencial. Igualmente, cómpre

prestar atención ao turismo sensorial e á adaptación ao turista con necesidades especiais (persoas invidentes, con mobilidade reducida, etc).

A singularización do Xeoparque como un destino de xeoturismo ten que ser complementada coa inclusión nas principais redes de espazos protexidos onde se practica o ecoturismo. Cando alguén planifica unha visita a un xeoparque, está planeando unha visita ecoturística. Para buscar información emprega, polo tanto, portais oficiais e non oficiais de ecoturismo, canais como o Club de Produto Ecoturismo de España, e adoita compartir experiencias nas redes sociais con comunidades ecoturísticas.

c1) Impulsar o enoturismo

Os principais produtos ecoturísticos desenvolvéronse en Francia, Sudáfrica e California hai xa varias décadas, moi vencellados ás denominacións de orixe e á cultura do *terroir* e ás produción locais. Na actualidade, a práctica do enoturismo implica non só visitar adegas, senon moitas veces tamén os propios viñedos da man dos produtores locais, coñecer tamén o proceso de elaboración, maduración e embotellado, e adoita finalizar cunha cata e un recoñecemento organoléptico do viño. Chegados a este punto, o máis probable é que o turista adquira unha ou varias botellas producidas polas adegas que visita. A evolución do enoturismo fai que moitas adegas ofrezan tamén aloxamento nas propias instalacións e máis actividades turísticas inspiradas no viño. O territorio do Xeoparque está incluido dentro da D.O. Ribeira Sacra, e ten moita tradición vitivinícola. Nos últimos anos xurdiron varias pequenas adegas familiares que traballan de xeito artesanal e en estreita relación coa terra e mesmo incorporando o discurso xeolóxico á interpretación do viño. Ese debe ser o camiño a seguir, poñendo en valor a produción local e os propios artesáns viticultores.

c2) Desenvolver o oleoturismo

Ao igual que o enoturismo, o oleoturismo é unha tipoloxía turística dunhas grandes potencialidades. Existen importantes paralelismos entre enoturismo e oleoturismo, por canto a produción de viño e de aceite son caracerísticas de territorios cun clima de matiz mediterráneo. En Galicia, a produción tanto de viño como aceite concéntranse no sur do territorio, con mención especial aos cursos fluviais do Miño e Sil, onde concorren unhas características climáticas moi axeitadas. A diferenza do enoturismo, o oleoturismo está menos desenvolvido, non só en España senón en todo o mundo. Porén o gusto polos produtos agroalimentarios de calidade e a posta en valor dos mesmos, así como a extraordinaria valoración da cociña mediterránea e do emprego do aceite para cociñar fixeron posible a posta en valor turística do aceite. No val de Quiroga e Ribas de Sil producese un aceite moi singular, dunha extraordinaria calidade, en pequenas empresas familiares. Polo tipo de aceituna, a escala da produción e as características do proceso de fabricación, é un aceite tipo "gourmet" moi apreciado. O val de Quiroga e Ribas de Sil é un espazo pioneiro na produción de aceite local, e debe aproveitar ese mérito para poñelo en valor e desenvolver produtos de oleoturismo.

c3) Ampliar a renovar a oferta de restauración

O territorio do Xeoparque é rico en produtos agroalimentarios de calidade, pero a oferta de restauración ten un amplo marxe para mellorar. Existen restaurantes e casas de comidas familiares orientados a unha clientela local, que en moitos casos empregan produtos locais de grande calidade, pero non están postos en valor como recursos turísticos. A presenza en internet dos restaurantes é moi escasa, sobre todo en plataformas como Trip Advisor, Yelp ou outras similares. Por outra banda, a cociña que

se oferta, aínda que ten unha grande calidade, precisa nalgúns casos unha reinterpretación dos produtos tradicionais, diversificando a oferta de pratos, adoptando unha estratexia gastronómica de fusión e innovando con pratos novos elaborados cos produtos de sempre. A mellora da oferta de restauración é condición indispensable para atraer un turismo de calidade, e máis en concreto pensando en ecoturistas internacionais, o grande target a procurar.

d) Artellar unha oferta de aloxamentos turísticos diversa e por todo o territorio

Na actualidade existe unha oferta suficiente de establecementos aloxativos no xeoparque. Existe igualmente unha diversidade importante en canto ás tipoloxías de establecementos (casas de turismo rural, hoteis, albergues, pensións, acampamentos etc), que será ampliada no futuro próximo cando se materialicen senllos proxectos dun hotel de calidade en Quiroga e un camping municipal en Ribas de Sil. Porén, é importante promover a ampliación da oferta do rango de prezos de aloxamentos en todo o territorio do Xeoparque, para que sexan accesibles ao conxunto da poboación (os albergues e pensións respostan a esa idea). A maioría dos establecementos concéntranse nas capitais municipais de Quiroga e San Clodio de Ribas de Sil, así como nos núcleos rurais do municipio de Folgoso do Courel. Non obstante, hai sectores do territorio do Xeoparque nos que a oferta aloxativa é moi escasa ou, directamente inexistente. Por outra banda, o marketing, a promoción e a visibilidade dos aloxamentos do Courel debe ser unha tarefa prerente. O asociacionismo é unha necesidade, para mellorar, acadar certificados de calidade e poder comercializar en novos mercados e traballar con touroperadores nacionais e internacionais de turismo alternativo, sustentable, e ecoturismo en xeral.

e) Fomentar a creación de empresas de servizos turísticos

Ao igual que acontece no caso da restauración e a oferta de aloxamentos, é preciso un maior desenvolvemento de empresas de servizos turísticos para que o Xeoparque Montañas do Courel dea un grande salto e capte xeoturistas e ecoturistas nacionais e internacionais de xeito regular e sistemático, o que permita un desenvolvemento sostido baseado nun turismo de calidade. As empresas de servizos turísticos son fundamentais, xa que o turista de hoxe non se conforma con durmir e comer ben, senon que busca xustamente vivir experiencias, coñecer o territorio activamente, interpretar a arquitectura popular, as tradicións, a gastronomía, etc (Freire, López e Pazos, 2002). Todo isto sempre, a ser posible, guiado por poboación local, que coñeza o territorio e que manteña un vínculo afectivo con el. Guías turísticos, guías de montaña, empresas de turismo na natureza, de turismo activo, pequenas empresas de sightseeing locais, empresas de transporte orientado ao turismo, etc constitúen un tecido empresarial básico que debe promoverse, sempre con traballadores locais. O desenvolvemento destas empresas terá un efecto de arrastre creando outras empresas de asistencia e servizos ás propias empresas turísticas (consultores económicos, hosting e xestión de páxinas web, lavanderías, etc).

4.2. Propostas vencelladas coa poboación

A continuación, presentamos unha selección de propostas máis especificadamente deseñadas para promocionar unha dinamización demográfica da área de estudo. As

mesmas abarcan diferentes aspectos que van da economía á sociedade, da formación á cultura precisamente porque é necesario estruturar o territorio mediante medidas diversificadas, dirixidas a colectivos con diferentes perfís e idades.

a) Fomentar a autoestima e a identidade territorial

A cidadanía debe estar orgullosa de pertencer a un territorio único, con grandes valores naturais e culturais. O carácter periférico do territorio, o afastamento dos principais centros urbanos de Galicia, a despoboación rural das últimas décadas e a falta de oportunidades económicas non implican que non poida cambiarse o rumbo. O proxecto do Xeoparque ten que ser un catalizador do orgullo de pertencer á Galicia rural, de poñer en valor as tradicións e a cultura popular. O Xeoparque contribuirá a que se coñeza o seu territorio en todo o mundo, como membro dun selecto clube da UNESCO. Ademais do orgullo, é preciso traballar no desenvolvemento e promoción dunha identidade conxunta. Os tres municipios son diferentes entre si. A montaña e o val constitúen paisaxes e realidades diferentes, pero todos os territorios deben estar cohesionados e sentirse parte dun proxecto conxunto ben delimitado, coñecido tanto polos propios habitantes como polo resto de Galicia e do mundo.

b) Impulsar o emprendemento

Na actualidade, para que nun territorio poida desenvolverse a actividade turística ten que haber un tecido empresarial enfocado a satisfacer as demandas do turista. Para poder recibir un turismo de calidade é preciso fomentar o emprendemento, dotando á comarca de novas empresas. A pandemia da covid-19 supuxo o peche ou a suspensión temporal de moitos establecementos comerciais e turísticos. Unha vez finalizados os diferentes Estados de Alarma, a recuperación do emprendemento debe vir acompañada de axudas dos poderes públicos e, sobre todo, da potenciación de créditos brandos para impulsar a reapertura de negocios pechados ou temporalmente suspendidos. A promoción do emprendemento é clave para asegurar a actividade económica no territorio do xeoparque, afianzando a recuperación despois da pandemia.

c) Atraer e reter man de obra cualificada

Non pode existir emprendemento sen unha oferta de man de obra cualificada. Para poder abrir unha empresa que proporcione servizos turísticos de calidade é necesario contar con man de obra cualificada. O ideal é que os empregados teñan formación académica profesional ou universitaria en campos como a hostelaría ou o turismo. Para iso é preciso desenvolver estratexias para atraer poboación á comarca, preferiblemente de xeito permamente. A contratación temporal de traballadores pode ser unha solución a curto prazo, pero a medio e longo prazo impide un dos grandes obxectivos desexados por toda política turística: a desestacionalización. No territorio do Xeoparque producíronse nas últimas décadas retornos de persoas cuxos pais e avós emigraran hai varias décadas a outras partes de España ou Europa. O regreso á terra dos seus antepasados implica unha importante transferencia de coñecemento adquirido en rexións urbanas dinámicas como Barcelona, Bilbao ou Madrid. Xurde, xa que logo, un perfil de habitante neorrural, que volta á terra coa que ten vencellos familiares (ou non),

e que pode ser unha das grandes apostas de futuro. A actual situación post Covid-19 pode impulsar traslados da cidade a espazos rurais.

d) Neorrurais e migrantes

A recuperación económica dun territorio con graves problemas demográficos como o Xeoparque Montañas do Courel só será posible se se produce un rexuvenecemento da poboación. Na actualidade, a pirámide demográfica está moi avellentada, e é a poboación entre 18 e 65 anos (adultos xóvenes e adultos maduros, sobre todo os primeiros) a que está en disposición de crear empresas, xerar riqueza e, polo tanto dinamizar o territorio. Nunha situación estacionaria, sen chegada de poboación de fóra do Xeoparque, o escenario demográfico non mellorará, senon que se agravará aínda máis. É preciso detectar, xa que logo, quen poden ser as persoas que están dispostas a trasladarse ao territorio do Xeoparque e asentarse nel. A idea fundamental é que serán habitantes de cidades os que se "contraurbanizarán" e migrarán de novo ao rural. A posibilidades pasan por dar facilidades e vantaxes aos neorrurais (ben sexan con vinculación familiar co territorio ou sen ela) que buscan unha mellor calidade de vida, ao tempo que dinamizarán o rural coas súas aptitudes, mellorando os servizos e dun espazo necesitado deles.

e) Lifelong learning

Na actualidade, a formación e a reciclaxe dos profesionais é un proceso continuo. É o que se coñece en inglés como "lifelong learning". Isto significa que nunca se remata de aprender, e que é preciso ser receptivo aos constantes cambios sociais, culturais e tecnolóxicos. Sóese dicir que no sector turístico o único que non cambia é precisamente que todo está en constante cambio. Para que a poboación do territorio do Xeoparque asuma que é posible investir e emprender, é preciso incrementar os cursos de formación impulsados desde o sector público. O máis urxente e importante é proporcionar formación sobre os pasos administrativos para abrir e xestionar unha empresa, e tamén proporcionar formación continua sobre as novas tecnoloxías. Estas dúas grandes áreas temáticas están realidade absolutamente entrecruzadas, posto que hoxe en día non se pode comprender o mundo empreasarial e turístico sen a presenza das novas tecnoloxías e máis en concreto, Internet. Alén diso, cómpre delimitar outros temas de interese permanente de oferta continua e puntual, como as linguas, sobre todo inglés. No momento actual, por exemplo, a información a empresarios de turismo sobre a Covid-19 é algo prioritario

f) Fomentar o asociacionismo

O grao de dinamismo económico, social e cultural dun territorio case sempre está estreitamente relacionado coa fortaleza do seu asociacionismo, tanto a nivel institucional como da propia sociedade civil. En realidade, deberíamos falar do concepto de "networking" como a capacidade de traballar en rede que deben ter hoxe en día tanto individuos como institucións, e de asociarse entre eles para intermediar, constituindo novos axentes e enriquecendo o propio networking. Desde o punto de vista do desenvolvemento económico e do emprendemento turístico, desenvolver a cultura do asociacionismo é fundamental, por varios motivos. En primeiro lugar, para cohesionar

internamente aos propios emprendedores, servindo de unión ante institucións e organismos externos. En segundo lugar, para compartir coñecemento e conseguir economías de escala en actividades como formación, promoción, etc. En terceiro lugar, para interactuar en rede con proveedores, canles de comercialización e distribución e con outras asociacións de fóra do territorio do Xeoparque e incrementar a visibilidade. O asociacionismo é importante en todos os colectivos con interese no Xeoparque, desde asociacións de veciños ata asociacións deportivas e culturais. Canto máis forte sexa o tecido empresarial, mellor calidade de gobernanza no Xeoparque e no territorio teremos

g) Incrementar a cohesión territorial e social interna

O territorio do Xeoparque Montañas do Courel é moi diverso desde todos os puntos de vista. Desde o punto de vista do medio físico, podemos distinguir entre o val e a montaña. Velaquí unha primeira división espacial, que ten a súa correspondencia en visións e representacións da realidade diferentes por parte da poboación, como non podía ser doutro xeito. Desde o punto de vista da xerarquía territorial, Quiroga é o centro vilego de referencia da comarca homónima, e en menor medida destacan as outras dúas capitais de concello, San Clodio de Ribas de Sil e Folgoso do Courel. Estes tres núcleos concentran a maior parte dos servizos vinculados a institucións oficiais e á administración. O resto do territorio é marcadamente rural e depende das tres cabeceiras. Unha terceira división ten que ver, xa que logo, coa propia división adminstrativa en tres concellos, o que implica a necesidade de traballar coordinadamente en prol dun obxectivo común. Os avaliadores da UNESCO recomendaron incrementar esta cohesión territorial e social interna, aspecto no que se mellorou moito pero que "convén non esquecer".

h) Amigos e socios do Xeoparque

O Xeoparque debe medrar na súa composición social e abrirse a novas persoas e institucións preocupadas polo xeoturismo, a xeoloxía, o ecoturismo e o desenvolvemento territorial. Para conseguir implicar a axentes públicos e privados, a persoas individuais, colectivos, organismos e institucións, unha posibilidade interesante é crear unha Asociación de Amigos do Xeoparque Montañas do Courel. Dita asociación pode funcionar como un órgano consultivo da asemblea xeral do Xeoparque, e os seus membros poden desfrutar dunha serie de vantaxes a cambio dunha cuota anual determinada. Pode establecerse un sistema de "membresía" con varias categorías (socio star, socio premium, socio gold e socio silver ou similares), como adoita facerse en moitos casos. Os socios do Xeoparque recibirán unha newsletter mensual na súa caixa de correo, poderán ter desconto en establecementos asociados na mesma rede e poderán constituirse en comisións de traballo para realizar tarefas voluntarias baixo a supervisión da xunta directiva ou participar en misións comerciais, feiras ou actividades de formación regradas

i) O Xeoparque, un espazo educativo e formativo

A rede UNESCO Global Geopark, á que pertence o Xeoparque Montañas do Courel, naceu cunha clara vocación educativa e formativa. Non en vano, a UNESCO é o organismo dentro da ONU que se encarga do fomento de ditos valores e da

sensibilización sobre a diversidade ambiental e cultural. Polo tanto, a función didáctica, educativa, formativa e científica forman parte do ADN dun xeoparque desde o momento da súa creación. Nos tres municipios vense traballando intensamente nos centros educativos sobre o Xeoparque directamente, e tamén en unidades didácticas de xeito transversal sobre o medio ambiente, o patrimonio e a cultura do territorio. A grande implicación do profesorado conseguirá afianzar o sentimento de autoestima e identidade territorial entre os rapaces, o que contribuirá a espertar vocacións relacionadas coa posta en valor do territorio desde o punto de vista xeoturístico e xeoturístico. O Xeoparque debe seguir sendo un espazo formativo e educativo, non só no seu interior, senon tamén continuando cos exitosos programas de visitas de escolares e de científicos

j) Formación de guías e profesionais turísticos

A formación de guías e profesionais turísticos especializados é unha necesidade fundamental para a cualificación pogresiva do turismo no Xeoparque Montañas do Courel. Os segmentos de potenciais turistas que constitúen os targets fundamentais dos xeoparques optan na súa meirande parte por contratar servizos de guía e consomen produtos de ecoturismo nos que o factor humano é un elemento decisivo. É importante que os futuros profesionais do turismo poidan ter a posibilidade de formarse sen ter que marchar moi lonxe. Sería ideal que poidesen estudar un ciclo de formación profesional de turismo ou de hostelaría no propio territorio do Xeoparque. En calquera caso, é moi aconsellable que o Xeoparque actúe progresivamente informando sobre as posibilidades de emprego no sector turístico nos centros de ensino da comarca, informando tamén das posibilidades de formación regrada e non regrada. A formación a distancia é unha posibilidade cada vez máis a ter en conta. A maior identificación da poboación local co Xeoparque, máis posibilidades de crear empregos no sector turístico e maior posibilidades de emprendemento.

k) O Xeoparque das mulleres

O quinto dos Obxectivos de desenvolvemento sostible da Organización das Nacións Unidas, organismo ao quepertence a UNESCO é "Achieve gender equality and empower all women and girls", na súa formulación en inglés. O Xeoparque Montañas do Courel, declarado pola UNESCO ten, polo tanto o mandato de cumprir este obxectivo, fomentando a igualidade entre homes e mulleres e empoderando a mulleres e rapazas. O Xeoparque das mulleres debe ser unha filosofía que teñan en conta en todo momento as políticas de igualdade, desde unha óptica transversal. Son moitos os xeoparques que xa incorporan este enfoque de xénero á súa estratexia. E son moitas liñas de traballo. Entre elas destacan o traballo e o recoñecemento ás asociacións de mulleres rurais, a organización de cursos e xornadas sobre o papel da muller na historia da comarca ou reserva de prazas para mulleres en cursos de formación, unha liña na que xa se traballa con éxito. Por outra banda, cómpre incrementar a presenza de mulleres entre os membros activos do xeoparque, así como entre os empresarios de turismo e mesmo o persoal científico.

l) Un Xeoparque inclusivo

A integración das persoas con necesidades especiais é un mandato ético para calquera espazo turístico (OMT, 2014). Isto é aínda máis importante no caso dun xeoparque, encadrado dentro dunha organización como a UNESCO, caracterizada polo apoio á reducción de diferencias na socidade, o apoio ás persoas máis desfavorecidas e a igualidade de oportunidades, tratando de integrar ás minorías e colectivos sensibles nun proxecto común. As políticas de inclusión deben ser tamén transversais, e deben estar presentes nas diferentes actuacións sectoriais. Non se trata só de non discriminar ás persoas con mobilidade reducida, habilitando adaptacións con elevadores ou aptos para cadeiras de rodas. O concepto de inclusividade vai moito máis alá, e contempla tamén a intregración das persoas con discapacidade sensorial, como pode ser auditiva ou visual. Tamén é moi importante integrar nos proxectos educativos e formativos do Xeoparque o colectivo de nenos e persoas con discapacidade intelectual ou con necesidades especiais. Cómpre traballar na adaptación dos destinos e produtos para que o Xeoparque sexa un espazo inclusivo.

m) O Xeoparque como emblema da cultura de montaña galega

O teritorio do Xeoparque Montañas do Courel é un dos mellores referentes en canto tratamos de obter unha imaxe e unha representación mental da montaña galega. No imaxinario cultural galego e nas representacións artísticas, a montaña foi relegada case sempre a un segundo e terceiro plano, en detrimento de Santiago de Compostela, as Rías Baixas ou determinados espazos que concitaron maior interese. Porén, existe indubidablemente un lugar para a montaña galega no imaxinario colectivo e nas representacións simbólicas e culturais. As Serras Orientais aparecen, xa que logo, como a montaña galega por excelencia, cunha arquitectura tradicional sobranceira, como tradicións ancestrais como o apalpador e cunhas paisaxes indubidablemente serranas, illadas dos principais centros urbanos do país. A literatura, a poesía, a pintura e o cinema teñen deixado a súa pegada no territorio do Xeoparque Montañas do Courel, que conta cun abano de personalidades artísticas que o reflectiron na súa obra. É estratéxico poñer en valor o legado de escritores, poetas e outros artistas como os mencionados

n) Un Xeoparque literario

O Xeoparque debe apostar por incoporar á súa marca a súa condición de "Xeoparque literario". As extraordinarias paisaxes tanto da montaña como do val reclamaron a atención de destacados escritores, como Uxío Novoneyra, Ánxel Fole, Ernesto Guerra da Cal ou Manuel María. Todos eles mantiveron unha intensa relación co territorio e louvaron ou reflectiron as paisaxes naturais e humanas na súa obra escrita. A creación de roteiros literarios posúe un atractivo indubidable para un territorio, pois significa que a paisaxe foi interpretada e codificada por artistas, e polo tanto que ten un valor cultural consolidado. Nun xeoparque, a posta en valor e roteiros literarios significa o impulso dun motivo máis para visitalo, incrmentando os segmentos de visitantes aos que está dirixido o turismo, e cualificando moitísimo o turismo cultural. Por outra banda, as visitas de escolares ao Xeoparque son unha magnífica ocasión para a interpretación integral da paisaxe a partir da literatura. A sinalización e posta en valor dos principais

puntos de interese literarios do Courel debe ser a folla de ruta a seguir neste novo tipo de turismo.

5. Conclusións

O xurdimento da pandemia mundial da Covid-19 segue tendo unhas implicacións dunhas dimensións descoñecidas en todos os ámbitos da sociedade. O confinamento da poboación e as restricións á mobilidade provocaron un desplome absoluto da actividade turística a finais de marzo e en todo o mes de abril de 2020. O feito de que os riscos de contaxio por coronavirus sexan maiores nas cidades que nos espazos rurais débese a que as posibilidades de transmisión aumentan canto maior é a aglomeración das persoas. Por todo iso, agárdase que se incrementen os visitantes nos destinos de montaña, rurais e, en xeral de baixas densidades demográficas, mentres que baixará o turismo urbano. Dita situación derivada da pandemia é unha grande oportunidade para o desenvolvemento turístico do rural galego, xa que os espazos de baixa densidade, ao aire libre e lonxe das grandes aglomeracións urbanas concentran a atención da maior parte dos turistas por motivos de seguridade sanitaria (Pazos et al., 2020).

O xeoturismo é unha modalidade de ecoturismo, recoñecida por todos os organismos turísticos nacionais e internacionais. O Xeoparque Montañas do Courel, localizado no sueste do territorio galego, é un espazo con grandes potencialidades grazas á riqueza do seu patrimonio, tanto natural como cultural e histórico. As Serras Orientais galegas, onde se encadra o Courel, sempre foron un lugar moi atractivo para os amantes do turismo de natureza e do aire libre. O recente recoñecemento por parte da UNESCO da singularidade xeolóxica deste espazo e a súa inserción no selecto grupo de Xeoparques Mundiais significa unha grande oportunidade para atraer ecoturistas (e máis concretamente, xeoturistas), nun tempo no que, como xa fica dito, a pandemia reforza a capacidade de atracción dos espazos ao aire libre. Tendo en conta as súas caracteristicas e potencilidades, o territorio do Xeoparque é un espazo propicio para entrar dentro das redes de turismo slow, è dicir dun turismo lento que busca fuxir dos circuitos convencionais, evitando aglomeracións e produtos estandarizados. A correcta xestión e planificación do xeoturismo no territorio de estudo pasa por aproveitar as sinerxias entre todos os actores territoriais, tanto públicos como privados. Neste senso, é importante acceder a redes e clubes de produto ecoturístico coa finalidade de compartir experiencias de xestión e boas prácticas, e poder aprender doutros espazos máis consolidados que apostaron por este modelo. A formación continua dos empresarios turísticos e a procura da calidade deben pasar pola modernización e posta o día no que se refire aos procesos de certificación turística.

Para o territorio do Courel, resulta estratéxico incrementar a competitividade das súas empresas turísticas. Só deste xeito será posible atraer turistas e ecoturistas respectuosos con entorno local e que ao mesmo tempo teñan unha capacidade de gasto que permita desenvolver unha economía sustentable en torno ao turismo. Aínda que hai que ser conscientes de que o turismo non é a única solución ao declive demográfico e económico dos espazos de montaña como este, mais é evidente que constitúe unha oportunidade para fixar poboación xoven no territorio e loitar contra as tendencias ao baleirado e avellentamento poboacionais. A certificación das empresas turísticas locais permitirá un salto cualitativo do Xeoparque Montañas do Courel, inseríndoo en circuitos altamente especializados nacionais e, sobre todo, internacionais. Estes perfís de

ecoturistas son os que revisten un maior interese, xa que teñen un poder adquisitivo medio-alto, están fortemente sensibilizados co patrimonio natural e cultural, son respectuosos coa cultura local e poden ser prescriptores para outros posibles visitantes que poidan vir no futuro.

Bibliografía

Hernández Aguado, S., Sánchez, M.ª E., y Segado Segado, I. (2021). The role of fisheries governance in achieving the Sustainable Development Goals: an exploratory study from the images of stakeholders in the Region of Murcia. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 88. doi: https://doi.org/10.21138/bage.2984

Hernández Borge, J. (2007). La población del sector pesquero en Galicia. En S. Gutiérrez Ronco y J. J. Sanz Donaire (Coords.), *Homenaje al profesor José Manuel Casas Torres* (pp.307-317). Madrid, Universidad Complutense

Hernández Borge, J. (1991). La pesca: una actividad mal especificada en las estadísticas españolas. En *III Jornadas de la Población Española* (pp. 283-290). Málaga: Excma.Diputación Provincial.

IDEGA (2021). *A Economía Galega. Informe 2019/2020*. Serie Informes Anuais, 34. Disponible en http://docs.game-idega.com/informe_de_economia/a_economia_galega_19_20.pdf.

IGE (2021). *Cuentas económicas de Galicia. Base 2010. Serie 1995-2016*. https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=es&codigo=0307007001

IGE (2019). *Sectores característicos da economía galega. Revisión Estatística 2019*, https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0307007001&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9611&R=2[all];4[all]&C=T[5:0]&F=&S=998:12&SCF=

IGE (2015). *Análise do sector da pesca*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AnaliseSectorPesca.pdf

MAPA (2021). *Estadísticas pesqueras. Abril 2021*. Ministerio de Agricultura. Pesca y Alimentación. Disponible en https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-pesqueras/

Martínez Ferreiro, R., Penas Patiño, X. y Torres Reino, X. M. (1998). Síntese histórica do marisqueo en Galicia. Marisqueo en Galicia. En *III Xornadas de Medio Mariño e Acuicultura* (pp.13–36). A Coruña: Edicións do Castro.

Martínez García, P. (2017). Democratizando el mar con perspectiva de género. El proceso de profesionalización de las mariscadoras a pie en Galicia. *Política y Sociedad,* 54, 377–398. https://doi.org/10.5209/POSO.52737.

Martínez García, P. (2016). *Empoderamiento femenino en contextos de gobernanza. Las experiencias de las trabajadoras de la pesca en Galicia y Euskadi*. Tesis Doctoral. Universidad del País Vasco. Disponible en https://addi.ehu.es/bitstream/handle/10810/

Marugán Pintos, B. (2012). La organización de las mariscadoras como agentes de transformación social. *Revista Digital Em Debate,* 7. doi: https://doi.org/10.5007/1980-3532.2012n7p82.

Marugán Pintos, B. (2010). A importancia das mulleres na pesca galega. En García Negro, M. C.: *Economía pesqueira: achegas desde un curso universitario* (pp. 415-437). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Marugán Pintos, B. (2004). *E colleron ese tren…Profesionalización das mariscadoras galegas*. Xunta de Galicia.

Oca, L. (2013). *Caboverdianas en Burela (1978/2008): migración, relación de xénero e intervención social*. Tesis doctoral. Santiago: Universidad de Santiago de Compostela.

Parlamento Europeo (2021). *Los futuros pescadores: medidas para atraer a una nueva generación de trabajadores al sector pesquero y generar empleo en las comunidades costeras* (2019/2161(INI)). Disponible en https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/EMPL-AD-658780_ES.pdf

Parlamento Europeo (2014). *Resolución del Parlamento Europeo, de 27 de febrero de 2014, sobre medidas específicas en el ámbito de la Política Pesquera Común para desarrollar el papel de la mujer (2013/2150(INI))*. Disponible en https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52014IP0178&from=ES

Piñeiro, M. A. y Santos, X. M. (2021). Shellfishing on foot and the road to defeminization in Galicia (Spain). *Maritime Studies*. doi: https://doi.org/10.1007/s40152-021-00228-z

Piñeiro, M. A., Durán, F. y Santos, X. M. (2018). Inmigración peruana y pesca en el Puerto de Cambados (Galicia): una perspectiva de género. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 76, 218-246.

Rodríguez Rodríguez, G. (2003). La Miticultura Gallega desde la perspectiva de la Economía Social, *Revista Galega de Economía*, 12(1), 1-15

Salz, P., y Macfadyen, G. (2007). *Regional Dependency on Fisheries. Study IP/B/PECH/ST/IC/2006-198*. European Parliament's Committee on Fisheries, Brussels.

Santasmarinas, P. (2010). Proceso de profesionalización das mariscadoras galegas. En García Negro, M. C.: *Economía Pesqueira. Achegas desde un curso universitario* (pp. 319-330). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Santos Solla, X. M. (2001). La explotación de los recursos marinos: pesca, acuicultura y marisqueo. En *Actas del XV Congreso de Geógrafos Españoles Los Espacios litorales y emergentes*. Lectura geográfica (pp. 213-254). Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, Santiago de Compostela.

Surís Regueiro, J. C., y Santiago, J. L. (2014). Characterization of fisheries dependence in Galicia (Spain). *Marine Policy*, 47, 99–109. doi: 10.1016/j.marpol.2014.02.006

Surís Regueiro, J. C. y Varela Lafuente, M. M. (2011). Efectos de la política estructural pesquera sobre la flota comunitaria en el período 2000-08, *Revista española de estudios agrosociales y pesqueros*, 230, 87-118

Teh, L. C. L. y Sumaila, U. R. (2013). Contribution of marine fisheries to worldwide employment, *Fish and Fisheries*, 14(1), 77-88. doi: https://doi.org/10.1111/j.1467-2979.2011.00450.x

Varela Lafuente, M. M. (1997). *Impacto en el sector pesquero gallego de las nuevas tendencias comerciales*. Fundación Caixa Galicia.

Villasante, S. (2012). The management of the blue whiting fishery as complex social-ecologic system: the Galician case, *Marine Policy*. 36–3, 1301–1308.

Xunta de Galicia (1989). Censo da flota pesqueira galega.

Retos e oportunidades do medio rural nun mundo pospandemia. Unha necesaria revisión curricular para o seu ensino no contexto da sociedade do coñecemento

Francisco Xosé Armas Quintá
Universidade de Santiago de Compostela
francisco.armas@usc.es

Xosé Carlos Macía Arce
Universidade de Santiago de Compostela
carlos.macia@usc.es

Yamilé Pérez Guilarte
Universidade da Coruña
yamile.perez@udc.es

1. Introdución

Tense escrito moito sobre o concepto de ruralidade e desde puntos de vista moi diferentes. É un debate moi antigo onde se pon en cuestión se o concepto "rural" é un concepto xeográfico, unha situación con límites establecidos sobre un mapa, unha representación social, unha comunidade con intereses similares ou unha cultura e un modo de vida (Pratt et al., 2001). Este concepto emprégase tanto para comparar diferentes paisaxes como para distinguir diferentes escenarios sociais e económicos (Pratt, 1996).

Unha boa parte das definicións que se propuxeron para definir o medio rural están fundamentadas na súa dificultade de delimitalo debido á crecente rururbanización, facendo que as fronteiras entre o campo e a cidade sexan cada vez máis difusas (Entena-Durán, 2012). As zonas rurais teñen novas funcións na sociedade postindustrial ofrecendo novas localizacións para actividades nos sectores industrial e de servizos. Do mesmo xeito, a desconcentración da poboación urbana e a descentralización das actividades económicas inxectan, en maior ou menor medida, dinamismo nas zonas rurais máis próximas (no tempo ou no espazo) ás cidades. Por outra lado, as zonas rurais nutren ás cidades de poboación nova que forma parte dun éxodo rural (García, Tullas e Valdovinos, 1995) que difire considerablemente do que tivo lugar na segunda metade do século pasado.

Nas áreas rurais dos países desenvolvidos tiveron lugar nas últimas décadas cambios tan intensos como incuestionables, dando lugar a unha gran diversidade que complica a xa difícil tarefa de definilas e delimitalas. Estas transformacións, que se produciron de xeito progresivo, levaron a que convivisen nestes ámbitos diferentes graos de ruralidade en función de diversos factores, como a importancia do papel da agricultura, o grao de desenvolvemento da pluriactividade e a diversificación económica, ou o propio desenvolvemento urbano (Sancho e Reinoso, 2012). A descentralización da residencia e a proliferación doutras actividades produtivas distintas á agraria, como a industria e unha ampla gama de servizos, fixeron que o medio rural se convertese nun complemento das áreas urbanas, sendo cada vez menos visibles as diferenzas entre estas dúas realidades (García, Tullas e Valdovinos, 1995).

Os cambios que tiveron lugar no medio rural dende os anos noventa favoreceron a aparición dunha ruralidade diferente á tradicional (Rubio, 2010). O espazo rural da sociedade postindustrial mostra unha complexidade de usos e funcións que contrasta coa polarización claramente definida entre o campo e a cidade da primeira metade do século XX (García, Tullas e Valdovinos, 1995). Esta evolución significa que o medio rural comeza a verse, non como unha simple área de produción, senón como un espazo que proporciona unha serie de valores de alto interese para unha sociedade globalizada e cada vez máis urbana (Armesto, 2005).

A definición e delimitación do medio rural foi, e segue a ser, unha tarefa complexa debido ás múltiples variables que hai que analizar e á gran diversidade destes espazos. Esta complexidade acentúase se se teñen en conta os cambios producidos nestes territorios nas últimas dúas décadas e que están ligados á difusión da sociedade postindustrial e ás novas tecnoloxías. As áreas rurais pasaron de ter un papel fundamentalmente agrario, proporcionando alimentos, materias primas e recursos humanos ás cidades, a un perfil máis pluriactivo e multifuncional (Rubio, 2010). Tódolos cambios producidos dende os anos noventa do século pasado promoveron unha realidade diferente á tradicional (Rubio, 2010). Desde entón, o medio rural comeza a verse, máis que unha área de produción, como un espazo que achega unha serie de valores de alto interese para a sociedade global (paisaxe, cultura, xustiza social e alimentación saudable) e cada vez máis urbanizado (Armesto, 2005). Deste xeito, o concepto de rural pasou, nas últimas décadas, de ser sinónimo de vulgar e atrasado a ter connotacións positivas asociadas á calidade (Sancho e Reinoso, 2012). Estes cambios representaron unha alteración considerable deste concepto ata o punto de que algúns autores coincidiron en que a extensión do modo de vida urbano ó rural estaba a borrar algunhas das súas características máis significativas, como o modo de vida campesiño (Molinero e Alario 1994). A pesar diso, na literatura científica pódense atopar posicións onde se defende que a agricultura é a actividade esencial para preservar un territorio rural activo. Se a agricultura desaparece do medio rural este deixaría de selo, correndo o risco de converterse nun hábitat urbano ou periurbano cunha poboación dispersa ou nun territorio humanamente deserto (MAPA, 2003; Hervieu, 1995).

Existe unha tendencia a xeneralizar sobre os problemas "estándar" do medio rural, como o declive económico e demográfico, a agricultura marxinal ou a situación periférica dunha boa parte destes espazos, asumindo que estes son homoxéneos (McDonag, 1998). Pero a realidade é que o sistema produtivo do medio rural foi reestruturándose ata o punto de que o rural xa non é sinónimo de agrario. Os asentamentos avanzaron, nalgúns casos, cara o declive económico e demográfico e, noutros, cara á urbanización como ocorre nas proximidades das áreas metropolitanas (Rubio, 2010). Estes aspectos veñen, en moitos casos, a diluír as fronteiras entre o urbano e o rural, dificultando a súa delimitación (Sancho e Reinoso, 2012).

A difusión das tecnoloxías da información e a comunicación dificultou aínda máis, se cabe, a xa complexa tarefa de definir e delimitar os espazos rurais. Hoxe en día, na sociedade da información, tanto o intercambio de información como a comunicación é instantáneo e, coa desaparición das distancias, tamén se diluíron con elas as barreiras que condicionaban o seu desenvolvemento. Neste contexto, as zonas rurais enfróntanse a novas oportunidades de progreso grazas ós servizos avanzados da Rede. Segundo Moyano (2000), as novas tecnoloxías rexeneraron a interconexión entre as zonas rurais e

urbanas facilitando a instalación de novas actividades industriais e de servizos. O proceso de terciarización do medio rural é, para Rubio (2010), a clave que define este período xunto coa transición cara o paradigma postproductivista, onde se deben enmarcar as novas estratexias de desenvolvemento rural. A este respecto, Sanz (2001) sinala que as novas tendencias de desenvolvemento caracterizaranse por novos modelos de organización industrial, a reestruturación espacial das actividades económicas, o aumento do tempo dedicado ó lecer, así como a centralidade do coñecemento e da innovación como fonte de desenvolvemento.

2. As dificultades para definir e deliminar o medio rural

A complexidade que supón definir e delimitar as áreas rurais, ademais de estar ás veces asociada a un certo matiz de subxectividade, deu lugar a posturas moi diversas dentro e fóra da comunidade científica. A este respecto, hai autores que relativizan a validez da distinción rural-urbano (Camarero, 1993), os que defenden a ruptura do rural co agrario (García Sanz, 1998) e os que consideran inútil ou incluso imposible calquera intento de delimitación conceptual do termo rural (Sancho, 1997; Bericat, 1993). Noutras ocasións, esta tarefa pode resultar algo confusa xa que a investigación sobre aspectos rurais multidisciplinares parecen dar carta branca á hora de levar a cabo moitos tipos delas baixo este título (Muilo, 2010). A pesar diso, existe a necesidade de delimitar os espazos rurais dun xeito claro e multidimensional xa que, nas primeiras delimitacións empregáronse criterios que se basearon, case todas, na variable demográfica omitindo factores tan significativos como os socioculturais (Bosak e Perlman, 1982). A razón que motivou a existencia de diferentes percepcións sobre os elementos naturais, económicos ou culturais que caracterizan a ruralidade foi a que levou á ampla diversidade das definicións propostas (Entrena-Durán, 2012).

A vinculación entre o agrario e o rural comezou a romperse a mediados do século pasado debido a que, a partir de entón, orixinouse un proceso de desegrarización que se acompañou dun proceso de desruralización debido á perda de poboación (Rodríguez, 2005). Os cambios que sufriu o sector agrario no último terzo do século pasado están ligados á diminución da poboación activa ocupada na agricultura, ó peso relativo que representa a agricultura no PIB, e á diminución da superficie agrícola utilizada. Ata finais dos anos oitenta do século XX, o medio rural estivo incrustado nun paradigma de carácter desarrollista e produtivista tradicional que se manifestou en forma de modernización da agricultura (Rubio, 2010). Hoxe en día, no medio rural, estase a producir un importante proceso de diversificación das súas actividades económicas, ocupando outros sectores o baleiro deixado polo peso relativo da agricultura (Lázaro, 1995).


A complexidade de definir e delimitar o medio rural levou a unha parte dos autores a definilo baseándose nunha división a tres niveis: áreas rurais remotas, áreas rurais centrais e áreas rurais próximas ás centrais con diferentes graos de ruralidade. Pero este tipo de delimitación podería ser válido nos espazos rurais do mesmo país, pero non para realizar comparacións a nivel internacional dada a gran diversidade entre eles (Muilo, 2010). Cada vez máis, e especialmente nos espazos rurais occidentais, teñen lugar moitos tipos de actividades e usos que poden considerarse urbanos. Por outra banda, os patróns de comportamento e estilos de vida urbanos tamén se están estendendo ás zonas rurais provocando, cada vez máis, que os límites entre cidade e campo se volvan máis difusos

(Esparcia, 2012). A este respecto, Rubio (2010) afirma que, cando un ambiente rural non coincide co "modelo" de ruralidade, a nosa percepción inicia un desprazamento cara á noción do urbano. Pola súa banda, Friedland (2002) sinala que, dada a crecente diversidade de zonas rurais e a dificultade de delimitalas, non só a cidade é urbano nin o campo é rural.

Na perseveranza en definir e delimitar o medio rural empregáronse basicamente catro variables: tamaño demográfico e densidade de poboación, proximidade e relación coas áreas urbanas, grao de urbanización, e principal actividade económica (Hewitt, 1989). Segundo algunhas investigacións do ámbito académico de varios países, existe a necesidade de buscar alternativas onde se propoñan modificacións para establecer novas delimitacións e definicións para o medio rural, empregando criterios alternativos onde se teñan en conta unha combinación de diferentes variables (Sabalain, 2011; Rodríguez, 2011). Actualmente, as definicións do medio rural abarcan conxuntos moi dispares cos consecuentes problemas e imprecisións que isto leva asociado. A preocupación por delimitar e definir o medio rural vén motivada pola crecente importancia que adquiren as estatísticas oficiais para controlar as políticas públicas e a asignación de recursos (Sabalain, 2011).

Foron moitos os autores que intentaron, cun éxito máis ou menos limitado, definir e categorizar o medio rural. Entre eles poderiamos citar a Cloke (1977), Hoggart (1990), Cloke e Goodwin (1993), Halfacree (1993), Lázaro (1995), Ceña (1995), Sabalain (2011), Rodríguez (2011) e Armas e Macía (2017). Algúns destes autores enfrontáronse a este reto creando índices de ruralidade facendo uso de diversas variables. Un dos traballos pioneiros máis relevantes realizouno Cloke (1977) ó deseñar un índice de ruralidade para Inglaterra e Gales. Clout (1993) e Ballas, Kalogeresis, e Labrianidi (2003) fixeron o mesmo no caso das zonas rurais europeas, mentres que outros como Halfacree (1995) optaron por tratar de delimitar o medio rural en función das representacións sociais. Para o caso de España pódese citar a Esparcia (2012), que creou un índice adaptado á realidade valenciana, e para o caso galego a López, Crecente e Miranda (2004), López e Santiago (2005) e Armas e Macía (2017), que desenvolveron diferentes índices co fin de delimitar, dun xeito máis preciso, o medio rural en Galicia (Figura 1).

Figura 1. Delimitación do medio rural en Galicia. Fonte: Armas e Macía (2017).



3. O medio rural e a sociedade do coñecemento

A partir da segunda metade do pasado século as novas tecnoloxías e, en especial Internet, posibilitaron o paso dunha sociedade industrial, onde a actividade económica principal era a manufactura e unha industria produtora de mercadorías, a unha sociedade onde o sector dominante son os servizos con traballadores cun elevado nivel de cualificación; unha boa parte dos empregos que se baseaban en tarefas mecánicas foron substituídos debido á difusión e a implantación das tecnoloxías da información e a comunicación. Supuxo, á súa vez, o paso do traballo nas fábricas ó traballo nos servizos e do traballo físico ó intelectual sendo a mente, por primeira vez na historia, unha forza produtiva directa e non só un elemento de decisión. Neste contexto, a ferramenta que máis importancia adquiriu neste novo modelo de sociedade foi Internet, dado que fai posible que a comunicación e o intercambio de información sexa instantánea e a un custe case cero.

As áreas rurais teñen, na sociedade do coñecemento, unha gran oportunidade para tentar mudar a situación de declive social e económico que padecen unha boa parte delas ó superar o illamento que provocaba a distancia ás cidades. Neste novo contexto tecnolóxico, os espazos periféricos poden acceder a novos mercados sen as limitacións que antes lles impoñía a distancia, ademais de posibilitar o traballo a distancia, o comercio electrónico ou facer uso doutro tipo de servizos como a banca e administración electrónica ou a formación en liña. Neste escenario, os mozos e mozas que antes emigraban do rural cara ás cidades na procura dun emprego acorde coa súa formación, teñen agora a posibilidade de traballar a distancia dende os seus pobos de orixe, acceder ós mercados globais e vender produtos que antes estaban relegados ó ámbito local.

Un dos aspectos máis estudados nos programas de difusión das novas tecnoloxías e, en especial nas rexións máis periféricas, é a cuestión das infraestruturas e os equipamentos. Esta primeira fase foi xa superada no mundo occidental pese a existir, aínda, moitas disparidades entre países e incluso entre rexións dun mesmo país e incluso dentro dunha mesma cidade (Lois et al., 2010). Pero pese a isto, a ampla difusión das redes de telecomunicacións unido á diminución dos custes de acceso á Rede e ós dispositivos que se empregan para tal fin (Smartphones, Tablets etc.), fixo que, na actualidade, o acceso á Internet sexa case universal no contexto dos países desenvolvidos. Na última década, o número dos usuarios da Rede medrou de xeito considerable así como o número de servizos que están dispoñibles na mesma froito do auxe da conectividade móbil (Armas e Macía, 2015).

Neste novo escenario, as áreas rurais teñen novas oportunidades para impulsar o seu desenvolvemento sempre que fagan un uso intensivo dos servizos avanzados da Rede (Macía e Armas, 2012; Piñeira et al., 2014) e, ó mesmo tempo, as novas tecnoloxías están a rexenerar a interconexión entre o rural e o urbano facilitando a instalación de novas actividades industriais e de servizos (Moyano, 2000). Deste xeito, a clave que define a este novo período é a terciarización do medio rural así como a transición cara o paradigma postproductivista onde deben definirse as estratexias de desenvolvemento do futuro (Rubio, 2010). As novas tendencias de desenvolvemento estarán caracterizadas por novos modelos de organización industrial, reestruturación espacial das actividades económicas e o incremento do tempo dedicado ó lecer.

4. Novas funcionalidades para o medio rural do século XXI

Existe unha ampla variedade de opinións na comunidade científica que estuda os espazos rurais sobre as estratexias e actividades económicas que poden levarse a cabo no medio rural do futuro. A sociedade da información e as novas tecnoloxías poden contribuír a frear a dinámica regresiva que moitos destes espazos padecen con iniciativas como o comercio electrónico e o traballo a distancia (Blanco e Cánoves, 1998; Ray e Talbot, 1999). Neste contexto de revolución tecnolóxica e, por primeira vez na historia, a mente humana é unha forza produtiva directa e non só un elemento de decisión. Na Sociedade da Información, o tempo adquire unha nova dimensión ó comprimirse até a mínima expresión (Castells, 2000), e as novas tecnoloxías fan posible que as comunicacións e os fluxos de información e as transaccións financeiras teñan lugar nun espazo de tempo moi curto.

Os espazos rurais están en desvantaxe con respecto ós urbanos posto que están á marxe dos fluxos de información e mercados internacionais. Para evitar esta situación deben, por un lado, dispoñer dunha boa rede de telecomunicacións que lles permita o acceso a Internet a través da banda ancha e, polo outro, que a súa poboación sexa capaz de aproveitar todo o seu potencial, que vai moito máis alá da comunicación e a consulta de información. As tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen novas oportunidades para promover procesos de desenvolvemento nas zonas rurais, pero é necesario ter en conta que a tecnoloxía por si soa non é suficiente (Malecki, 2003; Grimes, 2000). É necesario que haxa un capital humano cualificado para poder aproveitar estas tecnoloxías.

A difusión das novas tecnoloxías e, en especial as infraestruturas de telecomunicacións desenvólvese, na súa primeira fase, nas áreas urbanas (Gutiérrez, 1998) creando unha xerarquía urbana dirixida polas grandes metrópoles cunha maior capacidade para recibir e procesar información (Moss, 1987). Para a difusión da sociedade da información son necesarias unhas infraestruturas mínimas que son proporcionadas por empresas privadas de telecomunicacións que operan neses territorios con mercados activos e cun potencial económico e social que lles asegure a rendibilidade dos seus investimentos. Deste xeito, a demanda e a rendibilidade económica deciden que espazos estarán conectados e cales quedarán fóra da emerxente sociedade dixital. Esta fractura territorial na sociedade da información esténdese tamén á sociedade, entre os cidadáns que non utilizan as tecnoloxías, ben porque non teñen acceso a elas ou porque non saben usalas. A este fenómeno déuselle o nome de "fenda dixital".

Ó longo dos anos moitos gobernos fixeron un esforzo importante para paliar ou minimizar estas desigualdades no acceso ás tecnoloxías a través de diferentes plans destinados a promover tanto a instalación das infraestruturas de comunicacións necesarias para acceder a Internet, como a formación dos seus cidadáns para manexar as tecnoloxías. O concepto orixinal de fenda dixital empregouse para sinalar a fractura territorial e social que provocou a desigual difusión das tecnoloxías da información e a comunicación entre os territorios e os cidadáns que tiñan a posibilidade de acceder a Internet dos que non. Algúns autores como Lois et al. (2010) incluíron na fenda dixital aquelas persoas que tiñan a posibilidade de acceder á Rede das que non a tiñan, ben porque non sabían usar a tecnoloxía ou ben porque non lles suscitaban ningún interese. Deste xeito, os autores diferenciaron entre "usuarios reais" de Internet e "usuarios potenciais", que eran o conxunto de cidadáns que estaban desconectados da sociedade

da información pero que tiñan a posibilidade de formar parte dela. Este fenómeno está moito máis presente nas zonas rurais e agrávase nas máis periféricas.

A revolución tecnolóxica que está inmersa no mundo enteiro é cada día máis rápida e profunda e así o avalan diferentes institucións internacionais que recollen datos sobre este fenómeno (Unión Internacional de Telecomunicacións, Banco Mundial, Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico, Oficina Europea de Estatística etc.). Esta forte expansión das tecnoloxías da información e a comunicación ten un impacto moi desigual, especialmente entre os países desenvolvidos, subdesenvolvidos e en desenvolvemento, así como entre as áreas urbanas e rurais. Pero estas dificultades comezan a superarse, principalmente, debido a dous factores: a propagación da banda ancha móbil e a redución dos custes dos dispositivos electrónicos con conectividade a Internet, especialmente os teléfonos intelixentes. Unha ampla difusión destes dispositivos e en especial os que teñen conexión á Rede, foi moi importante nos últimos anos como resultado da instalación de redes de telecomunicacións móbiles. Os Smartphones e as Tablets están desprazando os teléfonos móbiles básicos e os ordenadores persoais tradicionais, demandando os usuarios, cada vez máis, unha conectividade máis móbil e máis rápida, así como os crecentes servizos que ofrece a Rede.

Pero os avances logrados nos últimos anos, no que á difusión da banda ancha se refire, especialmente a conectividade móbil, e dos usuarios de Internet non é suficiente para lograr a plena inserción na sociedade da información. A maioría das persoas que se uniron ás novas tecnoloxías son usuarios de Internet que fan un uso moi básico da Rede e que se restrinxe á consulta de información, comunicación a través do correo electrónico e redes sociais, e un número moi reducido de servizos. Para afrontar a nova fenda dixital é necesario promover o uso de servizos avanzados de Internet. Os servizos avanzados forman parte da rutina diaria de moitos cidadáns que usan a Rede para mercar bens ou contratar servizos, xestionar operacións bancarias, realizar trámites coa administración pública ou formarse, entre outros. Todas estas tarefas axilizan os procesos, aforran tempo e cartos en desprazamentos e poden axudar a iniciar procesos de desenvolvemento nas zonas rurais e mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns. Dous dos servizos avanzados da Rede que poden ter un maior impacto nas zonas rurais son o comercio electrónico e o traballo a distancia.

O comercio electrónico preséntase como unha gran oportunidade para os espazos rurais. Na sociedade da información, a medida que as distancias desaparecen, as empresas localizadas en rexións periféricas teñen a posibilidade de ofrecer os seus produtos e servizos en calquera parte do planeta, pasando de actuar nun mercado local a competir no mercado global. Drucker (2001) afirmou que o comercio electrónico ía ser, na sociedade da información, o que no seu día foi o ferrocarril na Revolución Industrial. Trátase dunha revolución sen precedentes que vai provocar cambios rápidos na economía e, polo tanto, os espazos rurais deben saber aproveitar esta oportunidade. As pequenas e medianas empresas rurais enfróntanse a unha gran oportunidade coas tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente co comercio electrónico. Pero ó mesmo tempo deben saber afrontar unha serie de escollos para a súa completa inmersión na sociedade da información, como o acceso á Rede mediante banda ancha a un prezo razoable.

O traballo a distancia pode considerarse como unha boa alternativa para integrar a poboación máis nova cunha alta cualificación no mercado laboral, especialmente as mulleres. A organización dunha sociedade predominantemente terciaria non pode seguir manténdose coas mesmas regras que rexían na sociedade industrial. No sector empresarial é necesaria unha reestruturación, tanto na súa organización como do proceso de produción para reducir custes e aumentar a súa competitividade no mercado global. Neste novo contexto de reorganización e adaptación na sociedade da información, o traballo a distancia pode desempeñar un papel destacado á hora de optimizar a produtividade e reducir custes, xa que as empresas poderán establecer unha rede de teletraballadores instalados fóra dos grandes centros urbanos externalizando determinados postos de traballo e servizos. Pero ó mesmo tempo, a difusión do traballo a distancia require unha man de obra receptiva e cualificada que estea disposta a asumir novos retos e adiantarse ós cambios.

A crise que desencadeou o coronavirus SARS-CoV-2 e a conseguinte Pandemia provocada pola difusión da COVID-19, levou a moitas empresas e traballadores a mudar, de xeito drástico, as condicións nas que se desenvolvían o seu traballo, ocupando un lugar moi destacado o traballo a distancia. As novas tecnoloxías e as comunicacións desempeñaron un papel clave durante a Pandemia, facendo posible o traballo dende o fogar, a formación a distancia, o coidado da saúde, entretemento etc. Outro aspecto a destacar foi o forte impulso que tivo o comercio electrónico ó permanecer pechados ó público unha importante parte dos establecementos ou estar limitada a súa capacidade máxima (INE, 2020a; INE, 2020b).

Parece evidente que o teletraballo reduce os desprazamentos da poboación ó traballo, diminúe a conxestión causada por un tráfico excesivo (Hjorthol, 2008; Safirova, 2002), axuda a optimizar o consumo de enerxía (Rhee, 2007) e mellora a calidade de vida dos cidadáns (Teo et al, 1998). Pero ademais destas consideracións iniciais, o teletraballo tamén afecta á urbanización difusa dos espazos periféricos e pode impulsar procesos de desenvolvemento no medio rural. Os traballadores que practican o traballo a distancia poden optar por residir en complexos residenciais, en urbanizacións de chalés ou casas unifamiliares seguindo o patrón urbano anglosaxón, lonxe do centro das cidades e en contacto co campo. Esta tendencia amplía os procesos de rururbanización e contraurbanización, ó tempo que mellora o benestar das persoas. Sen dúbida, as novas tecnoloxías permiten os teletraballadores residir en espazos cada vez máis afastados do centro económico e financeiro das cidades (Muhammad et al, 2007).

Mediante o traballo a distancia as áreas rurais poden acoller a poboación que no pasado realizaba o seu traballo na oficina situada na cidade, contribuíndo así a fixar poboación e reducir os movementos migratorios. Autores como Cairncross (2001) sinalaron que as novas tecnoloxías diluirían a delimitación entre o traballo e o fogar. O fogar volverá ser como antes da Revolución Industrial, converténdose nun lugar onde conviven moitos aspectos da vida humana, deixando de ser un espazo dormitorio. Coa difusión do teletraballo, a casa adquire un novo papel grazas ó aumento do número de servizos que se crearon como consecuencia da revolución nas novas tecnoloxías. Pasa a ser un lugar onde a relaxación, o lecer e o descanso deixan de ser exclusivos e incorpora novas funcións como un lugar de traballo, de formación etc.

5. A integración de contidos sobre o medio rural no currículo da educación secundaria e do bacharelato

O currículo galego de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (Decreto 86/2015, do 25 de xuño) recolle para a materia de Xeografía e Historia, impartida nos catro cursos da etapa de educación secundaria obrigatoria, que "as disciplinas de Xeografía e Historia deben ser dous importantes eixos vertebradores para o coñecemento da sociedade" xa que "a súa organización e funcionamento ó longo do tempo é esencial para entender o mundo actual". Xunto a isto, tamén se sinala que a materia de Xeografía e Historia "é un vehículo para animar o emprendemento" e que tamén deben abordarse aspectos como o "desenvolvemento sostible e o medio ambiente" (Decreto 86/2015, 26.410-26.411).

Son, sen dúbida, aspectos moi interesantes e fundamentais para estudar e discutir cos estudantes, pero difíciles de entender cando case non se fai referencia ó mundo rural nos catro anos de educación secundaria obrigatoria. En todo o currículo, o termo "rural" só aparece nunha ocasión. Esta alusión ó medio rural reflíctese no segundo curso do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, no bloque dedicado ó estudo do espazo humano. Non obstante, esta referencia aparece tamén nun dos temas dedicados ó estudo do espazo urbano, máis concretamente no tema que analiza a cidade e o proceso de urbanización europeo, e non no apartado dos contidos, senón no que recolle os estándares de aprendizaxe. A este respecto, preténdese que os estudantes saiban "resumir os elementos que diferencian o urbano e o rural en Europa". Do mesmo xeito, faise alusión á delimitación urbano-rural nos estándares de aprendizaxe do tema que estuda a cidade e o proceso de urbanización europeo, e non se menciona no tema seguinte que estuda a cidade e o proceso de urbanización en España e Galicia. Neste caso, ós estudantes esíxelles saber interpretar textos que explican as características das cidades de España e Galicia, pero non parece resultar de interese coñecer os criterios que poderían empregarse para diferenciar o rural e o urbano nestes dous espazos.

Para analizar a presenza da xeografía rural en xeral e como se aborda o estudo das dinámicas das zonas rurais en particular, revisouse o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 86/2015). Como materia troncal, a materia de Xeografía e Historia impártese nos tres cursos que abarcan o primeiro ciclo da educación secundaria, así como no único curso dentro do segundo ciclo, tanto na opción de ensinanzas académicas de iniciación ó bacharelato, como na opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á formación profesional.

A materia de Xeografía e Historia divídese, nos tres cursos do primeiro ciclo, en tres bloques: o medio físico, o espazo humano e a historia. Antes de entrar en detalle sobre como se aborda o estudo do medio rural no currículo da educación secundaria, considerouse axeitado observar algunhas debilidades e incoherencias

que poderían dificultar o proceso de ensino-aprendizaxe. Unha das debilidades que se detectaron no primeiro curso de secundaria é que non hai contido algún relacionado co espazo humano. No documento pásase do bloque primeiro, dedicado ó estudo do medio físico, ó bloque tres onde se estuda a historia, dando a impresión de terse "esquecido" deste bloque temático que si se inclúe nos outros dous cursos do primeiro ciclo da educación secundaria. Deste xeito, o primeiro curso da educación secundaria consta de once materias dedicadas ó estudo do medio físico e dezanove á historia, deixando un evidente desequilibrio entre ambas as disciplinas.

No terceiro e último curso do primeiro ciclo da educación secundaria tamén se localizou outra debilidade importante, xa que só se dedica un tema ó estudo do medio físico en relación cos trece temas que compoñen os bloques dous e tres correspondentes ó estudo do espazo humano e a historia respectivamente. A descompensación e a débil estruturación temática dos tres cursos do primeiro ciclo de secundaria contradise co reflectido no propio currículo, onde se afirma que "se tiveron especial consideración dous factores: por unha parte, procurouse un reparto o máis equilibrado posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos" e "intentouse secuenciar do xeral ó particular... traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade a medida que avanza na etapa". Todas estas debilidades están en consonancia co que sinalan Macía et al. (2015) sobre os problemas que presentan algúns estudantes de secundaria para lembrar conceptos ou reflexionar sobre ideas explicadas en cursos anteriores.

A xeografía rural e o estudo das áreas rurais semellan quedar esquecidas no currículo da educación secundaria. Se pensamos en diferentes significados que teñen que ver co mundo rural, "medio rural", "áreas rurais", "xeografía rural", ningún deles aparece reflectido no apartado dos contidos en ningún curso da educación secundaria. Soamente o termo rural aparece nunha única ocasión en todo o currículo, no segundo curso de secundaria, precisamente no tema que estuda a cidade e o proceso de urbanización europeo. Neste tema indícase, como estándares de aprendizaxe, que o alumnado sexa capaz de resumir os elementos que diferencian o urbano do rural en Europa cando non se inclúe ningún tema do currículo dedicado a estudar o medio rural. Ademais, hai que ter en conta que a delimitación e definición do medio rural foi, e segue a ser, unha tarefa complexa debido ás múltiples variables que deben ser analizadas e á gran diversidade destes espazos. Esta complexidade acentúase se se teñen en conta os cambios acontecidos nestes espazos nas últimas décadas como consecuencia do auxe da sociedade postindustrial e da difusión das tecnoloxías da información e a comunicación.

Dende o noso punto de vista, o feito de non contemplar o estudo do medio rural e da xeografía rural, do mesmo xeito que se fai para o estudo da cidade e dos procesos de urbanización, supón unha debilidade importante á hora de

explicar como se configuran as áreas urbanas, os movementos migratorios do campo á cidade e, máis recentemente, os procesos de contraurbanización e periurbanización como resultado do cambio nas dinámicas sociais e económicas das zonas rurais máis próximas e mellor comunicadas (en espazo ou tempo) ás cidades. Tal e como se deseñaron os contidos curriculares, especialmente os do bloque dedicado ó espazo humano, parecen estar máis orientados a continuar coa xeografía "tradicional" descritiva e memorística que a promover unha xeografía activa, reflexiva e crítica. Este argumento xustifícase en parte polos estándares de aprendizaxe incluídos no currículo, como, por exemplo, "localiza no mapa do mundo os continentes e as áreas máis densamente poboadas", "distingue os tipos de cidades do noso continente", "sitúa no mapa as principais zonas produtoras de cereais como exemplo de recursos agrícolas no mundo e as masas forestais máis importantes do mundo" e "sitúa nun mapa as principais áreas produtoras e consumidoras de enerxía do mundo" entre outras.

A xeografía descritiva constrúese a partir dunha xustaposición de enunciados supostamente obxectivos e neutrais que están destinados a reproducirse no momento da avaliación. Dende un punto de vista metodolóxico, predomina a clase maxistral máis ou menos dialogada, case sempre apoiada no libro de texto; a posible utilización de mapas, gráficos, imaxes ou documentos, cuxa consideración se reduce á de simples auxiliares ó texto escrito ou da exposición verbal do profesor, ten como único fin o de ilustrar ou confirmar o saber enunciado. "O ritmo da exposición maxistral apenas deixa tempo ós estudantes para a exposición de dúbidas ou preguntas por parte dos estudantes" e "as actividades intelectuais que se lles esixe ó alumnado son case sempre da mesma natureza: primeiro, identificar o saber enunciado polo profesor e presente no libro de texto; despois reproducilo nun exame. En resumo: observar, escoitar, estudar, comprender?, memorizar, reproducir" (Rodríguez Lestegás, 2002, p. 179). Deste xeito, non é de estrañar que nenos e mozos pensen que a xeografía é un contido escolar que serve para adquirir unha serie de coñecementos e competencias que poucas veces se usan na vida real fóra da escola. Tampouco recoñecen a influencia que esta disciplina exerce na súa formación como cidadáns, polo que os estudantes teñen bastante claro que a xeografía que aprenden conxuga a utilidade cultural coa inutilidade formativa, polo que corre un risco serio de converterse nunha materia innecesaria, superflua, decorativa e, polo tanto, perfectamente prescindible (Rodríguez Lestegás, 2012).

Pola contra, promover un ensino da xeografía activo, reflexivo e crítico implica que teña lugar na aula unha interacción continua entre profesores e alumnos, onde estes deben traballar con diversas fontes de información documental, estatística e cartográfica. Os resultados destas tarefas de investigación serán os que provoquen a reflexión, a actitude crítica, a interpretación e a relación de conceptos (Souto, 1998; Macía et al., 2017). Dende o noso punto de vista, o deseño do currículo da educación secundaria debería

establecer os seus obxectivos e os seus estándares de aprendizaxe seguindo esta metodoloxía, organizando os contidos en bloques temáticos que permitan unha maior interrelación de conceptos, ideas, fenómenos que deixen marxe ó alumnado para facer ese necesario exercicio de reflexión e que poidan contribuír á creación de parte dese coñecemento útil que deben adquirir.

Os contidos que se imparten no bacharelato en España, e máis concretamente na Comunidade Autónoma de Galicia, están regulados polo Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, que contén o currículo básico da educación secundaria e obrigatoria e do bacharelato elaborado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deportes do Goberno de España. Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Administración autonómica da Xunta de Galicia recolle os contidos curriculares impartidos na súa comunidade autónoma. Neste caso, os contidos curriculares do bacharelato están regulados polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes decretos están vinculados á Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

O bacharelato, tal e como se recolle nos dous decretos mencionados anteriormente, ten como obxectivo "proporcionar o alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia" (Real decreto 1105/2014, p. 187; Decreto 86/2015, p. 25.465-25.466). Abarca dous cursos e hai tres modalidades: ciencias, humanidades-ciencias sociais e artes. No caso da modalidade de humanidades e ciencias sociais, os estudantes poden escoller a vía das humanidades ou a das ciencias sociais.

A materia de Xeografía impártese, como materia optativa básica, no itinerario de ciencias sociais. Tal e como recolle o currículo, o seu obxectivo é "a comprensión do territorio [...] e que o alumnado poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ó territorio galego" (Decreto 86/2015, p. 26.449). Para acadar este obxectivo, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe organízanse en doce bloques temáticos: xeografía e estudo do espazo xeográfico; o relevo español e a súa diversidade xeomorfolóxica; diversidade climática e vexetación; hidrografía; as paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade; a poboación española; o espazo rural e as actividades do sector primario; as fontes de enerxía e o espazo industrial; o sector servizos; o espazo urbano; formas de organización territorial; e, finalmente, España en Europa e no mundo.

O currículo dedica, na materia de Xeografía impartida no segundo curso de bacharelato, un bloque temático titulado "O espazo rural e as actividades do sector primario". O propio título avanza a importancia que se lle atribúe ó sector primario á hora de estudar o medio rural e que se constata unha vez revisados os contidos incluídos neste bloque temático. Dos oito temas nos que se distribúen os contidos, todos están orientados ó sector primario. Entre eles podemos mencionar os que se ocupan do estudo das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras e o seu peso no PIB; as paisaxes

agrarias, a súa morfoloxía e estrutura; a estrutura da propiedade e posesión da terra; as explotacións agrícolas, tipos e características; a política agrícola común, así como as actividades pesqueiras e as súas características. Todos os contidos propostos no currículo xiran arredor do sector primario, con especial atención á agricultura e á gandería.

Resulta curioso e, ó mesmo tempo preocupante, que o termo "rural" só apareza tres veces en todos os contidos curriculares da materia de Xeografía que se imparte no segundo curso de bacharelato. A primeira vez que aparece o termo rural é no título do bloque temático "O espazo rural e as actividades do sector primario". Nas outras dúas ocasións aparece nos criterios de avaliación dos temas tres e oito, onde se estipula como criterios de avaliación, "analizar adecuadamente unha paisaxe rural ..." (Decreto 86/2015, p. 26.463) e "obter e seleccionar información de contido xeográfico relacionado co medio rural..." (Decreto 86/2015, p. 26.464). Non hai ningunha referencia a este termo nos contidos dos oito temas que compoñen o bloque dedicado ó estudo das áreas rurais na materia de Xeografía o que, ó noso xuízo, é unha gran deficiencia que debería ser resolta.

A revisión curricular da materia de Xeografía revela, dende o noso punto de vista, unha visión arcaica e anacrónica do medio rural, tanto en Galicia como en España. A selección dos contidos dedicados a estudar case en exclusiva o sector primario ofrece unha perspectiva da realidade do medio rural pouco realista, desvirtuada e cada día máis afastada da realidade. Segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística, a comezos dos anos noventa do século pasado, para toda Galicia o 20% da poboación ocupada traballaba no sector primario e no 60% dos municipios desta rexión, polo menos tres de cada dez galegos estaban empregados no sector primario. Daquela había moitos concellos onde a maioría da poboación activa ocupada traballaba no sector primario, acadando, nalgúns deles, valores superiores ó 80%. No que respecta ó sector servizos, nestes anos só o 7% dos concellos galegos empregaba, ó menos, á metade da súa poboación neste sector. Vinte anos despois o mesmo organismo revelou datos moi dispares. A poboación activa ocupada a nivel rexional no sector primario baixou do 20% ó 7% e o número de concellos que empregaron á metade ou máis da súa poboación no sector servizos aumentou neste período, do 7% ó 70%. Estes datos evidencian que o medio rural é xa algo máis que a agricultura e a gandería e, dende o noso punto de vista, son necesarios cambios considerables, senón radicais, nos contidos curriculares para poder ensinar as realidades actuais do medio rural do século XXI.

Un dos aspectos que máis chama a atención nos contidos curriculares para a materia de Xeografía, é a ausencia total do concepto "rural" e as dificultades que existen para definilo e delimitalo. Os estudantes deben ser conscientes desta realidade e, sobre todo, de que, a pesar dos numerosos intentos de delimitalo e definilo nas últimas décadas, aínda a día de hoxe non hai un consenso na comunidade científica ó respecto. Isto evidencia a complexidade deste proceso derivado da gran diversidade destes espazos e das diferentes variables que deben ser analizadas. Esta situación acentuouse coa difusión das tecnoloxías da información e da comunicación e dos servizos e oportunidades que estas ofrecen ás áreas rurais.

Cada día é máis complexo delimitar o rural do que non o é, xa que, como sinala Robinson (1990), a creación de infraestruturas, xa sexan terrestres ou de telecomunicacións, reducen as distancias, permiten unha maior integración do territorio e, como consecuencia, pásase do contraste á degradación espacial. No caso galego é posible falar de diferentes ruralidades con características moi particulares que os

estudantes deben coñecer. Ó longo das últimas décadas no medio rural fóronse instalando actividades que nada ou pouco teñen que ver co sector primario. No proceso de inmersión na sociedade da información as áreas rurais están sendo o escenario de novas actividades económicas nas que están moi presentes as novas tecnoloxías. O comercio electrónico está tendo unha gran expansión xa que Internet converteuse na maior canle de difusión e distribución mundial de bens e servizos, e as áreas rurais non poden quedar á marxe deste proceso. Autores como Drucker (2001) afirma que o comercio electrónico é, na sociedade da información, o que foi o ferrocarril na sociedade industrial. Neste escenario, onde se eliminan as distancias, as áreas rurais teñen acceso, igual que as cidades, a ese mercado global onde a competencia xa non ten fronteiras.

A revolución das tecnoloxías da información e das comunicacións permiten instalar novas actividades económicas nas áreas rurais (empresas de deseño gráfico, software etc.), xa que a desaparición das distancias posibilita a deslocalización de moitas das actividades que antes se realizaban nas cidades. O atractivo do medio rural débese a un menor custo dos prezos da terra, a man de obra máis barata e cualificada que en contornas urbanas, incentivos fiscais, maior calidade de vida etc.

Estes aspectos deberían estar presentes nos contidos curriculares da materia de Xeografía. Se o principal obxectivo que persegue o currículo para esta materia é a comprensión do territorio e que os estudantes poidan explicar a realidade xeográfica galega, dificilmente se poderá acadar se non se ten en conta o amplo abano de actividades económicas que se están a desenvolver nestas áreas e, en especial, no medio rural. Son moitas as transformacións que están a ter lugar no medio rural como resultado da difusión da sociedade da información. Estes cambios son tan importantes como complexos, polo que é esencial que sexan analizados, ensinados e aprendidos nas aulas.

6. Conclusións

Os cambios que tiveron lugar nas áreas rurais dende a década dos anos noventa están a levar a cabo un redeseño do mundo rural, tal e como sinalaron algúns autores. No medio rural xa non dominan as actividades relacionadas coa agricultura posto que, na actualidade, comparten o seu espazo con outras actividades económicas. Doutro lado, o mundo rural que anos atrás estaba asociado a algo vulgar e atrasado, agora asume valores asociados á calidade e como algo que debe ser preservado e conservado. Se hai algo que debe ser resaltado nesta evolución e transformación do mundo rural no novo milenio é a súa diversidade, xa que se poden atopar toda unha gama de situacións que van dende espazos rurais próximos no tempo e no espazo ás cidades que gozan dun notable dinamismo económico e social motivado pola atracción de poboación urbana, a rexións moi periféricas cun alto risco de desaparecer como consecuencia dun intenso e longo proceso migratorio que comezou xa a mediados do século pasado. Entre estes dous escenarios totalmente opostos existe unha gran variedade de "ruralidades" que teñen a súa base económica en diferentes actividades do sector primario, na súa industria auxiliar e, sobre todo, no sector dos servizos que vai gañando peso progresivamente.

O continuo avance da Sociedade da Información contribuíu de xeito notable á nova configuración que está adquirindo o medio rural. Superar a barreira da distancia permitiulle acceder ó mercado global, albergar a empregos antes propios das oficinas nas cidades etc. As novas tecnoloxías xa chegaron ó mundo rural pero as posibilidades que

ofrecen aínda non están a ser ben aproveitadas. É necesario promover o consumo de servizos avanzados xa que son estes, xunto cun capital humano ben cualificado, os que poden impulsar procesos de innovación e desenvolvemento e mudar así a tendencia regresiva que sofren boa parte destes espazos.

A análise curricular da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato para a Comunidade Autónoma de Galicia revelou que os contidos relacionados coa xeografía rural no campo da Xeografía e da Historia, impartidos nos catro cursos da educación secundaria, son practicamente inexistentes. O termo rural só aparece nunha única ocasión, sorprendentemente, nos estándares de aprendizaxe da materia que aborda o estudo da cidade e os procesos de urbanización. Ademais, preténdese que os estudantes poidan abordar un aspecto que aínda hoxe se debate na literatura científica despois de varias décadas de investigación, que é a cuestión de delimitar e definir o medio rural.

Dende o noso punto de vista, a ausencia da xeografía rural no currículo da educación secundaria representa unha debilidade considerable, posto que non se están considerando os importantes cambios que se produciron no medio rural nas últimas décadas. É fundamental que os estudantes de secundaria e bacharelato rematen este período da súa formación coñecendo a diversidade das áreas rurais de Galicia. Estes cambios deron paso a moitas ruralidades que o alumnado debe entender, non todo o rural está en declive nin sustentado polo sector primario. As tecnoloxías da información e da comunicación son claves á hora de mudar moitas das dinámicas regresivas que existen nestes espazos, pero para iso, os estudantes deben coñecer o seu potencial e como se poden aproveitar para impulsar procesos de desenvolvemento.

Bibliografía

Armas Quintá, F. X. e Macía Arce, X. C. (2015). Desenvolvimento rural e Sociedade da Informação em Portugal. Análise do fosso digital de segunda geração na Região Norte. *Revista de Geografia e Ordenamento do Território, 7*, 65-83.

Armas Quintá, F. J. (2012) Website Production in Galicia and its visibility on the Net. Moving Towards the Knowledge Society. *AGALI Journal: Journal of Social Sciences and Humanities, 2*, 77-92.

Armas Quintá, F. X. e Macía Arce, X. C. (2017). Reflexiones acerca de la delimitación y definición del medio rural. Diseño de un índice de ruralidad para Galicia. *Finisterra 52*(106), 85-101. doi: https://doi.org/10.18055/Finis9955.

Armesto López, X. A. (2005). Notas teóricas en torno al concepto de postproductivismo agrario. *Investigaciones Geográficas, 36*, 137-156.

Ballas, D.; Kalogeresis, T. e Labrianidis, L. (2003). A comparative study of typologies for rural areas in Europe. In: ERSA Conference Papers, European Regional Science Association, Jyväskylä, Finland, 27-30 August.

Bericat Alastuey, E. (1993). La teoría del vacío rural. En E. Ramos Real e P. Caldentey del Pozo, P., *El desarrollo rural a las puertas del siglo XXI* (pp. 41-54). Sevilla: Junta de Andalucía.

Blanco Romero, A. e Cánoves Valiente, G. (1998). El teletrabajo, ¿Alternativa para el mundo rural?. En *Actas IX Coloquio de Geografía Rural* (pp. 52-62). Vitoria: Universidad del País Vasco, AGE.

Bosak, J. e Perlman, B. (1982). A review of the Definition of Rural. *Journal of Rural Community Psychology, 3*(1), 3-34.

Cairncross, F. (2001). *The death of distance 2.0. How the communications revolution will change our lives*. London: Texere.

Camarero, L. (1993). *Del éxodo rural y del éxodo urbano*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Ceña Delgado, F. (1995). Planteamientos económicos del desarrollo rural: una perspectiva histórica. En E. Ramos e J. Cruz (Coords.), *Hacia un nuevo sistema rural* (pp. 91-129). Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Cloke, P. (1977). An index of rurality for England and Wales. *Regional Studies, 11*, 31-46.

Cloke, P.; Goodwin, M. (1993). Rural change: structured coherence or unstructured incoherence? *Terra. 105*(3), 166-174.

Clout, H. (1993). *European experience of rural development*. London: Rural Development Commission.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia, núm. 120 (29 de xuño de 2015).

Drucker, P. (2001). Detrás de la Revolución de la Información. *La Factoría, 13*. Disponible en Internet: http://www.lafactoriaweb.com.

Entrena-Durán, F. (2012). La ruralidad en España: de la mitificación conservadora al neorrularismo. *Cuadernos de desarrollo rural, 9* (69), 39-65.

España. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2003). *Libro Blanco de la agricultura y el desarrollo rural*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Esparcia, J. (2012): Evolución reciente, situación actual y perspectivas futuras en el desarrollo rural en España y en la UE. *Revue Marocaine d'Administration Locale et de Développement (REMALD), 79*, 53-84.

Friedland, W. H. (2002). Agriculture and rurality. Beginnig the final separation? *Rural Sociology*, 67(3), 350-371.

García Ramón, M. D., Tulla i Pujol, A. F. e Valdovinos Perdices, N. (1995). *Geografía Rural*. Madrid: Síntesis.

García Sanz, B. (1998). *La sociedad rural ante el siglo XXI*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Grimes, S. (2000). Rural areas in the information society: diminishing distance or increasing learning capacity?. *Journal of Rural Studies, 16*, 13-21.

Gutiérrez Puebla, J. (1998). Redes, espacio y tiempo. *Anales de Geografía de la Universidad Complutense, 18*, 65-86.

Halfacree, K.H (1993). Locality and social representation: space, discourse and alternative definitions of the rural. *Journal of Rural Studies, 9*(1), 23-27.

Halfacree, K.H (1995). Talking about rurality: Social representations of the rural as expressed by residents of six English parishes. *Journal of Rural Studies*, *11*(1), 1-20.

Hervieu, B. (1995). El espacio rural europeo entre la ruptura y el desarrollo. En E. Ramos e J. Cruz (Coords.), *Hacia un nuevo sistema rural* (pp. 27-48). Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Hewitt, M. (1989). *Defining rural areas. Impact on health care policy and research*. Washington D.C.: United States Government Printing Office.

Hjorthol, R. (2008): Teleworking: a reduction in travel or just increased flexibility? *The Journal of E-working, 2*, 81-94.

Hoggart, K. (1990). Let's do away with rural. *Journal of Rural Studies, 6*(3), 245-257.

Instituto Nacional de Estadística (2020a). *El teletrabajo en España y la UE antes de la COVID-19*. Recuperado de https://www.ine.es/ss/Satellite?L=&c=INECifrasINE_C&cid=1259952649680&p=1254735116567&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout.

Instituto Nacional de Estadística (2020b). *El salto del comercio electrónico*. Recuperado de: https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INECifrasINE_C&cid=1259952923622&p=1254735116567&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout.

Lázaro Araujo, L. (1995). El desarrollo rural en el contexto de la Unión Europea. En E. Ramos e J. Cruz (Coords.), *Hacia un nuevo sistema rural* (pp. 237-255). Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Lois González, R. C.; Macía Arce, J. C. Arm e as Quintá, F. J. (2010): ICT inequalities in the Spanish urban system. *Journal of Urban and Regional Analysis, 2*(2), 19-32.

López González, F. J., Crecente Maseda, R. e Miranda Barros, D. (2004). Caracterización rural de los municipios gallegos de cara a una acertada aplicación de iniciativas comunitarias de desarrollo rural. Congreso Internacional de Ingeniería de Proyectos, Bilbao.

López Ratón, M. e Santiago Pérez, M. I. (2005). Construcción de un índice de ruralidad y Clasificación de los Municipios Gallegos. En I *Congresso de Estatística e Investigação Operacional da Galiza e Norte de Portugal. Guimarães 26, 27 e 28 de Outubro de 2005*.

Macía Arce, J. C. e Armas Quintá, F. J. (2012). Consumption of Advanced Internet Services in the Enterprises Sector: The Spread of Telework in the Metropolitan Area of Madrid. *Journal of Urban and Regional Analysis, 4*(1), 51-62.

Macía Arce, X. C., Rodríguez Lestegás e F., Armas Quintá, F. X. (2015). Interpretación del paisaje europeo y su valor patrimonial en un aula de educación secundaria. Una propuesta didáctica sobre educación patrimonial basada en las nuevas tecnologías de la información y la comunicación. En G. Solé (Ed.), *Educação Patrimonial: Contributos para a construção de uma consciência patrimonial* (pp. 345-362). Braga: Centro de Investigação em Educação, Universidade do Minho.

Macía Arce, X. C., Rodríguez Lestegás, F. e Armas Quintá, F. X. (2017). Notes for a didactic model of critical geography. Analysis and evaluation of a classroom experience with university students from Galicia (Spain). *Geographica Pannonica, 21*(3), 191–197.

Malecki, E. J. (2003). Digital development in rural areas: potentials and pitfalls. *Journal of Rural Studies, 19*(2), 201-214.

Mcdonagh, J. (1998). Rurality and Development in Ireland, the need for debate? *Irish Geography, 31*(1), 47-54.

Molinero Hernando, F. e Alario Trigueros, M. (1994). La delimitación geográfica del desarrollo rural: una perspectiva histórica. *Revista de Estudios Agro-Sociales, 169*, 53-87.

Moss, M. L. (1987). Telecommunications and international financial centres. En J. F. Brotchie, P. Hall e P. W. Newton (Eds.), *The spatial impact of technological change* (pp. 75-88). Beckenham: Croom Helm.

Moyano, E. (2000). Procesos de cambio en la sociedad rural española: Pluralidad de intereses en una nueva estructura de oportunidades. *Papers: Revista de Sociología, 61*, 191-220.

Muhammad, S., Ottens, H.; Ettema, D. e De Jong, T. (2007): Telecommuting and residential locational preferences: a case study of the Netherlands. *Journal of Housing and the Built Environment, 22*, 339-358.

Muilo, T., (2010). Needs for rural research in the northern Finland context. *Journal of Rural Studies, 26*(1), 73-80.

Piñeira Mantiñán, M. J., Armas Quintá, F. X. e Macía Arce, X. C. (2014). El consumo de servicios avanzados de Internet en el proceso de configuración de las Smart Cities. Estudios de caso en Galicia y Madrid. *Cuadernos Geográficos 53*(2), 103-134.

Plessis, V. et al. (2001). Definitions of rural. *Rural and Small Town Canada Analysis Bulletin*, *3*(3).

Pratt, Andy C., (1996). Discourses of rurality: Loose Talk or Social Struggle. *Journal of Rural Studies, 12*(1), 69-78.

Ray, C. e Talbot, H. (1999). The information Society and rural development. En M. Crang, P. Crang e J. May, *Virtual Geographies. Bodies, space and relations*. London: Routledge.

Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato. Boletín Oficial del Estado, núm. 3 (3 de enero de 2015).

Rhee, H. (2007): Home-based telecommuting and commuting behavior. *Journal of Urban Economics, 63*, 198-216.

Robinson, G.M (1990). *Conflict and change in the countryside*. London: Belhaven Press.

Rodríguez, A. (2011). Pertinencia y consecuencias de modificar los criterios para diferenciar lo urbano de lo rural. En M. Dirven, R. Echeverri Perico, C. Sabalain, A. Rodríguez, D. Candia Baeza, C. Peña e S. Faiguenbaum, *Hacia una nueva definición de "rural" con fines estadísticos en América Latina* (pp. 31-42). Santiago de Chile: Comisión Económica para América Latina y el Caribe (CEPAL), Naciones Unidas.

Rodríguez Lestegás, F. (2002). Concebir la geografía escolar desde una nueva perspectiva: una disciplina al servicio de la cultura escolar. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, *33*, 173-186.

Rodríguez Lestegás, F. (2012). A construção do conhecimento geográfico escolar: do modelo transpositivo à consideração disciplinar da geografia. En: Vanzella Castellar, S. M., Batista Munhoz, G. (Org.). *Conhecimentos escolares e caminhos metodológicos* (pp. 13-27). São Paulo: Xamã.

Rodríguez Rodríguez, M. (2005). *Revisión de las políticas de desarrollo rural y su incidencia en los municipios rurales de la provincia de Almería. Los servicios de proximidad como base para su reformulación*. Málaga: Analistas Económicos de Andalucía-Fundación Unicaja.

Rubio Terrado, P. (2010). Modelización de los cambios y evolución reciente del sistema rural español. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, 54*, 203-235.

Sabalain, C. (2011). El concepto de rural en los países de la región. En M. Dirven, R. Echeverri Perico, C. Sabalain, A. Rodríguez, D. Candia Baeza, C. Peña e S. Faiguenbaum, *Hacia una nueva definición de "rural" con fines estadísticos en América Latina* (pp. 21-29). Santiago de Chile: Comisión Económica para América Latina y el Caribe (CEPAL), Naciones Unidas.

Safirova, E. (2002). Telecommuting, traffic congestion, and agglomeration: a general equilibrium model. *Journal of Urban Economics, 52*, 26-52.

Sancho Comíns, J. y Reinoso Moreno, D. (2012). La delimitación del ámbito rural: una cuestión clave en los programas de desarrollo rural. *Estudios Geográficos, 73*(273), 599-624. doi: 10.3989/estgeogr.201221.

Sancho Hazak, R. (1997). Estructura demográfica y tipificación de los asentamientos y áreas rurales españolas. En J. J. González Rodríguez (Coord.), *Agricultura y sociedad en la España Contemporánea*, (pp. 173-224). Madrid: Ministerio de Agricultura.

Sanz Hernández, A. (2001). Desarrollo rural. ¿Ocio o necesidad? *5campus.com, Sociología.* Recuperado de http://www.5campus.com/leccion/desarural/inicio.html.

Souto González, X. M. (1998). *Didáctica de la Geografía. Problemas sociales y conocimiento del medio*. Barcelona: Ediciones del Serbal.

Teo, T.; Lim, V. e Wai, S. (1998): An empirical study of attitudes towards teleworking among information technology (IT) personnel. *International Journal of Information Management, 18*(5), 329-343

Abordar o despoboamento na Xeografía escolar desde unha perspectiva actual, crítica e contextualizada en Galicia

Roberto García Morís
Universidade da Coruña
roberto.garcia.moris@udc.es

Yamilé Pérez Guilarte
Universidade da Coruña
yamile.perez@udc.es

1. Introdución

O despoboamento do medio rural foi unha constante desde mediados do século pasado. Este fenómeno está de actualidade e forma parte da axenda institucional, por iso conceptos como reto demográfico ou España "baleira" comezan a ser habituais nos medios de comunicación e tamén na preocupación da cidadanía.

O despoboamento é un fenómeno que afecta a todo o territorio peninsular e, especialmente, a Galicia. A nosa comunidade sofre un significativo declive demográfico desde hai tempo. Algúns dos factores que provocaron esta situación son as ondas masivas de emigración cara ao exterior, a falta de oportunidades laborais para a poboación nova e o descenso das taxas de fecundidade, provocado por unha xeneralización dos criterios de planificación familiar (Lois, 2015). Nos últimos decenios este despoboamento non se debe fundamentalmente á emigración. Os saldos migratorios foron positivos desde 1990 para o conxunto de Galicia, coa excepción dos anos 2013, 2014 e 2015. No caso das provincias de Lugo e Ourense, as máis castigadas polo despoboamento e o envellecemento, o comportamento é bastante similar, sumando saldos negativos nos anos 1990 e en 2016, só no caso de Ourense (IGE, 2021a).


En cambio, a causa que maior incide na situación do despoboamento en Galicia é o saldo vexetativo (López, 2013). O número de defuncións supera o de nacementos e a idade media do efectivo humano continúa en aumento, mostrando importantes síntomas de envellecemento (Lois, 2015). Segundo proxeccións do Instituto Galego de Estatística este comportamento manterase nos próximos anos, estimando que en 2035 a poboación galega será de 2.523.987, un 6,6% menor que en 2020 (IGE, 2021b).

Galicia está definida por fortes contrastes de densidades demográficas, por tanto, esta situación difire segundo a zona xeográfica (Martínez e Peón, 2015). Por unha banda, atópase a Galicia litoral e occidental máis urbanizada, o denominado Eixo Urbano Atlántico; e, pola outra, a Galicia de interior cun índice de envellecemento maior, como pode apreciarse na Figura 1. Deste xeito, no Eixo Urbano Atlántico, de 5.000 a 7.000 km² de extensión, localízanse cinco das sete cidades principais e residen máis de 2 dos 2,7 millóns de galegos censados. Destacan a importancia económica e demográfica das cidades de Vigo (296.692 habitantes) e A Coruña (247.604 habitantes) (IGE, 2021c).

A Galicia de interior sofre un intenso proceso de despoboamento desde hai decenios e os seus municipios xeralmente non alcanzan os 50 hab/km². Unicamente aqueles territorios nos que se emprazan as capitais de provincia do interior (Lugo e Ourense), as súas periferias e os concellos centralizados por unha vila ou pequena cidade presentan uns niveis de ocupación un pouco maiores. Existe unha crise poboacional con trazos


extremos de despoboamento nas áreas de alta montaña, de fortes desniveis ou nas máis afastadas, onde os valores xa non adoitan alcanzar os 20 habitantes/km².

Figura 1. Índice de envellecemento. Fonte: Pérez Guilarte, Armas Quintá e Macía Arce (2020).



En calquera caso, aínda que o envellecemento é maior nas zonas menos poboadas, tamén está presente nas máis urbanizadas, tal e como mostra a Figura 2. Así mesmo, pódese apreciar que os índices de envellecemento son maiores nas mulleres que nos homes, sendo estas diferenzas significativas (IGE, 2021d).

Figura 2. Índice de envellecemento segundo o sexo e o grao de urbanización. Nota: ZDP (Zona Densamente Poboada), ZIP (Zona Intermedia), ZPP (Zona Pouco Poboada). Fonte: IGE (2021d).



O despoboamento e o envellecemento da poboación foron abordados desde diferentes disciplinas, destacando a Xeografía. A pesar desta circunstancia, e de que este fenómeno forma parte dos problemas sociais e socioambientais actuais, non sempre tivo transferencia ao ámbito educativo. Isto chama mais a atención se cabe no caso galego, dado que, como vimos, ten unha alta incidencia na súa estrutura demográfica e na organización territorial, pero, a pouco que nos acheguemos aos libros de texto escolares das edicións galegas, podemos constatar que é un tema invisible nos materiais educativos, que non está presente nin sequera nos temas de xeografía rural. Aínda que o despoboamento non é algo exclusivo do rural, é neste contexto onde se manifesta en maior medida deixando un sinal moi marcado na paisaxe.

No ámbito das Ciencias da Educación, e particularmente da Didáctica das Ciencias Sociais, prestouse atención ao ensino e ao valor educativo do medio rural. Son numerosas as propostas e estratexias didácticas publicadas en revistas ou encontros científicos (Macía, Armas e Rodríguez-Lestegás, 2019), onde se propón o medio rural no seu conxunto, ou algún dos seus elementos, como recurso pedagóxico ou estratéxico, dentro do proceso para potenciar o ensino da Xeografía e das Ciencias Sociais. Podemos citar, a modo de exemplo, algunhas investigacións, como a realizada por Armas, Rodríguez-Lestegás e Macía (2018), sobre os contidos de xeografía rural nos libros de texto, na que alertan sobre a escasa presenza do rural nos manuais escolares dos catro cursos da educación secundaria obrigatoria. Tamén contamos con investigacións sobre as representacións sociais, as ideas e coñecementos previos sobre o medio rural, tanto do alumnado que cursa os niveis obrigatorios como do profesorado en formación (López, García-Morís, Medina, 2019; Diéguez e García-Morís, 2016).

Nos anos noventa, García e Liceras (1993) alertaron sobre a necesidade de achegar a escola ao medio rural, no sentido de dalo a coñecer, sobre todo polos crecentes procesos de urbanización en España e no mundo. O tempo foi dando a razón a estes investigadores, xa que cada vez é maior o descoñecemento e a falta de conexión que se

dá coa contorna rural. Neste sentido, Liceras (1998) publicou un traballo sobre as percepcións do medio rural de nenos e mozos de diferentes franxas de idade, onde sinalaba a importancia de coñecer as ideas dos estudantes, xa que "a educación escolar debe aproveitar esas preconcepcións e ideas previas dos nenos tan positivas respecto ao medio rural, para resaltar e conservar os seus valores" (Liceras, 1998: 565).

En tempo máis recente, a Revista Íber dedicou un número ao tratamento didáctico do despoboamento e do mundo rural no ámbito español. Este monográfico supón unha valiosa achega, en cuxa presentación, Souto e Gómez (2019) sinalan a necesidade de coñecer as representacións sociais sobre o medio rural e de romper coa xeneralización de estereotipos. A importancia de ensinar o rural e de desmitificar a súa visión idílica, son algúns dos aspectos presentes nun estudo realizado con alumnado do terceiro curso de secundaria que pretende minimizar a idealización escolar do rural (García-Monteagudo e Morote, 2019), así como o tratamento didáctico do despoboamento en España (Velilla e Marín- Yaseli, 2019).

Dentro da materia de Xeografía e Historia, o currículo de Educación Secundaria de Galicia sitúa os temas de poboación en 2º da ESO. Concretamente, no Bloque 2, sobre ou Espazo humano abórdase a poboación do mundo, de Europa, de España e de Galicia. En relación á poboación galega, nos criterios de avaliación inclúense cuestións como as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios, así como tamén, nos estándares de aprendizaxe, esíxese a necesidade de coñecer o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. Os espazos rurais aparecen nun estándar de aprendizaxe, dentro do tema da cidade, no que se establece a necesidade de resumir os "elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa". Con todo, hai distintos contidos doutros bloques que tocan aspectos moi relacionados coa poboación, e que poden vincularse cos fenómenos do despoboamento e o envellecemento, por exemplo a paisaxe, a biodiversidade, o desenvolvemento sostible, entre outros tópicos xeográficos, que teñen unha conexión directa cun fenómeno con tantos tentáculos e que afecta a tantos ámbitos e espazos como a perda de poboación.

Esta invisibilidade do despoboamento que se detecta no currículo, non impide en absoluto que poida ser incluído no desenvolvemento curricular. É máis, especialmente no ámbito galego, resulta un tema ideal para traballar proxectos específicos, ou como tópico principal, para abordar diferentes problemáticas sociais e espaciais que, segundo a perspectiva crítica, deberían organizar as propostas didácticas en Ciencias Sociais. O despoboamento é unha cuestión social viva, xa que, seguindo a Legardez (2003), as cuestións sociais e históricas socialmente vivas son aquelas que están presentes na sociedade, nos saberes de referencia e nos saberes escolares. Este é o caso do despoboamento.

2. Tratamento didáctico do despoboamento desde a perspectiva crítica

Para contextualizar a nosa proposta é necesario sinalar que nos situamos no paradigma educativo crítico, é dicir, aquel que fai unha formulación das Ciencias Sociais para comprender, pensar e actuar. Para iso, as propostas educativas deben incorporar problemas sociais relevantes e, como xa se sinalou, o despoboamento converteuse nunha problemática espacial e social de primeira magnitude. Con todo, non sempre é tratado

como tal nos diferentes materiais e propostas educativas, debido a que se incorpora sen realizar unha conexión cos problemas actuais e a súa manifestación na contorna próxima.

Neste traballo preséntanse algunhas propostas para abordar o despoboamento galego en educación secundaria desde unha perspectiva didáctica crítica. Para aplicala, se parte da clásica proposta de Benejam (1999) sobre os conceptos clave en Ciencias Sociais, que seguen sendo de gran utilidade para o desenvolvemento de propostas didácticas con este enfoque. Seguindo este modelo, desenvólvense catro exemplos aplicando parte dos conceptos clave ao despoboamento, e prestando especial atención ao contexto galego, de modo que a abordaxe que se dá ao tema e o que o converte nunha proposta crítica, incorporando problemáticas actuais, que pretenden xerar conciencia sobre os problemas do noso tempo e da nosa contorna. A diversidade de paisaxes despoboadas, o paso do tempo e o seu reflexo no despoboamento rural, pero tamén urbano, os conflitos ao redor do despoboamento, a desigualdade de base espacial ou a perspectiva de xénero, serán algúns dos aspectos que se recomenda abordar desde unha perspectiva actual e centrada en Galicia.

2.1. Identidade e alteridade

O concepto clave de identidade permite concienciarnos sobre aquilo que forma parte da nosa contorna ou da nosa cultura, sobre o que debemos tomar conciencia, pero que, á súa vez, debe servir para poñer en valor outras culturas diferentes á propia, é dicir, situarse nunha perspectiva de alteridade. O obxectivo non é só apreciar, valorar e ser conscientes do propio, senón tamén ter en conta o alleo, desenvolvendo actitudes tolerantes cara ao diferente, que permiten empatizar e mesmo resolver conflitos. Neste aspecto, resulta interesante traballar o despoboamento como unha realidade en Galicia, pero tamén como un fenómeno presente noutros territorios, tanto peninsulares como doutras partes do mundo, pero tamén ter en conta diferentes realidades que se dan dentro do marco galego.

Segundo Hernández Borge (2011), o envellecemento da poboación galega iniciouse nos anos sesenta do século pasado e, desde entón, foi unha constante que actúa como unha causa e consecuencia do despoboamento. Xeralmente tendemos a identificar o fenómeno co medio rural, pero non é exclusivo destas contornas, xa que tamén o sofren as cidades. Por iso, parece oportuno mostralo como unha problemática que viven diferentes áreas xeográficas, pero non como algo exclusivo do medio rural.

En Galicia dispoñemos de interesantes exemplos na nosa contorna inmediata para traballar na aula o despoboamento do medio rural e tamén do urbano. Para iso proponse incorporar dous espazos cunha forte identidade, moi diferentes, pero que sofren o mesmo problema. Poderíanse facer actividades a través de imaxes que nos acheguen ao concepto de despoboamento na nosa realidade próxima, e as aldeas galegas permiten identificar a pegada deste fenómeno no territorio.

Na Figura 3 obsérvase un núcleo de vivendas que foron despoboadas hai décadas e que non volveron ser habitadas. Están na aldea do Rial, no Concello da Arnoia (Ourense), unha imaxe bastante habitual en Galicia e que permite conectar o concepto xeográfico de despoboamento cunha contorna inmediata, unha conexión que non sempre se fai no contexto educativo. Os espazos rurais gozan dunha forte identidade, teñen un importante valor patrimonial e, en Galicia, unha gran maioría das persoas contan con lazos familiares

coas contornas rurais, por iso é polo que podemos buscar múltiples exemplos próximos ao alumnado.

Figura 3. Unha parte da aldea do Rial no municipio da Arnoia (Ourense).
Fonte: Foto Diego Alberte Villar.



Tamén dispoñemos de exemplos para identificar o despoboamento como algo propio do contexto urbano. Ferrol é un caso representativo (Figura 4), que contrasta co exemplo anterior, trátase dunha cidade costeira cunha forte identidade industrial que supón un exemplo ideal para valorar os diferentes espazos que sofren o despoboamento e as súas diferentes causas.

Figura 4. Imaxe de peche de negocios en Ferrol. Fonte: Foto Adela Bastón Cadabón.



Neste caso estamos ante unha perda de poboación que ten que ver co desenvolvemento económico, a desindustrialización e as carencias nas comunicacións. Ferrol sofre desde hai décadas un importante descenso demográfico, ata o punto de perder no que vai de século máis de dez mil poboadores, nunha cidade que, por aquel entón, se situaba por encima dos 75.000 habitantes.

O éxodo urbano en España é unha nova realidade no século XXI, que substitúe o éxodo rural da segunda metade do século XX, e se converteu nun proceso de metropolización caracterizado polo transvasamento de poboación ás cidades de Madrid e Barcelona, o que produce a descapitalización das cidades medianas. Por iso, é importante identificar e analizar, incluso exemplificando a través de estudos micro, o despoboamento na contorna próxima como unha realidade que afecta a toda Galicia, e non exclusivamente á zona rural, aínda que sexa a zona rural de interior e de montaña a que máis acuse o despoboamento, como se viu anteriormente.

2.2. Racionalidade-Irracionalidade

O concepto clave de racionalidade e irracionalidade pretende traballar a causalidade, dando unha interpretación racional aos fenómenos xeográficos, é dicir, unha explicación causal. Partindo da proposta anterior, que pretende contextualizar o despoboamento na nosa contorna próxima, a través da aplicación deste fenómeno deben analizarse as súas causas, así como as consecuencias que derivan do mesmo.

As vivendas, que primeiro quedaron deshabitadas, e despois foron destruídas polo paso do tempo e debido ao seu abandono, permiten visualizar o fenómeno do

despoboamento na paisaxe. Co fin de que o alumnado empatice coas historias de vida que hai detrás de cada vivenda abandonada, proponse realizar unha pequena investigación sobre os actuais propietarios dos inmobles, no caso de que se coñezan, sobre os últimos habitantes que os ocuparon e sobre as causas polas que deixaron de habitalas. Para iso seguimos utilizando o exemplo do municipio da Arnoia (Ourense), no que se fixo unha reportaxe fotográfica e tamén unha pequena investigación de carácter microhistórico a través de informantes, coa intencionalidade de personalizar (e humanizar) o fenómeno xeográfico estudado.

Figura 5. Vivendas abandonadas a finais dos sesenta no concello da Arnoia (Ourense). Fonte: Foto Diego Alberte Villar.



Na Figura 5 pódense ver tres vivendas nas que residían tres familias diferentes. Esta parte da aldea do Rial no concello ourensán da Arnoia quedou totalmente despoboada ao redor dos anos sesenta, debido a iso, como se pode apreciar na imaxe, as vivendas foron destruíndose co paso do tempo. A casa que se pode apreciar na parte máis baixa que aínda está en bo estado de conservación pertence a unha das fillas dos propietarios orixinais, que reside en Roma desde hai décadas. Esta emigrante visítaa cada verán e faille os mantementos necesarios para que non se destrúa. As outras vivendas foron deshabitadas, e aínda que nunha delas chegou a vivir un matrimonio con sete fillos, á morte dos proxenitores a casa quedou abandonada, ao emigrar os fillos ao estranxeiro ou a outras partes de Galicia.

O alumnado pode indagar nas historias de vida anteriores diferentes causas que contribuíron ao despoboamento, podendo argumentar posteriormente as consecuencias que produce este fenómeno. Entre as causas destaca a emigración, un dos factores que máis contribuíron ao despoboamento do rural galego, pero que, como se sinalou anteriormente, non foi a única. A progresiva urbanización e os cambios no modelo

produtivo fixeron ás zonas rurais perder poboación. No exemplo que puxemos identifícanse estas diferentes causas a través dos estudos de pequenos casos. Rastrexar este fenómeno na contorna inmediata, nunha comunidade como Galicia que dispón de zonas rurais cunha forte identidade e que sufriron a perda de poboación desde hai tantos anos, resulta case obrigado desde o punto de vista educativo.

Non é posible concienciar sobre a necesidade da conservación do medio rural, para loitar contra o despoboamento, senón se fai unha análise como unha problemática social próxima. Ao anterior, hai que engadir a necesidade de coñecer a historia emigrante de Galicia, para empatizar coas persoas migrantes, fomentando o cambio de actitudes cara á migración e analizando tamén este fenómeno como unha cuestión social viva.

2.3. Cambio-Continuidade

Os contidos históricos e xeográficos non poden entenderse sen ter en conta a temporalidade. O mundo vive en continuo cambio, pero tamén é importante identificar as permanencias. Os espazos rurais compren funcións tradicionais, pero tamén outras novas, cunha forte influencia das formas de vida urbanas. Unha vez que identificamos o concepto de despoboamento, como algo máis propio do medio rural pero non exclusivo, aplicamos o concepto de cambio e continuidade nos espazos que sofren despoboamento.

As actividades que tradicionalmente se desenvolveron no medio rural sufriron unha notable modificación co cambio das estruturas económicas, de modo que moitas delas desapareceron ou se converteron en actividades secundarias, complementarias ás profesións principais, desenvoltas xeralmente no medio urbano. As actividades económicas actúan no espazo e son xeradoras de paisaxe, por iso é polo que, se unha actividade desaparece, a paisaxe modifícase desde o punto de vista cultural e natural.

Seguiremos utilizando o exemplo do concello da Arnoia, situado na Comarca do Ribeiro, territorio no que hai un dominio das paisaxes de viñas (Figura 6), unha estampa cultural que se vai perdendo a medida que se consolida o despoboamento e se van abandonando as actividades tradicionais. Podemos traballar o concepto clave de continuidade a través deste tipo de paisaxe que forma parte do patrimonio cultural de Galicia. A pesar do paso do tempo e do retroceso do territorio cultivado que paulatinamente se volve monte, as viñas seguen representando un dos tipos de paisaxes máis característicos de Galicia, dentro da forte diversidade paisaxística que a caracteriza. Pero o cultivo da uva, xa sexa para a elaboración de viño ou para a venda ás adegas en gran parte da Comarca do Ribeiro, é unha actividade complementaria, xa que, na actualidade, a diferenza do que ocorría hai décadas hai menos persoas dedicadas exclusivamente ao cultivo das viñas ou á produción de viño.

Figura 6. Paisaxe de viña no concello da Arnoia (Ourense). Fonte: Foto Diego Alberte Villar.



É dicir, dáse un cambio na utilidade das viñas nas economías familiares, o que produce en parte un progresivo abandono da superficie cultivada, pero hai unha continuidade evidente, a identidade paisaxística que xera este tipo de actividade, aínda que cada vez é maior a superficie que vai sendo ocupada polo monte. Por tanto, as viñas deixan de xogar un lugar preferente nas economías familiares, pero seguen xerando o mesmo tipo de paisaxe, unha paisaxe que podemos denominar histórica, e que forma parte da identidade propia de moitas zonas de Galicia.

Os hórreos (Figura 7) representan outro exemplo dos cambios e continuidades que se produciron no medio rural como consecuencia do despoboamento. Aínda que aqueles que se manteñen en pé seguen formando parte da paisaxe, do mesmo xeito que o fixeron hai anos, xa non reciben o uso habitual para gardar e secar o millo, pasando a ser un elemento patrimonial e identitario importante (Bas, 1980). De feito, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia recólleos coma elementos con valor etnográfico, recoñecidos como Ben de Interese Cultural (BIC) no caso de seren construídos antes de 1901. A pesar da súa importancia desde o punto de vista etnográfico, continúase perdendo parte destes elementos singulares, polo que é necesario traballar na concienciación para a súa conservación. Unha gran parte dos hórreos que se perden o fan tamén como consecuencia do despoboamento rural.

Con exemplos como estes pódense traballar os cambios e continuidades na nosa contorna próxima. E parte destes cambios e permanencias están relacionados coa evolución social e económica, pero que á súa vez hai que ter en conta como causa e consecuencia do progresivo despoboamento, neste caso da contorna rural. Analizar e comprender esta realidade é importante, coa intención de buscar solucións e implicar as novas xeracións na loita contra o despoboamento e na conservación do noso patrimonio cultural.

Figura 7. Hórreo xunto a vivendas deshabitadas no concello da Arnoia (Ourense). Fonte: Foto Diego Alberte Villar.



2.4. Diferenciación: Desigualdade- Diversidade

A través do concepto de diferenciación abórdase a desigualdade como inxustiza social, e a diversidade como riqueza cultural, o que supón a aceptación da pluralidade. O acceso aos servizos públicos é unha das receitas para loitar contra o despoboamento. Está constatado que a perda de servizos fomenta o despoboamento, especialmente das zonas rurais, polo que podemos traballar o concepto de desigualdade a través das diferenzas que existen no acceso aos servizos en función do lugar no que se reside.

Recentemente foi noticia o intento da Xunta de Galicia de pechar o Paritorio de Verín, peche que non se fixo grazas á gran mobilización cidadá. O traballo con noticias sobre a igualdade ou desigualdade no acceso aos servizos supón unha oportunidade, xa que é necesario xerar debates sobre a necesidade de conservar servizos para manter ou fixar nova poboación nas zonas rurais (Figura 8).

Figura 8. Noticia sobre a perda de servizos públicos. Fonte: El Correo Gallego.


elCorreoGallego.es

:O O CORREO DOS CONCELLOS GALICIA OPINIÓN TENDENCIAS DEPORTES ÚLTIMA HORA MÁS

aulas

Una treintena de escuelas rurales cerraron sus puertas en tres cursos

Algo más de doscientos centros unitarios mantienen la enseñanza en las parroquias ·· Más de dos mil alumnos siguen sus clases en ellos, la mitad que en 2001 ·· El colegio agrupado surge como fórmula de permanencia

A perda de servizos, especialmente os educativos e sanitarios, xera importantes diferenzas de acceso ao público, por iso permítennos abordar as desigualdades que se dan entre persoas desde o punto de vista espacial. Para abordar educativamente o despoboamento, hai que destacar este tipo de desigualdades como problemáticas actuais, buscando posibles solucións e alternativas ás mesmas. Só pensando e comprendendo estas circunstancias é posible involucrar as novas xeracións na loita contra o despoboamento.

Dentro do concepto clave de diferenciación, desigualdade e diversidade, hai que tratar tamén a igualdade desde a perspectiva de xénero, e o despoboamento tamén ten cara de muller. O traballo feminino no medio rural tivo historicamente unha gran importancia, con todo, está bastante invisibilizado. Para facelo visible, propóñense actividades con fontes iconográficas que permitan dar protagonismo ao traballo das mulleres no rural, tanto na actualidade como en clave histórica.

Un recurso interesante son os murais que nos últimos anos se deseñaron en diferentes localidades de Galicia. Na Figura 9 utilízase unha fotografía do mural "A greleira de 50 pés" realizado por Joseba Muruzábal na medianeira dunha vivenda da localidade coruñesa de Ordes (A Coruña). Respecto ao traballo das mulleres no campo na actualidade, proponse expor un achegamento, que podería realizarse a través dos medios de comunicación, tanto de mulleres, como de homes, en moitos casos persoas emprendedoras que desenvolven o seu traballo no rural galego, e que poden ser referentes para o alumnado, coa intención de cambiar os estereotipos existentes ao redor do rural, especialmente entre o estudantado das zonas urbanas.

Figura 9. Pintura mural en Ordes (A Coruña), de Joseba Muruzábal.
Fonte: Fotografía de Roberto García Morís.



2.5. Conflito

O conflito ten que ver coas diferentes maneiras de ver o mundo, e debe servir para buscar consensos e fomentar a convivencia. Ao redor do despoboamento podemos identificar múltiples conflitos xurdidos como consecuencia deste proceso, que afectan tamén as cidades. Por iso proponse traballar conflitos actuais aos que fan fronte as persoas, xurdidos como consecuencia dos efectos que produce o despoboamento no medio.

Entre os múltiples exemplos que podemos identificar e traballar na aula atópase a sobrepoboación de xabarís que, debido ao abandono das terras de cultivo e ao xurdimento de zonas de matogueira nas que se refuxian e se reproducen sen problema, cada vez son máis frecuentes nas zonas habitadas polas persoas, incluídas as urbanas. E esa superpoboación ten como causa directa o despoboamento do medio rural.

O fenómeno de forte crecemento do xabaril débese tamén á desaparición dos seus depredadores, como o lobo ibérico. Enlazando con isto último, recentemente foi noticia a proposta de cambio de catalogación do lobo a especie de especial protección ao norte do Douro, o que produciu un conflito de tipo territorial, con epicentro no mundo rural, debido á oposición das comunidades autónomas afectadas, alegando as dificultades que suporía este cambio para o sostemento das actividades gandeiras. Este tipo de conflitos sobre a conservación da especie e das actividades tradicionais, supoñen unha oportunidade de reflexión á que non podemos dar as costas desde o punto de vista educativo, que se poden abordar ademais desde diferentes materias e perspectivas, histórica, económica, biolóxica etc.

Figura 10. Noticia sobre o cambio de catalogación do lobo ibérico. Fonte: Diario de Sevilla.


SOCIEDAD

Once comunidades, entre ellas Andalucía, piden retirar al lobo ibérico de la lista de especies protegidas

• Castilla y León, Asturias, Cantabria y Galicia, con el apoyo de Andalucía, Murcia, Madrid, Aragón, País Vasco, Navarra y la ciudad autónoma de Ceuta muestran su "clara oposición" al blindaje de esta especie

Introducir conflitos que xorden ao redor do despoboamento permite analizar diferentes puntos de vista, pero tamén contrastar informacións de base científica. A posición dos gandeiros e as gandeiras, a perspectiva das administracións e as investigacións desde diferentes disciplinas sobre o lobo e o rural, son unha gran oportunidade para traballar en contidos xeográficos de forma interdisciplinar. O actual cambio de catalogación do lobo ibérico, que pasa a incorporarse á Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESPRE), é unha oportunidade para traballar o conflito, buscando posibles solucións e tendo en conta diferentes puntos de vista, dado que non hai consenso ao redor do papel desta especie na conservación do medio rural.

3. Conclusións

Se temos claro que os problemas sociais relevantes deben incorporarse ao desenvolvemento curricular das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, debemos incluír dentro destes o despoboamento, especialmente o rural, dada a importancia que ten en Galicia, tanto desde o punto da poboación como do medio. Deste xeito, desde o ámbito do coñecemento social na escola deben analizarse as causas do despoboamento, as súas consecuencias, pero tamén a procura de posibles solucións para rehabitar as nosas aldeas, e niso as novas xeracións teñen moito que dicir. Os libros de texto tenden a non incluír este fenómeno, que ademais non se contextualiza en Galicia, a pesar de ser unha problemática existente na nosa contorna, á que hai que dar solución involucrando o conxunto da cidadanía, e tamén as novas xeracións.

Izquierdo (2019) utiliza o termo cidade agropolitana e aldea cosmopolita, algo co que coincidimos, pois non presenta o medio urbano e o medio rural como realidades opostas, senón que se expón desde a necesaria conexión que debe darse entre a cidade e a aldea, e entre esta última e a natureza. Sen dúbida, o despoboamento é unha realidade que debe ser traballada na xeografía escolar e, se é posible, tratándoo como un problema social e socioambiental, de forma crítica e contextualizado, ademais de noutros territorios, especialmente en Galicia.

Bibliografía

Armas, F. X., Rodríguez-Lestegás, F. y Macía, X. C. (2018). La olvidada geografía rural en el currículo y manuales de la educación secundaria. *REIDICS, Revista de Investigación en Didáctica de las Ciencias Sociales*, 3, 4-19. doi.org/10.17398/2531-0968.03.4

Bas López, B. (1980). *Construccións populares galegas.* Bankunión.

Benejam, P. (1999). La oportunidad de identificar conceptos clave que guíen la propuesta curricular de las ciencias sociales. *Iber: Didáctica de las ciencias sociales, geografía e historia*, 21, 5-12.

Diéguez, U. B. y García-Morís, R. (2016). El alumnado del Grado en Educación Primaria ante la interpretación del medio rural de Galicia a través de la fotografía histórica. En López Facal, R. (Ed.) *VII Simposio de Didáctica de las Ciencias Sociales en el ámbito iberoamericano.* (pp. 228-240). Santiago de Compostela: Univeridade de Santiago de Compostela.

García, A. L. y Liceras Ruiz, A. (1993). *Aproximación didáctica al estudio del medio rural.* Granada: Universidad de Granada.

García-Monteaguro, D. y Morote Seguido, A. F. (2019). Desmitificar la imagen idílica del medio rural. *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 96, 17-25.

Guisán, M. C. y Cancelo, M. (2018). Principais indicadores económicos de Galicia: 50 anos de evolución da produción e do emprego, 1967-2017. *Revista Galega de Economía, 27-3,*1-27. Recuperado de https://revistas.usc.gal/index.php/rge/article/view/5432

Hernández Borge, J. (2011). Despoblación y envejecimiento. Galicia hacia el año 2020. *Revista Galega de Economía*, 20, 1-20.

IGE (2021 d). Índice de envellecemento segundo sexo e grao de urbanización. Información para Galicia e províncias. Recuperado de https://www.ige.eu/estatico/estat.jsp?ruta=html/gl/rural-urbano/PRU_D_7_Indice%20envellecemento.html

IGE (2021a). Saldos migratorios. Recuperado de https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=109&R=9915[12:15:27:32:36];0[all]&C=1[0]&F=&S=&SCF=

IGE (2021b). Proxeccións de poboación a curto prazo. 2020-2035. Idades simples. España, Galicia e provincias. Recuperado de https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=9909&paxina=001&c=0201001004

IGE (2021c). Cifras oficiales de población a 01/01/2020. Datos municipales. Recuperado de https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?codigo=0201001002&idioma=es

Izquierdo Vallina, J. (2019). *La ciudad agropolitana. La aldea cosmopolita*. Asturias: KRK.

Legardez, A. (2003). L'enseignement des questions sociales et historiques, socialement vives. *Le cartable de Clio*, 3, 245-253.

Liceras, A. (1998). Percepciones y concepciones sobre el medio rural. Implicaciones educativas. En R. Vera, E. Mª. Tonda y Mª J. Marrón, Mª J. (Coord.), *Educación y Geografía* (pp. 559-566). Alicante: AGE.

Lois, R. C. (2015). Apuntamentos para o estudo xeográfico (nacional) de Galicia. En Diéguez, U.B. (Coord.), *Reflexiones arredor da Galiza para o debate* (pp. 9-35). Fundación Moncho Reboiras.

López, E. (2013), A gobernanza e xestión do medio rural galego a comezos do século XXI: Reflexións e propostas para o debate. En R. Rodríguez González (Coord.), *Galicia, un mundo rural Vivo (*pp. 130-147). Lalín: UIMP-Concello de Lalín.

López, J. A., García-Morís R. y Medina, S. (2019). La percepción del medio rural entre el profesorado de geografía e historia en formación inicial. En Xosé Carlos Macía Arce, Francisco Xosé Armas Quintá y Francisco Rodríguez Lestegás (Coord.), *La reconfiguración del medio rural en la sociedad de la información: nuevos desafíos en la educación geográfica* (pp. 783-795). Andavira.

Macía, X. C., Armas, F. X. y Rodríguez-Lestegás, F. (2019). *La reconfiguración del medio rural en la sociedad de la información: nuevos desafíos en la educación geográfica*. Santiago: Andavira.

Martínez, X. y Peón, D. (2015). Patróns de despoboamento do rural galego: unha análise por comarcas. *Revista Galega de Economía, 24-1,* 63-80. Recuperado de https://revistas.usc.gal/index.php/rge/article/view/2698

Pérez Guilarte, Y.; Armas Quintá, F. X. y Macía Arce, X. C. (2020). The thematic cartography of Galicia as a promoter of cultural tourism and as a teaching aid for Geography. Didáctica Geográfica, 21, 75-95. doi: https://doi.org/10.21138/DG.541

Souto, X. M. y Gómez Carrasco, C. (2019). Despoblamiento y mundo rural: Rompiendo estereotipos desde la enseñanza crítica. *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 96, 4-6.

Velilla, J. y Marín-Yaseli, M. L. (2019). El problema de la despoblación en España y su tratamiento didáctico. *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 96, 7-16.

Poboación e economía: o feito migratorio galego e o seu ensino nas aulas. Realidade, reflexións e propostas

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel[1]
Universidade da Coruña
uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.gal

Quer no plano ecolóxico, quer no plano xeográfico, Galiza é unha das nacións que conta cun dos territorios máis fértiles e produtivos da Europa. Malia o cambio climático Galiza segue a demostrar unha capacidade de resistencia extraordinaria ao novo ciclo ecolóxico mundial. Así mesmo, tanto a costa como o interior galego están cheos de potencial produtivo.

Con todo, milleiros de persoas foron marchando de Galiza desde hai séculos. A coñecida como "emigración galega" (forma normalizada para referir o éxodo galego) é unha realidade estrutural, que non garda relación directa coa falta de riqueza do territorio galaico, nin cunha falta de capacidade de traballo e produtiva das nosas xentes. Debe explicarse esta realidade coa falta dunha realidade xurídico-político-administrativa ao servizo dos intereses económicos das e dos galegos. A dependencia política da Galiza, en cave de *colonia interior*[2], ten posto o territorio e o capital humano galaico ao servizo de intereses foráneos.

1. Un proceso histórico

O maior fluxo migratorio galego deuse no século XIX, aínda que xa con anterioridade milleiros de galegas e galegos marcharían lonxe da Terra. Os países de América do sur, en expansión económica (sobre todo na segunda metade do s. XIX e primeira do XX), serían os que verían chegar ás súas terras a maior parte de compatriotas galegos. Cuba, Arxentina, Uruguai…, mais despois tamén Estados Unidos ou Canadá. No s. XX ao longo do continente europeo milleiros de galegos continuarían o seu éxodo (Suíza, Franza, Inglaterra...), representando grandes beneficios á incipiente banca española e aos inicios da especulación urbanística; dado que os aforros das e dos emigrantes, xunto ao cambio de divisas, daría lugar a un suculento capital que, pola contra, non repercutía en favor da Patria desas/deses emigrantes.

En todos e cada un dos países nos que asentarían as e os emigrantes galegos, conformaríase unha comunidade moi recoñecida, sobre todo no mundo do traballo; demostrando, así mesmo, a inmensa colonia galega de alén e aquén mar o seu grao de capacidade organizativa e de vínculo íntimo coa súa/nosa nación de diversas formas (Diéguez, 2010). A lingua, a música, a historia, as tradicións e festividades estarían presentes no marco da comunidade galega no exterior.

[1]Profesor da Universidade da Coruña. Director da Cátedra de Memoria Histórica da UDC.

[2]Na acepción de Robert Lafont e que na Galiza socializara Xosé Manuel Beiras na súa obra *O Atraso económico de Galicia*.

Ao longo do continente americano, por exemplo, crearían as galegas e galegos numerosas agrupacións societarias (máis de 350 entre 1904 e 1936, por exemplo). Nestas procuraron manter viva a súa orixe e identidade as e os seus promotores e integrantes. No ano 1921 creouse en Bos Aires a "Federación de Sociedades Galegas, Agrarias e Culturais" para reunir a moitas delas, sumando a milleiros de nacionais galegos (só o Centro Galego da capital de Arxentina sumaba 120.000 asociadas/os). Centros aos que hai que sumar os que se crearon en diferentes países de Europa (actualmente suman máis de medio cento), así como noutros territorios do mundo. Realidade que desmente os tópicos sobre o individualismo galego, amosando o arraigo e a capacidade de organización mancomunada das nosas xentes.

Xa que logo, a marcha da Terra non foi nin é unha deserción identitaria (con independencia do grao de consciencia nacional de cada quen); demostrando esa rede societaria unha sorte de resistencia cultural (e non só...) fronte ao desvencellamento da Galiza.

2. O presente (...e futuro?) da emigración galega.

Sexa como for, infelizmente a emigración non é unha realidade pretérita; fai parte do presente e ameaza moi seriamente ao futuro da Galiza.

Entre o 2008 e finais de 2017 emigraron desde Galiza case 300.000 persoas, entre as que marcharon fóra do noso territorio e do Estado español e as que foron para outras localizacións do Estado (deste total, case 94.000 persoas eran inmigrantes que fixeran da Galiza a súa Terra e que pola crise económica marcharan de territorio galego). Desde o noso país marcharon a outras localizacións do Estado (con nacionalidade española) 158.581 persoas[3]; pondo rumbo cara outros países de fóra do Estado 41.924 persoas (sen nacionalidade española marcharían 35.252 cara outros emprazamentos do Estado español e 58.664 cara outros países).

Na última década marcharon fóra do noso país, deixando a península ibérica, arredor de 100.000 persoas. Algo máis do 70% destas e destes emigrantes son naturais das provincias da Coruña e de Pontevedra. Destes, a metade eran menores de 40 anos. Exactamente, entre inicios do 2008 até inicios do 2018 as mozas e mozos galegos que emigraron fóra do Estado español, de entre 20 e 39 anos, foron 47.105 persoas (segundo datos oficias estatísticos)[4].

[3]A estas cifras hai que sumar os usuarios mensuais do camiño de ferro, así como os usuarios diaria ou semanalmente do avión, para trasladarse a cidades de fóra de Galiza, destacando Madrid e Barcelona como destinos.
Con motivo do debate sobre o tren de alta velocidade en Galiza, varios medios de comunicación facían públicos recentemente datos de enorme interese sobre os pasaxeiros que empregan o camiño de ferro desde Galiza a Madrid. Se ben no 2016 fora noticia que entre febreiro e xuño experimentara un forte aumento o número de pasaxeiros entre Galiza e a capital española, con 373.600 usuarios recorrentes –o que implica un aumento de 95.300 usuarios entre os devanditos meses-, actualmente achégase esa cifra ao medio millón.

[4]Datos tirados de estatísticas oficias publicadas polo Instituto Nacional de Estadística e do Instituto Galego de Estatística.

Destas miles de persoas, debemos volver pór o foco especialmente na xente máis nova, futuro de toda sociedade. Das case 50.000 persoas de entre 20 e 39 anos que marcharon fóra da Galiza e que non quedaron no territorio do Estado español, eran mozos e mozas (con pasaporte español) algo máis de 18.600 persoas, nacidas na maior parte dos casos no noso país, e 28.500 mocidade que fixeron da Galiza a súa Terra nesa mesma franxa de idade (na maior parte dos casos chegados a Galiza antes da crise económica de 2008, quer en solitario, quer cos seus pais ou chamados por algún familiar). Unha franxa de idade que está á baixa no conxunto da poboación galega, e que fica en cifras históricas... De tal modo que tan só hai no país 208.740 persoas que teñen entre 20 e 39 anos; téndose reducido nunha década esta franxa un 26,2%. Unha mocidade ben formada na Galiza -na maior parte dos casos con titulacións universitarias ou de formación profesional-, en base ao noso robusto ensino público, especializada en diversos ámbitos do coñecemento, que está a desenvolver as súas capacidades lonxe da Terra.

Ás cifras de galegas e galegos expatriados de entre 20 e 39 anos de idade, hai que sumar en especial así mesmo, ás perto de 22.600 persoas de máis de 44 anos que marcharon na última década da Galiza coa súa familia inmediata ao completo, en multitude de casos con crianzas, nenas e nenos ou adolescentes, que naceron, e/ou se criaron e socializaron en territorio galego; de tal modo que entre o 2010 e o 2015 marcharon da Galiza arredor de 13.000 menores de 24 anos, dos que algo máis da metade eran menores de 16 anos.

Á dureza do feito migratorio hai que sumarlle a irreversibilidade do mesmo no tempo histórico no que vivimos. E é que, a Globalización capitalista fomenta a deslocalización da produción, forzando a tal efecto apátridas, masa obreira precarizada e alonxada dos vínculos e redes familiares e sociais que poidan posibilitar a mobilización de clase (noutras etapas as e os emigrantes tiñan no regreso á Terra o seu obxectivo, durante ou após a súa vida laboral, e tendo logrado un mínimo aforro para, por exemplo, a compra dunha vivenda ou a posta en andaina do seu modo de vida, caso dun pequeno negocio familiar).

Neste sentido, máis da metade das galegas e galegos que marcharon na última década a países de Europa e Estados Unidos, por exemplo, afirman descartar o seu regreso á Galiza. Explícano en base á falta de perspectivas económicas no país e a imposibilidade de teren, en consecuencia, unha vida semellante na Terra á que levan fóra da Galiza.

Como resultante desta sangría demográfica, obtemos un patente envellecemento da nosa poboación e o aumento de núcleos poboacións sen habitantes (desertizándose grande parte do rico interior do país, en perigosa situación de abandono…), unha realidade insostíbel como pobo a catro ou cinco décadas.

Sen dúbida algunha, debemos imputar entre o máis dinámico e con maior potencial da nosa sociedade todas estas galegas e galegos que están a marchar da Galiza no momento máis produtivo da súa vida. Non é sostíbel unha sociedade cada vez máis envellecida, agravado pola perda desa poboación traballadora en activo que representa o futuro da nación, xunto ás crianzas e adolescentes que emigran ao carón dos seus pais e nais, tal e como indicamos.

Un envellecemento e fraqueza demográfica (acentuada por unha natalidade en mínimos históricos) que se pode observar xa non na exigua cifra de galegas e galegos con idade entre 20 e 39 anos, senón tamén se reparamos en que na próxima década prevese un descenso relativo do 2,7% da poboación até o 2031 (a día de hoxe morren na Galiza

13.522 persoas máis das que nacen; así mesmo, entre 165.000 e 200.000 habitantes causarían baixa no censo galego por razón de idade; cifra esta última que se situaría perto da poboación de toda a cidade da Coruña e no duplo da poboación da capital galega)... Representando xa a poboación maior de 65 anos unha cuarta parte da poboación galega **(**desde fai máis de 25 anos Galiza ten máis defuncións que nacementos). Así, pois, pouco ten medrado a poboación galega no último século e, mesmo ten reducido a súa poboación nas últimas décadas en base ás mortes naturais e á devandita emigración (no ano 2017, por exemplo, houbo 18.000 nacementos fronte a 31.600 falecementos...).

En liñas xerais, o devalo demográfico galego é moi gráfico se analizamos as cifras de habitantes do noso país nos últimos cento vinte anos. Obsérvese que Galiza contaba no ano 1.900 con 1.980.515 habitantes, experimentando un importante medre ao longo da primeira metade do pasado século XX, representando no ano 1.950 a nosa Terra 2.604.200 habitantes. Na segunda metade do pasado século iríase estancando ese medre, que en todo caso se consolidaría, chegando Galiza no ano 1.991 a 2.720.445 habitantes fronte á cifra actual de 2.701.819. Xa que logo, Galiza fica cunha realidade demográfica en caída libre desde 2010, e cunha densidade de 92,18 hab/km² (presentando a capital galega 438,42 hab./km²; fronte a Vigo, a cidade galega máis populosa, de 2.686,47 hab./km². Repárese en que a Comunidade Autónoma de Madrid conta cunha densidade de 802,4 hab./km² e de 5.215,8 hab./km² a súa capital; Catalunya conta cunha densidade de 235,63 hab/km² e a súa capital de 15.866,95 hab./km² e Euskadi ten unha densidade de 300,33 hab/km² e Bilbao de 8.295,91 hab./km²).

Unha estampa que sitúa a Galiza, en apenas unha década e media, nas cercanías da realidade demográfica que tiña por volta de inicios da década dos '40 do século XX, nos inicios da ditadura franquista, após o golpe militar e os milleiros de baixas que este supuxo (incluído o exilio...).

Non é sostíbel e non é viábel un país sen xente, e non é sostíbel e viábel un país envellecido onde as e os máis novos teñen que procurar lonxe da Terra o seu sustento. Non podemos normalizar a devandita sangría demográfica que sufrimos, que só beneficia aos países máis ricos (que, como xa indicamos, atraen man de obra altamente cualificada moito máis barata que a propia coa mesma cualificación), mentres se aborta un futuro próspero para Galiza.

3. O feito migratorio e o seu ensino como un problema socialmente vivo

Dada a dimensión do devandito problema é necesario que as institucións públicas traballen para reverter o fenómeno migratorio, entendido este como un proceso que está a privar a Galiza dun futuro sostíbel. Isto implica políticas públicas que procuren fixar poboación en territorio galego, lonxe da normalización do feito migratorio, procurando afortalar o sistema produtivo galego (desde os sectores produtivos básicos ao tecido empresarial, pasando por un sector servizos que se oriente cara un turismo de calidade). Evitando, así mesmo, o despoboamento de todo o interior do país, que corre serio perigo de ser propiedade de grandes empresas, sobre todo do sector madeireiro e do extractivo. O rural galego debe ser modernizado, atraendo público xoven con importantes vantaxes laborais, así como fiscais e habitacionais, apostando por modernizar e ampliar as infraestruturas e servizos públicos.

Desde o ensino as políticas públicas deberan encamiñarse a incentivar o traballo nas aulas do fenómeno migratorio galego (tanto das súas causas, como das súas

consecuencias), incidindo na percepción social que hai ao respecto. Naturalmente a realidade que nos ocupa no presente texto debera traballarse nas materias da área de Ciencias Sociais do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO), así como do Bacharelato, nomeadamente materias como Ciencias Sociais, Historia, Xeografía ou Economía. Neste último caso enfócase cara a formación de potenciais "emprendedores" e "emprendedoras", futuros empresarios e empresarias, así como xestores de empresas, para alén de consumidores, mais non cidadáns que comprendan os procesos económicos e os procesos sociais vinculados ao sistema de produción capitalista en chave social. Igualmente, o feito migratorio ten que ser traballado no ensino secundario desde a área de Historia, nomeadamente contemporánea, analizando a realidade deste fenómeno, as súas diversas etapas e as súas consecuencias.

Desde a Didáctica das Ciencias Sociais, e no marco deste campo particularmente desde a Didáctica da Historia, vén defendéndose a necesidade de orientar o proceso do ensino-aprendizaxe da área aos "problemas sociais relevantes" ou "cuestións socialmente vivas" (Santisteban, 2009; Pagès e Santisteban, 2011; García Pérez, 2014 ou, 2016, entre outros e outras).

Unas Ciencias Sociales para la ciudadanía global han de considerar, analizar y valorar las posibilidades de enfoques centrados en Problemas Sociales Relevantes (PSR), en Cuestiones Socialmente Vivas (QSV), en la vida cotidiana, en cuestiones controvertidas o en el saber disciplinar generado para analizar, interpretar e intentar solucionar problemas de todo tipo. (Pagès, 2016).

Son numerosos os exemplos de produción nesta clave no ámbito internacional, tal e como ten amosado Santisteban (2012) na revisión bibliográfica que realizou anos atrás ao respecto, onde poden destacarse, entre outros autores, os traballos de Evans e Saxe (1996), Legardez (2003), Sturani (2004) ou Landi (2006).


Ora ben, o máis habitual na produción realizada desde o campo da Didáctica das Ciencias Sociais desde a devandita perspectiva crítica, centrada nos "problemas sociais relevantes" ou "cuestións socialmente vivas" e que cando se aborda a realidades dos movementos migratorios, se pon o foco en comunidades de fóra de Europa que procuran asentarse no noso continente en busca dun futuro digno (emigrantes africanos, suramericanos, asiáticos...), mais non se pon o foco en europeos que marchan do seu país a outros (ou nas migracións que se dan desde o ámbito rural ao ámbito urbano dentro do entorno europeo). Destaca a este respecto o labor que se está a realizar sensibilizando ao estudantado en relación aos refuxiados e refuxiadas que escapan de conflitos bélicos diversos ou da persecución política e que se asentan en Europa, tal e como temos feito nós co conflito bélico sirio (García-Morís e Diéguez Cequiel, 2018).

Cobra grande relevo ao respecto a análise a realizar desde a *literacidade crítica*. Santisteban e outros (2016) presentaron un traballo partindo da devandita cuestión socialmente viva: a chegada de persoas refuxiadas a España, traballaron mediante esta técnica. Aquel estudo supuxo e supón un referente teórico obrigado, no que refire a *literacidade* como "la práctica de analizar textos desde una mirada crítica" (Tosar e Santisteban, 2016) que outros autores amplían, dando lugar á *literacidade visual* (García-Morís, Medina, López e Martínez, 2016), por realizar a análise partindo de fontes iconográficas, nomeadamente empregando fotografías. Nese sentido, cómpre destacar a Melo (2004, 2007, 2010), referente da devandita liña de investigación que define a *literacidade visual histórica* como:

Um processo de crescente sofisticação da percepção, leitura e interpretação, mobilizando a resolução de problemas e o pensamento crítico, e em alguns casos, promover a compreensão da intencionalidade, manipulação e perspectivada das estratégias e narrativas que as imagens apresentam e ou despoletam. Ela inclui o estudo das imagens no seu contexto histórico (fontes primárias) permitindo que os alunos se consciencializem das intencionalidades dos seus autores e ou dos processos de disseminação adoptados por certas instituições e actores sociais. (Melo, 2008).

A análise e a interpretación das imaxes no contexto da aula de Historia, de Xeografía, de Economía, de Ciencias Sociais ou de Historia da Arte no ensino secundario ou mesmo universitario, significa atopar o sentido profundo da realidade, de acordo con diferentes ámbitos (cultural, político, económico...) nos que se crean e divulgan as fotografías expostas (Melo, 2007, 2008 e 2010). Nunha liña semellante se sitúan as achegas de Peter Lee (2004, 2004b e 2011). Pensemos por un momento en traballar nas aulas co alumnado o feito migratorio galego empregando, a partir da técnica da literacidade visual, as imaxes do coñecido fotógrafo galego Manuel Ferrol. Entre os seus traballos o máis célebre segue a ser a reportaxe centrada na despedida de emigrantes desde o porto da Coruña, con data do 27 de novembro de 1.957, na que sobresaía un neno e un pai chorando pola separación que supuña a marcha forzada cara a emigración.

Captura de pantalla da web https://www.manuelferrol.com/



Así mesmo, tamén se podería convidar ao alumnado a traballar obras pictóricas e escultóricas coas que diversos artistas teñan representado o fenómeno migratorio galego, nas súas distintas etapas, mergullando á aula na dureza desta realidade (e coñecendo de paso aos autores e autoras desas pezas artísticas); xunto a producións literarias, quer poéticas, quer teatrais, que pór en relación ás devanditas pezas artísticas (dando lugar a unha aposta interdisciplinar, entre Historia da Arte e Historia da Literatura).

Mais pensemos tamén en traballar nas aulas de Historia co alumnado cartas das e dos emigrantes que se conservan en arquivos ou que están editadas nalgunhas obras (Núñez Seixas e Soutelo Vázquez, 2005), para analizar cales eran os seus obxectivos, desexos e soños, así como a dureza das condicións de vida nas que ficaban e os seus comportamentos culturais, sociais, etcétera. En paralelo ao traballo con esas cartas, podería analizarse na aula a prensa dos centros galegos do *exterior*, realizándose comparativas entre as publicacións de distintas cronoloxías e países (elaborándose pequenos estudos comparativos entre a emigración galega alén e aquén mar, mais tamén entre a prensa da emigración galega e a da emigración doutros países, por exemplo de comunidades asentadas na Galiza, de cara a fomentar na actualidade a comprensión das e dos migrantes fronte á xenofobia). Situar no mapa os países aos que se dirixía historicamente a emigración galega, nunha cartografía da emigración galega, fronte a onde se dirixe na actualidade as novas e novos emigrantes galegos; así como de onde proveñen as inmigrantes que chegan a nosa Terra podería contribuír a comprender mellor a devandita realidade (e as desigualdades no mundo, entre o norte e o sur...). Igualmente pensemos en traballar nas aulas, en termos económicos, o que representaron as remesas de divisas que se enviaban por parte da emigración galega desde distintos países, poñendo esta realidade en relación directa co sistema bancario español; mais tamén, por exemplo, co proceso de especulación urbanística que desde finais dos cincuenta do pasado século se foi desenvolvendo con grande forza, en diferentes etapas, até os primeiros anos do actual s. XX.

En definitiva, o fenómeno migratorio é un tema de primeira magnitude na nosa sociedade, de tal modo que debe ser traballado, ao meu ver, nas aulas de Ciencias Sociais, de Historia, de Historia da Arte, Xeografía e de Economía da ESO e Bacharelato, de cara a comprender a súa historia, complexidade e consecuencias. Un labor que probabelmente podería contribuír, en parte, a frear a sangría demográfica que sufre Galiza. O que tería que conxugarse, obviamente, con políticas públicas encamiñadas a crear postos de traballo (e de calidade) no propio país para que forzosamente milleiros de galegos e galegas non tiveran que emigrar.

Bibliografía

Beiras Torrado, X. M. (1972), *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Beiras Torrado, X. M. (2020). *O atraso económico de Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Cagiao Vila, P. (2013). *A emigración galega a América do Sur*. A Coruña: Hércules Ediciones.

Diéguez Cequiel, U.-B. (2010). A visión da Galiza desde a emigración: entre a cuestión nacional e a asimilación identitaria a través de "Galicia Moderna, Centro Gallego e Terra (1885-1923). En C. Fernández Pérez-Sanjulián (Coord.), *Viaxes e construcción do pensamento: viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936* (pp. 225-236). A Coruña: Universidade da Coruña/Fundación Vicente Risco.

García-Morís, R., Medina Quintana, S., López Fernández, J. A. e Martínez Medina, R. (2016). Literacidad visual y alteridad. La construcción "del otro" en las narraciones del alumnado del grado en educación primaria. En C. R. García Ruiz, A. Arroyo Doreste e B. Andreu Mediero (Eds.), *Deconstruir la alteridad desde la Didáctica de las Ciencias Sociales. Educar para una ciudadanía global* (pp. 151-164). Madrid: Asociación Universitaria del Profesorado de Didáctica de las Ciencias Sociales (AUPDSC).

García-Morís, R. e Diéguez Cequiel, U.-B. (2018). El profesorado en formación ante los problemas del mundo contemporáneo. La cuestión Siria. En B. Tosar Bacarizo, J. Pagès Blanch e A. Santisteban Fernández (Eds.) (2018), *Què està passant al món? Què estem ensenyant?: Per un ensenyament de les ciències socials centrat en els problemes, la justícia social i la ciutadania global* (pp. 101-109). Bellatera, Universitat Autònoma de Barcelona.

Lee, P. (2004). Historical literacy: theory and research. [En línea] *International Journal of Historical Learning Teaching and Research*, 5 (1), 29-40. Recuperado de http://centres.exeter.ac.uk/historyresource/journal9/papers/ijhltr.pdf

Lee, P. (2004b). Em direção a um conceito de literacia histórica. *Educar em Revista*, Número especial*,* 131-150.

Lee, P. (2011). History education and historical literacy. En I. Davies (Ed.), *Debates in History Teaching* (pp. 63-72). New York & London: Routledge.

Melo, Mª C e Durães, M. (2004). Leitura de romances e a aprendizagem da História Contemporanea. En Mª. C. Melo e J. M. Lopes (Orgs.), *Recepção e Produção para Professores e Alunos* (pp. 59-81). Braga: Ed. CIED.

Melo, Mª C (2007). E Michelângelo criou o homem: um estudo sobre a compreensão e interpretação visual na aula de História. *Espaço Pedagógico. Práticas Pedagógicas*, 14, 132-147.

Melo, Mª C. (2008). *Imagens na aula de história. Diálogos e silêncios*. Mangualde: Edições Pedago.

Melo, Mª C (2010). Literacia histórica: o pensamento crítico dos estudantes en tempos de globalizaçâo. En R. López Facal. L.Velasco-Martínez, V. M. Santidrián Arias e X. Á. Armas Castro (Coords.), *Pensar históricamente en tiempos de globalización: actas del I Congreso Internacional sobre enseñanza de la historia* (p. 180). Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.

Núñez Seixas, X. M. e Soutelo Vázquez, R. (2005). *As cartas do destino: unha familia galega entre dous mundos, 1919-1971*. Vigo: Galaxia.

Santisteban, A. (2009). Cómo trabajar en clase la competencia social y ciudadana. *Aula de Innovación Educativa*, 189, 12-15.

Santisteban, A. (2012). La investigación sobre el desarrollo de la competencia social y ciudadana para una participación crítica. En N. de-Alba-Fernández, F. F. García-Pérez e A. Santisteban Fernández (Eds.), *Educar para la participación ciudadana en la enseñanza de las Ciencias Sociales* (pp. 277-286). Sevilla: Asociación Universitaria de Profesores de Didáctica de las Ciencias Sociales (AUPDCS)- Díada Editora, S. L.

Santisteban, A., Tosar, B., Izquierdo, A., Llusà, J., Canals, R., Gonzalez, N. e Pagès, J. (2016). La literacidad crítica de la información sobre los refugiados y refugiadas: Construyendo la ciudadanía global desde la enseñanza de las ciencias sociales. En C. R. García Ruiz, A. Arroyo Doreste e B. Andreu Mediero (Eds.), *Deconstruir la alteridad desde la Didáctica de las Ciencias Sociales. Educar para una ciudadanía global* (pp. 550-560). Madrid: Asociación Universitaria de Profesorado de Didáctica en las Ciencias Sociales (AUPDCS).

Pagès, J. e Santisteban, A. (Coords.) (2011). *Les qüestions socialment vives i l'ensenyament de les ciències socials*. Bellaterra: Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona. Col. Documents, 97.

Pagès, J (2016). La ciudadanía global y la enseñanza de las Ciencias Sociales: Retos y posibilidades para el futuro. En C. R. García Ruiz, A. Arroyo Doreste e B. Andreu Mediero (Eds.), *Deconstruir la alteridad desde la Didáctica de las Ciencias Sociales. Educar para una ciudadanía global* (pp. 713-730). Madrid: Asociación Universitaria de Profesorado de Didáctica en las Ciencias Sociales (AUPDCS).

Sturani, M.L. (2004). *La didattica della geografia. Obiettivi, strumenti, modelli*. Torino: Edizione dell'Orso.

Tosar, B. e Santisteban, A. (2016). Literacidad crítica para una ciudadanía global.: Una investigación en Educación Primaria. En C. R. García Ruiz, A. Arroyo Doreste e B. Andreu Mediero (Eds.)*Deconstruir la alteridad desde la Didáctica de las Ciencias Sociales. Educar para una ciudadanía global* (pp. 674-683). Madrid: Asociación Universitaria de Profesorado de Didáctica en las Ciencias Sociales (AUPDCS).

O envellecemento da poboación en Galicia: entre o decadentismo das políticas demográficas e a as tendencias observadas

Antía Pérez-Caramés
Universidade da Coruña
antia.perez@udc.es

1. Introdución

O envellecemento da poboación é probablemente un dos procesos demográficos que ten espertado un maior interese social e político, particularmente nos países que xa superaron a súa transición demográfica. De feito, nunha edición recente do barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS, 2019), máis do 90% das persoas enquisadas declaran coñecer o que é o envellecemento da poboación e, de entre estas, o 88% o considera un problema bastante ou moi grave. Aínda que rara vez aparece entre os principais problemas que a poboación menciona de maneira espontánea cando é preguntada en dito barómetro, si se considera de maneira maioritaria que é un "problema" cando se lle suxire na propia pregunta.

Poderíamos cuestionarnos por que o envellecemento demográfico é un fenómeno tan coñecido socialmente (sendo a Demografía unha disciplina á que se lle considera particularmente árida)? Ou tamén, como se construíu unha opinión pública xeralizada de que o envellecemento da poboación é un problema? Para dar resposta a estas preguntas e preciso indagar na xenealoxía, na mesma cerna do concepto de envellecemento demográfico.

O termo de envellecemento demográfico é unha das metáforas máis fértiles da Demografía para facer referencia ao proceso de incremento da poboación por riba dunha determinada barreira de idade, habitualmente establecida en torno á idade de xubilación, os 65 anos. De feito, a concepción organicista das poboacións é herdeira dunha das correntes de pensamento máis influentes de finais do XIX e comezos do XX: o darwinismo social (Pérez Díaz, 2005). En efecto, segundo o historiador da vellez Patrice Bourdelais (1993; 1996), o nacemento do propio concepto de envellecemento demográfico está vinculado coa metáfora organicista que asimila o corpo humano ao un suposto "corpo social". O demógrafo belga Michel Loriaux menciona mesmo a existencia dun "desprazamento insidioso do concepto biolóxico de envellecemento individual ao concepto colectivo de envellecemento demográfico" (1995: 1612).

Esta equiparación do envellecemento individual e o poboacional ten unha consecuencia lóxica: se a vellez humana se asocia a unha certa decadencia vital, o envellecemento demográfico pasa a estar inherentemente vinculado coa despoboación; devalo poboacional que, se ben en termos estrictamente analíticos parece plasmarse na perda progresiva de poboación mediante un crecemento total de signo negativo, nun nivel explicativo máis abstracto suxire a decadencia moral e identitaria dunha sociedade.

De feito, o envellecemento parece ocupar a supremacía dunha especie de eixo demográfico do mal que vén definido polos procesos de desnatalidade, despoboación e devalo, sen que na maioría dos traballos se cheguen a expoñer en detalle as relacións causais e dinámicas entre todos estes procesos (Le Bras, 1991). Pola súa banda, Loriaux (1995: 1620) nos prevén ante a tentación de asociar o envellecemento poboacional co dinamismo das sociedades:

"Convén evitar 'naturalizar' a idade baixo o suposto de que existe unha relación inmutable entre a idade e o envellecemento individual e, máis aínda, é preciso evitar o traspaso ao plano colectivo das sociedades envellecidas as (presuntas) características observadas a nivel individual entre as persoas maiores. Dito doutro modo, a vellez xa non ten idade ou, máis ben, a vellez non ten unha idade fixa, e o envellecemento non é contaxioso, como se creu durante demasiado tempo invocando unha estreita relación entre a estrutura demográfica dunha poboación e a aptitude para a innovación ou o dinamismo da sociedade que a abriga".

En realidade, un dos debates máis interesantes nos círculos demográficos céntrase na proposición de novos indicadores para a medición do proceso de envellecemento das poboacións que non parta do establecemento dunha barreira etaria a partir da cal se considera definir ao subconxunto de poboación en idade avanzada. Esta é a principal tese da obra de Bourdelais (1993), quen mesmo suxire esquecer os límites etarios e centrar a análise en indicadores como a idade media da poboación á que restan dez anos de vida segundo as probabilidades de supervivencia do momento. Este debate tivo boa recepción no contexto español, onde investigadores como Zamora López (2003), Abellán (1993) ou mais recentemente Spijker (2015, 2021) fanse eco desta necesidade de avanzar en índices de medida que non fixen unha barreira de idade, como a comunmente establecida nos 60 ou 65 anos, que xa non representan fielmente a poboación cualificada de "maior". Nesta mesma liña, diversos traballos (Sanderson e Scherbov, 2010; Herce e Herce, 2020) critican o abuso dun indicador como a relación (ou taxa) de dependencia demográfica, que pon en relación as fraccións de poboación consideradas economicamente "pasivas" e dependentes (menores de idade e maiores de 65) en relación coa poboación demograficamente (e, polo tanto, potencialmente) activa (habitualmente entre 16-64 anos, ou entre 20-64 anos). Neste caso, non só a consideración de determinadas franxas de idade como "pasivas" ou "activas" é tremendamente falaz, senón que as implicacións económicas e sociais que supostamente se derivan do desequilibrio entre unha e outra compoñente resultan hiperbolizadas coa comparación que suxire este indicador.

Con todo e, aínda que ten avanzado moito a reflexión sobre a necesidade de indicadores e análises alternativas á maneira que actualmente temos de describir o envellecemento das poboacións, son máis escasas as achegas que nos proporcionan unha lectura a un tempo empírica e desdramatizada sobre o asunto. O traballo de Blanes Llorens e Cabré Plá (2015) é unha das excepcións. Na súa análise sobre as tendencias de futuro na poboación española indican, a respecto do envellecemento, que nos próximos anos o tamaño das cohortes máis vellas virá antes determinado pola influencia da natalidade no seu volume antes que pola acción da mortalidade, de aí que o incremento das persoas maiores deba ser considerado á luz doutros indicadores como a proporción de persoas con idade equivalente en mortalidade (que, para os 65 anos, será dun 28,5% en 2064) ou a proporción de persoas con idade equivalente aos 65 anos en boa saúde (un terzo da poboación en 2064). Empregando a idade prospectiva, Spijker (2021) calcula a taxa prospectiva de dependencia na vellez a escala autonómica, situándose Galicia nun punto intermedio entre aquelas comunidades con maior taxa prospectiva na vellez e as de menor rango.

O interesante destes recentes traballos é que permiten poñer en cuestión a análise que se ten realizado ata o de agora sobre o fenómeno do envellecemento demográfico, ao tempo que convidan a unha reflexión desprexuízada sobre as súas implicacións económicas e sociais reais. Neste capítulo tentaremos achegar esa mirada ao

envellecemento recente da poboación galega, abordando tamén as recentes iniciativas lexislativas que se teñen deseñado en materia de poboación por parte do goberno autonómico.

O capítulo estrutúrase da seguinte maneira. Abordarei a continuación o proceso de envellecemento da poboación galega nos últimos setenta anos, isto é, desde 1950 ata a actualidade, prestando unha particular atención á intensidade e características que rexistra ao longo do tempo. No terceiro apartado realizaremos unha mirada ao futuro da poboación galega, incorporando unha análise dos principais resultados das recentes proxeccións de poboación. Estes dous apartados pechan a parte dedicada á análise demográfica deste capítulo. Así, no apartado cuarto a atención será posta na análise das políticas de poboación que o goberno galego vén desenvolvendo nas dúas últimas décadas baixo unha consideración alarmista e pesimista sobre o futuro demográfico de Galicia. O capítulo pecha cunhas breves reflexións finais.

2. O envellecemento da poboación galega desde mediados do século XX: evolución, intensidade e principais características

O envellecemento demográfico é un proceso típico dos países que remataron a súa transición demográfica e que, en consecuencia, están instalados nun réxime caracterizado por baixas taxas de mortalidade e de natalidade. A expansión da lonxevidade asociada a este proceso transicional é un dos elementos, aínda que non o único, que precisamente permite o crecemento do número de persoas maiores, así como da súa proporción sobre o total poboacional (Pérez Díaz, 1998).

En consecuencia e, tendo en consideración a datación da fin da transición demográfica en España de acordo con diversas achegas (Díez Nicolás, 1971; Arango, 1980) en torno aos anos 50 do pasado século, tería sentido analizar como se ten desenvolvido o envellecemento da poboación en Galicia a partir desta data. Agora ben, no caso galego atopámonos cun proceso de modernización demográfica temperá con respecto a outros territorios e tamén en relación coa media española, que nos coloca máis cerca do calendario transicional longo de moitos países da Europa Occidental, como o caso francés (Chesnais, 1986). A emigración transoceánica e as súas consecuencias sobre a mellora das condicións de vida, así como o desaxuste nos mercados nupciais, teñen unha maior responsabilidade neste adiantamento do calendario transicional que os procesos de industrialización e de desenvolvemento económico (Nicolau, 1989; López Taboada, 1979, 1996; Nazareth, 1979; Rodríguez Galdo e Dopico, 1981). Así, López Taboada (1996) ofrece unha datación para o comezo da transición demográfica en Galicia que parte da segunda metade do século XIX e se prolonga pouco máis alá de 1960, mentres que Eiras Roel (1993) sitúa o inicio do tránsito ao réxime demográfico moderno nas últimas décadas do XVIII.

En calquera caso e, con independencia do debate en torno á periodización, é obvia a posición avantaxada de Galicia fronte ao proceso de transición demográfica, o que tamén a coloca entre os territorios de envellecemento incipiente.

De feito, o historiador Isidro Dubert (2006; 2007) amosa nos seus traballos que Galicia rexistra intensidades e magnitudes de envellecemento superiores mesmo ás de certos países europeos de transición demográfica longa como Gran Bretaña, datando o inicio do proceso de envellecemento a finais do século XIX, momento no que Galicia


contaba cunha proporción de persoas maiores en torno ao 10%, das maiores de toda España.

Este envellecemento incipiente da poboación galega desde finais do XIX constitúe unha herdanza demográfica que lle dará certa inercia á velocidade que adquirirá este proceso tras do remate da transición demográfica, a mediados do pasado século.

Nas sete décadas que median entre 1950 e o ano 2020, a poboación de Galicia pasou de contar con 2.608.502 habitantes aos 2.701.819 de 2020. É un incremento lixeiramente inferior ás 100.000 persoas, isto é, un 3,6%. Realmente, pódese afirmar que a poboación galega se mantivo nun punto de estabilización do seu número de habitantes desde os anos 50, alternando fases de perda de habitantes con outras de ganancia poboacional.

Con todo, se o número de persoas non variou notablemente, o que si rexistrou unha significativa transformación foi a estrutura da poboación, particularmente no que respecta á súa distribución por idades. A continuación amosamos as figuras das pirámides comparadas das poboacións galega e española en cinco momentos clave: 1950, 1975, 1990, 2005 e 2020. Como podemos comprobar da lectura dos gráficos, a poboación galega rexistra un maior envellecemento ao longo de todo o período estudado. Ademais, a contracción da fecundidade é de maior impacto no caso galego, que parte dunha estrutura nova en 1950 -igual que a española-, pero vai perdendo progresivamente este carácter a medida que pasa o tempo, cunha redución significativa da participación das capas inferiores sobre o conxunto poboacional. Se a estes dous elementos engadimos unha distancia observable na poboación activa, derivada da emigración nas tres primeiras décadas de estudo e da menor taxa de atracción migratoria en épocas máis recentes, temos unha boa aproximación á acción diferencial en intensidade e peso das compoñentes de cambio que veñen dando forma á poboación galega desde mediados do pasado século.

Figuras 1-4. Comparación das pirámides das poboacións galega e española entre 1950 e 2020. Fonte: Elaboración propia. Censos de Poboación dos anos 1940, 1950, 1960, 1970, 1981, 1991. Padrón Continuo de Habitantes de 2020. Instituto Nacional de Estadística, INE.



Que aconteceu entón coa estrutura da poboación galega? Cales son os cambios fundamentais operados na morfoloxía piramidal? Pois ben, en primeiro lugar, a poboación pasou de contar con pouco máis de 200.000 persoas en idades superiores á de xubilación a mediados do século XX a case 700.000 en 2020, isto é, multiplicouse por máis de tres en setenta anos. Á súa vez, as persoas máis maiores, isto é, quen teñen 85 ou máis anos, figuraban en número anecdótico en 1950, cun total de 11.104 persoas, mentres que na actualidade son máis de 130.000. Se observamos este primeiro elemento de cambio en termos relativos podemos falar de que a proporción de maiores de 65 era de 7,86% en 1950 e de 25,46% en 2020.


Pódese concluír que este cambio ten sido intenso, pois a porcentaxe de maiores de 65 triplicouse en sete décadas, pero poderíamos preguntarnos tamén pola velocidade á que se ten desenvolvido este proceso de cambio. Se consideramos o número de anos necesarios para alcanzar certa porcentaxe de maiores, podemos aproximarnos a esta pretensión. Fixeron falla dúas décadas para que un de cada dez habitantes en Galicia teña 65 ou máis anos (en 1970 alcanzouse unha proporción de maiores de 10,91%), pero só quince anos despois esta proporción ronda o 15% (14,57% en 1985), dobrando así a rexistrada ao comezo do período de análise e, desde esta data ata o ano 2020, a porcentaxe aumenta ata o punto de que as persoas maiores representan un cuarto da poboación total.

A primeira das transformacións estruturais opera, daquela, no senso do aumento, en termos relativos e absolutos, das capas superiores da pirámide poboacional. Agora ben, o segundo dos cambios morfolóxicos observable na estrutura da poboación refírese ás capas inferiores da pirámide: a notable redución do número e proporción das persoas máis novas. O número de menores de 15 anos en 1950 era de 703.529, e isto tendo en conta que entre estes tres grupos quinquenais están as persoas nadas durante os anos da Guerra Civil; setenta anos máis tarde esta cifra é de pouco máis de 316.000, moito menos da metade das persoas rexistradas en 1950. As proporcións indican un tránsito desde o 27% de 1950, case un terzo da poboación, e de 11,71% en 2020. A drástica redución da fecundidade está detrás da explicación deste fenómeno, que só se recupera levemente na primeira década do século XXI, momento no que a nova xeración entrante de entre 0 e 4 anos (ver pirámide de 2005) cando menos iguala á súa predecesora de 5 a 9.

En suma, pódese afirmar que existe practicamente unha inversión nas compoñentes inferior e superior da pirámide galega: a mesma proporción de menores de 15 en 1950 atopámola hoxendía entre os maiores de 65.

Canto á poboación activa, isto é, aquela que demograficamente se sitúa entre os límites inferior e superior das idades establecidas legalmente para a incorporación ao mundo laboral e a xubilación, esta se mantén relativamente estable nun número próximo a 1.700.000 persoas. Toda vez que as últimas xeracións nadas no período de *baby boom* comezan a abandonar a idade activa, o mantemento da poboación activa é principalmente posible grazas á pequena achega de poboación activa nova de man da inmigración estranxeira.


Figura 5. Evolución da proporción de menores de 15, poboación activa e maiores de 65 na poboación galega entre 1950 e 2020. Fonte: Elaboración propia.



Analizaremos a continuación a evolución da relación de dependencia demográfica, que estima o peso da poboación denominada "pasiva" (menores de 15 e maiores de 65) sobre a poboación en idades demograficamente activas (15-64 anos). Esta relación era de 53,46 persoas en idade pasiva por cada 100 activas en 1950 e aumenta en case seis puntos porcentuais en 2020, alcanzando 59,15%. É dicir, a carga que debe soportar o conxunto da poboación activa aumentou en case seis puntos porcentuais nos sete decenios que median entre mediados do pasado século e 2020.

Como podemos explicar este cambio? Facendo referencia aos índices de xuventude e de vellez, que serven para separar nas súas dúas compoñentes o numerador da relación de dependencia demográfica. O índice de xuventude, definido como o número de menores de 15 anos dividido entre a poboación activa, pasa de 41,40 persoas novas por cada 100 activas en 1950 a 18,64% en 2020. Dividindo entre dous o índice de 1950 non chegamos nin sequera á porcentaxe actual. Pola súa banda, o análogo índice de vellez (calculado como a división de maiores de 65 anos entre a poboación activa) efectúa un tránsito de 12,06% en 1950 a 40,52% en 2020 (Figura 6).

Figura 6. Evolución da relación de dependencia demográfica, do índice de xuventude e do índice de vellez en Galicia entre 1950 e 2020. Fonte: Elaboración propia.




A razón do incremento da relación de dependencia demográfica estriba tanto na redución do número de menores de 15, como no incremento dos maiores de 65, toda vez que o número de habitantes que se sitúan na idade activa non variou significativamente nos últimos setenta anos.

Mencionaremos, por último, a evolución temporal rexistrada pola idade media da poboación, que representa a media de idades das persoas residentes nun momento dado

en Galicia. Á luz da seguinte figura, podemos observar como a idade media pasa dos 30,58 anos de 1950 a 47,52 en 2020, isto, e, a idade media da poboación galega rexistrou un envellecemento duns 17 anos de idade.

Figura 7. Evolución da idade media da poboación galega entre 1950 e 2020. Fonte: Elaboración propia.



O envellecemento demográfico constitúe, pois, un proceso que se ten intensificado de maneira notable desde mediados do pasado século XX, debido tanto ao alongamento da esperanza de vida, especialmente entre as capas superiores da poboación, pero tamén á redución das cohortes de poboación máis nova, dada a caída da fecundidade. Estes dous factores constitúen o que se deu en chamar o envellecemento polo cumio e pola base da pirámide de poboación, pero cómpre non esquecer que en Galicia os movementos migratorios teñen un importante papel no envellecemento da poboación (Pérez-Caramés, 2010; Hernández Borge, 2019), xa que restan poboación en idades activas novas, furtando tamén de maneira indirecta a súa posible descendencia.

No seguinte apartado abondaremos nas tendencias futuras que os fenómenos demográficos aquí analizados seguen nos anos a vir e a súa relación co proceso de envellecemento poboacional, para o que botaremos man de proxeccións de poboación.

3. Unha ollada ao futuro: o que as proxeccións de poboación indican sobre o envellecemento demográfico

As proxeccións de poboación son unha ferramenta que permite albiscar o comportamento dos principais fenómenos demográficos, así como o ritmo e intensidade do crecemento ou decrecemento poboacional, nun horizonte futuro relativamente

próximo. Aínda que, obviamente, ningunha proxección atina completamente nos seus resultados, sempre podemos tomalos como unha orientación das tendencias que seguirán certos fenómenos no futuro próximo.

Para o caso galego, contamos principalmente coa proxección de poboación que realiza o Instituto Nacional de Estadística (INE), con horizonte 2070 no caso dos resultados para o conxunto do Estado, e 2035 no caso dos resultados autonómicos, e que foi feita a mediados do ano 2020 e, polo tanto, tendo en consideración algúns dos efectos demográficos causados pola pandemia da Covid19. O Instituto Galego de Estatística tamén elabora proxeccións con este mesmo horizonte temporal, pero son totalmente compatibles cos resultados que ofrece o INE.

Atendendo aos resultados que ofrece o INE, concentrarémonos na análise dos indicadores recollidos na seguinte táboa:

Táboa 1. Principais indicadores da proxección da poboación de Galicia ao 2035. Fonte: Elaboración propia. Proxeccións de poboación, resultados autonómicos 2020-2035. Instituto Nacional de Estadística, INE.

	2021	**2028**	**2035**
Total de poboación	2.688.720	2.597.349	2.523.987
Idade media	47,78	49,6	51,64
Proporción de maiores de 65	25,80	29,12	32,96
Proporción de maiores de 85	5,05	5,39	6,59
Relación de dependencia demográfica	61,78	66,47	73,18
Índice de xuventude	20,05	17,51	16,10
Índice de vellez	41,73	48,29	57,08

En primeiro lugar, comentaremos a evolución to tamaño poboacional que, nos case tres lustros que median entre o arranque da proxección (2021) e o seu horizonte (2035) rexistra un descenso de case 165.000 persoas, isto é, unha perda dun 6%. A poboación situaríase en 2035 en pouco máis de dous millóns e medio de habitantes.


En canto aos indicadores relativos á estrutura por idades da poboación, a idade media increméntase desde os 47,78 anos de 2021 ata os 51,64 de 2035; un incremento de cerca de catro anos de idade media en 14 anos de evolución. Outro indicador útil para avaliar a progresión e intensidade do envellecemento da poboación é a proporción de persoas maiores. No caso galego, transítase de unha persoa maior de 65 de cada catro en 2021 a un terzo de maiores sobre o total de habitantes de 2035. A evolución que segue a proporción das persoas máis maiores, de 85 e máis anos, sobre o total poboacional é tamén crecente, se ben a súa intensidade é máis moderada (de 5,05% a 6,59%), o que probablemente pode deberse a unha certa ralentización no incremento da esperanza de vida.

A relación de dependencia demográfica, á que fixemos tamén referencia no apartado anterior, amosa un crecemento de máis de dez puntos porcentuais entre 2021 e 2035, alcanzando ao final do período proxectado unha cifra de 73 persoas en idades pasivas (menores de 16 e maiores de 65) por cada 100 en idades activas, fronte ás escasamente 62 por cada 100 activos/as de 2021. Como indicamos xa no apartado anterior, cómpre

desagregar este indicador en dúas compoñentes, o índice de xuventude e o índice de vellez, para comprobar como se reparte a carga demograficamente considerada pasiva dunha poboación sobre a poboación en idade potencialmente activa. Así, entre os anos 2021 e 2035 o índice de xuventude pasará de 20,05% a 16,10%, rexistrando, pois, unha perda de catro puntos porcentuais, polo que se trata dunha caída relativamente leve, froito dunha tendencia proxectada cara á estabilización na caída da fecundidade nos próximos anos. No relativo ao índice de vellez, este rexistra unha porcentaxe de 41,73% en 2021 e ascende ata 57,08% en 2035, isto é, un incremento de máis de quince puntos porcentuais, que fai que haxa máis de 50 maiores de 65 anos por cada 100 persoas en idade activa. En síntese, o aumento que rexistra a relación de dependencia demográfica nos algo menos de quince anos que median entre 2021 e 2035 é debido ao substancial incremento do índice de vellez, xa que o índice de xuventude se reduce lixeiramente ao longo do horizonte de proxección.

En suma, os principais indicadores analizados, que permiten caracterizar a estrutura por idades da poboación galega entre 2021 e 2035, nos achegan unha prospectiva de intensificación do proceso de envellecemento demográfico nos anos a vir. Comprobemos en que se concreta isto na pirámide de poboación:

Figura 8. Comparación das pirámides da poboación galega en 2021 e 2035. Fonte: Elaboración propia. Proxeccións de poboación, resultados autonómicos 2020-2035. Instituto Nacional de Estadística, INE.



Da comparativa das pirámides de poboación ao comezo e ao final do período de proxección podemos comprobar como se agranda a proporción que representan as cohortes de maior idade sobre o conxunto poboacional, particularmente entre a

poboación feminina. Isto é resultado da intensificación do proceso de feminización do envellecemento, isto é, da considerable maior presenza de mulleres entre os grupos de idade máis maiores; fenómeno que xa tiña identificado Julio Hernández Borge nalgún dos seus traballos (2008) sobre o envellecemento en Galicia.

Por outra banda, as capas inferiores da pirámide estréitanse, se ben non de maneira notable, polo que máis ben se produce unha rectangularización da parte inferior da pirámide, que se alonga ata a mediana idade da poboación adulta activa.

En suma, a proxección de poboación a un horizonte curto, os próximos quince anos, ata 2035, non prevé unha reversión do proceso de envellecemento demográfico, nin tampouco unha matización ou ralentización da súa progresión, senón, en todo caso, o contrario, unha intensificación e afondamento nas súas principais características. Como ben indicaba o demógrafo francés Paul Paillat (1995), o envellecemento da poboación é máis ben un proceso invariable, por moi perturbador que poda resultar.

4. Pesimismo demográfico e intervención pública. As novísimas políticas de poboación en Galicia

A situación demográfica vénse mirando con desasosego en España e, particularmente en Galicia, desde hai décadas, xerando un certo clima opinático pesimista, cando non directamente alarmista, especialmente nos medios de comunicación convencionais (Pérez-Caramés, 2017, 2019; Dubert, 2019). Porén, non foi ata data ben recente que este clima de opinión se trasladou á axenda pública e comezaron a deseñarse políticas explicitamente dirixidas á intervención en materia de poboación. Neste terreo, Galicia é pioneira na aprobación das primeiras políticas de poboación da nova xeración a comezos da primeira década do século XXI; proceso no que ademais contará con certo consenso entre as forzas da oposición. Así, en 2013 se aproba o Plan de Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016 (PDDG, de aquí en diante) (Xunta de Galicia, 2013) e en 2021 a Lei de Impulso Demográfico de Galicia (LIDEGA, de aquí en diante) (Xunta de Galicia, 2021). Contamos xa, pois, con dous instrumentos lexislativos que asentan a acción política en materia de poboación, particularmente centralizada na reversión do envellecemento demográfico e do devalo da fecundidade e cunha orientación inequivocamente natalista, tal e como analizamos noutras contribucións (Pérez-Caramés, 2021)

Como podemos entender que un goberno autonómico como o galego deseñe e aprobe dúas medidas destas características con amplo consenso parlamentario? Entre os elementos explicativos subliñarei, en primeiro lugar, o feito de que os gobernos galegos foron quen máis empregaron os argumentos demográficos na negociación dos orzamentos co Estado. Desde Galicia se teñen feito valer factores relacionados tanto co envellecemento demográfico como coa dispersión poboacional co obxectivo de desbancar o criterio do número de habitantes na adxudicación e distribución de fondos económicos entre as autonomías. Ademais, tamén se ten promovido unha fronte de Comunidades Autónomas para demandar fondos que abordasen especificamente as problemáticas do envellecemento e a despoboación. Estas estratexias negociadoras, desenvolvidas tanto por gobernos conservadores como progresistas, fixeron callar a idea de que a demografía importa.

En segundo termo, os medios de comunicación, particularmente a prensa, teñen xogado un papel determinante á hora de promover unha visión pesimista da situación demográfica galega e de xerar unha interpretación alarmista en torno ao futuro da

poboación de Galicia. Tal e como abordamos noutros traballos (Pérez-Caramés, 2017, 2019, 2021), durante o período de elaboración do PDDG a prensa dedicou unha importante atención á cuestión demográfica, promovendo unha interpretación da mesma en termos catastrofistas. Esta mensaxe transmitiuse principalmente a través do emprego de recursos estilísticos que reforzaban unha análise negativa da evolución poboacional, tales como "inverno demográfico" ou "suicidio demográfico".

En terceiro lugar, desde o goberno galego inténtase en todo momento que a proposta de medidas no ámbito demográfico conte co consenso de todas as forzas políticas presentes no parlamento, aínda non tendo necesidade dos seus votos para sacar adiante ningún plan nin medida. A elaboración do PDDG se producirá nunha comisión creada *ad hoc* no Parlamento con representación de todas as forzas políticas e coa asistencia de numerosos/as expertos/as en demografía, representantes de diversos ámbitos da administración pública e de organizacións sociais, culturais e políticas. Asemade, promoveuse o debate e a investigación académica en cuestións poboacionais, o que tivo a súa tradución na realización de diversas conferencias, xornadas e seminarios que contribuíron a darlle relevancia académica á cuestión, ao tempo que se permitía o desenvolvemento do imaxinario alarmista.

Estes alicerces políticos, mediáticos e académicos foron os que propiciaron o xurdimento dun novo consenso demográfico sobre o que se construirá a intervención pública en materia de poboación, sendo a súa primeira ferramenta o PDDG. O documento do PDDG (Xunta de Galicia, 2013) presenta un estado da cuestión demográfica en Galicia, así como un conxunto de medidas a desenvolver no período 2013-2016 con vistas a que produzan obxectivos medibles en termos poboacionais no ano 2020. A xustificación da necesidade do plan comeza precisamente coa caracterización da situación demográfica galega como de "inverno demográfico", termo que non só ten certa difusión nos medios de comunicación galegos a respecto da cuestión poboacional, senón que deriva das interpretacións máis alarmistas da evolución demográfica, como as propostas por Dumont (1991). Procúrase tamén lexitimidade na estratexia política da Unión Europea, se ben unicamente se menciona unha opinión exploratoria do Comité Económico e Social Europeo (CESE) do ano 2011, elaborado a petición do embaixador de Hungría ante a Unión Europea, con vistas a urxir a implementación de políticas familiares que teñan como obxectivo o incremento da fecundidade como único freo posible fronte ao devalo poboacional. Esta referencia, xunto coa do traballo do demógrafo francés Gérard-François Dumont, son as dúas únicas citas que se atopan no PDDG e que sustentan a necesidade dunha intervención pública en cuestións de poboación.

Por outra banda, o PDDG contén un apartado de análise da evolución recente da poboación en Galicia no que destaca a énfase feita en contextualizala nun marco que resalte a súa singularidade, a súa excepcionalidade, en certo modo, a súa aberración. Nun primeiro momento, compáranse as estruturas poboacionais de Galicia e Francia, sendo este último un país dos de maior fecundidade de toda Europa e cunha transición demográfica dilatada no tempo, pouco parecida á transición demográfica española, rápida e intensa; o que, obviamente, ten implicacións para as diferentes estruturas por idades resultantes (Chesnais, 1990). Cando a comparativa chega ao terreo autonómico, o interese fíxase na contraposición de dous patróns demográficos polares. Por unha banda, se presentan os datos de Galicia e Asturias e, fronte a estas, achéganse as estatísticas de

Andalucía e Murcia, dúas autonomías que teñen un patrón demográfico historicamente caracterizado por un maior número de fillos/as por muller e unha idade máis temperá á fecundidade. Ademais, trátase de comunidades que teñen recibido voluminosos fluxos de inmigración durante os anos noventa e a primeira década deste século, o que contrasta coa dinámica migratoria galega recente, que se define por unha débil capacidade de atracción migratoria (Pérez-Caramés, 2016). Esta contraposición de modelos demográficos extremos singulariza a "excepción demográfica galega" e, en certo modo, deixa o terreo abonado para a súa problematización.

Por outra banda, na análise demográfica do Plan existe un abuso da relación de dependencia demográfica como indicador principal para describir a estrutura por idade da poboación, pese a que, como indicamos con anterioridade, ten sido profundamente cuestionado polas súas deficiencias á hora de valorar adecuadamente o impacto do envellecemento na estrutura etaria.

No que respecta á análise do crecemento demográfico, só se fai mención ao crecemento natural e omítese calquera referencia ao saldo migratorio. Isto é, unha das principais compoñentes do cambio demográfico, o saldo migratorio, está completamente excluído da análise, dando así a impresión a quen lea o texto de que o seu papel é irrelevante na evolución da poboación nun momento en que as migracións están a ser o principal vector de cambio demográfico en toda Europa (Wilson et al., 2013) e, obviamente, tamén en Galicia (López de Lera e Izquierdo Escribano, 2005; Pérez-Caramés, 2016).

En síntese, a análise que recolle o PDDG pretende proporcionar unha imaxe alarmista do envellecemento demográfico en Galicia e presentar a recuperación da fecundidade como o único modo de incidir no cambio poboacional.

O segundo gran apartado do Plan desenvolve medidas para reverter as tendencias demográficas observadas na primeira sección baixo unha serie de principios orientadores tales como a concienciación en torno á "delicada" situación demográfica, a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a protección da familia. De acordo con estes principios, defínese o principal obxectivo do Plan:

"Promover a dinamización demográfica de Galicia logrando ascender posicións no ranking das 303 rexións europeas relativo ao índice sintético de fecundidade, camiñando cara ao obxectivo de aumentar a media de 1,08 fillos/as por muller que se rexistra en Galicia ata achegarse á media europea situada en 1,59 fillos/as por muller".

Isto é, a intención directa e explícita do Plan é o incremento da fecundidade, polo que se trata dun programa claramente natalista. Existe, ademais, un enfoque propagandístico nas medidas que o Plan contempla para alcanzar este único obxectivo, que se concentra en iniciativas para concienciar á poboación do "problema demográfico" mediante campañas publicitarias que inciden na importancia de ter descendencia[1].

Entre as medidas que se propoñen, algunhas delas xa recollidas en lexislación estatal e autonómica precedente, supoñen un reforzamento do apoio ás familias numerosas e inciden, cando menos retoricamente, na conciliación laboral e familiar, o que constitúe

[1]Como exemplo mencionaremos o anuncio publicitario da Xunta de Galicia, "Futuro escríbese con F de fillos", que pode verse no seguinte enlace:
https://www.youtube.com/watch?v=ccMxV0_RTNQ

unha cooptación do potencial transformador da conciliación en materia de igualdade de xénero en beneficio dun obxectivo de orientación demográfica.

Por suposto, o obxectivo de 1,59 fillos/as por muller que establecía o Plan non se acadou no ano 2020, en que o índice sintético de fecundidade situouse en torno a 1 fillo/a por muller, pero isto non fixo decaer o empeño en lexislar en materia demográfica. Con todo, facíase necesario tender pontes, xa non só entre as forzas políticas parlamentarias, senón incorporando tamén a diversos actores da sociedade civil con vistas a elevar o rango normativo da actuación en materia de poboación: de Plan a Lei, convertendo así a cuestión demográfica nunha prioridade na axenda política do goberno autonómico.

Así, no ano 2016 se crea no Parlamento galego o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica (ODDG)[2], que comeza os seus traballos ao ano seguinte co obxectivo de contribuír á redacción do Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia, se ben finalmente non se redactará neste órgano, senón que só realizará unha análise previa que servirá de inspiración para o texto lexislativo, preparando, ademais, un informe demográfico para sentar as bases do debate (Xunta de Galicia, 2017). O texto da LIDEGA será aprobado no Parlamento o 26 de xaneiro de 2021.

A LIDEGA non contén unha análise da situación demográfica galega, pero si realiza unha breve contextualización que, ao contrario do que acontece no PDDF, non procura singularizar a Galicia, senón que a asimila en tendencias demográficas ao que acontece no resto de España, Europa e outros países do contorno que están a vivir a segunda transición demográfica. Os movementos migratorios si se mencionan no texto lexislativo e indícase a súa contribución ao proceso de envellecemento, descartando a súa posible achega ao rexuvenecemento da poboación baixo a forma de migracións de reemprazo.

En suma, poderíamos dicir que hai unha intención de construír un relato de Galicia que non a converte nun caso paradigmático nin nunha excepción, desproblematizando así a situación da poboación galega para distanciarse da retórica máis apocalíptica do PDDG, sen que isto supoña unha renunciar a intervir desde o público no terreo demográfico. De feito, a procura de lexitimación política busca amparo na relevancia que o reto demográfico foi gañando na axenda política internacional, particularmente a Axenda 2030 da Organización de Nacións Unidas e, en xeral, no paradigma do desenvolvemento sustentable e a busca da cohesión territorial.

Por outra banda e, isto constitúe unha das principais innovacións desta lei, realízase unha abordaxe política da cuestión demográfica que incide no seu carácter transversal e, con esta finalidade, preséntase unha relación de iniciativas lexislativas dos máis diversos ámbitos (políticas sociais, igualdade, políticas de desenvolvemento rural e cohesión territorial, etc.) insistindo en que é precisamente a afectación sobre a variable poboacional o fío conductor de todas elas.

[2]O ODDG creáse a través do Decreto 104/2016, de 28 de xullo. Na súa composición faise un chamado á participación de distintos axentes sociais: Consello Galego de Relacións Laborais, Instituto Galego de Estatística, Delegación do Goberno en Galicia, Federación Galega de Municipios e Provincias, unha persoa en representación de cada unha das Universidades galegas, sindicatos e organizacións empresariais, entre outros. A autora desta publicación participou como vogal suplente neste órgano.

Porén, na definición que no texto da lei se fai do "impulso demográfico" atopamos o vello obxectivo natalista xa presente no PDDG. Así, o impulso demográfico defínese como:

"o conxunto de medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable e ao logro do equilibrio territorial e social, de modo que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación, o desenvolvemento saudable e o benestar da infancia e unha libre realización dos proxectos vitais que permita cumprir as expectativas e os desexos da poboación de poder formar unha familia e aproxime a fecundidade á media da Unión Europea, que promova o envellecemento activo e saudable e que facilite o retorno das galegas e dos galegos residentes no exterior e a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia".

Aínda que revestido doutras metas de áreas de actuación nas políticas públicas, como os paradigmas do envellecemento activo, a cohesión territorial e social e o desenvolvemento sustentable, a referencia a achegar os niveis de fecundidade á media europea, obxectivos explicitamente natalista, está plenamente incorporada ao texto desta lei.

Por outra banda, a LIDEGA incorpora un elemento de *mainstreaming* demográfico á actividade política da cámara galega, ao introducir o concepto de "perspectiva demográfica", entendida como a "metodoloxía e mecanismos destinados a integrar na produción normativa e no deseño e desenvolvemento das políticas públicas a consideración das interaccións entre a acción pública e as dinámicas poboacionais". Isto concrétase na demanda dun informe preceptivo de impacto demográfico para todas as leis e decretos que elabore a administración autonómica, así como tamén no financiamento adicional aos municipios en función dos "esforzos" que realicen en materia demográfica.

En definitiva, trátase dun texto de maior alcance normativo (unha lei e non un plan), cunha xustificación máis sólida, tanto no relativo ao traballo político previo de posta en común e consenso no marco do ODDG, como na análise sociodemográfica preparada con vistas á elaboración da lei, o que non é óbice para que o obxectivo e a perspectiva natalista sigan tendo un papel preeminente na orientación política do texto.

5.- Reflexións finais

Ao longo destas liñas presentamos unha análise das principais características e tamén da evolución recente do proceso de envellecemento demográfico en Galicia, baixo un prisma que tenta fuxir do catastrofismo imperante na interpretación dos resultados de certos indicadores, ao tempo que se comentan e estudan en detalle as dúas últimas iniciativas políticas en materia demográfica: o Plan de Dinamización Demográfica de Galicia (PDDG) e a Lei de Impulso Demográfico de Galicia (LIDEGA).

A análise sociodemográfica enmárcase nunha contextualización teórico-empírica que repasa as principais achegas críticas tanto ao concepto de envellecemento demográfico como aos indicadores que habitualmente se empregan na súa descrición. Os traballos revisados inciden na necesidade de abordar o estudo do envellecemento das poboación baixo unha perspectiva desdramatizada, que considere a este fenómeno como unha consecuencia inexorable do proceso de transición demográfica e que, polo tanto, é irreversible. Tamén, incídese na demanda que se realiza desde a demografía de incorporar indicadores ao estudo do avellentamento que se dirixan ao concepto de anos restantes de vida antes que aos anos vividos, xa que manexar barreiras etarias fixas nun marco de

lonxevidade crecente é profundamente enganoso para a comprensión do que significa social e demograficamente o envellecemento das poboacións.

A continuación, indagamos como se produciu o proceso de envellecemento da poboación galega nas últimas sete décadas, desde 1950 ata 2020. Desta análise destacamos, en primeiro lugar, o impacto que tivo unha transición demográfica temperá no caso galego (en comparación con outras autonomías e mesmo coa media española) na existencia dun envellecemento incipiente; o que vén motivado, principalmente, polo impacto das vagas de emigración na redución das taxas de mortalidade infantil e na mellora xeral das condicións alimentarias e de hixiene, elemento que xa tiña resaltado Hernández Borge nos seus traballos (2013, 2019). Este envellecemento incipiente súmase, desde os anos cincuenta, a unha considerable intensificación na ganancia en anos de esperanza de vida, dúas novas vagas de emigración (a europea desde os anos cincuenta ata a crise do petróleo de 1973) e a máis recente desde a Gran Recesión de 2008, e unha redución considerable dos niveis de fecundidade.

O resultado combinado destes procesos é unha aceleración e intensificación do proceso de envellecemento demográfico nas últimas sete décadas que, de acordo coas últimas proxeccións de poboación dispoñibles, seguirá intensificándose nos próximos anos. De man do avellentamento vén a feminización da poboación, isto é o incremento da proporción de mulleres sobre o total de habitantes, particularmente importante entre a poboación máis vella. Este fenómeno, do que xa dera conta Julio Hernández Borge nos seus traballos (2008), explícase principalmente pola maior supervivencia das mulleres a todas as idades. Cunha esperanza de vida en clara progresión, aínda que lenta nos seus avances, o groso do envellecemento futuro da poboación galega explícase máis polos vaivéns da natalidade que polas magras ganancias en lonxevidade.

O percorrido finaliza coa análise detida e revisión crítica das dúas principais iniciativas políticas que o goberno galego puxo en marcha desde comezos do século XXI directamente destinadas a paliar as consecuencias, supostamente catastróficas, de fenómenos poboacionais como o envellecemento demográfico. Pásanse pola lente analítica tanto o Plan de Dinamización Demográfica 2013-2016, como a máis recente Lei de Impulso Demográfico de Galicia, aprobada en febreiro de 2021. Ambos documentos adoecen dunha visión pesimista sobre a realidade e o futuro da poboación galega e, renovando ínfulas natalistas, propoñen a intervención en cuestións poboacionais con vistas á reversión dun proceso que, como vimos de expoñer, resulta inexorable.

En síntese, esta achega pretende anovar a análise e a interpretación dun fenómeno complexo e ineludible nas nosas sociedades contemporáneas como é o do envellecemento demográfico, sen prexuízo da necesidade de moitas máis contribucións a este respecto desde as diversas disciplinas sociais e humanísticas.

Bibliográfía

Arango, J. (1980). La teoría de la transición demográfica y la experiencia histórica. Revista Española de Investigaciones Sociológicas REIS, 10, 169-198.

Blanes Llorens, A. e Cabré Plá, A. (2015). Inercias e incertidumbres en el futuro demográfico de España. Revista del Ministerio de Empleo y Seguridad Social, 119, 105-129.

Bourdelais, P. (1993). L'âge de la vieillesse. París: Odile Jacob.

Bourdelais, P. (1996). Le vieillissement de la population: question d'actualité ou notion obsolète? París: Institut National d'Études Démographiques (INED).

CESE (2011). The role of family policy in relation to demographic change with a view to sharing best practices among Member States. Official Journal of the European Union, 23/7/2011. Recuperado de https://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ%3AC%3A2011%3A218%3A0007%3A0013%3AEN%3APDF. Consultado por última vez el 16 de xuño de 2021.

Chesnais, J-C. (1986). La transition démographique: étapes, formes, implications économiques. Étude de séries temporelles (1720-1984) relatives à 67 pays. Population, 41(6), 1059-1070.

Chesnais, J-C. (1990). Demographic Transition Patterns and Their Impact on the Age Structure. Population and Development Review, 16 (2): 327-336.

CIS (2019). Barómetro de febrero de 2019. Estudio nº 3240. Recuperado de http://www.cis.es/cis/export/sites/default/-Archivos/Marginales/3240_3259/3240/es3240mar.pdf. Consultado por última vez o 29 de xuño de 2021.

Díez Nicolás, J. (1971). La transición demográfica en España. Revista de Estudios Sociales, 1, 3-72.

Dubert, I. (2006). Vejez y envejecimiento poblacional en España, siglos XVIII-XX. Fases, distribución espacial e importancia sociofamiliar. SEMATA Ciencias Sociais e Humanidades, 18: 89-120.

Dubert, I. (2007). Envejecimiento poblacional, vejez y familia en Galicia, siglos XVIII-XX. En Actas del VIII Congreso de la Asociación de Demografía Histórica. Maó (Menorca), 30/05-02/06/2007.

Dubert, I. (2019). Agoiros e agoireiros da morte de Galicia. En I. Dubert (Coord.), A morte de Galicia (pp. 13-65). Vigo: Xerais.

Dumont, G-F. (1991). Le festin de Kronos. París: Fleurus.

Eiras Roel, A. (1993). Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Herce, J.A. e Herce, M.Á. (2020). Tasas de (independencia). Revista de Libros. Recuperado de https://www.revistadelibros.com/articulo_imprimible.php?art=2259&t=blogs Consultado por última vez o 1 de xullo de 2021.

Hernández Borge, J. (2008). La feminización de la vejez en Galicia. SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades, 20, 93-111.

Hernández Borge, J. (2013). Galicia, unha poboación avellentada. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Hernández Borge, J. (2019). Antes e agora: emigración e avellentamento na Galicia contemporánea. En I. Dubert (Ed.), A morte de Galicia (pp. 228-248). Vigo : Xerais.

Le Bras, H. (1991). Marianne et les lapins. L'obsession démographique. París: Hachette.

López de Lera, D. e Izquierdo Escribano, A. (2005). Demografía de los extranjeros en Galicia. Incidencia en el crecimiento de la poboación. Revista Galega de Emprego, 4, 21-58.

López Taboada, X. A. (1979). Economía e población en Galicia. A Coruña: Edicións do Rueiro.

López Taboada, X. A. (1996). La población de Galicia, 1860-1991. A Coruña: Fundación CaixaGalicia.

Loriaux, M. (1995). Du vieillissement démographique à l'intégration des âges: inconvénients et adaptation. Population, 50(6), 1611-1625.

Nazareth, J. M. (1979). O envelhecimento da população portuguesa. Lisboa: Presença.

Nicolau, R. (1989). Trajectoires régionales dans la transition démographique espagnole. Tese de doutoramento. Institut d'Études Politiques de Paris. Recuperado de https://fundaciobofill.cat/publicacions/trajectoires-regionales-dans-la-transition-demographique-espagnole?lg=es. Consultada por última vez o 30 de xuño de 2021.

Paillat, P. (1995). Invariable y perturbador, el envejecimiento demográfico lanza un desafío a los poderes públicos. Revista Española de Investigaciones Sociológicas (REIS), 70, 25-38.

Pérez Díaz, J. (1998). La demografía y el envejecimiento de las poblaciones. En A.S. Staab e L.C. Hodges (Eds.), Enfermería Gerontológica (pp. 451-463). México D.F.: McGraw Hill.

Pérez Díaz, J. (2005). Consecuencias sociales del envejecimiento demográfico. Papeles de Economía Española, 104, 210-226.

Pérez-Caramés, A. (2010). O papel dos movementos migratorios no avellentamento demográfico de Galicia. Estudos migratorios: revista galega de análise das migracións, 3(2), 97-114.

Pérez-Caramés, A. (2016). Crisis económicas y migraciones en Galicia: análisis sociodemográfico de los cambios recientes en los movimientos de población. Administración & Cidadanía, 11(1), 227-240.

Pérez-Caramés, A. (2017). The breakdown of consensus on pro-natalist policies: Media discourse, social research anda a new demographic agreement. En I. Loffeier, B. Majerus e T. Moulaert (Eds.), Framing Age. Contested Knowledge in Science and Politics (pp. 149-165). Londres: Routledge.

Pérez-Caramés, A. (2019). Apocalipse demográfica na Galicia actual: que hai tras o medo ao avellentamento? En I. Dubert (Coord.), A morte de Galicia (pp. 336-362). Vigo: Xerais.

Pérez-Caramés, A. (2021). Las políticas de población en Galicia. Promoción del natalismo y reanudación de la emigración. En I. Dubert e A. Pérez-Caramés (Eds.), Invasión migratoria y envejecimiento demográfico. Dos mitos contemporáneos (pp. 197-215). Madrid: La Catarata.

Rodríguez Galdo, M. X. e Dopico, F. (1981). Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX. A Coruña: Ediciós do Castro.

Sanderson, W. C. e Scherbov, S. (2010). Remeasuring Ageing. Science, 20 (5997): 1287-1288.

Spijker, J. (2015). Alternative indicators of population ageing: An inventory. Vienna Institute of Demography Working Papers, No. 4/2015. Recuperado de https://www.econstor.eu/bitstream/10419/110984/1/824590503.pdf. Consultado por última vez o 24 de xullo de 2021.

Spijker, J. (2021). Perspectivas alternativas sobre la medición del envejecimiento en España: diferencias territoriales. Documents d'Anàlisi Geográfica, 67(2), 323-347.

Wilson, C.; Sobotka, T.; Williamson, L. e Boyle, P. (2013). Migration and Intergenerational Replacement in Europe. Population and Development Review, 39(1), 131-157.

Xunta de Galicia (2013). Plan de Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016. Recuperado de
https://politicasocial.xunta.gal/es/recursos/planes-y-programas/plan-dinamizacion-demografica-de-galicia-2013-2016. Consultado por última vez o 19 de xuño de 2021.

Xunta de Galicia (2017). Informe Galicia: perspectivas demográficas. Recuperado de
https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/publicacions/informe_galicia_perspectivas_demograficas.pdf. Consultado por última vez o 20 de xuño de 2021.

Xunta de Galicia (2021). LEI 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. DOG núm. 26, 9 de febreiro de 2021, p. 7880.

Zamora López, F. (2003). ¿Quién teme al envejecimiento? Sistema: Revista de Ciencias Sociales, 175-176, 201-214.

Na Galiza e na España do século XXI os problemas asociados ao envellecimento demográfico, á atonía económica e á despoboación dos espacios rurais posúen unha marcada actualidade. Algúns conceptos como territorios baleiros ou baleirados, proceso de urbanización e metropolitanización, incorporáronse á linguaxe cotiá. Tendo isto en conta, e aproveitando que dous queridos compañeiros do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela acadaron o seu merecido retiro laboral nos últimos anos, elaboramos esta proposta de volume editado por Grupo de Investigación ANTE (Análise Territorial). Julio Hernández Borge e Jose M. López Andión son referencias académicas de autoridade nos estudios sobre xeodemografía e territorios agrarios. Neste libro, 40 profesores de dez universidades diferentes renden homenaxe a estes dous profesores, analizando os problemas da poboación e das áreas rurais no presente. Estes achegamentos non pretenden só caracterizar unha situación ben coñecida, senón aportar elementos de reflexión que animen políticas efectivas de ordenación racional do territorio, que deixen de marxinar no corto e medio prazos as comarcas agrarias e labregas, normalmente localizadas no interior galego e español.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANTE
Análise Territorial
GI - 1871

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

9 788409 371792